

TESE DE DOUTORAMENTO

**VARIACIÓN E CAMBIO
LINGÜÍSTICO EN TEMPO
APARENTE: O GALEGO DO RIBEIRO**

Eduardo Louredo Rodríguez

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN LINGÜÍSTICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2019



DECLARACIÓN DO AUTOR DA TESE

Variación e cambio lingüístico en tempo aparente: o galego do Ribeiro

D. Eduardo Louredo Rodríguez

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De se-lo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
- 4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo. Eduardo Louredo Rodríguez



AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

Variación e cambio lingüístico en tempo aparente: o galego do Ribeiro

D. Xulio C. Sousa Fernández

INFORMA:

*Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D. **Eduardo Louredo Rodríguez**, baixo a miña dirección, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.*

En Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo. Xulio C. Sousa Fernández



Quen non engade nada aos seus coñecementos, diminúeos

Talmud

Everyone knows that language is variable

Edward Sapir





ÍNDICE

Agradecementos	13
Resumo / Resumen / Abstract	15
Abreviaturas	16
Parte I. Marco teórico e metodolóxico	17
1. INTRODUCCIÓN	17
2. BREVE DESCRICIÓN DA COMARCA DO RIBEIRO	19
2.1. Principais liñas na evolución económica e demográfica da comarca.....	20
2.2. Situación sociolingüística.....	22
3. A VARIACIÓN LINGÜÍSTICA: VARIEDADES, VARIABLES E VARIANTES	23
4. O ESTUDO DA VARIACIÓN NO ESPAZO E NO TEMPO.....	25
4.1. O estudo da variación no espazo	25
4.1.1. O estudo da variación no espazo en Galicia	26
4.1.2. Estudos lingüísticos sobre o Ribeiro.....	29
4.2. O estudo da variación no tempo: o cambio lingüístico	31
4.2.1. Cambio lingüístico en tempo real e en tempo aparente	34
4.2.2. Contacto lingüístico e cambio.....	36
5. METODOLOXÍA	38
5.1. A obtención dos datos: cuestionario e entrevistas.....	38
5.2. Rede de puntos e informantes.....	40
5.3. Transcrición e tratamento dos datos	44
Parte II. Análise das variables	46
6. VARIACIÓN NOS SUBSTANTIVOS <i>MAZÁ</i> , <i>IRMÁ</i> , <i>SOÁ</i> E <i>MAÑÁ</i>	46
7. VARIACIÓN NOS SUBSTANTIVOS <i>IRMÁN</i> , <i>CHAN</i> , <i>GRAN</i> E <i>MAN</i>	48
8. VARIACIÓN NO FEMININO DE <i>LADRÓN</i>	50
9. VARIACIÓN NO PLURAL DOS SUBSTANTIVOS AGUDOS REMATADOS EN /ɲ/ NO SINGULAR	52
10. VARIACIÓN NO SISTEMA PRONOMINAL	54
10.1. O pronome tónico suxeito P2	54
10.2. O pronome tónico suxeito P3 masc.	55

10.3. As formas de tratamento.....	57
10.3.1. Tratamento para os avós	60
10.3.2. Tratamento para os pais	61
10.3.3. Tratamento para maiores, coñecidos e descoñecidos	62
10.3.4. Cambio no uso e distribución das formas de tratamento	63
11. VARIACIÓN NA ALOMORFIA DO ARTIGO DETERMINADO.....	64
11.1. Forma verbal rematada en /r/.....	65
11.2. Forma verbal rematada en /s/.....	66
11.3. Preposición <i>por</i>	67
11.4. Cuantificador <i>todos</i>	68
11.5. Outras palabras rematadas en /s/	69
11.6. Recapitulación	70
12. VARIACIÓN NA FORMACIÓN DO PLURAL DO ARTIGO INDETERMINADO E DOS INDEFINIDOS <i>ALGÚN</i> E <i>NINGÚN</i>	71
13. VARIACIÓN NOS DEMOSTRATIVOS	77
13.1. Os demostrativos masculinos	77
13.2. As formas <i>neutras</i> do demostrativo.....	79
14. VARIACIÓN NO SISTEMA DE INDEFINIDOS	80
14.1. <i>Ningún e alguén</i>	80
14.2. <i>Outro</i>	84
15. VARIACIÓN NO SISTEMA VERBAL.....	85
15.1. Variación na VR dos verbos da CIII	85
15.2. Variación na P4 e P5 do presente de indicativo do verbo <i>ir</i>	90
15.3. Variación na P4 do pretérito de indicativo do verbo <i>ir</i>	94
15.4. Variación na P5 do presente de indicativo dos verbos <i>ter</i> e <i>vir</i>	96
15.5. Variación na P1 do presente de indicativo do verbo <i>valer</i>	99
15.6. Variación no radical de presente e perfecto do verbo <i>facere</i>	101
15.7. Variación no verbo <i>poñer</i>	105
15.8. Variación na P6 do presente de indicativo dos verbos <i>ter</i> e <i>vir</i>	107
15.9. Variación no verbo <i>oír</i>	109
15.10. Variación no presente do verbo <i>coñecer</i>	110
15.11. Variación nos verbos <i>caer</i> e <i>dicir</i>	113
15.12. Variación no verbo <i>bater</i>	116

15.13. Variación na posición do acento nas P4 e P5 do copretérito, antepretérito e pospretérito de indicativo e presente de subxuntivo	117
15.14. Variación na VT da P3 do pretérito de indicativo dos verbos da CIII	124
15.15. Variación no MNP da P2 do pretérito de indicativo	126
15.16. Variación no pretérito do verbo <i>dar</i>	128
15.17. Variación no tema de pretérito do verbo <i>saber</i>	132
15.18. Variación na P2 e P6 dos verbos tipo <i>caer</i>	134
15.19. Variación na VR do imperativo dos verbos da CII	137
15.20. Variación no MNP da P5 do imperativo da CI e CII	139
15.21. Variación no presente de subxuntivo dos verbos <i>estar</i> e <i>dar</i>	142
16. VARIACIÓN NOS ADVERBIOS DE TEMPO E LUGAR	147
16.1. <i>Antonte</i>	147
16.2. <i>Hoxe</i>	149
16.3. <i>Mañá</i>	151
16.4. <i>Aquí</i>	152
16.5. <i>Lonxe</i>	154
17. VARIACIÓN NA FORMACIÓN DOS DIMINUTIVOS	156
18. VARIACIÓN NA PERÍFRASE ASPECTUAL DE FASE MEDIA <i>ESTAR</i> + <i>XERUNDIO</i>	159
19. VARIACIÓN NO USO DO ARTIGO COS NOMES DE PARENTESCO	165
19.1. Variación na estrutura determinante + substantivo + posesivo	170
20. VARIACIÓN NA COLOCACIÓN DOS CLÍTICOS	172
20.1. Aspectos xerais	172
20.2. Secuencias de clíticos	173
20.2.1. <i>se</i> + <i>che</i>	173
20.2.2. <i>lle</i> + <i>me</i>	176
20.3. A interpolación	178
20.4. A colocación dos clíticos nas frases de infinitivo introducidas por preposición	182
20.5. A colocación dos clíticos nas frases de infinitivo introducidas por un nexosubordinante	189
20.6. A colocación dos clíticos en predicados negativos	190
20.7. A colocación dos clíticos en complexos verbais	191
20.7.1. <i>acabar</i> + <i>de</i> + inf.	193
20.7.2. <i>ter</i> + <i>que</i> + inf.	193

20.7.3. <i>haber + que + inf</i>	194
20.7.4. <i>estar + xer</i>	195
20.7.5. <i>estar + a + inf</i>	196
20.7.6. <i>ir + inf</i>	197
20.7.7. Outros complexos verbais.....	197
20.7.8. Recapitulación.....	199
21. VARIACIÓN NO OD CON PREPOSICIÓN <i>EN</i>	201
Parte III. Análise estatística dos datos.....	204
Parte IV. Conclusións.....	213
BIBLIOGRAFÍA.....	223
Anexos.....	247
Anexo I. Cuestionario.....	248
Anexo II. Táboas.....	254
Táboa 1. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración I.....	255
Táboa 2. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración II.....	256
Táboa 3. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración III.....	257
Táboa 4. Variación <i>us ~ unhos ~ uns</i>	258
Táboa 5. Variación <i>fac- ~ fag- ~ fa-</i>	259
Táboa 6. Variación <i>cantabamos ~ cantábamos</i>	260
Táboa 7. Variación <i>estar + xer. ~ estar + a + inf</i>	261
Táboa 8. Posición do clítico na perífrase <i>estar + xer</i>	262
Táboa 9. Posición do clítico na perífrase <i>estar + a + inf</i>	263

Agradecementos

Ao profesor Xulio Sousa, pola constante axuda, paciencia e estímulo. Agradézolle de maneira especial a confianza que depositou en min, a súa dispoñibilidade e os ánimos nos momentos duros.

Aos informantes, polo seu tempo e pola súa axuda xenerosa e desinteresada. Sen eles este traballo non sería posible. O meu agradecemento tamén para as persoas que me axudaron a contactar con eles.

Aos colegas do Instituto da Lingua Galega que sempre estiveron dispostos a botar unha man e con quen compartín inquietudes, reflexións e bos momentos: Alba Aguete, Soraya Suárez, Irene Santos, Marta Negro, Carolina Pérez Capelo e César Osorio. Aos profesores Rosario Álvarez, Ana Isabel Boullón, Francisco Dubert, Ernesto González Seoane e Xosé Luís Regueira doulles as grazas pola axuda prestada en diversos momentos. A Laura Calaza quéro lle agradecer a súa valiosa axuda coa análise estatística dos datos.

Ao profesor Johannes Kabatek, que me acolleu xenerosamente no *Romanisches Seminar* da Universität Zürich e a todas as persoas coas que compartín a miña experiencia suíza. Son merecentes dunha mención particular David Gerards, Nuria Pérez Pereira, Manuela Taibo, Carlota de Benito, Albert Wall, Enrique Laitano, Cristina Bleorțu e Marisa Gago. *Merci vilmal!*

A todas as persoas que me apoiaron, máis alá do académico, nesta andaina que agora remata. Por estardes aí cando precisei de vós: Mariña Arbor, Alba Cid, Noemi Basanta, María Calviño, Naír García, Xacobe García, Victoria Gil, Natalia Lema e Alba Rozas.

Á miña nai, Sinda Louredo, polo cariño, apoio e paciencia constantes. A ela e aos meus avós, Eliseo Louredo e Luisa Santiago, *in memoriam*, dedícolles este traballo.



Resumo / Resumen / Abstract

A tese de doutoramento ten como finalidade abordar o estudo da variación e do cambio lingüístico no galego da comarca ourensá do Ribeiro, desde a perspectiva da análise en tempo aparente. Os estudos de cambio en tempo aparente céntranse na comparación das características lingüísticas de grupos de diferentes idades. Con este fin, empregouse un cuestionario para facer unha enquisa a informantes de idades diferentes (3 xeracións). Tamén se recolleu discurso libre a través da súa gravación. Posteriormente, realizada a transcripción dos datos, estes foron estudados desde a perspectiva da variación e do cambio lingüístico en tempo aparente. O obxectivo principal é determinar os factores internos e externos que inflúen nos cambios lingüísticos observados.

La tesis de doctorado tiene como finalidad abordar el estudio de la variación y del cambio lingüístico en el gallego de la comarca ourensana de O Ribeiro, desde la perspectiva del análisis en tiempo aparente. Los estudios de cambio en tiempo aparente se centran en la comparación de las características lingüísticas de grupos de diferentes edades. Con este fin, se empleó un cuestionario para hacer una encuesta a informantes de edades diferentes (3 generaciones). También se recogió discurso libre a través de su grabación. Posteriormente, realizada la transcripción de los datos, estos fueron estudiados desde la perspectiva de la variación y del cambio lingüístico en tiempo aparente. El objetivo principal es determinar los factores internos y externos que influyen en los cambios lingüísticos observados.

The aim of this PHD thesis is to study the linguistic variation and change in Galician spoken in the Ribeiro region (southern Ourense), using apparent time method. Apparent time studies of language change focus on a comparison between the language of different age groups within the same speech community at a certain moment in time. For this purpose, it was used a questionnaire to interview local informants of different ages (3 generations). It was also collected free speech through its recording. Later, once the data transcription has been made, the information was examined from the perspective of the variation and of the linguistic change in apparent time. The main objective is to determine the internal and external factors influencing linguistic changes observed.

Abreviaturas

art. = artigo

cast. = castelán

CI = primeira conxugación

CII = segunda conxugación

CIII = terceira conxugación

dem. = demostrativo

det. = determinante

fem. = feminino

FN = frase nominal

indet. = indeterminado

inf. = infinitivo

masc. = masculino

MMT = morfema de modo e tempo

MNP = morfema de número e persoa

N = núcleo

P1 = primeira persoa singular

P2 = segunda persoa singular

P3 = terceira persoa singular

P4 = primeira persoa plural

P5 = segunda persoa plural

P6 = terceira persoa plural

pers. = persoa

pos. = posesivo

sing. = singular

subst. = substantivo

VR = vogal radical

VT = vogal temática

xer. = xerundio

x. I = xeración I

x. II = xeración II

x. III = xeración III

Parte I. Marco teórico e metodolóxico

1. INTRODUCCIÓN

O presente traballo de investigación¹ procura contribuír ao coñecemento sobre a variación e o cambio lingüístico no galego moderno. Este propósito procúrase mediante o estudo dunha área da Galicia interior, a comarca do Ribeiro, situada no oeste da provincia de Ourense. O obxectivo deste estudo de variación lingüística é aprofundar no coñecemento da realidade dialectal do galego actual adoptando un marco de investigación pouco explorado aínda en Galicia e que se pode considerar complementario das investigacións realizadas hai xa catro décadas para o proxecto do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*.

A nosa análise vai combinar o estudo xeolingüístico tradicional coa perspectiva da sociolingüística variacionista. Atenderá, polo tanto, a factores xeográficos, pero tamén a factores vinculados coas diferenzas xeracionais dos falantes. Neste sentido o estudo pódese considerar pioneiro dentro dos estudos de dialectoloxía do galego.

Os obxectivos específicos da presente tese de doutoramento son os seguintes:

- 1) Comprobar cales son as variables lingüísticas afectadas pola variación xeográfica dentro do territorio estudado.
- 2) Describir as principais características lingüísticas da comarca en contraste con outros lugares do territorio galegófono.
- 3) Vincular todas as variables obxecto de estudo para contribuír a un mellor coñecemento da variación e o cambio na comarca.
- 4) Analizar as variables lingüísticas afectadas pola variación xeracional dentro do territorio estudado.
- 5) Determinar os factores causantes da variación e do cambio lingüístico no conxunto de variables analizadas.
- 6) Analizar o ritmo temporal dos cambios lingüísticos xeracionais e tamén o sentido das difusión das variantes no espazo.

¹ Para a realización da presente tese ao autor foille concedida unha axuda de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015. Algúns dos resultados da investigación realizada (§16.6. 1, 16.6, 16.9 e 19), así como a metodoloxía (§5) e unha parte do marco teórico (§4.2.1 e §4.2.2), foron presentados xa como artigos e capítulos de libro (Louredo 2018 e no prelo), así como en diversos congresos e simposios especializados. Este traballo insírese dentro do proxecto *Contacto e cambio lingüístico en galego*, dirixido polo profesor Xulio Sousa Fernández e financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade (FFI2015-65208-P) e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER, marco financeiro plurianual 2014-2020).

Para a consecución destes obxectivos seleccionáronse unha serie de variables lingüísticas que se consideran de interese na área investigada. Os datos para esta análise proceden tanto das respostas ofrecidas a un cuestionario realizado ex profeso para este traballo, como das entrevistas semidirixidas realizadas aos trinta informantes seleccionados. Do conxunto de variables analizables para dar conta da variación e do cambio lingüístico nas variedades da zona, escolléronse aquelas que afectan aos niveis morfolóxico² e sintáctico.


Aínda que con seguridade sería de moito interese o estudo da variación fonético-fonolóxica e léxica, preferimos limitar o noso estudo ao ámbito da morfosintaxe por seren este tipo de variables, sobre todo as sintácticas, as menos tratadas nos estudos dialectais sobre o galego realizados nas últimas décadas.

O traballo divídese en catro partes de extensión desigual. Na primeira parte descríbense as características fundamentais da área estudada, preséntase o marco teórico en que se encadra o traballo e a metodoloxía usada para a obtención e tratamento da documentación. Na segunda parte, que constitúe o celme da tese, son analizadas as variables morfolóxicas e sintácticas que consideramos relevantes para o estudo da variación e do cambio lingüístico na comarca. Nestes capítulos preséntase unha comparación sistemática dos datos obtidos de informantes de tres grupos de idade diferentes: xeración I (máis de 60 anos), xeración II (40-56 anos) e xeración III (16-30 anos). Os informantes proceden de dez entidades de poboación da comarca, o que permite o estudo da variación xeográfico-espacial. A adopción desta perspectiva de comparación de análise é un dos aspectos que fan o noso traballo máis orixinal e valioso, xa que deica agora, son moi escasas as investigacións sobre o galego que desenvolven esta perspectiva. Na terceira parte, ofrecemos unha avaliación sumaria dos resultados, botando man de ferramentas de análise estatística. O traballo remata coas conclusións.

² Para a identificación de variables morfolóxicas tómase como referencia as consideradas nos volumes de morfoloxía do ALGa.

2. BREVE DESCRICIÓN DA COMARCA DO RIBEIRO

A zona estudada nesta investigación é a comarca do Ribeiro, situada no centro-sur de Galicia (mapa 1). Tradicionalmente, *O Ribeiro* foi un corónimo aplicado a unha área non claramente definida do oeste da provincia de Ourense dominada polo cultivo da vide e a produción de viño. Así a todo, na actualidade enténdese por *O Ribeiro* o territorio comprendido polos concellos de A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia. Esta comarca comprende un territorio de 406,9 Km² habitado por, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) correspondentes ao ano 2014, 15.575 persoas.



Mapa 1. A comarca do Ribeiro na división comarcal de Galicia

A paisaxe da comarca configúrase en varias unidades morfolóxicas. Existe ao oeste unha zona montañosa, que se estende pola maior parte dos concellos de Avión, Carballeda de Avia e Melón e que vai devalando ata as depresións do Avia, Miño e Arnoia formando unha serie de grandes socalcos naturais que constitúen unha transición entre a montaña e o val. As zonas montañosas foron tradicionalmente as peor comunicadas, as menos habitadas e as máis pobres, mentres que os fértiles vales fluviaais tiveron un comportamento económico e demográfico moito mellor ao longo da historia (Pérez Alberti 2001; VV. AA. 2005) (táboa 1).

Concello	Habitantes	Superficie (km ²)	Densidade de poboación
Avión	2.053	120,5	17,0
A Arnoia	1.040	20,7	50,2
Beade	464	6,4	72,5
Carballeda de Avia	1.390	47	29,6
Castrelo de Miño	1.620	39,7	40,8
Cenlle	1.235	29	42,6
Cortegada	1.191	26,9	44,3
Leiro	1.675	38,3	43,7
Melón	1.340	53,22	25,2
Ribadavia	5.187	25,2	205,8
Total	15.575	406,9	57,17

Táboa 1. Poboación e densidade de poboación nos concellos da comarca en 2014

Fonte: elaboración propia cos datos do IGE, 2014

2.1. Principais liñas na evolución económica e demográfica da comarca

O Ribeiro foi unha zona poboada dende antigo, antes da chegada dos romanos. Quizais estes ou, máis probablemente, os monxes bieitos xa na Idade Media, introduciron o cultivo da vide na zona. Ao viño debe O Ribeiro a súa identidade mesma e o viño foi a principal fonte de ingresos para mosteiros, fidalgos e labregos durante toda a Idade Media, Moderna e parte da Contemporánea. Isto ocasionou que moitos señoríos, eclesiásticos e leigos, tivesen posesións na comarca (Deaño 2004). Durante a Idade Media e o Antigo Réxime a maior parte do territorio do Ribeiro estaba controlado polos mosteiros de San Clodio, Melón e Celanova e pola Encomenda de Beade, pertencente á Orde de Malta. Ademais, outras institucións eclesiásticas e nobres leigos posuían diversas aldeas sobre as que podían ter ou non xurisdición (Río Barja 1990; Pallares e Portela 2001; Deaño 2004: 33). A nivel eclesiástico, a zona obxecto de estudo pertenceu, ata mediados do s. XX, a dúas dioceses diferentes, a de Tui e a de Ourense (Pérez Rodríguez 2002)³.

³ É un lugar común na dialectoloxía europea afirmar a estreita relación que existe entre os límites das dioceses e a extensión dalgúns fenómenos dialectais (Petyt 1980: 64; Schrambke 2010). A este respecto hai que sinalar que “xa en 1870 M. Schuchardt chama a atención dos romanistas sobre a coincidencia de

Na Idade Contemporánea un dos fenómenos máis destacados foi a forte emigración que afectou á comarca⁴. As crises vitícolas, o reducido tamaño dos capitais familiares, o elevado número de membros das familias, a necesidade de diñeiro para pagar, p. ex., a redención foral, ou outras necesidades foron factores decisivos para que o saldo migratorio da comarca fose claramente deficitario dende o s. XIX (Domínguez Castro 1992 e 1995). Hoxe en día habería que engadir como causa da emigración que aínda sofre a comarca a escaseza de oferta laboral na zona.

Ata os anos 60 do s. XX o destino principal dos emigrantes foi Latinoamérica (Arxentina, Brasil, Venezuela e México maioritariamente). A partir dese momento, os países da Europa Central (especialmente Alemaña) serán os lugares preferentes para moitos homes e mulleres do Ribeiro. Ademais, é nesta época cando se intensifica o movemento migratorio cara a Vigo e, en moita menor medida, Ourense.

Como consecuencia disto e da baixa natalidade, a poboación da comarca sufriu un claro retroceso dende mediados do século XX. Nunha monografía dedicada ás comarcas do Ribeiro e do Carballiño dise que “a evolución demográfica do Ribeiro mostra unha etapa de claro crecemento, ata 1940, e contraposta a esta, unha de declive demográfico, en anos posteriores, que chega á actualidade” (VV. AA 2005: 27). Se en 1950 a poboación excedía lixeiramente das 40.000 persoas, este número descende ata os 30.000 do ano 80. Ao longo das dúas décadas pasadas, a poboación seguiu diminuíndo e, actualmente, presenta un acusado envellecemento que fai que a pirámide demográfica se estreite por abaixo (táboa 2).

Idade	Habitantes	Índice
Menores de 15 anos	1.153	0.07
Entre 15 e 64 anos	8.693	0.56
Maiores de 65 anos	5.729	0.37
Total	15.575	1

Táboa 2. Estrutura demográfica da comarca segundo o censo de 2014.

Fonte: Elaboración propia cos datos do INE⁵

certas divisións eclesiásticas cos límites dialectais” (González González, Veiga Nóvoa e Vilasó Martínez 2006: 342). Non obstante, falta un estudo que demostre esta relación para o caso galego.

⁴ Rodríguez Rodríguez (1999) ofrece un interesante estudo sobre a incidencia da emigración no Ribeiro de Avia nos séculos XVII e XVIII.

⁵ Instituto Nacional de Estadística.

A economía da comarca sufriu profundos cambios durante o século XX. Dunha economía agraria, intensiva en man de obra e escasamente mecanizada, pasouse a unha estrutura económica caracterizada pola terciarización do emprego e a escasa importancia das actividades agrogandeiras, tradicionais motores da economía galega e comarcal (táboa 3)⁶.

Sector económico	Índice da poboación activa
Servizos	0.61
Industria	0.20
Agricultura e gandería	0.10
Construción	0.09

Táboa 3. Poboación activa por sectores na comarca do Ribeiro

Fonte: elaboración propia cos datos do fornecidos IGE, 2014.

2.2. Situación sociolingüística

Segundo os datos fornecidos polo Censo de Poboación e Vivendas do Instituto Nacional de Estadística (INE)⁷ de 2011, na área do Ribeiro o galego é a lingua utilizada de xeito preferente pola poboación; o índice de falantes que empregan sempre o galego está na maioría dos concellos por riba do 0.7. Na Táboa 4 ofrécense os datos por concellos referidos ao uso do galego na gradación “Sempre - Ás veces - Nunca”. Hai que ter en conta que o INE non dá, para os concellos máis pequenos, os datos referidos ás persoas que din que falan galego ás veces ou nunca. En cambio, si proporciona estes datos para o conxunto da comarca.

O índice de persoas que sempre falan galego sitúase na maioría dos concellos da área por riba do 0.7 e achégase ao 0.9 nalgúns casos. No concello de Ribadavia, cuxa capital é unha vila de carácter urbano, o índice de persoas que usan sempre o galego é moi semellante á de individuos que o usan ás veces. É moi destacable o baixo índice de persoas que sempre usan o galego en Avión, en comparación cos outros concellos rurais. Na nosa opinión, isto pódese deber ás consecuencias da emigración neste

⁶ A cifra de persoas que traballan no sector primario reflicte a realidade só de maneira parcial. Aínda que non sexan a principal fonte de ingresos, as actividades agrogandeiras ocupan aínda un lugar importante na economía de moitos fogares sendo un complemento dos ingresos das familias.

⁷ Os datos do INE son os únicos desagregados ata o nivel municipal. Os datos que ofrece o Instituto Galego de Estatística (IGE) refírense ao conxunto das comarcas do Carballiño e O Ribeiro.

concello (sobre todo a México) e ao alto número de veciños nados no estranxeiro (tamén presumiblemente en México)⁸.

	Sempre	Ás veces	Nunca
A Arnoia	0.85	sen datos	sen datos
Avión	0.58	sen datos	sen datos
Carballeda de Avia	0.89	sen datos	sen datos
Castrelo de Miño	0.69	sen datos	sen datos
Cenlle	0.71	sen datos	sen datos
Cortegada	0.88	sen datos	sen datos
Leiro	0.74	sen datos	sen datos
Melón	0.72	sen datos	sen datos
Ribadavia	0.47	0.4	0.13
O Ribeiro	0.66	0.28	0.06

Táboa 4. Índice de uso do galego por concellos

Fonte: elaboración propia cos datos do INE (2011)

3. A VARIACIÓN LINGÜÍSTICA: VARIEDADES, VARIABLES E VARIANTES

Nas análises sobre variación lingüística posteriores á década dos anos sesenta do século pasado adoitan empregarse as denominacións *variación*, *variable* e *variante*. Estas formas non foron nin son sempre empregadas co mesmo sentido en todos os traballos de sociolingüística variacionista, con todo é preciso recoñecer que nos traballos e monografías publicados na última década se tende a concibir e aplicar as tres denominacións con significación similar (cfr. Penny 2000; Trask 2000; Swann et al. 2012; Bagno 2017). Dado que tamén no presente traballo serán usados adoito, cremos necesario expoñer que uso facemos destes termos ao longo do noso traballo.

O feito de existiren nas linguas un conxunto de unidades lingüísticas que compiten na expresión dun mesmo contido ou dunha función lingüística denomínase *variación*⁹. A variación é consubstancial a todas as linguas e signo da súa vitalidade, e

⁸ O índice medio de persoas nadas no estranxeiro para o conxunto dos concellos estudados, sen incluír Avión, é do 0.07, segundo datos do IGE. En cambio, no concello de Avión este índice elévase ata o 0.26.

⁹ Este é o sentido en que a variación se define na maioría dos dicionarios de lingüística e tamén aquel co que o termo se aplica nos traballos actuais de sociolingüística variacionista. É preciso ter presente que tamén se debe considerar como variación cando a relación entre variable e variantes se dá en sentido

aínda que no pasado se consideraba consecuencia de factores azarosos e asistemática, despois da revolución sociolingüística producida na segunda metade do século XX comezou a analizarse con atención o xeito en que a variación se producía en todas as linguas vivas. John Edwards, quizais de xeito propositadamente esaxerado, afirma que a variación é a única constante que podemos encontrar ao estudar distintos sistemas lingüísticos (Edwards 2013). Ata mediados do século pasado a variación que se recoñecía nos sistemas lingüísticos entendíase como ocasionada polo acaso e sen conexións directas co cambio lingüístico. A sociolingüística variacionista propuxo unha nova visión deste fenómeno baseada no estudo pormenorizado dos datos lingüísticos, na aplicación de metodoloxías cuantitativas e no recoñecemento de que a existencia de variación era condición indispensable para que as linguas fosen cambiando co transcorrer dos anos. Nun sistema podía existir variación e esta situación era posible que se mantivese durante décadas; porén, se nun sistema lingüístico se detectaba un cambio (a substitución dunha unidade por outra para expresar unha mesma función lingüística) era indubidable que con anterioridade se dese unha situación en que as formas estivesen en competencia entre elas. Por outra parte, esta nova perspectiva de estudo das linguas vivas axudou a recoñecer que a variación se daba de xeito sistemático, dado que o seu estudo cuantitativo permitía identificar factores internos e externos que axudaban a explicala (Labov 1983; Feagin 2013). Un exemplo de variación ligada a factores internos ao sistema é a existencia en variedades do galego de dous alófonos para o fonema /g/, un oclusivo que aparece en posición inicial ou despois dunha nasal: ['gatɔ], ['kaŋgɔ]; e outro aproximante que se emprega no resto dos contextos: [em'biʝɔ]. A variación vinculada con factores externos é a que máis ten chamado a atención dos estudosos, por ser a que con máis frecuencia ocorre nos sistemas lingüísticos. Os factores que determinan este tipo de variación son de natureza diversa e entre eles destacan os dous en que centramos a nosa análise da fala da comarca do Ribeiro, o espazo xeográfico e a diferenza de idade dos falantes.

A variable é o concepto ou función lingüística respecto do que se recoñece a existencia de variación. As variables danse nos distintos niveis de análise lingüística (fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica, léxico, etc.) e acostuman enunciarse como características lingüísticas ás que se asocian dúas ou máis formas identificables de

inverso, é dicir, unha mesma forma lingüística é expresión de significados ou funcións lingüísticas diferentes en competición. No ámbito dos estudos de xeografía lingüística non son estraños estes casos.

realización, as variantes (López Morales 1989: 84; Wardhaugh 1992: 165; Moreno Fernández 1998: 18; Penny 2000: 5; Silva-Corbalán 2001: 86; Feagin 2013: 22). Segundo Labov (1983), que foi o autor que propuxo esta diferenciación, as diferentes variantes teñen un mesmo significado referencial, pero difiren no seu significado social, estilístico, etc. É dicir, que en determinadas áreas xeográficas, grupos sociais ou situacións comunicativas as variantes poden ter unha frecuencia de uso diferente. Así como o concepto de variación se ten aplicado nos estudos de sociolingüística en sentido comunmente coincidente, os termos variable e variante non é raro atopalos utilizados con significado intercambiado. No noso traballo, como antes se advertiu, empregarémolos segundo a definición proposta por Labov e que se considera máis clásica e precisa (cfr. tamén Trudgill 2003).

4. O ESTUDO DA VARIACIÓN NO ESPAZO E NO TEMPO

4.1. O estudo da variación no espazo

É sabido que a dialectoloxía naceu vinculada á lingüística histórico-comparada nas décadas finais do s. XIX (Petyt 1980; Chambers e Trudgill 1994; Sousa 2016). O método máis empregado por esta disciplina lingüística para a obtención de datos foi a xeografía lingüística (García Mouton 1996), definida por Coseriu como

un método dialectolóxico y comparativo [...] que presupone el registro en mapas especiales de un número relativamente elevado de formas lingüísticas (fónicas, léxicas o gramaticales) comprobadas mediante encuesta directa y unitaria en una red de puntos de un territorio determinado (Coseriu 1977a: 103)¹⁰.

Un dos primeiros traballos de xeografía lingüística do que se ten noticia, sen dúbida o pioneiro pola súa metodoloxía e propósitos, é o de Georg Wenker, impulsor do *Sprachatlas von Nord- und Mitteledeutschland* (1881) (Chambers e Trudgill 1994: 46-47; Lameli 2010; Schrambke 2010). Mais o proxecto de xeografía lingüística considerado fundacional, pola súa influencia no devir da disciplina, foi o *Atlas linguistique de la France (ALF)*, cuxos traballos comezaron en 1897, dirixido por Jules Gilliéron. O seu obxectivo era recoller a fala máis tradicional e conservadora. Isto fixo

¹⁰ Para Cugno e Massobrio (2010: 1) a “*Geografia linguistica* o *geolinguistica* (o, anche, *linguistica areale* o *spaziale*) è il nome di una corrente de la lingüística, che studia l’estensione nello spazio e la distribuzione geografica dei fenomeni linguistici (fonetici, morfosintattici e lessicali) comuni alle diverse varietà di un dialetto o ai vari dialetti di un grupo linguistico”.

que os informantes escollidos fosen persoas maiores e con escasa instrución académica (Sousa 2016).

A partir da publicación do *ALF*, a xeografía lingüística viviu un florecemento extraordinario que tivo consecuencias directas no desenvolvemento da dialectoloxía. A introdución do método *Wörter und Sachen* (*Palabras e cousas*) fixo que nos estudos de xeografía lingüística feitos a partir daquel momento, o léxico tivese o lugar preponderante e os proxectos de xeolingüística pasasen a ocuparse tamén de cuestións de tipo etnográfico. Os cuestionarios para os atlas lingüísticos estaban deseñados para recoller léxico da vida tradicional e rural que, pola industrialización e o éxodo cara aos núcleos urbanos, se atopaba en transo de desaparecer en moitos lugares de Europa (Villena Ponsoda 2010: 614).

Esta vocación historicista da dialectoloxía e da xeografía lingüística foi a predominante no ámbito románico ata ben mediado o s. XX (Veny 1986: 92-93; Wardhaugh 1992: 161; Chambers e Trudgill 1994: 56-57; Viaplana 1999: 84; Julià 2007; Lameli 2010: 576-578). A aparición de traballos de sociolingüística variacionista a partir dos anos 60 e as críticas recibidas por parte da lingüística teórica (Petyt 1980: 101-110) e da socioloxía (Petyt 1980: 110-116) fixeron que a disciplina entrase en crise (Chambers e Trudgill 1994: 45) e tamén provocaron cambios tanto nos obxectivos como nos métodos dos proxectos de dialectoloxía e xeografía lingüística iniciados a partir dese momento. Entre eles destaca a aparición da dialectoloxía urbana e a posta en marcha de atlas pluridimensionais. Este tipo de obras caracterízanse pola inclusión dos núcleos urbanos dentro da súa rede de puntos e a elección de informantes de idades, condicións sociais, formación e sexos diferentes¹¹.

4.1.1. O estudo da variación no espazo en Galicia

Os estudos dialectais sobre o galego foron escasos ata o último terzo do século XX (Santamarina 1982; Sánchez Rei 2011). Antes deste período contamos coas achegas dos padres Sarmiento e Sobreira e de gramáticos coma Saco Arce (1868) e García de Diego (1909). Ademais existen unha serie de traballos cuxo centro de interese principal é a dialectoloxía. Son merecentes de destaque os de Zamora Vicente, publicados nos anos 50 e 60 (Zamora 1986) e centrados na delimitación das áreas de distribución

¹¹ Algúns exemplos deste tipo de atlas son o *Atlas lingüístico Diatópico y Diastrático del Uruguay*, o *Atlas Lingüístico do Brasil* ou o *Atlas Dialectal de Madrid* (Sousa 2016).

dalgúns fenómenos fonéticos e morfolóxicos. Tamén son moi importantes os traballos dos lingüistas xermanos Fritz Krüger (1927), Walter Ebeling (1932), William Schroeder (1937 e 1938) e Hans-Karl Schneider (1938), de orientación fundamentalmente etnográfica e con interese sobre zonas moi concretas e limitadas do dominio galego (Regueira 1991 e 1996).

O primeiro traballo de xeografía lingüística que inclúe de xeito completo o territorio de fala galega foi o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI), cuxo obxectivo era “ofrecer una representación de la lengua popular hablada en pueblos menores y antiguos por personas iletradas o de escasa cultura, entre los cuarenta y los sesenta años de edad” (Navarro 1975: 9). O promotor inicial do proxecto foi Menéndez Pidal e o director Tomás Navarro Tomás. Este atlas inscríbese no marco da xeografía lingüística tradicional inaugurada polo *ALF* e seguiu os principios desta obra e mais do *AIS* de Karl Jaberg e Jacob Jud. Os falantes escollidos como informantes eran persoas adultas e con residencia permanente en zonas rurais.

A Guerra Civil provocou a dispersión dos materiais e o exilio do director do proxecto. Isto atrasou o remate do traballo de campo, que non se concluíu ata a década dos 50. O primeiro e único volume do ALPI non se publicou ata 1962 (Pérez Pascual 2007; Sousa 2008; Cortés e García 2009)¹². A pesar de esta obra constituír unha fonte valiosa para o coñecemento da realidade lingüística do galego, os datos deste proxecto, nin sequera os do volume publicado, non foron explotados polos estudosos galegos, como Carballo Calero e Fernández Rei, que tentaron realizar as primeiras clasificacións das variedades dialectais galegas. Só a partir da primeira década do século XXI se comezaron a aproveitar os datos para estudos sobre o léxico e o cambio lingüístico.

Os primeiros traballos dialectais (traballos de curso, teses de licenciatura e doutoramento, etc.) que describen falas rexionais galegas comezan a aparecer a partir da década dos sesenta do s. XX, coa implantación da especialización en Filoloxía, dentro da carreira de Filosofía e Letras. Son sobre todo investigacións de estudantes que recollen, xeralmente en forma de glosario temático, léxico relacionado coa agricultura, a gandería e a vida cotiá na Galicia rural¹³ (Regueira 2009; Álvarez e Sousa 2017). Mais

¹² Problemas diversos fixeron que os traballos de edición se interrompesen de maneira definitiva. Afortunadamente, os datos obtidos no traballo de campo están sendo recollidos e organizados nunha base de datos para proceder á súa publicación en liña (García Mouton 2010).

¹³ Unha boa parte deste material léxico está sendo incluído na base de datos do Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués (<http://ilg.usc.es/Tesouro/gl>), o que permite que poidan ser consultados polos investigadores interesados.

non tardan en aparecer traballos de maior profundidade sobre o galego falado en forma de teses de doutoramento, coma a de Xosé Luís Couceiro sobre Feás (Couceiro 1976) e a de Antón Santamarina sobre San Martín de Suarna (publicada a parte correspondente ao verbo en Santamarina 1974). Estes e outros estudos do mesmo tipo foron impulsados por Constantino García, catedrático de Filoloxía Románica, e serviron de preludeo para a posta en marcha do proxecto do *Atlas Lingüístico Galego*.

O ALGa é unha obra de especial relevancia no desenvolvemento da lingüística galega moderna pola documentación de fala vida recadada, polo seu rigor metodolóxico, pola amplitude do seu cuestionario e pola mesta rede de puntos que foron investigados¹⁴. Con todo, non debemos esquecer que se trata dun atlas de tipo tradicional feito nunha época na que comezan a aparecer proxectos de xeografía lingüística pluridimensional. O seu obxectivo era dar conta da fala tradicional galega dese momento. O ALGa foi dirixido por Constantino García e Antón Santamarina. Os investigadores que, entre 1974 e 1976, realizaron o traballo de campo foron Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González. Investigaron un total de 167 localidades, tanto da Galicia administrativa como dos territorios galegófonos de Asturias, León e Zamora. En cada localidade, os investigadores entrevistaron informantes do tipo NORM, i. e., persoas maiores, con escasa instrución e que traballasen no sector primario (García et al. 1977). O primeiro volume do ALGa, o correspondente á morfoloxía verbal, non veu a luz ata 1990 e na actualidade continúa o seu proceso de edición e publicación.

Nos anos 80 e 90, os estudos de dialectoloxía galega comezan a renovarse. Incorporáanse novas perspectivas de investigación que ían máis alá do ámbito espacial: informantes de diversas idades e marcos teóricos e metodolóxicos diferentes e anovados (Regueira 2009; Álvarez e Sousa 2017). Entre eles podemos salientar traballos coma o de Xosé Luís Regueira sobre Vilalba (Regueira 1989), que emprega informantes de diferentes idades e concede un grande protagonismo á descrición sintáctica, e o de Francisco Dubert sobre Santiago de Compostela (Dubert 1999), o primeiro traballo que estuda a variación lingüística nun contorno urbano. Tamén se debe mencionar a González González (2002), quen no seu estudo sobre Cangas do Morrazo emprega informantes de diferentes idades.

¹⁴ A densidade do ALGa é de un punto por cada 190 Km², moi superior á da maioría dos atlas ibéricos e románicos (González González 1991).

No novo século, a dialectoloxía galega incorporouse de maneira decidida ás novas correntes metodolóxicas. Un exemplo é a adopción da dialectometría para o estudo dos materiais procedentes do ALGa. Destacan nesta liña os traballos de Sousa (2006, 2017), Álvarez, Dubert e Sousa (2006) e Dubert (2011 e 2012a). Tamén apareceron estudos que teñen en conta outros factores, alén do espacial, para o estudo da variación. Nesta liña son importantes os traballos que analizan o cambio en tempo real, empregando sobre todo os materiais fornecidos pola xeografía lingüística (Rodríguez Lorenzo 2009 e 2012; Sousa 2009 e 2012; Sousa e Rodríguez Lorenzo 2017).

Nos últimos anos tamén se procedeu ao estudo sistemático da variación prosódica dialectal no marco do Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (Fernández Rei 2008; Regueira 2009: 580). Así mesmo, comezaron a aparecer investigacións no ámbito da dialectoloxía perceptiva acerca das crenzas e actitudes dos falantes sobre as variedades diatópicas (Santos e Suárez 2014; Suárez 2017).

A sintaxe dialectal non recibiu ata o momento unha atención similar á dada ao léxico ou á morfoloxía. A dificultade de obtención de datos por medio do cuestionario e a crenza de que as diferenzas dialectais son escasas no eido da sintaxe son os motivos adoito máis citados para explicar este feito (Álvarez e Sousa 2017: 67). Con todo, tanto nos materiais do ALPI como nos do ALGa figuran algunhas preguntas que axudan a coñecer parte da variación diatópica deste ámbito do sistema lingüístico.

Contribuír dalgún xeito a algunhas destas tarefas pendentes¹⁵ da dialectoloxía galega, foi un dos motivos que nos levou a elaborar este estudo sobre o galego falado na comarca do Ribeiro. Antes de continuar, imos facer na seguinte epígrafe un repaso polas obras que nos fornecen información sobre as características das variedades utilizadas nesta área.

4.1.2. Estudos lingüísticos sobre o Ribeiro

A comarca do Ribeiro non foi ata o momento obxecto dun estudo lingüístico conxunto que dese conta da variación dialectal existente no seu territorio. O ALPI fornece datos moi valiosos para coñecer as características da variedade falada na Arnoia nos anos trinta do século pasado. Nos materiais do proxecto do ALGa hai información sobre dúas localidades pertencentes á comarca do Ribeiro. Trátase das parroquias de

¹⁵ Na liña das indicadas por Álvarez (2002: 162-163).

Regodeigón (concello de Ribadavia) e de Abelenda¹⁶ (concello de Avión). Cando todos os materiais destes dous proxectos sexan accesibles teremos información de moito interese para realizar estudos comparativos coa fala actual. Incluindo estas tres localidades na nosa rede de puntos obtivemos datos que poden ser comparados cos obtidos en diferentes momentos do século pasado. Debido a que esta tarefa iría máis alá do propósito inmediato da presente tese, decidímolos deixar para un momento posterior. Un momento no que teñamos máis vagar e no que poidamos deseñar unha metodoloxía específica para completar e estudar os datos que poidan ter interese.

Existen dous traballos que estudaron algúns aspectos da lingua da comarca: a tese de doutoramento, inédita, de José Manuel García de la Torre (1962) e un vocabulario dialectal da autoría de José Luís Cortizo Amaro (1998). A primeira das obras consiste nun estudo etno-lingüístico sobre o cultivo da vide e o proceso de elaboración do viño precedido dunha descrición do sistema fonolóxico das variedades usadas na zona. O groso do estudo permanece inédito; só se publicou como artigo un capítulo referido ás diferentes maneiras de lles chamar a diversas partes da vide (García de la Torre 1981). Este autor estuda un total de 40 puntos, algúns dos cales pertencen a concellos que, co criterio administrativo actual, quedarían fóra da comarca¹⁷. Tras unha descrición de orientación diacrónica da fonética da zona, o autor, seguindo o método *Wörter und Sachen*, realiza un estudo do léxico relacionado coa actividade vinícola: as partes da vide, os diferentes traballos que esixen as viñas ao longo do ano e a elaboración do viño e dos seus derivados¹⁸.

O traballo de Cortizo Amaro (1998) é un dicionario de léxico dialectal¹⁹ das parroquias de Baíste e Couso, ambas as dúas do concello de Avión. O aspecto máis interesante é que nas páxinas iniciais do libro presenta un esbozo gramatical da

¹⁶ No caderno correspondente á Abelenda tamén se incluíron as respostas dadas a algunhas cuestións por un informante da parroquia de Camposancos, do mesmo concello.

¹⁷ Os puntos estudados, cos concellos aos que pertencen entre parénteses, foron os seguintes: Pazos de Arenteiro (Boborás); Banga e Barón (O Carballiño); Gomariz, Lebosende, San Clodio, Berán e Vieite (Leiro); Punxín (Punxín); Untes (Ourense); Cuñas, Cenlle, Xubín, Sanín e Esposende (Cenlle); Puga (Toén); Abelenda das Penas, Beiro, Moimenta, Carballeda e A Costeira (Carballeda de Avia); San Andrés de Camporredondo, San Cristovo de Regodeigón, A Groba, A Quinza, Ventosela, A Franqueirán, Ribadavia, Francelos e Prexigueiro (Ribadavia); Trasariz, Santa María de Castrelo e Noallo (Castrelo de Miño); Quins e Penavaqueira (Melón); Reza e Outeiro Cruz (A Arnoia); e Cortegada (Cortegada).

¹⁸ A sección na que se estuda o léxico está estruturada da maneira que segue: "I. La cepa, las ramas, el fruto; II. El terreno y sus preparaciones; III. Ciclo anual de la viña; IV. La bodega. Lagar, lagareta y alambique. Envases y recipientes; V. La vendimia y la elaboración del vino; VI. El vino y otros derivados." (García de la Torre 1963: 762).

¹⁹ Este divídese en dúas partes. A primeira (pp. 43-209) é un dicionario duns, aproximadamente, 10.000 lemas dos que se dá unha equivalencia e mais unha definición en castelán. A segunda (pp. 293-424) é unha listaxe de equivalencias léxicas ordenada alfabeticamente entre o castelán e o galego da zona.

variedade destes lugares (fonética e morfosintaxe) cunha relación exhaustiva de exemplos tomados das entrevistas que fixo a diversos falantes. O autor non dá moita información sobre eles, non indica nin o sexo nin o número de informantes por punto. O único dato que dá é que naceron entre 1903 e 1928.

Fernández Rei (1990b: 108 e 135) na súa clasificación dos dialectos galegos distingue a “microsubárea do Ribeiro”, dentro da “subárea auriense” do “bloque central”. Segundo este autor, a microsubárea, que inclúe a zona de Ramirás, caracterízase pola “presencia da terminación feminina *-án* (pl. *-ás*) en formas como *mazán, ran*” e pola ausencia do plural *-ns* (Fernández Rei 1990b: 135).

4.2. O estudo da variación no tempo: o cambio lingüístico

O cambio lingüístico é un proceso mediante o cal unha unidade A dunha variedade é substituída por outra unidade B. O fenómeno do cambio é común a todas as linguas coñecidas e ademais é tamén unha constante universal. O cambio é considerado por algúns autores consubstancial ás linguas, do mesmo xeito ca a variación (Coseriu 1973; Gimeno 1983; Swann et al. 2012). Foi William Labov quen nos anos sesenta do século pasado demostrou que o cambio pode ser analizado unha vez finalizada unha modificación e que, ademais, atendendo á variación e ao contexto social da comunidade falante é posible describir o cambio en progreso (Labov 1996). O noso estudo fundaméntase nesta idea de que observando a lingua empregada por distintas xeracións nunha mesma comunidade é posible comprender os cambios que se están a producir e que quizais se poidan desenvolver no futuro nun sistema lingüístico determinado.

Os procesos de cambio danse nunha determinada comunidade lingüística a partir dunha situación de variación, tal e como xa se comentou anteriormente. A existencia de variación lingüística, de existiren dúas ou máis formas en competencia, é condición para que se dea o cambio, pero, como xa se ten probado en diversos sistemas lingüísticos, a variación non ten sempre como consecuencia unha mudanza no sistema (Weinreich, Labov e Herzog 1968: 188; Silva-Corbalán 2001: 243; Guy 2003: 370; Conde Silvestre 2007: 31). As situacións de variación poden mostrarse estables durante tempo e tamén a competencia entre formas pode ter como consecuencia final que a estrutura do sistema non se vexa modificada. Weinreich, Labov e Herzog propuxeron cinco aspectos centrais indispensables para abordar o estudo e explicación dos cambios lingüísticos (Weinreich, Labov e Herzog 1968): i) a orixe do cambio (a realización efectiva do cambio), ii) as

construcións que estimulan uns cambios e restrinxen outros, iii) a transición entre unhas formas e outras, iv) a adaptación do cambio ao sistema e v) as actitudes que os falantes adoptan fronte ás mudanzas que se producen no sistema. O noso estudo céntrase na análise dos catros primeiros aspectos no conxunto de variables analizadas na comarca do Ribeiro.

A primeira fase de todo cambio consiste na aparición dunha innovación na fala dun individuo. Esta nova forma pode aparecer por causas internas ao sistema da lingua ou ser froito do contacto con outras variedades (Thomason 2003; Conde Silvestre 2007: 94). Cando esta innovación é adoptada por outros falantes comeza o proceso de cambio. A maioría dos sociolingüistas consideran que a expansión ao longo da comunidade dunha nova forma ou estrutura lingüística se debe a motivos sociais e non a unha hipotética maior perfección ou eficacia da nova forma para a expresión dun determinado contido²⁰. A adopción por parte dun grupo de falantes dese elemento innovador é o que determina se finalmente se produce con éxito o proceso de cambio (Aitchinson 1993: 81; Thomason 2003: 687)²¹.

Unha das teorías máis aceptadas para explicar a propagación dos cambios é o modelo de difusión con forma de “S” (Aitchinson 1993: 89-91; Conde Silvestre 2007: 143-145). Segundo esta proposta interpretativa, os cambios lingüísticos propáganse máis lentamente nas etapas inicial e final do mesmo e máis rapidamente na etapa que se pode denominar como intermedia.

A revolución sociolingüística producida na década dos sesenta do século pasado dentro da lingüística tivo como unha das consecuencias que se mudase a forma en que se interpretaba o desenvolvemento dos cambios lingüísticos. De acordo coa concepción da neogramática, o cambio producíase nas linguas de xeito abrupto: dun estadio pasábase a outro, dunha forma cambiábase a outra sen momentos de transición. A sociolingüística variacionista deu conta con abondos argumentos de que os cambios habitualmente se producían e desenvolvían de xeito gradual (a excepción dalgúns

²⁰ Segundo Chambers, cando se fala de cambio lingüístico, “the linguistic conditions may be sufficient, but it is the social conditions that are deterministic” (Chambers 2013: 318). Non obstante, Labov deixa aberta a porta a que o cambio teña unha orixe múltiple: “no excluimos la posibilidad de una innovación simultánea e independente a cargo de diversos hablantes” (Labov 1983: 345).

²¹ Esta idea está moi presente na obra de Labov, para quen “el origen de un cambio *es* precisamente su ‘propagación’ o aceptación por otro” (Labov 1983: 345, cursiva no orixinal).

cambios que eran consecuencia do contacto ou da aparición de variedades crioulas). Tomando palabras de J. Elvira, o cambio supón:

un proceso de substitución de una pieza o expresión A por outra pieza o expresión B, a través de un período máis o menos largo de tempo de alternancia o convivencia entre lo antigo y lo nuevo, en el que la frecuencia de lo viejo va decayendo, mientras que la frecuencia de lo nuevo se incrementa (Elvira 2015: 25).

A variación, como sinalamos, ten lugar nun proceso que pode rematar coa desaparición da forma antiga ou ben co mantemento da situación inicial, se é que os cambios iniciados non se chegan a consumir totalmente (Elvira 2015: 26). Na adopción dunha nova variante é determinante o prestixio do que goza o individuo ou grupo que a utiliza (Labov 1983: 54; Aitchinson 1993: 82). Este prestixio pode ser *aberto* (*overt prestige*) ou *coverto* (*covert prestige*) (Silva-Corbalán 2001: 99, Conde Silvestre 2007: 114). O primeiro é típico, en xeral, das formas lingüísticas empregadas polos grupos sociais privilexiados, nomeadamente da variedade considerada estándar ou modélica. O segundo caracteriza certas formas lingüísticas non estándar que son consideradas positivamente por razóns de identificación co grupo ou a comunidade (Labov 1983; Trudgill e Hernández Campoy 2007: s. v. *prestigio encubierto*).

Segundo Labov (1983: 168), os cambios lingüísticos están determinados por dous tipos de forzas: as *presións desde arriba* e as *presións desde abaixo*. As primeiras teñen a súa orixe nos grupos sociais privilexiados e maniféstanse xeralmente na expansión de variantes usadas por eles ao longo de todos os grupos sociais (os chamados *cambios desde arriba*). Pola contra, as presións desde abaixo conducen á adopción de formas lingüísticas propias da clase media ou baixa por outros grupos sociais (*cambios desde abaixo*)²². Debemos ter presente que Labov nos seus primeiros estudos centrou as súas explicacións en factores sociais de carácter xeral, de acordo co contexto político e ideolóxico en que desenvolveu a súa teoría.

Os cambios difúndense a través dos diferentes grupos sociais e tamén a través do territorio²³. A explicación máis aceptada no eido da sociolingüística para o proceso de difusión social das variantes implicadas no proceso de mudanza procede do estudo de Weinreich, Labov e Herzog (1968) e foi desenvolvida de maneira extensa en diversos traballos de Labov (1983: 229-231 e 393-394). Segundo estes autores, cando unha

²² Sobre isto vid. tamén Aitchinson (1993:56), Conde Silvestre (2007: 103-104) e Silva-Corbalán (2001: 245).

²³ Como afirma Ogura (2012: 428): “Language change is basically a speaker-to-speaker social propagation in time and space”.

variante propia dun grupo da comunidade adquire un determinado valor social pode ir expandíndose gradualmente entre os membros dos restantes grupos. Teorías como a acomodación debida a Howard Giles (1973) ou a das redes sociais, empregada en varios traballos por J. Milroy e L. Miroy (Milroy e Llamas 2013), tratan de complementar esta visión e de ampliar os argumentos explicativos para comprender a extensión na comunidade dos cambios.

Para o espallamento dos cambios a través do espazo unha das propostas máis antigas é a teoría das ondas, proposta por Johannes Schmidt (1872), segundo a cal un cambio “originating at a given locale at a particular point in time spreads from that point in successive layers in a way likened to the waves in water that radiate from a central point of contact” (Wolfram e Schilling-Estes 2003: 713). Esta proposta, vixente durante moito tempo, foi posta en dúbida por Trudgill (1983) para quen a distancia entre dous núcleos de poboación non é o único factor a ter en conta, senón que se deben estudar as relacións de tipo social e económico entre eses dous lugares. Con todo, o propio Trudgill e algún dos seus discípulos acudiron tamén a outros factores relacionados coas relacións entre as comunidades para explicar de que xeito elementos como os medios de comunicación de masas e as vías de comunicación poden determinar a difusión de determinadas variantes lingüísticas (Hernández Campoy 1999).

4.2.1. Cambio lingüístico en tempo real e en tempo aparente

Este traballo encádrase no marco dos estudos de variación lingüística en tempo aparente. Existen basicamente dúas perspectivas de abordar o estudo do cambio lingüístico: a análise do cambio en *tempo real* e a análise en *tempo aparente*. Nos estudos en tempo real compáranse datos recollidos en datas diferentes. A principal desvantaxe deste tipo de estudos é que, a maioría das veces non dispomos de datos de épocas pasadas ou, se os temos, non se axustan ás nosas necesidades (Walker 2010: 95-97). Para salvar este obstáculo, un método moi empregado é a realización dunha serie de enquisas distanciadas por unha marxe temporal de 15-20 anos. Deste xeito, por exemplo, poderíamos realizar unha enquisa a persoas de 40 anos no 2016 e outra no 2036 tamén a persoas de 40 anos, para comprobar se, ao longo deses 20 anos, a fala das persoas de 40 anos mudou nalgún aspecto.

A outra metodoloxía consiste en recoller datos mediante entrevistas a persoas de diferentes idades nun mesmo momento temporal. Un exemplo sería entrevistar persoas

de 20, 40 e 60 anos no 2016. Esta é a metodoloxía utilizada nos traballos de estudo do cambio lingüístico en tempo aparente. Os estudos en tempo aparente baséanse no principio de que a lingua das persoas non cambia substancialmente co paso do tempo e reflicte a maneira de falar da adolescencia. Ademais, considérase que o estado de variación detectado nas xeracións máis novas é indicio dos cambios lingüísticos que se producirán no futuro (Bailey et al. 1991; Chambers 1995: 193-206; Blas Arroyo 2005: 269-270; Conde Silvestre 2007: 80; Cukor-Avila e Bailey 2013).

Esta técnica foi empregada por Gauchat (1905) a principios do século pasado, cando este autor estudou seis cambios fonéticos na fala de varios individuos de idades diferentes e procedentes da localidade suíza de Charmey (Bailey et al. 1991: 24; Labov 1996: 56-57; Blas Arroyo 2005: 269-273). No entanto, quen a integrou dentro da sociolingüística moderna foi William Labov no seu estudo da illa de Martha's Vineyard realizado en 1963 (Labov 1983). Este traballo serviu como modelo para outros estudos sobre cambio lingüístico, especialmente no ámbito anglosaxón, mais tamén noutros. Para o galego, son poucos os estudos deste tipo. Cabe citar os de Soto Andión (1996, 2003 e 2014) sobre diversas variables lingüísticas e a súa distribución en tres xeracións nunha área do interior da provincia de Pontevedra. A gheada foi tamén obxecto de dous estudos debidos a Baleirón (2004) e Thomas (2007). A variación etaria en varias zonas seseantes foi estudada por González González et al. (2002), Dopazo (2017) e Rial Montes (2018).

Hai que ter en conta que unha situación de variación non ten por que desembocar necesariamente nun cambio lingüístico. É polo tanto posible que as diferenzas lingüísticas entre as xeracións non indiquen cambio, senón unha situación de estratificación xeracional (*age-grading*) (Chambers 1995: 200; Blas Arroyo 2005: 269-273; Sankoff 2005). Nos casos en que se produce este fenómeno, as diferenzas na utilización das variantes de cada variable polos falantes “no reflejan un cambio en curso, pues suelen aparecer de manera recurrente en el tiempo como característica de los mismos grupos de edad, cuyos miembros la adoptan [unha variante] o abandonan individualmente conforme avanza su trayectoria vital” (Conde Silvestre 2007: 83-84).

Para Labov (1996) a única maneira de comprobar se hai un proceso de cambio lingüístico en marcha e non un fenómeno de *age-grading* consiste en comparar os datos obtidos en tempo aparente con datos obtidos en tempo real. Se os datos en tempo real confirman os resultados da investigación en tempo aparente, pódese falar con

seguridade dun proceso de cambio en marcha, descartando unha situación de *age-grading*. En caso de que non se realizasen investigacións en tempo real sobre o fenómeno estudado na mesma comunidade, o lingüista debería realizar no futuro outro estudo das mesmas características para confirmar as súas conclusións.

Podemos dar conta de varios estudos destinados a comprobar as hipóteses de traballos realizados en tempo aparente. Antes de se producir a revolución sociolingüística, o lingüista xermano J. Hermann realizou, en 1927, un traballo sobre a localidade de Charmey, no que estudou as mesmas variables que estudara Gauchat en 1905 (Chambers 1995: 194). Máis recentemente, podemos atopar investigadores que fixeron traballos de cambio en tempo aparente e que quixeron comprobar, algúns anos despois, a validez dos mesmos. Dous exemplos que merecen ser citados son os traballos de Trudgill sobre Norwich e os de Cerdergren sobre Panamá. No ano 1968 Trudgill realizou un estudo en tempo aparente na cidade de Norwich que foi publicado en 1974. En 1983 o lingüista británico regresou á cidade e fixo un estudo onde contemplou as mesmas variables e utilizou informantes similares, na idade e características sociais, aos do primeiro estudo (Chambers 1995: 200-202; Turell 2003). No caso de Cerdergren, que estudou en 1969 o cambio en tempo aparente na variable /tʃ/ en Panamá, realizou un estudo sobre esta mesma variable en 1982 (Chambers 1995: 204-205; Turell 2003). Segundo Chambers (1995: 205), “Cerdergren’s real-time comparison lends strong support to the apparent-time hypothesis.”

4.2.2. Contacto lingüístico e cambio

Como vimos anteriormente, un cambio lingüístico consiste no desprazamento, total ou parcial, dunha unidade por outra para expresar unha mesma función lingüística. A forma substituta pode ter orixe no propio sistema da lingua ou pode ser incorporada desde unha variedade ou lingua diferente. As situacións de contacto son moi frecuentes en todo o mundo. De feito, tendo en conta que existen aproximadamente unhas 6.000 linguas e que o número de estado non chega a 200, o máis frecuente é que nun mesmo estado sexan faladas linguas diferentes.

O galego vive nunha situación de contacto lingüístico co castelán desde hai séculos (Monteagudo e Santamarina 1993; Mariño 1998 e 2008; Monteagudo 1999). O castelán tivo, e ten, un status sociolingüístico, un prestixio aberto, superior ao do galego. Durante séculos, o castelán foi a única lingua empregada nas situacións formais

e, co paso do tempo, as clases altas e medias de Galicia adoptárono como lingua habitual²⁴.

Nas últimas décadas, coa diminución da porcentaxe de individuos monolingües en galego (Monteagudo 2011) e a extensión do coñecemento do castelán a través de diversas vías (escola, medios de comunicación, etc.), os fenómenos de contacto foron en aumento. O estudo do contacto entre galego e castelán ocupou un lugar central nos estudos sobre o galego, desde orientacións fundamentalmente prescritivistas. A maioría dos traballos estudan fundamentalmente aspectos léxicos, aínda que tamén se poden encontrar outros que se deteñen na morfosintaxe (Álvarez e Sousa 2017).

A situación de contacto entre variedades lingüísticas, sexan linguas ou dialectos, provoca, como consecuencias principais, a alternancia de códigos e linguas e as interferencias, sexan fónicas, morfosintácticas, léxicas, etc. (Thomasson 2001; Winford 2003). Un dos primeiros lingüistas en estudar o contacto de linguas foi Uriel Weinreich. Este autor, a comezos da década dos 50 do s. XX, propuxo o termo *interferencia* para denominar os casos en que o falante dunha lingua A introducía no seu discurso elementos dunha lingua B, da que tamén era falante (Weinreich 1968: 17).

A interferencia pode provocar un cambio na lingua se o elemento innovador é adoptado por varios membros da comunidade (Kabatek 2000: 27-30). Polo tanto, cómpre distinguir, como fai Mackey (1976), entre a *interferencia* e a *integración*²⁵. A interferencia é un fenómeno individual, un fenómeno innovador no discurso dun só individuo. Cando se realiza a integración, un elemento dunha lingua A pasa a formar parte do sistema dunha lingua B (Mackey 1976: 308-309). Neste caso, a forma lingüística en cuestión é usada por, cando menos, unha parte da comunidade lingüística.

En varios traballos, Kabatek (1997 e 2000) manifestou a necesidade de diferenciar varios tipos de interferencias²⁶. Para o noso propósito son particularmente útiles os conceptos de interferencia de transposición, interferencia de converxencia e interferencia de diverxencia.

A interferencia de transposición é unha interferencia positiva: os falantes dunha lingua A introducen no seu discurso elementos dunha lingua B que non existen na

²⁴ Para unha perspectiva ibérica do contacto lingüístico vid. p. ex. Villena Ponsoda (2006) e Kabatek e Pusch (2011). No volume editado por Gugenberger, Monteagudo e Rei-Doval (2013) ofrécense un mollo de estudos sobre o contacto lingüístico nos ámbitos galego e luso-brasileiro.

²⁵ O propio Weinreich (1968) diferencia entre *interferencias na fala* e *interferencias na lingua*. Vid. sobre isto Kabatek (2000: 29-30) e Negro Romero (2013).

²⁶ Vid. tamén, p. ex. López Morales (1989: 164-167) e Silva-Corbalán (2001: 269-274).

lingua A. Neste traballo empregaremos o termo *préstamo* para nos referir ás formas lingüísticas de orixe castelá utilizadas polos nosos informantes. Tamén usaremos este termo cando o elemento emprestado sexa tomado da variedade estándar.

Pola contra, as interferencias de converxencia e diverxencia son interferencias negativas²⁷, xa que ambas as dúas consisten en non usar algúns elementos das linguas en situación de contacto. A interferencia negativa de converxencia prodúcese cando os falantes da lingua B usan máis frecuentemente unha estrutura que existe nas linguas A e B que unha equivalente, pero que só existe na lingua A²⁸. A interferencia negativa de diverxencia consiste no fenómeno contrario. Se na lingua B hai dúas estruturas equivalentes, das cales só unha existe na lingua A, usarase máis a que non existe na lingua A.

5. METODOLOXÍA

Nesta alínea ímonos deter na maneira en que foron obtidos os datos que estudamos na presente tese, así como na elección dos lugares e os informantes. Por último, describiremos como foron transcritos e tratados os datos para procedermos ao seu estudo.

5.1. A obtención dos datos: cuestionario e entrevistas

Para a obtención dos datos empregamos dúas técnicas: o cuestionario e a entrevista semidirixida. A utilización do cuestionario, e non só de entrevistas semidirixidas, explícase pola necesidade de que os datos sexan comparables. Sobre todo tendo en conta que o noso estudo trata sobre variación morfosintáctica. Neste caso, como afirma Seiler, “relevant patterns of language variation across space can only be uncovered if comparable, i. e., more or less standardized, material is won or made available” (Seiler 2010: 512).

O cuestionario utilizado consta de 223 preguntas (cfr. Anexo I) e foi elaborado especificamente para o presente traballo. Para facelo baseámonos no empregado para o ALGa. Nel incluimos preguntas que servisen para obter datos daquelas variables que podían ser susceptibles de estaren condicionadas por factores xeográficos e etarios.

²⁷ O termo *interferencia negativa* é tomado por Kabatek de Coseriu (1977b).

²⁸ Trátase do que outros lingüistas denominan *converxencia*, fenómeno polo que dous sistemas en contacto tenden a aproximarse mediante “la generalización de ingredientes que ya existen, en distinto grado, en las dos lenguas afectadas” (Conde Silvestre 2007: 241). O termo ten a súa orixe no estudo de Gumperz e Wilson (1971) sobre o contacto de linguas na India.

Antes de facermos o traballo de campo fixemos tres probas iniciais na localidade de Paredes (concello de Leiro) con tres informantes de idades diferentes.

As preguntas do cuestionario fixéronse empregando métodos indirectos (Veny 1986: 81-82; Chambers e Trudgill 1994: 47-48; Viaplana 1996: 80-81). Os máis frecuentemente utilizados foron a descrición de imaxes, o emprego dos espazos en branco, os paralelismos e a busca dun enunciado concreto mediante un estímulo lingüístico.

A técnica dos espazos en branco consiste en fornecerlle ao informante unha forma non flexionada da mesma palabra para que el nos dea a forma flexionada que corresponda (p. ex. “Eu onte COMER carne”). Co método dos paralelismos ofréceselle un enunciado ao entrevistado que sirva como modelo para a construción doutro no que apareza a forma que se busca (p. ex. “Onto eu fun á festa, Onto ti _____ á festa”). Estas dúas técnicas foron moi útiles para a obtención de formas verbais.

A obtención dunha resposta mediante un estímulo lingüístico semellante ao que se espera recoller foi un método moi útil para a elicitación dos datos. Así, p. ex. para a obtención da secuencia de clíticos *seche* ou *chese* díxoselles aos informantes un estímulo coma o seguinte: “Antes de saír da casa súa nai deixara roupa estendida fóra. Durante o tempo que estivo fóra choveu e a roupa mollouse. Vostede chega á casa antes ca a súa nai e ve a roupa mollada. Cando ela chega á casa vostede tenlle que dicir que se lle mollou a roupa. Como llo diría?”.


Durante a entrevista semidirixida, os informantes faloron sobre diversos temas propostos polo entrevistador (traballo, estudos, xogos da infancia, experiencias vitais, familia, etc.) co propósito de obter unha mostra representativa de discurso oral do cal extraer datos lingüísticos de interese. Tanto a parte da enquisa correspondente ao cuestionario como a entrevista semidirixida foron gravadas, co consentimento dos informantes. A duración das enquisas foi variable. Cos informantes do grupo de idade I, con máis tempo libre e experiencias vitais, as entrevistas foron, polo xeral, máis longas ca as realizadas cos informantes dos outros grupos de idade. A duración mínima das entrevistas (incluíndo as preguntas do cuestionario) foi dunha hora e 45 minutos.

O traballo de campo foi realizado ao longo de todo o ano 2014. As maiores dificultades atopámonas na selección dos informantes. Nalgúns puntos foi particularmente complexo atopar persoas menores de 30 anos. Ademais, tivemos que buscar momentos en que os informantes, moitos con obrigas laborais, académicas ou

agrícolas, puidesen atendernos co necesario vagar. As entrevistas tiveron lugar no domicilio de cada informante.

5.2. Rede de puntos e informantes

Estableceuse unha rede de dez puntos para que esta fose o suficientemente mesta como para garantir a representatividade territorial²⁹. Os datos para o noso estudo proceden de 30 entrevistas realizadas en 10 localidades do Ribeiro (mapa 2)³⁰. Os puntos de enquisa escollidos foron nove aldeas (de entre 31 e 367 habitantes) e a vila de Ribadavia, a poboación con máis habitantes.



Mapa 2. Puntos de enquisa

En cada localidade foron entrevistadas tres persoas. Cada persoa pertence a un grupo de idade diferente: xeración I (máis de 60 anos), xeración II (entre 40 e 56 anos) e xeración III (entre 16 e 30 anos). A vila de Ribadavia foi incluída polo interese sociolingüístico que supón estudar a localidade máis poboada da zona onde, ademais, existe unha alta porcentaxe de persoas con condutas bilingües ou monolingües en castelán. As aldeas da Arnoia, Abelenda e Regodeigón foron incluídas na rede de puntos por seren localidades visitadas polos investigadores do ALPI (A Arnoia) ou do

²⁹ A densidade da rede é de un punto por cada 40 Km² aproximadamente.

³⁰ Trátase das aldeas da Arnoia (A Arnoia), Abelenda (Avión), Vilar de Condes (Carballeda de Avia), As Bouzas (Castrelo de Miño), Esposende (Cenlle), Louredo (Cortegada), Orega (Leiro), Penavaqueira (Melón), Regodeigón (Ribadavia) e Ribadavia (Ribadavia).

ALGA (Abelenda e Regodeigón). As localidades restantes escolléronse seguindo dous criterios. En primeiro lugar, que fosen puntos con poboación suficiente para podermos seleccionar falantes das tres xeracións. En segundo lugar, que todos os concellos da comarca, excepto o de Beade, estivesen representados.

Sobre o número de informantes seleccionados en cada punto hai que indicar que nos estudos de sociolingüística recoméndase que a mostra mínima ten que corresponder ao 0.00025, sobre 1, da poboación (Labov 1983). Este índice é proposto nos estudos de dialectoloxía urbana, atendendo a que deben ser entrevistadas 25 persoas por cada 100.000 habitantes. Porén, este número segue a ser obxecto de debate entre os especialistas, sobre todo en casos de investigacións sobre comunidades máis pequenas (Silva-Corbalán 2001: 46).

No caso deste estudo, o índice de habitantes entrevistados por localidade é sempre superior ao 0.00025. Na táboa 5 recóllese a poboación de cada un dos lugares e o índice de habitantes entrevistados. As diferenzas de poboación entre os lugares fan que o índice da poboación que corresponde aos informantes varíe moito.

Concello	Lugar	Poboación do lugar	Índice
A Arnoia	A Arnoia	77	0.039
Avión	Abelenda	248	0.012
Castrelo de Miño	As Bouzas	31	0.1
Cenlle	Esposende	64	0.047
Cortegada	Louredo	107	0.028
Leiro	Orega	115	0.026
Melón	Penavaqueira	76	0.04
Ribadavia	Regodeigón	367	0.082
Ribadavia	Ribadavia	3.199	0.0009
Carballeda de Avia	Vilar de Condes	143	0.021

Táboa 5. Poboación no ano 2014 dos lugares estudados e índice de habitantes entrevistados

Fonte: elaboración propia con datos do IGE

O perfil de informante que procuramos foi o dun individuo nacido no lugar de enquisa, ao igual ca os seus pais e cónxuxe, e que vivise nel a maior parte da súa vida. Tamén se buscou que non tivese estudos superiores para que o nivel educativo dos informantes fose o máis homoxéneo posible. Procurouse que a escolla fose proporcional con respecto ao sexo, aínda que non sempre foi posible. O número de mulleres entrevistadas é superior ao de homes (17 vs. 13). Así a todo, é necesario ter presente que o sexo non é un parámetro tido en conta nesta tese para a análise da variación. No noso traballo decidimos non incluír esta variable, centrándonos nas diferenzas dialectais e xenolectais.

Para a escolla final dos informantes en cada localidade procurouse a axuda dunha ou dúas persoas coñecidas polo investigador para que lle indicasen a este persoas que, na súa opinión, fosen adecuadas para o estudo. A continuación, acompañado pola persoa coñecida polo investigador, este establecía o primeiro contacto co informante. Esta primeira conversa tiña varios obxectivos. En primeiro lugar, comprobar se se adecuaba ao perfil buscado (idade, nivel de estudos, lugar de nacemento, etc.). En segundo lugar, saber se a persoa estaba de acordo en ser entrevistada. Se estas condicións se cumprían, procedíase a marcar unha data para a entrevista.

Na táboa 6 resúmense os datos principais dos informantes: estudos, profesión e perfil sociolingüístico. Cada un dos individuos é nomeado no texto mediante unha clave alfanumérica que reflicte o lugar de onde é (as tres primeiras letras), a súa idade no ano 2014 e o seu sexo (*h* ou *m* segundo sexan, respectivamente, home ou muller). Ademais, inclúense datos relevantes da biografía de cada un deles coma os lugares onde viviron ou se teñen relación de parentesco con outros informantes. A idade media dos informantes é de 48 anos. As idades medias de cada un dos grupos de idade son as seguintes: xeración I, 72 anos; xeración II, 49 anos; xeración III, 23 anos.

	Estudos/Profesión.	Usos lingüísticos	Observacións
Abe71m	Primarios. Labrega.	Galegofalante.	Vivió 4 anos en México e 3 en Venezuela.
Abe53m	Primarios. Ama de casa.	Galegofalante.	Naceu en Uruguai. Veu con 6 anos. Na súa casa só falaban galego.
Abe28m	Administrativa. Dependente nunha tenda.	Galegofalante.	Vivió 5 anos en Pontevedra.
Ore69h	Primarios. Labrego.	Galegofalante	Non fixo o servizo militar. Non casou.
Ore47m	Primarios. Labrega.	Galegofalante.	

Ore26h	Administrativo. Axente de seguros.	Galegofalante. No traballo fala castelán cando llo falan.	Viviú 4 anos nas Canarias coa súa familia.
Vil72m	Primarios. Labrega.	Galegofalante.	Nai de Vil48h.
Vil48h	Primarios. Albanel.	Galegofalante.	Viviú 4 anos en Huesca. Fillo de Vil72m.
Vil22h	Administrativo. Estudante.	Galegofalante. Fala castelán cando llo falan.	
Pen78m	Primarios. Labrega.	Galegofalante.	Viviú 20 anos en Alemaña con xente da súa aldea.
Pen56h	Secundarios. Conductor.	Galegofalante.	Criouse cos avós.
Pen23h	Administrativo. Estudante.	Galegofalante.	
Esp72m	Primarios. Labrega.	Galegofalante.	Viviú algúns meses en Suíza.
Esp52m	Primarios. Axente de seguros	Galegofalante	Criouse coa avoa.
Esp25h	Topógrafo.	Galegofalante.	
Reg77h	Primarios. Electricista.	Galegofalante.	Fixo o servizo militar en Madrid. Criouse cos avós.
Reg52m	Primarios. Ama de casa. Dependente nunha tenda en Ribadavia durante 6 anos.	Galegofalante. Fala castelán con quen llo fala.	
Reg21h	Secundarios.	Galegofalante.	
Bou80m	Primarios. Labrega.	Galegofalante.	
Bou54m	Primarios. Labrega e carteira.	Galegofalante.	
Bou29h	Primarios. Albanel.	Galegofalante.	
Rib65h	Primarios. Dependente nunha tenda.	Bilingüe. Falaba castelán cos pais e avoas e galego cos avós. Fala galego ou castelán segundo o interlocutor.	Fixo o servizo militar en Ourense.
Rib40m	Auxiliar de enfermaría.	Bilingüe inicial. Fala galego só cando llo falan. Estudou galego no instituto.	
Rib20h	Secundarios. Estudante.	Bilingüe inicial. Castelanfalante habitual. Fala galego só cando llo falan.	
Arn63m	Primarios. Labrega.	Galegofalante.	Viviú 6 anos en Suíza. O home é de Castrelo de Miño.
Arn43m	Primarios. Traballa nun xeriátrico.	Galegofalante.	
Arn19m	Bacharelato. Estudante.	Galegofalante. Fala castelán cando llo falan.	
Lou75m	Primarios. Labrega.	Galegofalante.	
Lou48m	Primarios. Traballa nun xeriátrico.	Galegofalante.	Viviú 7 anos en Suíza co seu home e cunha filla.
Lou16h	ESO. Estudante.	Galegofalante.	Fillo de Lou48m.

Táboa 6. Datos dos informantes

5.3. Transcrición e tratamento dos datos

Para poder analizar a información recollida nas entrevistas procedeuse á súa transcrición. Este proceso foi realizado en paralelo á realización das enquisas. Como o obxectivo fundamental do noso estudo é a análise da variación morfosintáctica, non se transcribiron, palabra por palabra, as 30 enquisas. A información organizouse por informantes, para cada un deles creouse unha folla de Excel na que se transcribiron, con alfabeto fonético e en grafía convencional, pequenos extractos dos textos producidos polos informantes que contivesen algunha das variantes das variables obxecto de estudo como se amosa na táboa 7. Na mesma folla de Excel tamén se transcribiron as respostas dadas por esa persoa ás preguntas do cuestionario. Os símbolos fonéticos usados na base de datos e no presente traballo son os do AFI. Ademais da transcrición fonética, engadiuse unha columna cunha forma en ortografía convencional da variante recollida que permitise coñecer a variación morfolóxica e léxica existente nos datos³¹. Os datos recollidos nas táboas de Excel foron tratados para poder elaborar as visualizacións cartográficas que acompañan o traballo e que nos permiten coñecer a distribución das variantes.

Variable	Transcrición fonética	Transcrición ortográfica
Cantache/cantaches	komo tɛ 'ðɛtʃɛ a kono 'θer pra tʃɛ 'ħareɣ a 'ki	Como te deche a conocer pra chegares aquí?
Alguén / Alguién	'sɛmprɛ a 'βial 'ħjɛɲ kɛ 'foɣɛ βɛɣ 'tir o kɛ mo 'riɔ	Sempre había alguén que fose vestir ó que morría

Táboa 7. Exemplo de respostas transcritas

Estes mapas foron elaborados co programa informático de código libre QGIS³². Nesta tese inclúense dous tipos de mapas, os de símbolos e os de gráficos. Nos primeiros cada símbolo representa a variante usada polo informante de cada lugar como resposta a unha pregunta do cuestionario. Nos mapas de gráficos represéntase a porcentaxe de uso das variantes dunha variable. Cada gráfico corresponde a un

³¹ A contracción entre a preposición *a* e o artigo *o/os* represéntase como *ó/ós*.

³² QGIS é un Sistema de Información Xeográfica (SIG) de Código Aberto licenciado baixo o GNU (QGIS Development Team 1918).

informante e os datos poden proceder tanto do cuestionario como do texto obtido mediante as entrevistas.



Parte II. Análise das variables

Nesta parte do traballo procédeuse á análise das variables de tipo morfolóxico e sintáctico seleccionadas. En cada caso faremos constar de onde provén a información, das enquisas co cuestionario ou das entrevistas semidirixidas. A ordenación das variables fíxose tendo en conta, en primeiro lugar, o seu carácter morfolóxico (situadas en primeiro lugar) ou sintáctico (situadas en segundo lugar). Nas variables de natureza morfolóxica comezamos pola variación nominal, seguimos coa que afecta a pronomes, determinantes e indefinidos e rematamos coa variación no sistema verbal e adverbial.


6. VARIACIÓN NOS SUBSTANTIVOS *MAZÁ, IRMÁ, SOÁ E MAÑÁ*

Os datos recollidos para a elaboración deste traballo dan conta da existencia de variación nos substantivos femininos *mañá, irmá, soá e mazá*³³. Na maioría dos lugares estudados, estes substantivos presentan nasal final: *mañán, irmán, soán e mazán*. Esta variación sincrónica entre *-án* e *-á* é consecuencia dos diferentes procesos de desnasalización iniciados a finais da época medieval (Pérez Pascual 1982; Carvalho 1988; Mariño Paz 2002). O ALGa³⁴ inclúe diversos mapas en que se pode observar a distribución xeográfica que estas variantes presentaban na década de 1970. En xeral, as formas en *-án* son típicas do galego occidental, mentres que as variantes en *-á* dominan a zona central e oriental do territorio.


Imos tratar conxuntamente os datos obtidos co cuestionario para os substantivos mencionados (mapas 3a, 3b e 3c). Para as catro palabras seleccionadas, as variantes máis frecuentes son as rematadas en *-án* en todas as localidades estudadas. As variantes en *-á* foron rexistradas en falantes de 5 localidades: Abelenda (9 ocorrencias), As Bouzas (6 ocorrencias), Esposende (1 ocorrencia), Ribadavia (4 ocorrencias) e Regodeigón (2 ocorrencias). Tendo en conta a palabra da que se trata, a variante *-á* é máis frecuentemente rexistrada no substantivo *irmá* (7 ocorrencias) ca en *soá* (5 ocorrencias), *mañá* (5 ocorrencias) e *mazá* (4 ocorrencias). Do punto de vista diatópico, polo tanto, as variantes en *-á* son máis frecuentes nos puntos máis orientais da área, incluíndo a vila de Ribadavia, e no máis setentrional (Abelenda).

³³ Tratamos xuntos estes catro substantivos pola súa orixe etimolóxica común; proceden de substantivos latinos rematados en *-ANA*.


³⁴ As variables cartografadas son: *irmá* ~ *irmán* (ALGa 1995: mapa 32), *mazá* ~ *mazán* (ALGa 1995: mapa 38), *mañá* ~ *mañán* (ALGa 1995: mapa 37). Vid. tamén sobre isto Fernández Rei (1990b: 59-64).



Mapa 3a. Variación *-án* ~ *-á* (x. I)



Mapa 3b. Variación *-án* ~ *-á* (x. II)



Mapa 3c. Variación *-án* ~ *-á* (x. III)

En canto á distribución por grupos de idade, as variantes en *-á* son máis frecuentes nos falantes de menos de 30 anos. Na xeración I recolleemos tres variantes en *-á*, na xeración II rexistramos seis e na xeración III recolleemos doce. A maior frecuencia destas variantes entre os máis novos parece indicar que se pode estar a producir un cambio, no que quizais estean a influír as variantes da variedade estándar.

Na proposta de división dialectal de Fernández Rei a existencia das variantes do tipo *mazán* tómase como argumento para individualizar a “microsubárea do Ribeiro” dentro do bloque central (Fernández Rei 1990b: 135). Cos datos que recadamos para o noso estudo sería necesario matizar a proposta deste autor. se ben é certo, que en todos os puntos se utilizan formas do tipo *mazán*, tamén están presentes no territorio as variantes do tipo *mazá*³⁵.

7. VARIACIÓN NOS SUBSTANTIVOS *IRMÁN, CHAN, GRAN E MAN*


Os substantivos *irmán, chan, gran e man* mostran variación nos datos recadados para esta investigación: *irmán ~ irmau, chan ~ chau, gran ~ grau e man ~ mau*. Coma no caso da variación *-án ~ -á* vista anteriormente, a existencia de variantes ten a súa orixe nos procesos de desnasalización que afectaron o galego a finais da época medieval e que teñen sido abordados por distintos investigadores (Carvalho 1988; Pérez Pascual 1982, Mariño Paz 2002). Tanto esta variable como a tratada anteriormente foron empregadas por varios investigadores (Zamora Vicente, Carballo Calero, Fernández Rei, etc.) para caracterizar as distintas variedades dialectais galegas. Os datos do ALGa³⁶ permiten estudar a distribución destas formas nos anos 70. As formas en *-an* tenden a localizarse na área occidental de Galicia, mentres as variantes en *-ao ~ -au* son caracterizadoras do centro e oriente do país.

Unha análise do conxunto de formas rexistradas mostra que na área estudada son maioritarias, en todos os grupos de idade, as variantes rematadas en *-au*. As variantes en *-an* recolléronse nos lugares da Arnoia (1 ocorrencia), Louredo (1 ocorrencia), Esposende (1 ocorrencia), Penavaqueira (12 ocorrencias) e Ribadavia (3 ocorrencias), fundamentalmente en falantes da xeración de menos idade. O lugar de Penavaqueira é o


³⁵ Os estudos dialectais feitos sobre pequenas áreas permiten unha maior precisión á hora de fixar os límites entre variedades. Vid. a este respecto Alonso Núñez (2012), que emprega datos da súa tese de doutoramento (Alonso Núñez 2011).

³⁶ Para *irmán ~ irmau* cfr. ALGa 1995: mapa 31; para *gran ~ grau*, cfr. ALGa 1995: mapa 33; para *man ~ mau*, cfr. ALGa 1995: mapa 37; e para *chan ~ chau* cfr. ALGa 1999: mapa 218. Para un comentario amplo sobre a distribución xeográfica das diferentes formas vid. Fernández Rei (1990b: 59-64).

único no que as formas en *-an* son utilizadas polos informantes dos tres grupos de idade. Desde o punto de vista da distribución por xeracións, os informantes da xeración III empregan máis as variantes tipo *man* (10 ocorrencias) ca os das xeracións I e II (4 ocorrencias en cada grupo) (mapas 4a, 4b e 4c)³⁷. Os datos para a confección dos mapas corresponden ás catro variables xa citadas. No punto de Penavaqueira recollemos formas en *-án* nas enquisas cos tres informantes. O cambio interxeracional compróbase nos datos dos informantes da xeración III, procedentes de catro puntos da área de val (A Arnoia, Louredo, Esposende e Ribadavia).




Mapa 4a. Variación *-an* ~ *-au* (x. I)



Mapa 4b. Variación *-an* ~ *-au* (x. II)

³⁷ Vid. o comentario que fai Soto Andión (2014: 226) para algunhas variedades do galego da Terra de Montes: “los resultados de las terminaciones latinas *-anu*, *-ana* son en la zona *-au/-án* para masculino (*meu irmau/irmán*) y *-á/-án* para femenino (*miña irmán/irmá*). Las soluciones *-án/-á* son las habituales en los más jóvenes por la influencia del gallego de la escuela.”



Mapa 4c. Variación *-an* ~ *-au* (x. III)


Non todas as variantes en *-an* teñen a mesma distribución. A forma *chan* é utilizada por catro informantes³⁸, a variante *gran* por dous, a forma *man* por dous e a variante *irmán* por un. Parece significativo que sexa a xeración III o grupo de idade onde se rexistran cunha maior frecuencia variantes do tipo *man*.

8. VARIACIÓN NO FEMININO DE *LADRÓN*


Para o feminino de *ladrón* recollemos a forma galega *ladroa* (na Arnoia, Abelenda, As Bouzas, Louredo, Orega, Penavaqueira, Regodeigón e Vilar de Condes) e o castelanismo *ladrona* (en todas as localidades)³⁹. A vulgar polos datos recadados parece que a variante *ladroa* é característica dos falantes maiores mentres que *ladrona* o é dos falantes de media idade e novos (mapas 5a, 5b e 5c). Do punto de vista da distribución xeográfica parécenos relevante que non se rexistre a variante *ladroa* no lugar de Esposende e na vila de Ribadavia. Tamén é importante destacar o mantemento de *ladroa* na xeración II en dous puntos occidentais e montañosos (Abelenda e Penavaqueira).

³⁸ A maioría dos informantes desta xeración ofreceron como primeira resposta á pregunta correspondente a forma castelá *suelo*.


³⁹ O ALGa (1995: mapa 42) rexistra diversas variantes para o feminino de *ladrón*. As máis frecuentes son *ladroa*, recollido especialmente na provincia de Lugo, interior de Pontevedra e occidente de Ourense; *ladrona*, moi frecuente no sueste do territorio e na provincia de Pontevedra; e *ladra*, típico das provincias occidentais e do oeste da provincia de Ourense. É frecuente que *ladra* apareza nun mesmo punto canda a *ladroa* ou *ladrona*.



Mapa 5a. Variación *ladroa* ~ *ladrona* (x. I)



Mapa 5b. Variación *ladroa* ~ *ladrona* (x. II)



Mapa 5c. Variación *ladroa* ~ *ladrona* (x. III)

No aumento da frecuencia da variante *ladrona* nas xeracións II e III poden pesar dous factores. En primeiro lugar, o feito de ser *ladrona* un castelanismos. En segundo lugar, é conveniente ter en conta que a formación regular do xénero que funciona con outros substantivos favorece a parella *ladrón/ladrona* fronte a *ladrón/ladroa* (cfr. p. ex. *papón/papona*).


9. VARIACIÓN NO PLURAL DOS SUBSTANTIVOS AGUDOS REMATADOS EN /ŋ/ NO SINGULAR

A formación do plural dos substantivos agudos rematados en *-n* no singular é un dos trazos considerados como máis relevantes para establecer límites entre os dialectos do galego. Fernández Rei (1990b) toma esta variable como fundamental para clasificar os dialectos galegos en tres grandes bloques: occidental (*pantalón-pantalóns*), central (*pantalón-pantalós*) e oriental (*pantalón-pantalois*)⁴⁰.


A documentación recadada na nosa investigación, correspondente ás tres xeracións en conxunto, procedente tanto do cuestionario como das entrevistas, indica que, na área estudada, son utilizadas as variantes tipo *pantalóns* en cinco localidades (A Arnoia, Louredo, Ribadavia, Penavaqueira e Vilar de Condes), hai tres puntos onde se empregan as formas tipo *pantalós* (Abelenda, As Bouzas e Orega) e dúas onde se rexistaron ambas as dúas variantes (Esposende e Regodeigón) (mapas 6a, 6b e 6c). Nestes dous lugares son os informantes do grupo de idade III (Esp25h e Reg21h) quen empregan as formas tipo *pantalóns*, cabo das variantes do tipo *pantalós*. Con respecto a estes dous informantes, parécenos necesario aclarar que só empregaron formas con plural *-ns* nas respostas ao cuestionario. Durante as entrevistas empregaron sempre formas con plural *-s*.

Semella relevante que sexa a xeración III a que amosa un avance, aínda que tímido, das formas con *-ns* na área estudada. Este avance prodúcese en dous puntos situados no val do río Avia e pode deberse tanto ao contacto entre as variedades da comarca, como á influencia da lingua estándar.


⁴⁰ Tamén outros dialectólogos coma Carballo Calero (1969) se fixaron nesta variable para o establecemento de límites entre as variedades do galego.



Mapa 6a. Variación *-ns* ~ *-s* (x. I)



Mapa 6b. Variación *-ns* ~ *-s* (x. II)




Mapa 6a. Variación *-ns* ~ *-s* (x. III)

10. VARIACIÓN NO SISTEMA PRONOMINAL


10.1. O pronome tónico suxeito P2

O pronome persoal tónico de segunda persoa sing. en función de suxeito presenta no galego dúas variantes: *ti* e *tu*. A mediados dos anos setenta do s. XX, *tu* era a variante maioritaria no galego de Asturias, León e Zamora, a maior parte das provincias de Lugo e Ourense e unha estreita franxa do sur de Pontevedra. A forma *ti* ocupaba a área complementaria (Fernández Rei 1990b: 74-75; ALGa 1995: mapa 151).


Ambas as dúas formas foron recollidas, co cuestionario, na área estudada. Nos mapas (7a, 7b e 7c) obsérvase que *ti* é unha variante propia das localidades setentrionais da área e *tu* das meridionais. Na vila de Ribadavia rexistráronse *tu* e *ti*. A situación é estable, sen apenas cambio interxeracional e tampouco se observa cambio, en consecuencia, na distribución territorial. Na vila de Ribadavia, a forma *tu* foi a utilizada polos informantes da xeración I e II, e a variante *ti* a empregada polo informante da xeración III. O uso desta variante por parte deste informante pódese deber a un préstamo da variedade estándar.



Mapa 7a. Variación *ti* ~ *tu* (x. I)



Mapa 7b. Variación *ti* ~ *tu* (x. II)




Mapa 7c. Variación *ti* ~ *tu* (x. III)

10.2. O pronome tónico suxeito P3 masc.


O pronome tónico de terceira persoa sing. con función de suxeito presenta, na comarca do Ribeiro, as variantes *el* e *il*. No ALGa (1995: mapa 159) pódese comprobar a súa distribución no territorio galego a mediados dos anos 70 do s. XX. A variante *il* caracteriza as variedades da área lucu-auriense (Fernández Rei 1990b: 44 e 73).

Segundo os datos recadados co cuestionario, en sete das localidades estudadas, a forma usada é *el*. Na aldea das Bouzas a única forma recollida foi *il* e na Arnoia e Louredo rexistráronse *il* e *el* (mapas 8a, 8b e 8c). Estas tres localidades sitúanse ao sur do Miño, no sueste da comarca. Na aldea da Arnoia e Louredo atopamos diferenzas na distribución das dúas variantes en función da idade dos informantes. Nestes dous


lugares, empregan *il* as catro informantes maiores de 40 anos e *el* os informantes do grupo de idade III.



Mapa 8a. Variación *el* ~ *il* (x. I)



Mapa 8b. Variación *el* ~ *il* (x. II)



Mapa 8c. Variación *el* ~ *il* (x. III)

10.3. As formas de tratamento

En galego, coma na maioría das linguas do entorno, existen distintas formas de marcar unha diferenza de tratamento con respecto aos interlocutores. A cortesía⁴¹ pódese demostrar mediante o uso das formas pronominais que se denominan *de tratamento* (*vostede, usté, el/ela, vós, etc.*)⁴² e mediante o uso de formas nominais (ou léxicas) *de tratamento* (*Señor/a, Don/a, tío/a, etc.*) (Wardaugh 1992: 295-320; Álvarez e Xove 2002: 544-548). Nesta alínea deterémonos só nas formas de tratamento pronominais. No conxunto das linguas románicas estas formas teñen atraído a atención dos estudosos, especialmente pola distribución do seu uso que realizan os falantes e tamén polos cambios que sufriron, tanto ao longo do tempo como dentro das variedades rexionais e etarias (Luz 1956-1958; Cintra 1986; Moreno Fernández 1986; Hummel, Kluge e Vázquez 2010; Lara 2010, 2012, 2013; Yang 2010; Calvo del Olmo 2011).

Roger Brown e Albert Gilman (1960) propuxeron que o uso das formas de tratamento depende das relacións de poder e solidariedade que existen entre os

⁴¹ Segundo Ramallo “a cortesía lingüística constitúe unha estratexia racional de comunicación utilizada polo falante para evitar situacións de conflito. Trátase dun subsistema dunha forma de comportamento máis xenérico e que podemos etiquetar como comportamento cortés. Ser cortés supón unha práctica determinada por unhas normas sociais que favorecen determinadas interaccións e que sancionan o seu incumprimento” (Ramallo 2000: 492). Outras definicións de *cortesía lingüística* pódense atopar en Escandell (1993), Bravo (2005: 33-34) e Albelda e Barros (2013: 5).

⁴² Segundo Fernández Rei (1990b: 76) *vós* mantense como forma de cortesía intermedia entre *ti* e *vostede* en puntos illados do occidente coruñés. No seu traballo sobre o galego dalgúns lugares do concello de Avión, Cortizo Amaro (1998: 15) afirma que: “As formas de cortesía de máis uso son *vós*, co verbo conxugado na seghunda persoa do plural, e o castellanismo *usté*. ¿Seica estuvestes enfermo?, ¿Onde ides mi padre?”. Álvarez e Xove (2002: 246), pola súa parte, ao comentaren a extensión de *el/ela* e *vós* como pronome de tratamento comentan que “ten carácter diatópico máis restrinxido o uso de *vós*”.

participantes na conversa. Segundo estes autores, as relacións baseadas no poder implicaron ata pouco antes de mediados do s. XX un uso non recíproco das formas de tratamento. É dicir, o superior recibía V e o subordinado T⁴³. Mentres, nas relacións non baseadas no poder, o trato era simétrico e o uso de T ou V dependía da clase social dos falantes: os membros da clase alta usaban entre eles V mentres os da clase baixa usaban T. Mais, co paso do tempo, comezaron a aparecer diferenzas no tratamento entre iguais. Deste xeito, as formas T reservábanse para as relacións nas que predominaba a intimidación e as formas V para as relacións dominadas pola formalidade (Brown e Gilman 1960: 257).

Esta distinción foi a que orixinou para estes autores a emerxencia do que eles denominan *solidariedade*, como eixo determinante, cabo do poder, na elección de V ou T. As relacións dominadas pola solidariedade, fosen entre iguais ou entre superior e subordinado, favorecían o uso recíproco de T, mentres que as dominadas pola non solidariedade tendían ao emprego de V, de xeito que “the abstract result is a simple one-dimensional system with the reciprocal T for the solidary and the reciprocal V for the non solidary” (Brown e Gilman 1960: 259). A partir deste momento, prodúcese unha expansión de T, xa que se perciben como solidarias situacións que antes non se interpretaban dese xeito coma, por exemplo, as relacións entre pais e fillos (Brown e Gilman 1960: 261)⁴⁴. Dito doutro xeito, producíase unha relevante reestruturación do sistema de formas de cortesía e de non cortesía.

Os estudos sobre as formas de tratamento en galego son bastante escasos⁴⁵, pero existe a convicción de que, coma noutras linguas, as formas T están suplantando as formas V e explícase este feito polos profundos cambios sociais que se produciron nas últimas décadas. Tal e como recolle Fernando Ramallo:

En Galicia, durante anos, un fillo dirixíase a seus pais utilizando o pronome de respecto, en especial no mundo rural. E isto non só en fillos maiores senón tamén na xente máis nova. Na actualidade este uso está practicamente desaparecido. Nas cidades, apréciase

⁴³ Seguindo a convención habitual na literatura sobre o tema, V (do latín *vos*) representa os pronomes tipo *vostede* (ou *usté, vós, ustede, vosté*, etc.) mentres que T (do latín *tu*) fai o propio con *ti* (ou *tu*) (Brown e Gilman 1960).

⁴⁴ Fernando Ramallo fai unha análise do caso galego nos mesmos termos ca estes autores: “en galego, o pronome T úsase con iguais para indicar solidariedade pero o pronome V pode usarse para indicar status, respecto, educación, etc. Xa que logo, non é o mesmo utilizar V para dirixirse a un superior (poder) ca facelo cun familiar maior (respecto) ou mesmo cun descoñecido (educación)” (Ramallo 2000: 476). Unha crítica da proposta de Brown e Gilman (1960) pódese atopar en Blas Arroyo (1994a, 1994b, 1994-1995, 1995).

⁴⁵ Entre os autores que se teñen dedicado ao tema encontramos a Rosario Álvarez (1999 e 2000), Fernando Ramallo (2000), Xavier Frías Conde (2011) e José Luis Rodríguez (2000).

un desprazamento da forma *vostede* pola forma *ti*, que pode verse como unha transformación sintomática das relacións sociais cara á igualdade (Ramallo 2000: 477).

Con todo, bótanse en falta estudos empíricos que confirmen ou non esta hipótese e que axuden a situar no tempo o momento en que comezou a producirse este cambio. O uso das formas de tratamento representa unha variable particular no conxunto deste traballo, xa que non se trata dunha variable estritamente morfolóxica, senón que está determinada por factores de tipo pragmático. Non obstante, os datos recadados apuntan a que o uso das formas de cortesía e non cortesía está condicionado pola idade do falante. Dada a escaseza de estudos empíricos xa mencionada, decidimos incorporar a análise do uso destes pronomes ao noso traballo.

O pronome de cortesía de uso máis frecuente no galego dos anos setenta do século pasado, segundo os datos do ALGa (1995: mapa 157), era a forma considerada como castelanismo *usté* (cast. *usted*). A forma *usté* ocupou non só o lugar das formas tradicionais galegas *vostede* e *vosté* senón tamén o de *vós* e *el/ela* (Álvarez 2000). Nas localidades estudadas da comarca do Ribeiro recolléronse tres variantes para a variable V: *ustede*, *usté* e *vostede*. No gráfico 1 móstranse cantos informantes usan cada unha das variantes. Utilizan *usté* 28 informantes e *ustede* é utilizada por dous membros da xeración I (Pen78m e Lou75m). O informante Lou16h declara empregar *usté* e *vostede*. O uso que este informante fai de *vostede* pode explicarse polo contacto coa lingua estándar.




Gráfico 1. Distribución das variantes de V por xeracións

Mediante o cuestionario indagamos sobre a distribución das variantes T e V. A cada informante preguntóuselle de maneira directa que formas emprega (ou empregaba) para diferentes interlocutores: avós, pais e persoas de idade, coñecidas e non coñecidas. Nas seguintes epígrafes estudamos o uso das formas T e V con estes interlocutores.

10.3.1. Tratamento para os avós

Os informantes das xeracións I e II declaran que para o trato cos avós empregan formas pronominais de tipo V, cunha única excepción en cada grupo de idade. No caso dos informantes maiores, Rib65h dixo que trataba de T os avós paternos, pero de V a avoa materna, que vivía na casa con eles⁴⁶. Na xeración II, por outra parte, é Esp46m a única que dicía tratar de T a avoa (só coñeceu esa avoa). Ela mesma explica unha posible causa do tratamento de T, xa que, dado que a súa nai estaba en Suíza, a avoa era para ela unha “segunda nai”. Na xeración III, a situación é bastante diferente. Seis informantes tratan de V os avós e 4 fano de T. O gráfico 2 dá conta da distribución das formas segundo a xeración. Hai unha clara diferenza entre os informantes das xeracións I-II e os da III no tratamento dos avós. Nos informantes de máis de 40 anos o tratamento característico é V e nos menores de 30 o uso das dúas formas repártese de maneira moi similar, aínda que con predominio de T.




Gráfico 2. Uso de T ou V cos avós

⁴⁶ Isto pode ser un indicio de que a intimidade ou confianza co interlocutor non está directamente vinculada ao grao de coñecemento e contacto que se teña con el.

10.3.2. Tratamento para os pais

No uso das formas escollidas para dirixirse aos pais, os membros das tres xeracións presentan diferenzas entre si, e das que os mesmos falantes son conscientes. Na xeración I, só os informantes Ore69h e Rib65h din que trataban os seus pais de T. Se na vila de Ribadavia este trato era moi habitual, segundo nos indica Rib65h, nas aldeas era moi infrecuente. De feito, Ore69h afirma que era moi criticado na súa contorna por tratar de T os seus pais. Na xeración II, o uso de formas T e formas V está equilibrado, aínda que con maior frecuencia de uso de formas V. Neste grupo xeracional cinco informantes declaran atuar os pais e outros catro trátanos (ou tratáronos) de V. Un caso particular é o de Pen56h, quen di que de pequeno trataba de V os pais, pero na adolescencia pasou a tratalos de T. Para os falantes do grupo de idade III o trato habitual dos pais é de T; con dúas excepcións. Bou29h di que trata de V o pai e que trata a nai unhas veces de T ou outras de V. Ore26h, en cambio, utiliza V para os dous proxenitores (Gráfico 3)⁴⁷.




Gráfico 3. Uso de V ou T cos pais

Se comparamos o uso de V para pais e avós (Gráfico 4) comprobamos que a tendencia ao abandono do tratamento de respecto para os pais avanzou moito máis rapidamente ca no caso dos avós. Esta tendencia obsérvase prestando atención aos datos das dúas xeracións máis novas. Na xeración II case todos tratan (trataban na maioría dos

⁴⁷ A súa irmá máis nova (duns 18 anos), en cambio, trata os pais de T. Esta situación é moi parecida á que se vive na casa de Ore47m, onde o fillo máis vello (uns 30 anos) a trata de V a ela pero non a súa filla máis nova (uns 20 anos), que a trata de T.

casos) os avós de V e só a metade o fan cos pais. Na xeración III o uso de V para os avós é menor aínda ca o da xeración II con respecto aos pais (os pais dos membros da xeración II teñen unha idade similar aos avós dos membros da xeración III); e o tratamento de V aos pais é moi pouco frecuente nos individuos desta xeración.




Gráfico 4. Uso de V con pais e avós

10.3.3. Tratamento para maiores, coñecidos e descoñecidos

Ademais de recadar información sobre as formas de tratamento usadas cos membros da familia, interrogouse tamén sobre o tratamento empregado coas persoas coñecidas e descoñecidas de máis de 60 anos. A maioría dos informantes (24) das tres xeracións declaran usar formas V para o tratamento das persoas maiores coñecidas. O resto dos entrevistados (un da xeración I, dous da xeración II e tres da xeración III) din alternar o uso de T e V en función da “confianza” que teñan co interlocutor. Esa maior ou menor confianza está motivada por factores coma o carácter do interlocutor, a familiaridade con el, a amizade coa familia ou o tratamento que esixa. En definitiva, os datos mostran que o trato das persoas maiores coñecidas é variable e depende da relación que se teña con elas. En cambio, para o tratamento das persoas maiores descoñecidas os entrevistados de todas as xeracións declaran usar V.

O gráfico 5 dá conta dun cambio, menos profundo ca nos casos anteriores, pero moi evidente, e que consiste no aumento no uso de T (alternando en moitos dos informantes con V) no trato dado ás persoas maiores coñecidas.




Gráfico 5. Uso de V con persoas maiores coñecidas

10.3.4. Cambio no uso e distribución das formas de tratamento

O emprego das formas dos dous tipos, segundo os datos analizados, e as observacións apuntadas polos entrevistados móstrannos que a análise do emprego das variantes atende a varios factores. Como indica Fernando Ramallo (2000: 475), “os factores que gobernan a conduta no tratamento son tan dispares que é difícil establecer unha teoría xeral”. A situación actual é consecuencia dunha serie de cambios xa producidos ou aínda en marcha, onde os costumes dentro das diferentes familias son elementos que se deben considerar na análise deste sistema de formas. Mesmo nunha pequena aldea pode haber diferenzas entre familias⁴⁸. Con respecto ao factor xeográfico, a información proporcionada polo informante Rib65h apunta a que na vila de Ribadavia o uso de T se xeneralizou antes ca nas aldeas da comarca.

Tendo isto presente, si que observamos que hai unha tendencia evidente ao abandono do uso de formas V no tratamento con pais, avós e maiores coñecidos e á xeneralización do trato con formas de tipo T. Esta tendencia, observable no comportamento dos falantes do grupo de idade II, continúa con máis intensidade nos

⁴⁸ Na nosa opinión, faise necesario un estudo de campo en profundidade, que combine o cuestionario e a gravación de situacións espontáneas, e que teña en conta todo o dominio lingüístico galego. Este estudo debería deitar luz sobre aspectos coma as diferenzas no uso das formas V e T segundo o lugar de residencia (e/ou nacemento) do informante (cidade, vila, aldea), o seu sexo, a súa clase social e a súa idade. Tamén debería ter como punto de interese privilexiado as percepcións que os propios falantes teñen sobre o cambio, opinións que, a favor ou en contra, deixan ver moitas veces concepcións ideolóxicas que axudan a explicar o uso individual das formas de tratamento.

falantes da xeración III. Os datos recadados semellan confirmar, polo tanto, a intuición de Ramallo (2000: 477). Isto non quita que se observen diferenzas de frecuencia no uso das dúas formas dependendo do interlocutor. Como vemos no Gráfico 6, o uso de V con maiores coñecidos é máis frecuente no grupo de idade III ca o emprego de V con avós e pais.




Gráfico 6. Uso de V con avós, pais e persoas maiores coñecidas

Á luz dos datos que temos podemos establecer unha escala que determina o tratamento para os distintos interlocutores (Figura 1). Os situados máis á esquerda nela son os que reciben en maiores ocasións formas do tipo V e os situados máis á dereita tenden a ser tratados de T. Trátase dunha escala implicativa, i. e., o trato de T a unha persoa situada na parte esquerda implica normalmente o uso de T cos situados á dereita.



Figura 1. Escala sobre o uso de V no galego do Ribeiro

11. VARIACIÓN NA ALOMORFIA DO ARTIGO DETERMINADO

As formas do artigo foron tamén un aspecto abordado no presente traballo e os datos empregados proceden das gravacións⁴⁹. O artigo determinado galego posúe tres

⁴⁹ Estes atópanse nas táboas 1, 2 e 3 do Anexo II. A cifra entre paréntese representa o índice de uso de cada variante.

alomorfos cuxa aparición está condicionada polo contexto fonolóxico que precede o artigo (Álvarez 1983; Alonso Núñez 2015; Dubert 2015). O alomorfo *o, a, os, as* denomínase tamén primeira forma do artigo. Aparece despois dunha pausa ou cando a palabra anterior remata en vogal (*o can, está o neno? veu o avó!* etc.) ou “cando, pola razón que sexa (interrupción da secuencia fónica, dialectalismo, castelanismo...), non se usa un dos [outros dous] alomorfos” (Álvarez 1983: 170). O alomorfo *lo, la, los, las*, ou segunda forma do artigo, aparece cando a palabra anterior remata en /r/ ou /s/ (*láva-las mans, dete-lo xogo, imos nó-los dous, fomos pola autoestrada*, etc.). A aparición da segunda forma do artigo nestes contextos depende da non existencia de pausa. O derradeiro dos alomorfos do artigo coincide formalmente co primeiro e aparece cando a palabra anterior remata en /N/. Nestes casos, o arquifonema /N/ pronúnciase como [n] e non como [ŋ] (*comen o pan* ['kɔmənɔ 'paŋ]) (Dubert 2001, 2004a, 2014, 2015).

Esta descrición é, en xeral, válida para a lingua estándar e para moitas variedades do galego, como se pode comprobar nos datos recadados para o ALGa (1995: mapas 209, 210, 211, 212, e 213). Nesta alínea ímonos deter na análise da segunda forma do artigo e do seu grao de vitalidade na área estudada. En estudos anteriores móstranse datos que semellan confirmar como este trazo lingüístico aparece con máis frecuencia na fala de persoas maiores (Regueira 1989: 532; Dubert 1999: 108; Soto Andión 2014: 228). Esta sección organízase en cinco apartados nos que analizaremos a ocorrencia das variantes *o* e *-lo*⁵⁰ nas gravacións realizadas, tendo en conta o contexto fónico precedente: forma verbal rematada en /r/, forma verbal rematada en /s/, preposición *por*, cuantificador *todos/as* e formas non verbais rematadas en /s/.

11.1. Forma verbal rematada en /r/

Neste contexto, a primeira forma do artigo é a que se rexistrou con máis frecuencia nos informantes (Gráfico 7); na xeración I o índice de uso supera o 0.8, na xeración II aproxímase ao 1 e é a única variante empregada polas persoas da xeración III (1-3). Con respecto, ao segundo alomorfo, o grupo de idade I é, dos tres estudados, aquel que presenta un índice de uso do alomorfo *-lo* máis elevado (próximo ao 0.2). Ao analizarmos os datos de cada un dos informantes deste grupo observamos que os falantes que máis empregan a variante *o* son os da Arnoia e Ribadavia, e os que máis

⁵⁰ Baixo estas formas de cita incluímos todas as formas flexivas, de xénero e número, destes alomorfos.

empregan a variante *-lo* residen nos puntos de Abelenda e As Bouzas (4-6). Na xeración II, nove informantes empregan o alomorfo *o* e un (Pen56h) utilizou os dous alomorfos (2 ocorrencias de *-lo* e 8 de *o*). Na xeración III non recolleemos ningún caso de uso de alomorfo *-lo*.

- (1) *ó morrer os vellos van quedando libres as casas* (Abe28m)
- (2) *viñache o médico á casa ver a xente maior* (Abe53m)
- (3) *e arriba era pa facer os cuartos de baño* (Rib65h)
- (4) *ir á leña pa quenta-la casa* (Abe71m)
- (5) *ó pó-las maus mal fireuse* (Ore69h)
- (6) *vou poñe-la chaqueta* (Bou80m)




Gráfico 7. Uso da segunda forma do artigo despois de formas verbais rematadas en /r/

11.2. Forma verbal rematada en /s/

A variante máis frecuente, rexistrada nas gravacións, neste contexto para todos os grupos de idade é o alomorfo *o* (1-3). O nivel de ocorrencia desta variante supera o 0.75 de índice de uso na xeración I, o 0.9 na xeración II e acada o 1 na xeración III (Gráfico 8). Con respecto ao alomorfo *-lo*, a xeración I é o grupo que presenta máis rexistros desta variante (4-5). Os datos referidos a cada un dos informantes deste grupo dan conta de que os que máis usan a variante *-lo* son os residentes nos lugares de Abelenda e Orega. Hai cinco informantes desta xeración dos que non temos ningún rexistro da segunda forma do artigo nos nosos datos (Arn63m, Lou75m, Reg77h,

Rib65h e Vil72m). Polo que respecta aos demais grupos de idade, rexistrouse o uso da segunda forma de artigo nunha informante da xeración II (Bou54m) (4 ocorrencias de *-lo* e 1 de *o*) e en ningunha persoa da xeración III.

- (1) *dabas as gracias por todo* (Abe53m)
- (2) *non fomos nós pero levamos as culpas* (Ore26h)
- (3) *así tamén non poñemos a Seguridá Social en quiebra* (Arn63m)
- (4) *fómo-las dúas á festa* (Abe71m)
- (5) *ti xa non acórda-los raás [reás] pero eu acórdoos* (Ore69h)




Gráfico 8. Uso da segunda forma do artigo despois de formas verbais rematadas en /s/

11.3. Preposición *por*

Neste contexto a segunda forma do artigo é a máis usada polos grupos de idade I e III (1-3). Na xeración II, a variante máis frecuente é a primeira forma (4-6) (Gráfico 9).

- (1) *tiñas que os vender polo que che daban* (Abe71m)
- (2) *eran moi bos pa agatiñar polos piñeiros arriba* (Pen56h)
- (3) *eu entereime polo facebook que senón non me enteraba* (Vil22h)
- (4) *eu non digo unha cousa por a outra* (Vil72h)
- (5) *fomos por a parte de atrás pa que non nos visen* (Ore47m)
- (6) *podes ir coma se foras baixando por a Franqueirán* (Reg21h)




Gráfico 9. Uso da segunda forma do artigo despois da preposición *por*

O máis destacable, ao noso xuízo, é que os informantes da xeración III presentan un índice de uso maior de *polo* ca os da xeración II. Este feito pódese deber ao contacto con outras variedades, nas cales é maioritario o uso do segundo alomorfo antes da preposición *por*, e á influencia da lingua estándar.

11.4. Cuantificador *todos*

Segundo os datos recadados das gravacións, despois do cuantificador *todos* poden aparecer a primeira forma do artigo (1-3), a segunda (4-6) ou producirse a contracción entre o cuantificador e o artigo (7-9) (Álvarez 1983: 175; Dubert 2015). Os datos recollidos (Gráfico 10) amosan que a variante máis frecuente neste contexto é a segunda forma do artigo (*tódolos*). Non obstante, hai diferenzas entre os diferentes grupos no uso das tres variantes. O índice máis alto de utilización da segunda forma do artigo corresponde á xeración I, o grupo de idade II presenta un índice de uso medio desta variante inferior á do grupo I e mais tamén á do grupo III. A variante *tod[ɔ]s/tod[a]s* é máis frecuente entre os falantes da xeración I ca entre os da xeración II, e máis frecuente entre os da xeración II ca entre os da xeración III. Nos grupos de idade II e III o índice de uso da primeira forma do artigo (*todos os*) é superior ao da xeración I.

(1) *viñan todos os que estaban fóra* (Rib65h)

(2) *todas as zonas teñen as súas palabras diferentes* (Abe53m)

- (3) *e o zapateiro, onde temos todos os zapatos* (Arn19m)
 (4) *ela estáballe pagando o alquiler tódolos meses* (Arn63m)
 (5) *tódalas que están alí, emigraron todas* (Abe53m)
 (6) *de tódolos animais é o que máis me gusta* (Pen23h)
 (7) *tod[ɔ]s que estaban alí eran recomendados del* (Reg77h)
 (8) *e dáballe a tod[ɔ]s pedales a ver se andaba* (Arn43m)
 (9) *gústanme tod[ɔ]s tipos de deportes* (Rib20h)




Gráfico 10. Uso da segunda forma do artigo despois do cuantificador *todos*

11.5. Outras palabras rematadas en /s/

No caso das palabras rematadas en /s/ que non son formas verbais nin o cuantificador *todos*, a variante maioritaria é a primeira forma do artigo (1-3). As ocorrencias de segunda forma do artigo proceden das entrevistas a cinco informantes dos grupos de idade I (Abe71m, Bou80m, Ore69h e Reg77h) e II (Bou54m). A segunda forma do artigo recolleuse tras as seguintes palabras: *despois* (4-6), a conxunción *e mais* (7-8), o pronome persoal *nós* (9-10) e o cuantificador *ambos* (11). Os falantes que con máis frecuencia empregan esta variante son Abe71m e Ore69h (12-16)⁵¹.

- (1) *dispois o home marchóuselle con outra* (Arn63m)

⁵¹Aínda que non se trata do artigo determinado, cremos interesante ofrecer neste lugar os datos sobre o segundo alomorfo do pronome átono de acusativo (*lo, la, los, las*). Este é utilizado por algúns informantes, case todos da xeración I, cando a apalabra precedente é *Dios*. Trátase de expresións fixadas, utilizadas nun ámbito social con grande peso da relixión: *era meu pai, Dio-lo descanse* (Lou48m), *Dio-lo faga millor!* (Pen78m), *Dio-lo teña na gloria* (Lou75m), *Dio-lo axude!* (Reg77h).

- (2) *apenas o estudiara* (Pen23h)
- (3) *e despois o can non o quería* (Arn19m)
- (4) *estendíano nunha eira e despoi-los homes mazábano* (Abe71m)
- (5) *despoi-la de Samil é grande* (Ore69h)
- (6) *e despoi-lo chaval xa non foi máis alá* (Abe71m)
- (7) *había quen xa tiña o xergón de, de lana, e maila almohada* (Ore69h)
- (8) *as patatas e mailo repolo* (Bou80m)
- (9) *pa nó-los dous chéganos* (Reg77h)
- (10) *nó-los dous* (Bou54m)
- (11) *miña abuela, ámbolos dous, era moi guapa* (Reg77h)
- (12) *apena-la vimos* (Abe71m)
- (13) *mientra-lo fas xa cheira moi ben* (Ore69h)
- (14) *sempre se ocupou de pechar mái-las portas* (Ore69h)
- (15) *adema-lo gando que era máis grande escornaba o meu* (Ore69h)
- (16) *nunca tuven agotada-las hortas* (Ore69h)

11.6. Recapitulación

Cada un dos alomorfos do artigo ten unha frecuencia diferente dependendo do contexto fónico precedente. Despois das formas verbais, rematen en /r/ ou en /s/, a variante máis frecuente é a primeira forma. Tamén o é no caso das palabras que non son formas verbais nin *todos*. Despois de *todos* e *por* é máis frecuente a segunda forma do artigo (táboa 8)⁵².

Contexto	-lo	o
Forma verbal rematada en /r/	0.06	0.94
Forma verbal rematada en /s/	0.10	0.90
Outras palabras rematadas en /s/	0.11	0.89
<i>Por</i>	0.58	0.42
<i>Todos</i>	0.58	0.23

Táboa 8. Uso do primeiro e segundo alomorfos do artigo en función do contexto

⁵² Para unha correcta interpretación dos datos débese ter en conta que os datos de *todos* están condicionados pola posibilidade dunha terceira variante (*tod[ɔ]s / tod[a]s*) que acada un índice de uso medio nas tres xeracións do 0.18.

A idade semella influír na selección das variantes. En xeral, son os falantes da xeración I os que máis empregan o alomorfo *-lo*, aínda que, dependendo do contexto, esta variante pode ser a máis frecuente (*por, todos*) ou a menos frecuente (formas verbais e outras palabras rematadas en /s/). Na xeración II documéntase a segunda forma do artigo despois das formas verbais e despois doutras palabras rematadas en /s/ aos falantes máis vellos deste grupo (Pen56h e Bou54m). Despois da preposición *por*, este é o único grupo de idade na que o alomorfo *o* é o máis frecuente. Na xeración III non se documenta o alomorfo *-lo* despois de formas verbais nin doutras palabras rematadas en /s/. Chama a atención que neste grupo de idade a variante máis frecuente despois de *por* sexa *-lo*, coma no grupo de idade I e ao contrario do que ocorre no grupo de idade II. Despois do cuantificador *todos* a variante *-lo* é a máis frecuente en todas as xeracións, mais cómpre destacar que a variante *tod[ɔ]s / tod[a]s* é menos frecuente na xeración II ca na xeración I, e máis frecuente na xeración II ca na xeración III.


Sobre a distribución xeográfica, semella haber puntos coma Abelenda, Orega e As Bouzas onde a segunda forma do artigo é máis frecuente. Porén, cremos que o factor diatópico é menos relevante ca o etario para a aparición dunha variante ou doutra.

Como vimos, no Ribeiro a segunda forma do artigo é unha variante pouco frecuente despois das formas verbais, e a súa frecuencia depende da idade dos informantes (máis frecuente na xeración I e menos frecuente na xeración III). Para explicar a diminución no uso da segunda forma do artigo entre os máis novos téñense apuntado diversos factores como a analoxía, a influencia da escrita e o contacto co castelán (Regueira 1989: 532).


12. VARIACIÓN NA FORMACIÓN DO PLURAL DO ARTIGO INDETERMINADO E DOS INDEFINIDOS *ALGÚN* E *NINGÚN*

O plural do art. indet. masc. *un* constitúe unha variable para a que recollemos nas gravacións feitas na área do Ribeiro, tres variantes: *uns, us* e *unhos*. A primeira é característica do occidente galego. A segunda é pouco frecuente en Galicia e concéntrase no oriente da provincia da Coruña, no oeste da de Ourense e no galego de Asturias (AlGa 1995: mapa 219). En moitos destes lugares, a variante *us* é utilizada cabo da variante *unhos*, utilizada frecuentemente nas provincias de Ourense e Lugo. *Unhos* tense explicado como resultado da analoxía coa forma plural do artigo indeterminado feminino: *unha/unhas* > *un/unhos* (Regueira 1989: 534-535).

Na comarca do Ribeiro, *unhos* é a variante máis frecuente, recollida en nove localidades da área estudada (A Arnoia, Abelenda, As Bouzas, Esposende, Orega, Penavaqueira, Regodeigón, Ribadavia e Vilar de Condes). *Us* foi recollido en tres puntos situados no norte e leste da área estudada (Abelenda, As Bouzas e Orega) e *uns* en cinco localidades do oeste e do sur da comarca (A Arnoia, Louredo, Penavaqueira, Ribadavia e Vilar de Condes). Na maioría dos lugares recolléronse dúas variantes: *us* ~ *unhos* e *uns* ~ *unhos*, tal e como se pode observar nos mapas realizados cos datos das entrevistas (mapas 9a, 9b e 9c)⁵³.




Mapa 9a. Variación *us* ~ *uns* ~ *unhos* (x. I)



Mapa 9b. Variación *us* ~ *uns* ~ *unhos* (x. II)

⁵³ Os datos numéricos pódense consultar na táboa 4 do Anexo II. A cifra entre paréntese representa o índice de uso de cada variante.



Mapa 9c. Variación *us* ~ *uns* ~ *unhos* (x. III)

O gráfico 11 permite recoñecer a relevancia que ten a idade para o uso e vixencia das distintas variantes analizadas. Comparando os datos dos falantes máis vellos cos dos máis novos, obsérvase que diminúe a frecuencia da variante *us*, moi pouco usada incluso polos informantes do grupo de idade I. Pola contra, a variante *uns* ten un índice de uso similar nos tres grupos de idade. Tamén se recolle o aumento na frecuencia da variante analóxica *unhos*, especialmente se se contrastan os datos das xeracións I e II.





Gráfico 11. Distribución por xeracións de *us*, *uns* e *unhos*


A variación observada na forma masculina e plural do artigo indeterminado *un* é paralela á atopada nas formas masculinas e plurais dos cuantificadores *algún* (*algús*, *algúns*, *algunhos*) e *ningún* (*ningús*, *ningúns*, *ningunhos*). *Algús*, *algúns*, *ningús* e *ningúns* pódense explicar polos procesos de diferente formación do plural das palabras rematadas en /ɲ/ no singular⁵⁴. *Algunhos* e *ningunhos* son formas paralelas a *unhos* e analóxicas, respectivamente, con *algunhas* e *ningunhas*.

No caso do plural de *algún*, hai que dicir que *algús* se recolleu en catro lugares (Abelenda, As Bouzas, Orega e Regodeigón), *algúns* en cinco (A Arnoia, Louredo, Penavaqueira, Ribadavia e Vilar de Condes) e *algunhos* noutros cinco lugares (Abelenda, As Bouzas, Esposende, Orega, Regodeigón e Ribadavia). A distribución territorial de *algús* e *algunhos* é case a mesma. Mentres que en todos os puntos (setentrionais e orientais) onde recolleamos *algús* rexistramos tamén *algunhos*, só nun punto, Ribadavia, se rexistrou a presenza de *algúns* e *algunhos* (Mapas 10a, 10b e 10c). O aumento na frecuencia da variante *algunhos*, e a diminución da de *algús*, nas xeracións II e III semellan indicar que se está a producir un cambio en marcha.




Mapa 10a. Variación *algús* ~ *algúns* ~ *algunhos* (x. I)

⁵⁴ A formación do plural dos substantivos rematados en /ɲ/ foi estudada na sección §9.




Mapa 10b. Variación *algús* ~ *algúns* ~ *algunhos* (x. II)




Mapa 10c. Variación *algús* ~ *algúns* ~ *algunhos* (x. III)


Polo que respecta á variación *ningús* ~ *ningúns* ~ *ningunhos* (mapas 11a, 11b e 11c) hai que indicar que a variante *ningús* se recolleu en cinco localidades setentrionais (Abelenda, As Bouzas, Orega e Regodeigón), a variante *ningúns* en seis lugares meridionais (A Arnoia, Esposende, Louredo, Penavaqueira, Ribadavia e Vilar de Condes) e a variante *ningunhos* nun punto do centro da área (Regodeigón). Se comparamos os datos das diferentes xeracións, comprobamos que as variantes manteñen unha distribución territorial similar. O único fenómeno destacable é a utilización de *ningunhos* por Reg21h e de *ningúns* por Esp25h, xa que nos lugares de Esposende e Regodeigón, os informantes das xeracións I e II utilizaron *ningús* como resposta ao cuestionario.



Mapa 11a. Variación *ningús* ~ *ningúns* ~ *ningunhos* (x. I)



Mapa 11b. Variación *ningús* ~ *ningúns* ~ *ningunhos* (x. II)



Mapa 11c. Variación *ningús* ~ *ningúns* ~ *ningunhos* (x. III)

Se temos en conta conxuntamente os datos das tres palabras detectamos que as variantes analóxicas (*unhos, algunhos e ningunhos*) son máis usadas polos informantes do grupo de idade III ca polos outros dous grupos, o que pode indicar un cambio en curso. Con todo, cómpre prudencia á hora de valorar esta hipótese, xa que só contamos con datos obtidos mediante o cuestionario para o plural de *algún e ningún*. Así mesmo, detectamos que as variantes *uns, algúns e ningúnns* só aparecen naquelas localidades onde se recolleron plurais do tipo *pantalón-pantalóns*. De maneira paralela as variantes *us, algús e ningúns* só as rexistramos en puntos onde se usan plurais do tipo *pantalón-pantalós*.


13. VARIACIÓN NOS DEMOSTRATIVOS

13.1. Os demostrativos masculinos


O sistema de demostrativos do galego diferencia entre tres graos de proximidade entre o locutor e o elemento ou realidade sinalada: I –máxima proximidade–, II –proximidade media–, III –máximo afastamento– (Álvarez e Xove 2002: 457-458; Freixeiro Mato 2006: 198). Na maioría das variedades galegas estes tres graos de proximidade indícanse mediante *este* (I), *ese* (II) e *aquel* (III) (ALGa 1995: mapas 223, 227, 231).

Nas localidades estudadas encontramos variación neste sistema de formas. O sistema máis común en galego é empregado en sete dos lugares da área (Abelenda, Esposende, Orega, Penavaqueira, Regodeigón, Ribadavia e Vilar de Condes). Nas outras tres aldeas (A Arnoia, As Bouzas e Louredo), é utilizado por varios informantes un sistema diferente, característico da área lucu-auriense (Fernández Rei 1990b: 69-73): *iste* (I), *ise* (II) e *aquil* (III)⁵⁵. A idade do falante semella ser determinante na utilización dun sistema ou doutro. As formas *iste, ise e aquil* son empregadas fundamentalmente polos falantes maiores de 40 anos nos puntos indicados. Ao informante Bou29h rexistrámoslle dous demostrativos do paradigma máis frecuente en galego (*este e ese*) e un do sistema que Fernández Rei (1990b) considera típico da área lucu-auriense (*aquil*). A Arn19m e Lou16h rexistrámoslles *este, ese e aquel* (mapas 12a, 12b e 12c). Non contamos con datos para as formas do plural.


⁵⁵ A existencia das formas *iste, ise e aquil* tense atribuído á metafonía exercida polo -E (Álvarez 1988: 150; Ferreiro 1999: 32). Para as diferentes explicacións da orixe destas variantes cfr. Sánchez Rei (2002: 61-66).



Mapa 12a. Variación *este, ese, aquel* ~ *iste, ise, aquil* (x. I)



Mapa 12b. Variación *este, ese, aquel* ~ *iste, ise, aquil* (x. II)



Mapa 12c. Variación *este, ese, aquel* ~ *iste, ise, aquil* (x. III)

13.2. As formas *neutras* do demostrativo

O paradigma dos demostrativos en galego posúe unha serie de formas que funcionan como N dunha FN: *isto*, *iso* e *aquilo* (*Normas*: 92-94; Álvarez e Xove 2002: 457-459). Estas formas invariables de xénero masculino e número singular son denominadas *neutras* por Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986: 207).

No galego oral son maioritarias as formas etimolóxicas *esto* (<ĪSTŪD), *eso* (<ĪPSŪD) e *aquelo* (<*ACCU ĪLLŪD). As variantes con *i-* responden, segundo Ferreiro (1999: 257), “[a] un proceso de hipercaracterización destas formas invariábeis fronte ás formas regulares, masculina e feminina”. As variantes con *i-* atópanse fundamentalmente no sur de Pontevedra e no norte da provincia da Coruña. As variantes con *e-* ocupan o territorio complementario⁵⁶.

Na comarca do Ribeiro as variantes máis frecuentes son *esto*, *eso*, *aquelo*. Só a informante Pen78m alterna formas con *e-* e formas con *i-* (1-7). A aldea de Penavaqueira, na que vive a informante, está moi próxima a unha área onde, segundo o ALGa, son empregadas as variantes con *i-* para as tres formas de proximidade. Durante a entrevista esta informante utilizou *isto*, *eso*, *iso* e *aquilo* (táboa 9). A variación só se dá, polo tanto, no caso do demostrativo de proximidade media, sendo a variante máis frecuente *iso*. Ningún outro informante doutras xeracións e da mesma localidade empregou formas con *i-*.

- (1) *pra aprenderes iso todo poste tolo* (Pen78m)
- (2) *o abuelo non quería que figese iso meu pai* (Pen78m)
- (3) *iso non o podía faguere* (Pen78m)
- (4) *e eso foi o que figemos, traballar* (Pen78m)
- (5) *eso de bailaren no atrio non o vía ben* (Pen78m)
- (6) *[eles]ten aquilo de comeren así a comida* (Pen78m)
- (7) *díxome: pasa isto e tes que te vir* (Pen78m)

	<i>esto</i>	<i>isto</i>	<i>eso</i>	<i>iso</i>	<i>aquelo</i>	<i>aquilo</i>
Ocorrencias	0	8	7	22	0	8
Índice	0	1	0.24	0.76	0	1

Táboa 9. Ocorrencias das formas *neutras* dos demostrativos na entrevista con Pen78m

⁵⁶ Para a distribución territorial de *isto* ~ *esto*, *iso* ~ *eso* e *aquilo* ~ *aquelo* vid. ALGa (1995: mapas 235, 230 e 234, respectivamente). Sobre a orixe destas variantes cfr. Sánchez Rei (2002: 61-68). Para un achegamento á repartición destas variantes no territorio galego na época medieval vid. Álvarez e Xove (1998).

14. VARIACIÓN NO SISTEMA DE INDEFINIDOS


14.1. *Ninguén e alguén*

O galego conta no seu repertorio gramatical con dous cuantificadores existenciais que poden ser N dunha FN: *alguén* (<ALĪQUĚM) e *ninguén* (<*NĚ-QUĚM). *Alguén* ten o significado positivo de ‘algunha persoa’ e *ninguén* o significado negativo de ‘ningunha persoa’ (Álvarez e Xove 2002: 486).


A variable *alguén*, de significado positivo, conta no territorio estudado coas variantes *alguén*, *alguién* e *alguien*. As dúas primeiras variantes foron recollidas polo ALGa (1995: mapa 259) na década dos 70. A forma *alguén* é a máis frecuente, a variante *alguién*, que se ten explicado como consecuencia do cruzamento entre *alguén* e o castelanismo *alguien* (Regueira 1989: 557; Dubert 1999: 123), aparece en varios puntos do territorio, máis frecuentes na provincia de Lugo e oeste da de Ourense. O castelanismo *alguien* non foi recollido polos investigadores deste atlas.

En todas as localidades analizadas, menos na vila de Ribadavia, a variante *alguien* convive con *alguién* ou *alguén* (mapas 13a, 13b e 13c). Se comparamos a utilización das diferentes variantes nos tres grupos de idade, podemos dicir que a variante *alguién*, maioritaria entre os máis vellos, semella que foi substituída por *alguien* entre os máis novos. A xulgar polos datos que temos, a velocidade do cambio é acelerada; da variante *alguien* temos unha ocorrencia na xeración I, seis na xeración II e nove na xeración III.


En canto á distribución territorial destacan dous feitos: a) o uso de *alguén* nun único punto (Abelenda) nas xeracións I e III e b) a conservación de *alguién* no centro da área estudada en informantes da xeración II pero de máis de 50 anos.



Mapa 13a. Variación *alguén* ~ *alguién* ~ *alguien* (x. I)



Mapa 13b. Variación *alguén* ~ *alguién* ~ *alguien* (x. II)




Mapa 13c. Variación *alguén* ~ *alguién* ~ *alguien* (x. III)

No que respecta ao cuantificador existencial negativo, cando se fixeron as enquisas do ALGa, a variante *ninguén* (~ *ninguién*) ocupaba a maior parte do territorio galego, sendo pouco frecuente na área oriental, onde a forma xeral era *naide*. *Nadia* era usado sobre todo no occidente e *nadie* estaba presente en diversas localidades do territorio, sen formar unha área compacta (cfr. ALGa 1995: mapa 260).

No Ribeiro rexistramos, mediante o cuestionario, cinco variantes no territorio estudado: *ninguén*, *ninguién*, *nadia*, *nadie* e *nadies*. Do punto de vista diacrónico, na nosa opinión, a variante *ninguién* pódese explicar por un cruzamento entre *ninguén* e *alguién*. As formas vinculadas co castelán, *nadie* e *nadies* derivan do participio latino NATI (Álvarez 2012)⁵⁷. *Nadies* resulta da adición dun /s/ final á forma *nadie*. Álvarez (2012) considera que a forma *nadia* (<*nadi ha*, Corominas e Pascual 1980-1991: s.v. *nadie*) non é unha variante histórica de *nadie* e, polo tanto, non debe ser interpretada como un préstamo do castelán⁵⁸.


A variante *ninguién* foi rexistrada no noroeste da área estudada (nas localidades de Abelenda e Orega); *ninguén* en Abelenda e Ribadavia; *nadia* na Arnoia, As Bouzas, Esposende, Penavaqueira e Vilar de Condes (a zona centro-meridional do Ribeiro); *nadies* en Louredo; e *nadie* en todos os lugares investigados (mapas 14a, 14b e 14c).




Mapa 14a. Variación *ninguén* ~ *ninguién* ~ *nadia* ~ *nadie(s)* (x. I)

⁵⁷ Para unha hipótese alternativa sobre a orixe de *nadie* vid. Elvira (2015: 51). Segundo o TILG (s.v.: *nadie* e *nadia*), os primeiros rexistros de *nadie* e *nadia* en textos galegos datan de 1836.

⁵⁸ A autora ofrece como argumento para apoiar o seu punto de vista o feito de que “tamén Saco [Arce] debeu entender que a única forma espúrea era *nadie*, que non inclúe na súa gramática, onde en cambio acolle por igual e sen reservas *ninguén*, *nadia* e *naide* (1868: 61)”.



Mapa 14b. Variación *ninguén* ~ *ninguién* ~ *nadia* ~ *nadie(s)* (x. II)



Mapa 14c. Variación *ninguén* ~ *ninguién* ~ *nadia* ~ *nadie(s)* (x. III)

Existen grandes diferencias no uso das variantes se temos en conta a idade das persoas entrevistadas. Ao compararmos os datos das diferentes xeracións podemos concluír que na xeración I se emprega un maior número de variantes ca nas xeracións II e III: catro entre os informantes da xeración I e dúas entre os informantes das xeracións II e III. Tamén se observa un menor uso de *nadia*, *ninguién* e *nadies* nas xeracións II e III se as comparamos coa xeración I. As variantes *ninguién* e *nadies* non son utilizadas por ningún informante menor de sesenta anos. En canto a *nadia* é preciso sinalar que non foi utilizada por ningún falante da xeración III.

Álvarez, empregando os datos do ALGa, atribúe o retroceso da variante *nadia* ao pouco prestixio desta variante: “abandónase *nadia*, que se interpreta (erroneamente) como pronuncia deturpada propia de persoas iletradas (e maiores), e ascende *nadie*,

seguindo o patrón do español” (Álvarez 2012: 238). Os datos tirados da nosa investigación permiten concluír que, tanto na xeración II coma na III, a variante maioritaria é *nadie*. Parece probable que a súa condición de castelanismo sexa a causa que explique por que esta variante está a desprazar as outras⁵⁹.

Por último, parécenos necesario deternos no feito do emprego de *ninguén* por parte de dous informantes do grupo de idade III. No caso de Abe28m, hai que sinalar que existe un paralelismo entre o emprego desta variante e da variante *alguén*⁶⁰. O caso de Rib20h pode ser significativo xa que recolleemos na súa entrevista outras formas propias da variedade estándar e infrecuentes ou ausentes nos rexistros dos outros falantes estudados (p. ex. *coñecer, avó*, etc.)⁶¹.

14.2. *Outro*

O pronome identificador *outro* (*outro, -a, -os, -as*) pode ter os significados de ‘non o mesmo elemento, un elemento máis’ e ‘diferente en tipo’ e pode actuar como determinante (*Quero outro reloxo*) e como N dunha FN (*Quero o outro*) (Álvarez e Xove 2002: 509).

Esta variable presenta nos falantes estudados tres variantes: *outro, outor* e *autro*. No ALGa (1995: mapa 261) pódese consultar a distribución territorial de cada unha delas. A variante *autro* é usada case exclusivamente na provincia de Ourense. Ademais, está condicionada polo contexto fonético xa que “pode aparecer só tralas preposicións *a, para, ca* ou trala realización como iode da conxunción *e*” (ALGa 1990: mapa 261 en nota). Pola súa banda, a variante *outor* está tamén lingüisticamente condicionada; úsase “de xeito case exclusivo coa palabra *día*” na secuencia *o outor día* (ALGa 1995: mapa 261 en nota). Na información subministrada polo atlas lingüístico pode apreciarse que na década dos setenta do século pasado esta variante rexistrábase en moitos puntos do territorio galegofalante.

Como foi dito, na área estudada para este traballo foron recollidas as variantes *outro, autro* e *outor*. *Outro* é a variante máis frecuente; foi empregada por todos os

⁵⁹ Sobre *nadie* afirma Álvarez (2012: 238) que “non hai na súa forma nada que a delate orixinarmente como castelanismo, pero é indubitable que a coincidencia formal lle engade un prestixio extra sobre as outras variantes e a axuda a prosperar”.

⁶⁰ *Alguén* e *ninguén* son formas sometidas diacronicamente á forza da analoxía. O uso de *alguén* podería favorecer o emprego do seu antónimo *ninguén*, dado que teñen unha estrutura fonolóxica semellante.

⁶¹ Dubert (1999: 124-125) opina que o uso de *alguén* e *ninguén* que fan algúns falantes urbanos e novos de Santiago se pode deber á influencia do estándar do galego. No caso de Ri20h poderíamos estar ante o mesmo fenómeno.

informantes de todos os puntos estudados. As outras dúas variantes só son utilizadas por algúns informantes. *Outor* é unha variante que caracteriza os informantes da xeración I: dos dez informantes deste grupo recolléuselles a todos excepto a Rib65h e Pen78m. Segundo os datos procedentes das gravacións, a aparición de *outor* na fala destas persoas límitase á secuencia *o outor día*.

Autro, pola súa banda, só é utilizada no lugar das Bouzas, o punto máis oriental da área estudada, pola informante maior dese punto (Bou80m). Esta informante utilizou a variante *autro* en oito ocasións durante a entrevista. Destas oito aparicións de *autro*, unha prodúcese despois da preposición *para* (*vaina levar para autro* ['prawtrɔ] *lado*) e as outras sete despois da conxunción *e* (p. ex. *unhas veces imos e outras veces non imos*). No resto dos casos, esta informante emprega *outor* (na secuencia *o outor día*) e *outro* (p. ex. *están falando un co outro; noutra casa que había; a outra vendémola*, Bou80m).

Pódese dicir, como conclusión, que as variantes *autro* e *outor* caracterizan a fala das persoas de máis de sesenta anos, xa que non son usadas por ningún informante dos grupos de idade II e III⁶².

15. VARIACIÓN NO SISTEMA VERBAL

15.1. Variación na VR dos verbos da CIII

A variación entre /u/ e /ɔ/ no radical da P2, P3 e P6 afecta a un número significativo de verbos da CIII. Dous deles son *subir* e *dormir*, que se conxugan no presente de indicativo *durmo, dormes, dorme, durmimos, durmides, durmen* e *subo, sobes, sobe, subimos, subides, soben*, respectivamente⁶³. Este paradigma era o máis común na década dos setenta, segundo os datos que achega o ALGa (1990: mapas 192 e 193).

Ademais deste paradigma, noutras variedades do galego, existía e existe un paradigma diferente, sen alternancia vocálica, que regulariza a VR en /u/ para todas as persoas. Nesas falas, o presente do verbo *dormir* e o do verbo *subir* son, respectivamente, *durmo, durmes, durme, durmimos, durmides, durmen* e *subo, subes, sube, subimos, subides, suben*. Segundo diversos autores, a existencia das formas con

⁶² Dubert (1999: 128-129) apunta que *outor* é unha variante propia dos falantes rurais e maiores da área de Santiago.

⁶³ Unha explicación sobre a orixe deste paradigma pódese atopar en moitos estudos de gramática histórica galega e portuguesa (vid. p. ex. Santamarina 1974: 33-38; Martins 1988; Ferreiro 1999: 317-320; Goldbach 2011).

VR /u/ débese a un proceso de regularización morfolóxica que leva a que a vogal radical de todas as persoas do presente (e de todos os tempos) sexa sempre /u/ (Fernández Rei 1978: 32-60; Regueira 1989: 404) e que estaría explicada tanto pola influencia da VT, /i/ na maioría dos tempos (Ferreiro 1999: 317-320), como polo feito de seren maioritariamente /a/, /u/ e /i/ as VR típicas dos verbos da terceira conxugación (Santamarina 1974: 38).


Porén, este proceso de regularización morfolóxica non atinxiu ao mesmo tempo a todos os verbos con alternancia vocálica da terceira conxugación. O ALGa (1990), permite comprobar que a extensión territorial do radical *dorm-* era maior ca a de *sob-*. Dito doutra maneira, son moi poucas as localidades onde se recolle o paradigma sen alternancia vocálica de *durmir* (*durmo, durmes...*) pero, en cambio, o paradigma sen alternancia vocálica de *subir* (*subo, subes...*) ten unha maior extensión, sobre todo no galego da área litoral e no do extremo oriental do territorio. Nalgúns lugares destas áreas convivían os dous paradigmas de *subir*, con e sen alternancia vocálica. Isto é, nunha mesma localidade, falantes diferentes ou un mesmo falante usaron, p. ex., *sobes* e *subes*. Nas notas do ALGa ofrécese información que permite intuír que a idade do falante pode condicionar o uso dunha ou outra variante⁶⁴.

Na zona estudada para este traballo rexístrase unha situación semellante á descrita no ALGa (1990) para o conxunto do territorio. A continuación ímonos deter na distribución territorial e etaria de cada unha das variantes, comezando polas do paradigma de *durmir*, para tratarmos despois as do paradigma de *subir*.


O paradigma con alternancia vocálica de *durmir* é usado en todas as localidades enquisadas para este traballo, mentres que o paradigma sen alternancia vocálica foi recollido en seis dos puntos estudados (Abelenda, Louredo, Orega, Penavaqueira, Ribadavia e Vilar de Condes) (mapas 15a, 15b e 15c). Se se observa a distribución das variantes nas diferentes xeracións, a variante *dorm-* é a única usada polos membros da xeración I. Na xeración II recóllense 7 ocorrencias de *dorm-* e 3 de *durm-* (en Abelenda, Orega e Ribadavia); e na xeración III 6 ocorrencias de *dorm-* e 4 de *durm-* (en Louredo, Penavaqueira, Ribadavia e Vilar de Condes). A frecuencia das variantes é moi similar nas xeracións II e III, aínda que con cambios na distribución xeográfica. Cómpre

⁶⁴ “En Goián [...] na xente nova a tendencia é a regulariza-lo vocalismo radical a favor de *u* na P2, P3 e P6”, (ALGa 1990: mapa 192, nota 16); “En Sobrado, a alternancia *u/[ɔ]* [...] rexístrase sobre todo na xente máis vella, porque a xente nova tende a regulariza-lo paradigma” (ALGa 1990: mapa 193, nota 5); “En Begonte [...] esta alternancia rexístrase especialmente en xente maior” (ALGa 1990: mapa 193, nota 7).


destacar que nos lugares de Abelenda e Orega usan *dorm-* os informantes das xeracións I e III e *durm-* as da xeración II.



Mapa 15a. Variación *dorm-* ~ *durm-* (x. I)




Mapa 15b. Variación *dorm-* ~ *durm-* (x. II)




Mapa 15c. Variación *dorm-* ~ *durm-* (x. III)

No caso do verbo *subir*, o paradigma sen alternancia vocálica foi recollido en todos os lugares mentres que o paradigma con alternancia vocálica unicamente o foi en cinco deles (A Arnoia, As Bouzas, Louredo, Orega e Vilar de Condes) (mapas 16a, 16b e 16c). A variante *s/o/b-* é claramente minoritaria en todos os grupos de idade (3 ocorrencias nas xeracións I e II) pero particularmente infrecuente nas persoas máis novas. Na xeración III só a usa unha informante (Arn19m). Este caso pode ser significativo, xa que neste punto en concreto, nin a informante da xeración I nin a da xeración II usan as variantes con */o/*. Polo tanto, poderíase explicar, por ser *sob-* a variante escolleita polo estándar e adquirida na escola.


Para concluírmos, semella que na área estudada se observan indicios dun cambio en marcha: diminúe a frecuencia de *dorm-* e *sob-* e aumenta a de *durm-* e *sub-* nas xeracións máis novas. Así e todo, cómpre destacar que nalgúns puntos recolléronse as variantes con alternancia vocálica a informantes da xeración III e non a informantes da xeración II. Este feito quizais teña que ver coa difusión do estándar galego entre as xeracións máis novas. Tamén non podemos obviar que o contexto dunha enquisa dialectal pode favorecer que algúns falantes respondan ao cuestionario coa variante que pensan que é correcta.



Mapa 16a. Variación *sob-* ~ *sub-* (x. I)



Mapa 16b. Variación *sob-* ~ *sub-* (x. II)



Mapa 16c. Variación *sob-* ~ *sub-* (x. III)

Así mesmo, como xa recolleron o ALGa e outros estudos sobre falas galegas, na área obxecto de estudo, *dormes* é máis usado ca *sobes*, como se ve no gráfico 12. Esta maior resistencia de *dormes* fronte a *sobes* pode ter relación tamén co contacto lingüístico entre galego e castelán xa que as variantes innovadoras *subes*, *sube* e *suben* coinciden formalmente coas correspondentes en castelán, pero *durmes*, *durme* e *durmen* non (cfr. cast. *duermes*, *duerme*, *duermen*).




Gráfico 12. N° de informantes que usan d/ɔ/r- e s/ɔ/b-

15.2. Variación na P4 e P5 do presente de indicativo do verbo *ir*


A P4 e P5 do presente do verbo *ir* teñen como variantes máis frecuentes *imos* e *ides* respectivamente. Así e todo, tamén hai informantes que empregan as variantes *vamos* e *vades*. As variantes *vamos* e *vades*⁶⁵ posúen un radical *va-* que fai que o paradigma se torne máis regular (*eu vou, ti vas, el vai, nós imos* > *nós vamos, vós ides* > *vós vades, eles van*) (Dubert 1999: 208)⁶⁶.

A expansión destas últimas formas nas variedades do galego ten sido explicada acudindo á influencia do castelán. Mesmo a maior extensión de *vamos* sobre *vades*, tanto no territorio estudado coma en Galicia en xeral, pode ser un argumento a favor desta hipótese xa que *vamos* é idéntica á forma castelá e *vades* non coincide totalmente con ela (cfr. cast. *vais*) (*Normas*: 147-148). Tamén hai que ter en conta que *vamos* forma parte do paradigma de *ir*, como imperativo de P4. Esta forma puido favorecer o cambio analóxico comentado.

⁶⁵ Para a distribución en galego de *imos* e *vamos* vid. o mapa 285 do ALGa (1990). Para a de *ides* e *vades* vid. o mapa 286 do ALGa (1990).


⁶⁶ Dubert (1999: 208) califica a presenza do radical *va-* como unha “innovación analóxica”. No portugués europeo estándar utilízanse as formas *vamos* e *vais*. Vid. tamén Soto Andión (2003: 61).

A continuación, exporemos os datos recollidos no traballo de campo, comezando pola variable *imos* ~ *vamos* (cfr. mapas 17a, 17b e 17c). A variante *vamos* é rara entre os membros da xeración I, mais forma parte do repertorio lingüístico dun bo número das persoas dos grupos de idade II e III⁶⁷. Chama a atención que *vamos* se recolla nas áreas centrais do territorio, correspondentes aos vales do Avia e do Miño. Tendo en conta os tres grupos de idade, na xeración I emprega *vamos* o informante de Ribadavia; na xeración II as da Arnoia, Esposende, Ribadavia, e Regodeigón; e na xeración III os da Arnoia, Louredo, Orega, Ribadavia, e Regodeigón. Cabe destacar que no lugar de Esposende empregan *imos* os informantes das xeracións I e III e *vamos* a informante do grupo de idade II.




Mapa 17a. Variación *imos* ~ *vamos* (x. I)

⁶⁷ Soto Andión (2014: 234) di que “en el presente de indicativo de *ir* observamos las soluciones *imos/vamos*, con los radicales *i-* (62 % del total de informantes), *va-* (48 % del total de informantes). La presión del castellano es lo que motiva el uso del segundo, sobre todo en los más jóvenes”.




Mapa 17b. Variación *imos* ~ *vamos* (x. II)




Mapa 17c. Variación *imos* ~ *vamos* (x. III)


Con respecto á variable *ides* ~ *vades*, a variante analóxica *vades* non foi recollida en ningunha entrevista cos informantes da xeración I. O seu uso parece ser máis reducido ca o de *vamos* e é máis frecuente entre os falantes máis novos. A distribución xeográfica é semellante á da variable anterior xa que *vades* se emprega en localidades localizadas nos vales fluviaís do centro da área. Na xeración II *vades* é empregada polas informantes da Arnoia, Esposende e Regodeigón. Na xeración III empregan *vades* os informantes da Arnoia, Louredo e Regodeigón. Polo tanto, tamén no caso desta variable, os informantes dos grupos de idade I e III de Esposende empregan a variante conservadora mentres a informante do grupo II usa a innovadora. A diferenza da variable anterior, non se recolleu a variante analóxica na vila de Ribadavia nin na aldea de Orega (mapas 18a, 18b, 18c).



Mapa 18a. Variación *ides* ~ *vades* (x. I)



Mapa 18b. Variación *ides* ~ *vades* (x. II)




Mapa 18c. Variación *ides* ~ *vades* (x. III)

15.3. Variación na P4 do pretérito de indicativo do verbo *ir*


Para a P4 do pretérito de *ir* rexistráronse as variantes *fomos* e *fumos*. Para autores coma Dubert (1999: 215) e Ferreiro (1999: 333), a variante con /u/ como VR, xorde por analoxía coa P1 do pretérito (*fun*). Dubert (1999: 215; 2004b: 74) rexeita a posibilidade de que esta variante sexa un castelanismos. O ALGa (1990: mapa 362) amosa que *fumos* é usado en varias áreas do territorio galego, especialmente no galego oriental, nas Rías Baixas e no norte da Coruña e Lugo. Trátase dunha variante pouco frecuente e que non forma unha área compacta. Na maioría deses lugares convivía con *fomos*, a variante maioritaria segundo os datos do ALGa.

Na comarca do Ribeiro, as localidades onde se recolleu *fumos* foron Esposende, Louredo, Penavaqueira, Regodeigón e Ribadavia (mapas 19a, 19b e 19c). A maioría destas localidades están situadas no val. Nas respostas ao cuestionario recolleuse a información representada nos mapas. Mentres que *fomos* é a variante maioritaria entre os informantes maiores de 40 anos (19 ocorrencias), entre os membros do grupo de idade III, hai cinco que responderon *fumos* á cuestión correspondente⁶⁸.




Mapa 19a. Variación *fomos* ~ *fumos* (x. I)

⁶⁸ Soto Andión (2003: 61) indica que “la P4 del pretérito [de *ir*] presenta esporádicamente en hablantes jóvenes un radical próximo al del Castellano con vocal cerrada [*fumos*]”.



Mapa 19b. Variación *fomos* ~ *fumos*(x. II)



Mapa 19c. Variación *fomos* ~ *fumos* (x. III)

A información recollida nas conversas cos falantes pode axudar a interpretar mellor a distribución das dúas variantes. Na táboa 10 recóllense as variantes utilizadas polos informantes durante as entrevistas. A variante usada na resposta ao cuestionario márcase en cursiva e o número que acompaña a cada variante indica as ocorrencias totais de cada unha delas. Os datos recollidos permiten extraer as seguintes conclusións: a) doce informantes utilizan nas entrevistas a mesma variante que empregaron na enquisa; b) *fumos* é unha variante exclusiva de seis falantes das xeracións II (Rib40m) e III (Esp25h, Lou16h, Pen23h, Reg21h e Rib20h); c) hai catro informantes das xeracións II (Arn43m e Pen56h) e III (Ore26h e Vil22h) que usan as dúas variantes (*fomos* e *fumos*); d) catro dos falantes que responderon con *fomos* a pregunta do cuestionario

usan tamén *fumos* (Arn43m, Ore26h, Pen56h e Vil22h), pero os que responderon *fumos* non empregaron nunca a variante *fomos* (Esp25h, Pen23h, Reg21h e Rib20h).

Informante	Variantes	Informante	Variantes	Informante	Variantes
Abe71m	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (3)	Abe53m	<i>fomos</i>	Abe28m	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (1)
Arn63m	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (1)	Arn43m	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (1) <i>fumos</i> (2)	Arn19m	<i>fomos</i>
Bou80m	<i>fomos</i>	Bou54m	<i>fomos</i>	Bou29h	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (1)
Esp72m	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (3)	Esp52m	<i>fomos</i>	Esp25h	<i>fumos</i> <i>fumos</i> (1)
Lou75m	<i>fomos</i>	Lou48m	<i>fomos</i>	Lou16h	<i>fumos</i>
Ore69h	<i>fomos</i>	Ore47m	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (4)	Ore26h	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (2) <i>fumos</i> (1)
Pen78m	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (7)	Pen56h	<i>fomos</i> <i>fumos</i> (1)	Pen23h	<i>fumos</i> <i>fumos</i> (7)
Reg77h	<i>fomos</i>	Reg52m	<i>fomos</i>	Reg21h	<i>fumos</i> <i>fumos</i> (1)
Rib65h	<i>fomos</i>	Rib40m	<i>fumos</i>	Rib20h	<i>fumos</i> <i>fumos</i> (1)
Vil72m	<i>fomos</i>	Vil48h	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (2)	Vil22h	<i>fomos</i> <i>fomos</i> (3) <i>fumos</i> (1)

Táboa 10. Ocorrencias das variantes *fomos* e *fumos*


15.4. Variación na P5 do presente de indicativo dos verbos *ter* e *vir*

En certas palabras do galego coma *gando* ~ *gado*, *coenllo* ~ *coello*, *monllo* ~ *mollo* ou *fionllo* ~ *fiollo* rexístrase unha alternancia que consiste na presenza ou non dunha nasal no interior de palabra. Segundo Fernández Rei (1990b: 58-59) no occidente de Galicia son máis frecuentes as solución con *-n-*, aínda que cada palabra ten unha distribución propia. Tamén nas formas verbais *tendes* ~ *tedes* e *vindes* ~ *vides* se rexistra este tipo de variación⁶⁹.


Nos mapas 20a, 20b, 20c, 21a, 21b e 21c amósase, respectivamente, a distribución das variables *tendes* ~ *tedes* e *vindes* ~ *vides*. Na área estudada as variantes

⁶⁹ Para a distribución territorial de *tendes* ~ *tedes* cfr. ALGa (1990: mapa 373) e para a de *vindes* ~ *vides* cfr. ALGa (1990: mapa 407). Para unha hipótese sobre a segmentación morfolóxica destas formas verbais vid. Dubert (2017).


máis frecuentes son *tendes* e *vindes*. No caso da variable *tendes* ~ *tedes*, a variante sen nasal é a única empregada polos membros do grupo de idade I e por nove dos do grupo de idade II, só Esp52m emprega *tedes*. Na xeración III empregan *tendes* cinco informantes (Arn19m, Bou29h, Ore26h, Reg21h e Vil22h) e *tedes* outros cinco (Abe28m, Esp25h, Lou16h, Pen23h e Rib20h).



Mapa 20a. Variación *tendes* ~ *tedes* (x. I)




Mapa 20b. Variación *tendes* ~ *tedes* (x. II)




Mapa 20c. Variación *tendes* ~ *tedes* (x. III)


No que respecta á variable *vindes* ~ *vides*, a distribución xeográfica das dúas variantes é parcialmente coincidente coas variantes da variable *tendes* ~ *tedes*. A forma sen nasal interior recóllese no punto de Esposende ás informantes dos grupos I e II. No grupo de idade III a variante *vindes* é usada por catro informantes (Arn19m, Bou29h, Reg21h e Vil22h) e a variante *vides* por seis (Abe28m, Esp25h, Lou16h, Ore26h, Pen23h e Rib20h).



Mapa 21a. Variación *vindes* ~ *vides* (x. I)



Mapa 21b. Variación *vindes* ~ *vides* (x. II)



Mapa 21c. Variación *vindes* ~ *vides* (x. III)

Para as dúas variables obsérvase que os falantes da xeración III tenden a usar máis as formas sen nasal interior ca as persoas dos outros grupos de idade. Isto pode ser indicio de que se está a producir un proceso de cambio lingüístico.


15.5. Variación na P1 do presente de indicativo do verbo *valer*

As variantes rexistradas co cuestionario para a P1 do presente de indicativo do verbo *valer* foron *vallo*, *valo* e *valgo*. Segundo o ALGa (1990: mapa 121), a forma etimolóxica *vallo* (<VALĒO) é unha variante tipicamente setentrional pero que tamén se usa noutros puntos, illados, repartidos por toda Galicia. A outra variante galega, *valo*, xerouse por un proceso de analoxía coas demais formas do paradigma, as cales


presentan un radical *val-* (*valer, vales, vale, valía, etc.*) (Ferreiro 1999: 345-346; *Normas*: 169). *Valo* é unha variante utilizada sobre todo na zona occidental e preto da fronteira con Portugal. Finalmente, a variante *valgo*, que aparece nuns poucos puntos illados os uns dos outros, só se pode explicar por préstamo do castelán.

Na comarca do Ribeiro, a variante *vallo* só se rexistrou no lugar de Orega ao informante da xeración I; *valo* foi recollida nos puntos da Arnoia, Abelenda, Louredo, Orega e Vilar de Condes a informantes dos tres grupos de idade; *valgo* é usada en todos os puntos estudados por informantes das tres xeracións (vid. os mapas 22a, 22b e 22c). Polo tanto, en cinco dos puntos, situados no centro e oeste da comarca, só se recolleu a variante *valgo* nos tres grupos de idade (As Bouzas, Esposende, Penavaqueira, Regodeigón e Ribadavia).


Do punto de vista da súa distribución nos tres grupos de idade, só entre os informantes da xeración I se recolleron as tres variantes. Os datos expostos amosan que a variante *valo* é utilizada por dous informantes da xeración I (en Abelenda e Vilar de Condes), por catro da xeración II (na Arnoia, Louredo, Orega e Vilar de Condes) e por dous da xeración III (en Abelenda e na Arnoia). Isto pode ser tomado coma un indicio dun aumento da frecuencia de *valo* entre as persoas de entre 40 e 56 anos, comparadas coas de máis de 60, que non se mantivo nas persoas máis novas. A frecuencia da variante *valgo* é similar nos tres grupos estudados (7 ocorrencias na xeración I; 6 na xeración II e 8 na xeración III).



Mapa 22a. Variación *vallo* ~ *valo* ~ *valgo* (x. I)



Mapa 22b. Variación *valo* ~ *valo* ~ *valgo* (x. II)




Mapa 22c. Variación *vallo* ~ *valo* ~ *valgo* (x. III)

15.6. Variación no radical de presente e perfecto do verbo *fac**er*

Nesta sección imos tratar dous casos de variación no radical do verbo *fac**er*. O primeiro afecta ás formas do tema de presente e o segundo ás do tema de pretérito. Nos tempos do tema de presente, o radical pode presentar en galego tres variantes: *fac*- (*fac**er*, *fac**emos*, *fac**edes*, *fac**endo*, *fac**ía*...), *fag*- (*fag**uer*, *fag**uemos*, *fag**uedes*, *fag**uendo*, *fag**uía*...) ou *fa*- (*fa**er*, *fa**emos*, *fa**edes*, *fa**endo*, *fa**ía*...) (Soto Andi3n 2004). *Fac**er* 3 a variante dominante no territorio mentres que *fag**uer* 3, sobre todo, caracter3stica da metade occidental de Ourense e *fa**er* do Baixo Mi3o, do sur de Ourense e do occidente

asturiano⁷⁰. Segundo Ferreiro (1999: 330), o radical *fag-* apareceu por analogía coa P1 do presente de indicativo (*fago*). Para este mesmo autor, *faer* formouse analoxicamente “a partir das modernas P2 e P3 do Presente de Indicativo⁷¹”.

Na área estudada, mediante as gravacións, documentáronse os tres radicais: *fac-*, *fag-* e *fa-*. Nos mapas 23a, 23b e 23c represéntase o uso de cada variante nas persoas entrevistadas⁷². A variante *fac-* é máis frecuente nos puntos setentrionais da área estudada e na vila de Ribadavia. As variantes *fag-* e *fa-* son máis utilizadas polos informantes que viven na zona meridional da comarca.




Mapa 23a. Variación *fac-* ~ *fag-* ~ *fa-* (x. I)


⁷⁰ Vid. ALGa (1990: mapas 256, 258 e 271). Vid. tamén Dubert e Mariño (2004) para un estudo da distribución territorial destas variantes.

⁷¹ Sen negarmos a validez desta hipótese, queremos introducir outro elemento que axude a explicar a xénese do radical *fa-*. Facémolo relacionando a aparición do radical *fa-* co fenómeno da gheada. O paso [fa`her] > [fa`er] pódese explicar por un proceso de aspiración. Este mesmo fenómeno, a desaparición dun /g/ (ou /h/) intervocálico, tense detectado noutras partes do territorio que puideron ser geadófonas ata non hai moito, coma a área zamorana. Recordemos que a gheada retrocede de leste a oeste e de norte a sur (Rodríguez Lorenzo 2012). Na localidade de Porto (Zamora) os investigadores do ALGa recolleron formas coma *fío* e non *figo* ou *ortía* en lugar de *ortiga*.

⁷² Os datos numéricos pódense consultar na táboa 5 do Anexo II. A cifra entre paréntese representa o índice de uso de cada variante.



Mapa 23b. Variación *fac-* ~ *fag-* ~ *fa-* (x. II)



Mapa 23c. Variación *fac-* ~ *fag-* ~ *fa-* (x. III)

No gráfico 13 representáanse os índices de uso de cada variante por xeración. Obsérvanse diferenzas notables segundo a idade dos informantes. Na xeración I a variante máis veces rexistrada é *fag-*, a segunda máis frecuente é *fac-*, mentres que *fa-* é a variante menos empregada. Na xeración II, a variante máis empregada é *fac-*. O uso de *fag-* neste grupo de idade é menor ca na xeración anterior e maior o de *fa-*. Na xeración III a variante *fac-* é a máis veces recollida (cun índice de uso do 0.9).




Gráfico 13. Variantes de *facer* por xeracións

Na xeración I a variante máis utilizada é *fag-*. Nas xeracións II e III a variante *fac-* é a máis frecuente. No grupo de idade III, *fac-* é a única variante utilizada por oito dos dez individuos entrevistados. Esta variante, que é a máis frecuente nas variedades galegas, parece estar desprazando as outras variantes (*fag-* e *fa-*) na fala dos máis novos. Tamén nos parece moi relevante como indicio dun cambio en marcha que non rexistremos a variante *fag-* na xeración III.

Para o tema de perfecto os datos recollidos son escasos e proceden das gravacións. Recollemos dúas variantes: *fix-* (*fixo, fixen, fixera...*) e *fig-* (*figo, figuen, figura...*). A distribución territorial desta variable en galego pódese consultar no ALGa (1990: mapas 259, 260, 261, 262, 263, 264 e 269). Estes mapas amosan que o radical *fig-* aparece sobre todo no suroeste ourensán, o que coincide cos datos recadados para este estudo⁷³. Segundo os datos tirados das gravacións, o radical *fix-* é a máis frecuente e a única empregada polos membros do grupo de idade III. A variante *fig-* é utilizada en tres puntos meridionais da área (A Arnoia, As Bouzas e Penavaqueira) por informantes das xeracións I e II (Arn63m, Bou80m, Bou54m e Pen78m).

⁷³ Para Ferreiro (1999: 331) *fig-* xorde por analogía con *fago*, mentres que Soto Andión (2004: 309) indica que as formas do tipo *trouguen* (pretérito de *traer*) puideron influír tamén nese cambio analóxico. A este respecto hai que indicar que a informante Pen78m é a única á que lle rexistramos dúas formas do tipo *trouguen*: *trougueche* e *trouguen*. Así e todo, esta mesma persoa utilizou tamén nunha ocasión *trouxeche* e *trouxo*.


15.7. Variación no verbo *poñer*

Na información extraída do cuestionario detectamos que existe no Ribeiro variación na forma do verbo *poñer*. Aínda que *poñer* é unha variante tipicamente setentrional e *pór* meridional, segundo se pode concluír dos datos que encontramos no ALGa (1990: mapa 333), en parte do sur de Galicia tamén se usa *poñer*⁷⁴. Baixo os lemas *pór* e *poñer* analizamos os radicais destes dous verbos. É preciso sinalar que estes comparten moitas das formas dos seus paradigmas, e difiren no infinitivo (*pór/poñer*)⁷⁵, o xerundio (*pondo/ poñendo*), a P4 (*pomos / poñemos*), P5 (*pondes / poñedes*) e P6 (*pon / poñen*) do presente de indicativo, o copretérito (*puña / poñía*), o pospretérito (*poría / poñería*), o futuro de indicativo (*porei / poñerei*) e a P2 do imperativo (*ponde / poñede*).


Os datos obtidos, mediante as enquisas co cuestionario, para este estudo están representados nos mapas 24a, 24b e 24c. Na maioría dos puntos recolleuse variación *poñer* ~ *pór* (A Arnoia, Abelenda, As Bouzas, Louredo, Orega, Penavaqueira, e Vilar de Condes) mentres que noutros, situados na área central da comarca, só se recolleu *poñer* (Esposende, Ribadavia e Regodeigón). Nas tres xeracións hai comportamentos similares nalgunhas áreas. Na parte occidental da comarca mantéñense, con diferente frecuencia nos tres grupos de idade, as formas de *pór*, mentres que na central e oriental son máis frecuentes as formas de *poñer*.

⁷⁴ Cfr. os mapas 319, 320, 321, 322, 328, 332, 333 e 334 do ALGa (1990). Vid. tamén Dubert e Mariño (2004) e Louredo (2014). Soto Andión (2003: 47) afirma que “en los informantes tanto de la villa [Forcarei e Soutelo de Montes] como del ámbito rural la forma contracta [pór] pierde terreno frente a la analógica del tema de presente (*poño-poñer*). En la zona rural *pór* sólo aparece en las generaciones de más edad”. Sobre a variación *poñía* ~ *puña* este mesmo autor di que “en el área rural *poñía* tiene más uso que *puña*. En la villa las diferencias a favor de *poñía* se aprecian en los sectores jóvenes” (Soto Andión 2003: 47).


⁷⁵ En cada par, a primeira forma pertence ao paradigma de *pór* e a segunda ao de *poñer*.



Mapa 24a. Variación *poñer* ~ *pór* (x. I)



Mapa 24b. Variación *poñer* ~ *pór* (x. II)



Mapa 24c. Variación *poñer* ~ *pór* (x. III)

No gráfico 14 representamos a frecuencia das dúas variantes nas diferentes xeracións. As formas de *poñer* son maioritarias en todos os grupos de idade. As formas de *pór* son menos frecuentes no grupo de idade II ca no I, e menos frecuentes na xeración II ca na III.




Gráfico 14. Número de informantes que usan as formas dos paradigmas de *pór* e *poñer*


15.8. Variación na P6 do presente de indicativo dos verbos *ter* e *vir*

A terceira persoa de plural dos verbos irregulares *ter* e *vir* presenta unha situación de variación no territorio galego entre as variantes etimolóxicas *ten* ~ *tein* (<TĒNENT), *vén* ~ *vein* (<VĒNENT) e as analóxicas *teñen* (cfr. *teño*) e *veñen* (cfr. *veño*) (Ferreiro 1999: 339; *Normas*: 165)⁷⁶. As formas analóxicas *teñen* e *veñen* evitan o sincretismo entre a P3 e a P6 dos verbos *ter* e *vir* (Fernández Rei 1990b: 98; Ferreiro 1999: 339; *Normas*: 165).

No territorio estudado, mediante o cuestionario, recolleuse a existencia de variación *ten* ~ *teñen* e *vén* ~ *veñen*. O feito de seren formas verbais cunha evolución fonolóxica común, e sometidas a un proceso de substitución por formas analóxicas (Fernández Rei 1990b: 98; Ferreiro 1999: 339; *Normas*: 165) fai que as tratemos conxuntamente.

⁷⁶ Para a distribución das diferentes variantes empregadas en galego vid. ALGa (1990). O mapa 374 corresponde á P6 do verbo *ter* e o mapa 408 á P6 do verbo *vir*. Mentres no galego oriental son maioritarias as variantes *tein* e *vein*, no galego central e occidental son maioría os puntos onde se usan *teñen* e *veñen*. Dentro desta área atopamos tamén algúns puntos onde se empregan *ten* e *vén*.

As variantes máis frecuentes son *teñen* e *veñen*, empregadas por todos os informantes das xeracións II e III e por oito dos dez informantes da xeración I. Os únicos puntos onde se recolleu *ten* e *vén*, na xeración I, son Abelenda e Penavaqueira, aldeas situadas no occidente montañoso da comarca (mapa 25)⁷⁷.



Mapa 25. Variación *teñen* ~ *ten* e *veñen* ~ *vén*

Os datos recollidos das gravacións coinciden cos do cuestionario. *Ten* foi empregado por Abe71m e Pen78m (1-2) e *teñen* por informantes doutros puntos e xeracións (3-4). As informantes Abe71m e Pen78m usaron durante a entrevista a forma *vén* (5-6), mais ao resto dos falantes dos que temos datos só lles rexistramos a variante *veñen* (7-8).

- (1) *pero eles tena aquí onda o transformador* (Pen78m)
- (2) *[eles] ten esa costumbre* (Abe71m)
- (3) *teñen unha veiga moi grande alá* (Ore69h)
- (4) *teñen moitos cartos* (Esp52m)
- (5) *se vén tódolos que están fóra, non cabemos no pueblo* (Abe71m)
- (6) *o meu fillo e maila miña nora vén moito onda min* (Pen78m)
- (7) *aquí veñen varios co pan* (Reg52m)
- (8) *ahora non veñen moito polo pueblo* (Ore26h)


En conclusión, as variantes *ten* e *vén* semellan ser propias da área máis occidental e montañoso da área estudada e son utilizadas en exclusiva polas informantes do grupo de idade I.

⁷⁷ Cfr. Soto Andión (2003: 65): “Principalmente en individuos de la generación vieja [> 60 anos], en el presente de indicativo, tanto en el medio semiurbano como en el rural, aparece una P6 (*tèn*) homónima de la P3, en lugar de la analógica *tèñen*”.

15.9. Variación no verbo *oír*

O verbo *oír* constitúe unha variable da que se recolleron catro variantes: *oír*, *ouvir*, *ouír* e *oucir*. Estas variantes foron rexistradas tamén no ALGa (1990: mapas 294-308) noutros lugares de Galicia. *Oír* era a variante maioritaria e foi recollida en todo o dominio lingüístico, especialmente no centro e no norte do mesmo. A mediados dos 70 do século pasado, *ouír* era unha variante rexistrada sobre todo no occidente do territorio. *Ouvir*, a forma medieval, era tipicamente meridional mentres que *ouguir* se recolleu no galego de Asturias. A orixe desta variación explícase pola dificultade articulatoria da secuencia [ow'ir], o que levou á súa simplificación ([ɔ'ir] ou a introducir unha consoante epentética ([ow'βir] ou [ow'ɣir])). A variante *oucir* foi xerada por analogía coa P1 do presente de indicativo (*ouzo* > *oucir*) (Dubert e Mariño 2004; Ferreiro 1999: 330; *Normas*: 151).

Nesta epígrafe analizamos os datos recollidos co cuestionario e que corresponden ao infinitivo. As variantes *ouvir*, *ouír* e *oucir* foron empregadas por informantes da xeración I. O mapa 26 ofrece os datos da variable *oír* nos informantes deste grupo de idade. Nel obsérvase que as variantes *ouír*, *oucir* e *ouvir* só son usadas nos tres puntos máis occidentais e montañosos: *oucir* en Abelenda⁷⁸, *ouír* en Vilar de Condes e *ouvir* en Penavaqueira. No resto do territorio estudado, e tamén neses tres puntos no caso dos informantes das xeracións II e III, a única variante usada é *oír*.




Mapa 26. Variación *oír* ~ *oucir* ~ *ouír* ~ *ouvir*

⁷⁸ Os investigadores do ALGa, que ten esta aldea dentro da súa rede de puntos, recolleron *oír*. No entanto, *oucir* era usado na veciña parroquia de Camposancos de Nieva, lugar de Caseiro, no mesmo concello de Avión e que forma parte da rede de puntos complementaria do ALGa (1990).

15.10. Variación no presente do verbo *coñecer*

Dentro das formas do paradigma de *coñecer* seleccionamos, polo seu interese, dúas variables: a) o radical do verbo (*conocer* ~ *coñecer*) e b) a P1 do presente de indicativo (*conozo* ~ *conozco* ~ *coñezo*). Os datos proceden das enquisas co cuestionario.


En canto á primeira delas, *conocer* é a variante maioritaria na área; *coñecer* foi rexistrado nos lugares das Bouzas, Esposende e Ribadavia (cfr. os mapas 27a, 27b e 27c). *Conocer* considérase como un castelanismo, mentres que a variante galega *coñecer*⁷⁹ é utilizada por algúns informantes, seguramente, por influencia da variedade estándar. A distribución por grupos xeracionais das dúas variantes é significativa a este respecto. *Coñecer* é usado por unha informante da xeración II (Rib40m) e por tres da xeración III (Bou29h, Esp25h e Rib20h). Trátase, polo tanto, de falantes novos e con estudos secundarios⁸⁰. *Conocer*, pola súa banda, é a variante empregada polo resto dos informantes. Pode ser significativa a aparición, en falantes novos, da variante *coñecer*. Estes falantes residen na vila de Ribadavia e nos dous puntos máis orientais da área (As Bouzas e Esposende).




Mapa 27a. Variación *conocer* ~ *coñecer* (x. I)

⁷⁹ No mapa 339 do ALGa (1999) vese que *conocer* é a variante maioritaria no territorio. As variantes *coñecer* e *coñocer* son empregadas só en trece puntos, concentrados maioritariamente no sur de Ourense e no interior de Pontevedra. *Coñocer* semella ser froito dun cruzamento entre *coñecer* e *conocer*.

⁸⁰ Dubert (1999:193) rexistra *coñecer* nas entrevistas a falantes novos e con estudos da área de Santiago e afirma que se debe á influencia do estándar. Soto Andión (2003: 57) chega a conclusións similares sobre as variedades da Terra de Montes.




Mapa 27b. Variación *conocer* ~ *coñecer* (x. II)




Mapa 27c. Variación *conocer* ~ *coñecer* (x. III)

No caso da segunda variable, as variantes recollidas foron *conozo*, *conozco* e *coñezo*. *Conozo* xerouse a partir do infinitivo *conocer*, seguindo o modelo regular do presente de indicativo (*aparecer* > *aparezo*; *cocer* > *cozo*). A variante *conozco* é un préstamo do castelán, mentres que *coñezo* é a forma do galego estándar. *Conozo* recolleuse en todos os puntos de enquisa excepto na vila de Ribadavia, *coñezo* nos mesmos puntos ca *coñecer* e *conozco* nos lugares de Abelenda, A Arnoia, Orega, Penavaqueira, Ribadavia e Vilar de Condes (cfr. os mapas 28a, 28b e 28c). Ao estudar os datos en perspectiva temporal destaca o aumento na frecuencia da variante *conozco*, entre os máis novos, e a diminución de *conozo*. Hai que destacar que o único punto en que se recolle *conozco* na xeración I é na vila de Ribadavia. Por outra banda, a variante *conozo* mantense na xeración II en catro localidades (As Bouzas, Louredo, Orega e


Vilar de condos) e na xeración III en unha (Louredo). Así mesmo, parécenos necesario resaltar que varios dos informantes máis novos, da vila de Ribadavia e do oriente da comarca, usan a forma estándar *coñezo*.



Mapa 28a. Variación *coñezo* ~ *conozo* ~ *conozco* (x. I)



Mapa 28b. Variación *coñezo* ~ *conozo* ~ *conozco* (x. II)



Mapa 28c. Variación *coñezo* ~ *conozo* ~ *conozco* (x. III)

Polo tanto, nas dúas variables comentadas observamos a tendencia á incorporación de formas innovadoras. Nun caso o aumento na frecuencia do radical *coñec-* e no outro a modificación, por contacto co castelán, do MMT do verbo (*conozco*).

15.11. Variación nos verbos *caer* e *dicir*


O galego e o portugués difiren do castelán na diferente evolución dun grupo significativo de verbos que pertencían en latín á terceira conjugación (-ĒRE)⁸¹. No galego actual existe un grupo de verbos que poden ser da CII ou da CIII. Esta variación

⁸¹ En galego e portugués a maioría destes verbos pertencen hoxe á CII mentres que en castelán fano á CIII (GEMĒRE > *xemer* / *gemir*; ERIGĒRE > *erguer* / *erguir*; FERVĒRE > *ferver* / *hervir*; FINDĒRE > *fender* / *hendir*; etc.) (Santamarina 1974: 48). Na época medieval, algúns verbos procedentes da terceira conjugación latina podían ser da CII ou da CIII galega (ADDŪCĒRE > *aduzer* ~ *aduzir*; CONFŪNDĒRE > *confonder* ~ *confondir*; FĪNGĒRE > *finger* ~ *finger*; etc.) (Ferreiro 1999: 281). Algúns dos verbos que pertencían en galego e portugués á CII cambiaron de conjugación e pasaron a seguir o modelo da CIII (p. ex. *aduzer* > *aducir* / *aduzir*, *cinger* > *cinguir* / *cingir*, *finger* > *finxir* / *finger*, *corregere* > *corrixir* / *corrigir*, etc.). Outros verbos só cambiaron de conjugación en galego e non en portugués (DICĒRE > *dicir* / *dizer*, SCRIBĒRE > *escribir* / *escrever*, *SUFFERĒRE > *sufrir* / *sofrer*, VIVĒRE > *vivir* / *viver*) (Ferreiro 1999: 281). Algúns autores observaron que esta mudanza foi provocada pola influencia do español (Souto Cabo 2000). Porén, outros autores (Santamarina 1974: 49; Tato Plaza 1998) afirman que esta mudanza se debe a factores internos. Segundo Tato Plaza (1988: 729), “a forza da analoxía levou a eliminar en galego o -i- como VR dos verbos da CII, xa que eran moi poucos os que presentaban esta secuencia”. Ademais, como explica Santamarina (1974: 49) produciuse unha identificación de /i/ e /u/ como vogais radicais dos verbos da CIII e de /a/ /e/ e /o/ como vogais radicais da CII; verbos coma *dizer* ou *dormir* sufriron un cambio na VR que provocou a aparición de *decer* e *durmir*. Non obstante, no caso de *dizer*, apareceu a variante *dicir*, o que implicou o cambio de VT e conjugación mais non de VR. Sobre este tema, desde unha perspectiva contrastiva, vid. tamén Álvarez Pérez e Gargallo Gil (2017).

está condicionada por factores xeográficos e sociais. Na área estudada rexistrouse variación nos verbos *caer* ~ *caír* e *decer* ~ *dicir*.


Nas variedades do galego conviven as variantes *caer* e *caír*. Cando se recolleron os datos para o ALGa (1990: mapa 160), nos anos setenta do s. XX, *caír* era a forma maioritaria na provincia de Ourense e no galego do Bierzo, era usada na área meridional da provincia de Pontevedra e era utilizada tamén en puntos illados fóra destas áreas. *Caer* era usado nas variedades da Coruña Lugo, Asturias e norte de Pontevedra. Con todo, nunha lectura atenta dos datos rexistrados no ALGa, pódese comprobar que son moitas as localidades en que as dúas variantes coexisten⁸².

Na área estudada, segundo os datos recadados co cuestionario (cfr. os mapas 29a, 29b e 29c), *caer* e *caír* úsanse en seis dos dez puntos estudados; nos outros catro recolleuse só *caer* (Vilar de Condes) ou só *caír* (Abelenda, A Arnoia e As Bouzas). Na xeración I o único punto onde se rexistra *caer* é Vilar de Condes. Na xeración II, amais de en Vilar de Condes recollemos *caer* na vila de Ribadavia. Na xeración III *caír* mantense en tres puntos do norte (Abelenda) e do suroeste da área (A Arnoia e As Bouzas). Destaca especialmente a alta frecuencia de *caer* (7 ocorrencias) entre os informantes do grupo de idade máis novo. Este feito pódese deber á coincidencia formal desta variante co galego estándar e, tamén, co castelán (Soto Andión 2003: 62).




Mapa 29a. Variación *caer* ~ *caír* (x. I)

⁸² *Caír* explícase tradicionalmente por anaxoxía con *sair* (*Normas*: 120). Para unha proposta complementaria vid. Malkiel (1986). Sobre este verbo e a alternancia entre CII e CIII vid. tamén Rodríguez (2014).



Mapa 29b. Variación *caer* ~ *cair* (x. II)



Mapa 29c. Variación *caer* ~ *cair* (x. III)

No caso da variable *decer* ~ *dicir*, o ALGa (1990: mapa 242) recolleu a variante *decer* en vinte puntos do territorio⁸³. Algúns destes puntos sitúanse na área limítrofe entre a provincia de Pontevedra e a de Ourense.


Na comarca investigada, cos datos recadados das gravacións, a variante maioritaria é *dicir*. A forma *decer* foi utilizada por Pen78m, unha informante que usa trazos moi conservadores. Esta informante usou en seis ocasións a variante *decer* (p. ex. *mandounos decer que, que el, ou tiña que estudar, ou cuidar o abuelo; non podo decer que son boa*) e noutras seis a variante *dicir* (p. ex. *vouche dicire; pódese dicir*). Polo


⁸³ Os datos recollidos nas enquisas do ALGa foron comentados por Carvalho Calero (1978).

tanto, a variante *decer* ten unha vitalidade moi escasa na área investigada. Só unha persoa da xeración I a emprega e, ademais, a carón de *dicir*.


15.12. Variación no verbo *bater*

Esta variable presenta unha variante galega (*bater*) e unha que é préstamo do castelán (*batir*). Os datos obtidos co cuestionario, indican que na maioría das localidades estudadas son empregadas as dúas variantes (cfr. mapas 30a, 30b e 30c). Unicamente nas Bouzas e en Orega se rexistrou exclusivamente unha delas: *bater*. Parécenos relevante que a vila de Ribadavia sexa o único lugar onde un informante da xeración I emprega *batir*. Na xeración II os puntos innovadores son os puntos do val (A Arnoia, Esposende, Regodeigón e Ribadavia). Na xeración III, ao contrario do que pasa noutras variables, en dúas destas localidades (Regodeigón e Ribadavia) emprégase a variante conservadora *bater*. Por xeracións, cómpre destacar o aumento na frecuencia de *batir* nas xeracións II e III.





Mapa 30b. Variación *bater* ~ *batir* (x. II)



Mapa 30c. Variación *bater* ~ *batir* (x. III)

15.13. Variación na posición do acento nas P4 e P5 do copretérito, antepretérito e pospretérito de indicativo e presente de subxuntivo

As P4 e P5 dalgúns tempos verbais presentan en galego variación entre a acentuación grave (ou paroxítona) e a esdrúxula (ou proparoxítona) no copretérito de indicativo (*cantabamos* ~ *cantábamos*, *cantabades* ~ *cantábades*), antepretérito de indicativo (*cantaramos* ~ *cantáramos*, *cantarades* ~ *cantárades*), pospretérito de indicativo (*cantariamos* ~ *cantaríamos*, *cantariades* ~ *cantaríaades*) e presente de subxuntivo (*cantemos* ~ *cántemos*, *cantedes* ~ *cántedes*)⁸⁴.


⁸⁴ Esta variabilidade dáse no conxunto do territorio galego. Para a variación nos tempos de indicativo Fernández Rei (1990b: 85) afirma que as variantes “con acentuación paroxítona son características de

Os estudos feitos sobre estas formas verbais, consideran que a acentuación paroxítona é a etimolóxica (AMABĀMŪS> *amabamos*, AMABĀTĪS> *amabades*, etc.) e explican as variantes con acentuación proparoxítona como resultado dun proceso de analogía (Dubert 1999: 218; Ferreiro 1999: 286; *Normas*: 107) consistente na “regularización acentual” (Ferreiro 1999: 305). Esta regularización provoca o desprazamento do acento do MMT (*amabamos*) á VT (*amábamos*) na P4 e P5 dos tempos verbais mencionados, seguindo o modelo acentual das outras formas do paradigma nas que a sílaba acentuada é sempre a da VT⁸⁵.


Para a P4 e P5 do copretérito de indicativo (*cantabamos* ~ *cantábamos*) contamos con datos procedentes das entrevistas ademais dos recollidos co cuestionario. Os datos obtidos das enquisas co cuestionario foron utilizados para confeccionar os mapas 31a, 31b e 31c. Segundo podemos comprobar neles, o factor diatópico semella influír na aparición das variantes. A variante con acentuación grave rexístrase no recanto noroccidental (Abelenda, Orega e Vilar de Condes) e no extremo sur (Louredo) da área estudada. Na xeración II, en Abelenda e Louredo recollemos a variante con acentuación grave e na xeración III unicamente na aldea de Louredo rexistramos a solución *cantabamos*. Polo tanto, a frecuencia desta variante é menor no grupo de idade III (1 ocorrencia) ca nos grupos de idade II (2 ocorrencias) e I (4 ocorrencias).

todo o centro e do sur do territorio lingüístico galego. No occidente e nordeste coruñés, centro e norte de Lugo, unha franxa do suroeste de Pontevedra, occidente de Asturias e algunhas falas de León e Zamora, produciuse un desprazamento acentual, da vocal do SMT á VT”. Vid. tamén o mapa 32 que ofrece este estudioso (Fernández Rei 1990b: 86), baseado nos datos do ALGa (1990).


⁸⁵ Vid. Santamarina (1974: 17): “la acentuación está íntimamente ligada a la VT: en aquellas formas arrizotónicas en que la VT existe, el acento es reclamado necesariamente sobre ella”. Sobre a acentuación destas formas verbais son de interese os traballos de Dubert (2012b) e de Parafita Couto (2007). Sobre a VT nos verbos galegos vid. Fernández Rei (1998) e Dubert (2004b).



Mapa 31a. Variación *cantabamos* ~ *cantábamos* (x. I)



Mapa 32b. Variación *cantabamos* ~ *cantábamos* (x. II)



Mapa 32c. Variación *cantabamos* ~ *cantábamos* (x. III)

No Gráfico 15 son representados os índices de uso de cada variante en cada un dos grupos de idade estudados⁸⁶. Os datos proceden das entrevistas. Nel pódense observar tres feitos que, na nosa opinión son significativos: a) as variantes con acentuación esdrúxula son as máis usadas polos tres grupos de idade; b) as formas graves son empregadas de xeito máis frecuente polos falantes do grupo de idade I ca polos do grupo de idade II, e son máis frecuentes na xeración II ca na xeración III; e c) a diferenza no índice de uso é maior se comparamos a xeración III coa II (0.1 vs. 0.3) ca se comparamos a xeración II coa I (0.3 vs. 0.4).






Gráfico 15. Distribución etaria das variantes paroxítona e proparoxítona das P4 e P5 do copretérito de indicativo

Para as formas de antepretérito, representamos os datos obtidos co cuestionario nos mapas 33a, 33b e 33c. A variante *cantaramos* foi recollida nos lugares de Abelenda, Louredo, Orega e Vilar de Condes, os mesmos onde recolleamos *cantabamos*, e a variante *cantáramos* en todos os lugares investigados. Na xeración II, na localidade de Orega recolleuse *cantáramos* e *cantaramos* en Abelenda, Louredo e Vilar de Condes. Na xeración III só se recolleu, en todas as localidades, a variante con acentuación esdrúxula. Tamén no caso das formas verbais do antepretérito asistimos a unha diminución do uso das variantes etimolóxicas nos grupos de idade II e III se comparamos estes grupos coa xeración I.


⁸⁶ Os datos para cada un dos informantes pódense consultar na táboa 6 do Anexo II. A cifra entre paréntese representa o índice de uso de cada variante.



Mapa 33a. Variación *cantaramos* ~ *cantáramos* (x. I)



Mapa 33b. Variación *cantaramos* ~ *cantáramos* (x. II)



Mapa 33c. Variación *cantaramos* ~ *cantáramos* (x. III)

Os datos recollidos nas entrevistas son coherentes cos obtidos mediante o cuestionario: os informantes que responderon *cantaramos* utilizan durante as entrevistas formas graves (p. ex., *hasta lle deixaramos un libro*, Abe71m; *xa nos embruteceramos*, Abe53m; *venderamos unha herdade*, Lou75m; *non deramos nada*, Lou48m; *xa nos casaramos antes*, Vil72m) e os que responderon *cantáramos* formas esdrúxulas (p. ex., *estuvéramos antes e gustounos*, Esp72m; *anduvéramos toda a noite a pé*, Pen78m; *fixéramos o pasacalles*, Pen23h; *fóramos á feira ese día*, Rib65h)⁸⁷.

Tendo en conta tanto as formas de copretérito como as de antepretérito⁸⁸, os datos obtidos amosan que as variantes graves rexistráronse con máis frecuencia nas entrevistas aos informantes de maior idade ca nas feitas aos máis novos. Aínda que a regularización acentual na P4 e P5 destes tempos verbais é considerada por algúns especialistas como un fenómeno interno da lingua, non se pode descartar que a coincidencia formal das variantes esdrúxulas co castelán estea a actuar como acelerador do cambio (Dubert 1999: 219; *Normas*: 108).

Segundo os datos obtidos co cuestionario, o comportamento da P4 e P5 do presente de subxuntivo é diferente das outras variables analizadas nesta alínea (Dubert 2012b)⁸⁹. A semellanza co castelán, que pode favorecer as variantes do tipo *cantábamos* e *cantáramos*, non favorece as variantes esdrúxulas na P4 e P5 do presente de subxuntivo. O uso na área estudada das variantes proparoxítonas (*cóllamos*) é escaso. O informante da xeración I de Regodeigón (Reg77h) foi o único informante que utilizou *cóllamos* e *cóllades* como respostas ás preguntas 106 (*collamos*) e 107 do cuestionario (*collades*). Esta persoa tamén empregou formas proparoxítonas durante a entrevista (*disfrutade mientras póidades*; *cando chéguedes á miña edá*; *que dentro dun ano nos véxamos aquí*; *xa o compraremos cando sálgamos*, Reg77h). A informante Esp72m usou durante a entrevista unha forma esdrúxula (*que estéamos aquí xa é diferente*,


⁸⁷ Se o clítico vai posposto á forma verbal fórmase unha palabra fonolóxica con acentuación preproparoxítona (p. ex., *atáramoslle os cordóns dos zapatos*, Rib65h; *fixéramoslle xa traballos pa eles*, Reg77h).

⁸⁸ As formas de pospretérito rexistradas nas entrevistas foron só tres, dúas con acentuación proparoxítona (*se non fora polos rapaces, hoxe ó mellore, inda estaríamos alí*, Esp72m; *cobraríamos as horas que botáramos*, Pen78m) e unha con acentuación paroxítona (*vós vendimariades onte*, Ore69h). Estes falantes amosan un comportamento similar no caso da acentuación do copretérito e antepretérito de indicativo.


⁸⁹ Fernández Rei (1990b: 85), que estuda os datos do ALGa, di sobre a variación acentual no subxuntivo que “no suroeste de Pontevedra, en falas da costa coruñesa [...] e esporadicamente noutras zonas, hai un desprazamento acentual á vocal radical (*cántemos*, *cóllamos*, *pártamos*)”. Un deses puntos onde o ALGa recolle formas coma *cóllamos* é Regodeigón.

Esp72m) pero deu *collamos* e *collades* como resposta ás preguntas do cuestionario. O resto dos informantes responderon *collamos* e *collades* ás preguntas correspondentes.


Ademais das preguntas 106 e 107, a cuestión 105 (*Facede o que queirades*) proporcionounos tamén datos de uso das dúas variantes da P4 e P5 do presente de subxuntivo. Estes están representados nos mapas 34a, 34b e 34c. A variante *quéirades* foi recollida nos lugares de Esposende, Orega, Penavaqueira e Regodeigón. As persoas que a usaron pertencen aos grupos de idade I e II. É posible que a entoación da oración que os informantes tiñan que producir, ao tratarse dunha orde, favoreza a aparición da forma proparoxítona do presente de subxuntivo.



Mapa 34a. Variación *queirades* ~ *quéirades* (x. I)



Mapa 34b. Variación *queirades* ~ *quéirades* (x. II)



Mapa 34c. Variación *queirades* ~ *quéirades* (x. III)

A analogía parece xogar un papel moi relevante na aparición das variantes do tipo *cantábamos*, *cantáramos* e *cántemos*. Non obstante, mentres que as dúas primeiras aumentan a súa frecuencia nos grupos de idade II e III⁹⁰, quizais por un proceso de interferencia negativa de converxencia co castelán, as variantes do subxuntivo con acentuación no radical (*cóllamos*, *quéirades*) son características dos grupos de idade I e II, non se rexistrando nin nas enquisas nin nas entrevistas cos falantes máis novos.

15.14. Variación na VT da P3 do pretérito de indicativo dos verbos da CIII


Nos verbos da CIII prodúcese unha variación nas falas galegas que permite distinguir entre dúas variedades. Nunha delas, que abrangue a metade noroeste de Galicia, exceptuando o recanto máis noroccidental da Coruña, os verbos da terceira conjugación presentan /e/ como VT (*parteu*, *reu*), coma os verbos da segunda conjugación (*comeu*, *bebeu*); na outra, que ocupa o territorio complementario, estas formas verbais teñen /i/ como VT (*partiu*, *riu*)⁹¹.

Na variedade analizada neste traballo encontramos tamén variación. Nos lugares de Orega e Abelenda utilízanse formas do tipo *parteu* e *reu*. No resto das localidades as variantes recollidas foron *partiu* e *riu*. A xulgar polos datos con que contamos a idade dos informantes non parece xogar un papel determinante no uso dunha ou doutra variante. Trátase, polo tanto, de variación estable. Nos mapas 35a, 35b e 35c


⁹⁰ Soto Andión (2003: 62) di que no galego da Terra de Montes “no es infrecuente encontrar en el copretérito y en el antepretérito soluciones con acento en la VT. Esta acentuación en la VT es más usual en los jóvenes, sobre todo por la presión que en ellos ejerce el castellano”. Vid. tamén Soto Andión (2003: 63 e 2014: 234)

⁹¹ Cfr. os datos fornecidos polo ALGa (1990: mapa 145) e Fernández Rei (1990b: 83-84).


presentamos a distribución destas dúas variantes na área estudada. Esta distribución pode indicar que a comarca estudada se sitúa no límite das dúas áreas das que falamos. Os puntos máis setentrionais da comarca forman parte da área onde a VT do pretérito de indicativo dos verbos da CIII é /e/ (*parteu, reu*) e o resto das localidades da comarca (meridionais e orientais) pódense incluír na área onde a VT do pretérito de indicativo dos verbos CIII é /i/ (*partiu, riu*).



Mapa 35a. Variación *parteu* ~ *partiu* (x. I)



Mapa 35b. Variación *parteu* ~ *partiu* (x. II)




Mapa 35c. Variación *parteu* ~ *partiu* (x. III)

15.15. Variación no MNP da P2 do pretérito de indicativo


A P2 do pretérito de indicativo é unha forma verbal da cal se rexistraron diversas variantes en galego: *cantaste*, *cantastes*, *cantaches* e *cantache* (Fernández Rei 1990b: 87-88; Szijj 2002: 49-50). Na área estudada, as variantes recollidas foron dúas: a primeira presenta un /s/ final, de orixe analóxica (Fernández Rei 1990a), que cumpre a función de MNP (*cant-a-che-s*) e a segunda non posúe este morfema (*cant-a-che*)⁹².

A variante *cantaches* foi recollida nas enquisas co cuestionario en todas as localidades estudadas e a variante *cantache* rexistrouse en catro lugares, situados nas marxes da área (As Bouzas, Orega, Penavaqueira e Vilar de Condes) (mapas 36a, 36b e 36c). Os datos obtidos parecen indicar que a variante sen /s/ final semella ser característica da fala das persoas da xeración I. Na xeración II esta variante recolleuse no lugar de Vilar de Condes, onde tamén emprega *cantache* a informante da xeración I. Ningún informante do grupo de idade III usou esta variante, o que pode apuntar a unha tendencia de cambio en marcha.


⁹² Para Fernández Rei (1990b: 87) as formas “[*canta*]ste e [*canta*]che, sufriron posteriormente a adición dun -s, morfema característico das segundas persoas verbais”, orixinando as variantes [*canta*]stes e [*canta*]ches. Segundo este autor, que manexa datos do ALGa (1990), hai unha “maior concentración de formas con -s no occidente”. O ALGa tamén reflicte un “avance desta forma sobre [*canta*]che, que se refuxia como forma única cada vez máis contra a parte oriental” (Fernández Rei 1990b: 87). Vid. tamén o mapa 33 de Fernández Rei (1990b), onde este autor sintetiza os datos fornecidos polo ALGa (1990: mapas 7, 54, 76, 105, 127, 144, 185, 201, 213, 224, 260, 312, 324, 360, 401 e 412). Porto Dapena (1977: 157) detecta a tendencia contraria na fala da comarca de Ferrol xa que “los hablantes más castellanizantes tienden a usar las formas coincidentes con las castellanas”, i. e. as formas sen MNP /s/ (cfr. cast. *cantaste*).



Mapa 36a. Variación *cantaches* ~ *cantache* (x. I)



Mapa 36b. Variación *cantaches* ~ *cantache* (x. II)



Mapa 36c. Variación *cantaches* ~ *cantache* (x. III)

Na táboa 11 represéntanse os índices de uso e as ocorrencias totais de cada variante dos informantes que usaron, durante as entrevistas, polo menos nunha ocasión, a variante sen -s. Das seis persoas que utilizan esta variante, tres empregárona sempre mentres que outros tres usaron tamén a variante con -s. Os datos recadados das gravacións coinciden cos obtidos co cuestionario. A informante Esp72m deu como resposta ao cuestionario *cantaches* pero durante a entrevista empregou a variante sen -s nunha ocasión.

	P2 do pretérito sen -s		P2 do pretérito con -s	
	Ocorrencias	Índice	Ocorrencias	Índice
Bou80m	3	1	0	0
Esp72m	1	0.14	6	0.85
Ore69h	12	0.86	1	0.14
Pen78m	11	1	0	0
Vil72m	4	1	0	0
Vil48h	4	0.66	2	0.33


Táboa 11. Ocorrencias da P2 do pretérito de indicativo con -s e sen -s

15.16. Variación no pretérito do verbo *dar*


Nesta epígrafe imos estudar a variación na P1 e P3 do pretérito de indicativo do verbo *dar*. Segundo os datos procedentes do cuestionario, para a P1 do pretérito de *dar* existen, na comarca investigada, dúas variantes: *dei* e *din*. A primeira é a forma etimolóxica (*dei* <DĒDI) e a segunda é analóxica con *vin* (P1 do pretérito de *ver*) e coa P1 do pretérito dos verbos regulares da segunda e terceira conxugacións (Santamarina 1974:44; Ferreiro 1999: 326; *Normas*: 135). Estas dúas variantes eran as máis empregadas nos anos 70, cando se fixo o estudo de campo para o ALGa (1990: mapa 223). Na área limítrofe entre Pontevedra e Ourense, que coincide parcialmente coa área que estudamos existían puntos onde só se recolleu *dei* ou *din* e puntos onde se recolleron as dúas formas.

A distribución xeográfica das variantes recollidas é a seguinte: *dei* recolleuse en tres lugares do extremo occidental e meridional da comarca (Abelenda, Louredo e Penavaqueira) e *din* en todos os puntos menos en Abelenda (mapas 37a, 37b e 37c). No


punto de Abelenda o comportamento dos informantes das tres xeracións é idéntico (mantemento de *dei*). Nos lugares de Penavaqueira e Louredo, *dei* non é utilizado polos informantes da xeración III e si polos das xeracións I e II. Polo tanto, a forma que está a aumentar a súa frecuencia entre os máis novos é *din* (Fernández Rei 1990a: 633).



Mapa 37a. Variación *dei* ~ *din* (x. I)



Mapa 37b. Variación *dei* ~ *din* (x. II)




Mapa 37c. Variación *dei* ~ *din* (x. III)

No que respecta á P3 do pretérito deste verbo, son tres as variantes recollidas: *deu*, *diu* e *dou*. As tres son variantes formadas por analoxía (Santamarina 1974: 44; Ferreiro 1999: 326-327; *Normas*: 136): *diu* é analóxica con *viu* e a P3 do pretérito dos verbos da terceira conjugación (*viviu*, *serviu*, *seguiu*, etc.); *deu* é analóxica coa P3 do pretérito dos verbos da segunda conjugación (*comeu*, *colleu*, *bebeu*, etc.); e *dou* formouse por analoxía coa P3 do pretérito dos verbos da primeira conjugación (*cantou*, *falou*, *ladrou*, etc.). No ALGa (1990: mapa 225) pódese ver que *dou* era a forma maioritaria na provincia da Coruña e no norte da de Pontevedra, *deu* domina no resto de Galicia, aínda que nalgúns puntos, coma o San Amaro e Allariz, se documenta a variante *diu*. Estes dous puntos están relativamente próximos do límite oriental da área estudada nesta tese.


Na zona investigada para este traballo, *deu* é a variante máis usada (cfr. os mapas 38a, 38b e 38c). *Diu* rexistrouse en localidades orientais e meridionais da comarca (As Bouzas, Esposende e Louredo) e *dou* só na aldea de Abelenda, o punto máis setentrional entre os estudados. Tanto a existencia de *diu* coma a de *dou* neses puntos pódese poñer en relación cos datos fornecidos polo ALGa (1990: mapa 225). Á vista dos datos de uso nas xeracións estudadas, a distribución das variantes entres os grupos de idade I e II é idéntica. Na xeración III, en cambio, desaparece *dou* de

Abelenda⁹³ e recóllese *deu*, e *diu* só se mantén nas Bouzas, sendo empregado *deu* na Arnoia e Esposende.

En resumo, as variantes que aumentan a súa frecuencia nos grupos de idade II e III son *din* (P1) e *deu* (P3). Ambas sas dúas son analóxicas co pretérito da segunda conxugación (*bebín, bebeu*). Isto semella significar que a analogía coa segunda conxugación é un elemento facilitador do cambio.




Mapa 38a. Variación *deu* ~ *diu* ~ *dou* (x. I)



Mapa 38b. Variación *deu* ~ *diu* ~ *dou* (x. II)

⁹³ Soto Andión (2003: 62) afirma que “*dar* (< *dare*) presenta en la P3 del pretérito *o* (*dou*) como VT. La *e* (*deu* < *dedit*, resultado normativo) puede escucharse de modo esporádico en hablantes jóvenes de la villa por influencia del Gallego escolar”.



Mapa 38c. Variación *deu* ~ *diu* ~ *dou* (x. III)

15.17. Variación no tema de pretérito do verbo *saber*


O radical do tema de pretérito do verbo *saber* constitúe unha variable con tres variantes no galego do Ribeiro: *soub-*, *soup-* e *sup-*. Mentres *soub-* é a variante etimolóxica (SAPŪIT > *soubo*), *soup-* apareceu como consecuencia do cruzamento entre *soub-* e o radical castelán *sup-* (Fernández Rei 1978: 299; *Normas*: 134)⁹⁴. O ALGa (1990: mapa 348) amosa que o radical *soup-* era o máis frecuente en Galicia, especialmente no interior de Lugo e Ourense, a mediados dos anos 70. O radical *soub-* recolleuse sobre todo na provincia da Coruña e na zona limítrofe das provincias de Ourense e Pontevedra, unha área parcialmente coincidente coa estudada neste traballo. A variante *sup-* empregábase especialmente no galego das Rías Baixas e do Baixo Miño e nalgúns puntos illados coma Regodeigón.

Os datos recollidos co cuestionario, correspondentes á P1 do pretérito (mapas 39a, 39b e 39c) amosan que *souben* se utiliza maioritariamente en puntos laterais da comarca (A Arnoia, Abelenda, As Bouzas, Penavaqueira e Vilar de Condes); o mesmo ocorre con *soupen*, recollida na Arnoia, Abelenda, As Bouzas, Louredo, Orega, Penavaqueira e Vilar de Condes; *supen* aparece sobre todo nas localidades do centro da comarca (A Arnoia, Abelenda, Esposende, Orega, Regodeigón e Ribadavia). Os datos que foron recollidos nas entrevistas coinciden cos rexistrados co cuestionario.

⁹⁴ Ferreiro (1999: 106), pola contra, estima, sen descartar o castelanismo, que a consoante radical /p/ en *soupen*, *coupen*, etc. é unha variante galega. A non sonorización de /p/ sería explicable para este autor pola presenza do [w].


Por xeracións *souben* é utilizado por catro informantes da xeración I, por dous da II e por unha da III; *soupen* por tres informantes da x. I, dúas da xeración II e seis da xeración III; e *supen* por tres da xeración I, seis da xeración II e tres da xeración III. Cómpre destacar que na vila de Ribadavia, Esposende e Regodeigón, no val do Avia, unicamente se rexistrou *supen*. Tamén é destacable o uso de *souben* por parte de Arn19m, xa que esta variante non é empregada polas informantes de máis idade dese punto. Quizais esteamos neste caso ante un préstamo do estándar. Á luz dos datos recollidos, semella que nas xeracións II e III diminúe a frecuencia de *souben* e aumenta a de *soupen* e *supen*.

O pretérito do verbo *caber* presenta unha variación similar á do verbo anterior entre os radicais *coub-*, *coup-* e *cup-*. Porén, só contamos con dúas ocorrencias deste verbo co tema de pretérito xa que foi usado por un único informante (*que non coupera xente pa que non caíran os rapaces; non me coupo o viño no pipote, Ore69h*)⁹⁵. Este individuo presenta o radical *coup-* para o pretérito do verbo *caber* e o radical *soup-* para o pretérito do verbo *saber*.




Mapa 39a. Variación *souben* ~ *soupen* ~ *supen* (x. I)

⁹⁵ As relativamente escasas aparicións de *caber* seguramente son debidas a que a maioría dos informantes usan *coller* (p. ex. *somos seis e non collemos no coche, Ore47m; xa non collo nesa falda, Arn63m*). No galego da comarca de Ferrol, Porto Dapena (1979: 193) dá conta do mesmo fenómeno.



Mapa 39b. Variación *souben* ~ *soupén* ~ *supén* (x. II)



Mapa 39c. Variación *souben* ~ *soupén* ~ *supén* (x. III)


15.18. Variación na P2 e P6 dos verbos tipo *caer*

Na P2 e na P6 dos verbos rematados en *-oer*, *-oír*, *-aer*, *-aír* (p. ex., *caer* ~ *caír*, *traer*, *saír*, *moer*, etc.) produciuse, en moitas variedades galegas, a crase entre a VR e a VT ([*'kaes̺*] > [*'kaʂ*], [*'kaeŋ*] > [*'kaŋ*]) (Dubert 1995). As variantes tipo [*'kaes̺*] eran as máis usadas en Galicia cando se realizaron as enquisas para o ALGa (1990: mapas 162 e 381). Aínda que na maioría dos puntos conviven coas variantes do tipo [*'kaʂ*], estas últimas non se recollen en moitas áreas do territorio coma o occidente da Coruña e Pontevedra e o occidente de Asturias, León e Zamora⁹⁶. Mentres na primeira área hai

⁹⁶ A explicación máis aceptada para a aparición das variantes tipo [*'kaʂ*] é que se produciu un proceso asimilatorio da VT /e/ á vogal radical /a/ e isto xerou un hiato de dúas vogais homorgánicas que acabou

unha preferencia polas variantes tipo ['kae̯s̯], na segunda as variantes máis frecuentes son do tipo ['kaj̯s̯], con semivogal palatal ocupando o lugar da VT.


Os datos obtidos mediante o cuestionario para esta variante corresponden á P2 do verbo *caer*. No Ribeiro coexisten as variantes *caes* ['kae̯s̯], *cas* ['ka̯s̯] e *caies* ['kaj̯e̯s̯] (vid. mapas 40a, 40b e 40c). A variante *caes* foi recollida en todas as localidades excepto en Abelenda. *Caies*, con *iode antihiático*, rexistrouse no lugar de Esposende⁹⁷. A variante *cas* aparece nos puntos de Abelenda, A Arnoia, As Bouzas, Louredo, Orega e Vilar de Condes. Na xeración I a variante *caes* utilízase unicamente en dous lugares do val (Regodeigón e Ribadavia). Na xeración II, aumenta a frecuencia de *caes* (6 ocorrencias) e diminúe a de *cas* (4 ocorrencias) e *caies* (0 ocorrencias). Neste grupo de idade a variante *cas* mantense no centro-sur da área estudada (A Arnoia, As Bouzas e Penavaqueira) e no extremo norte (Abelenda). Na xeración III só contamos cunha ocorrencia da variante *cas* en Abelenda e nove de *caes*, no resto de localidades estudadas.




Mapa 40a. Variación *caes* ~ *caies* ~ *cas* (x. I)

monotongando (['kae̯s̯] > *['kaa̯s̯] > ['ka̯s̯]) (Ferreiro 1999: 93). Dubert (1995) apunta a posibilidade de que a VT /e/ xerase unha semivogal palatal [j] (['kae̯s̯] > ['kaj̯e̯s̯]) e que despois se produce a desaparición da semivogal (['kaj̯e̯s̯] > ['ka̯s̯]), tal e como ocorre con outras palabras nalgunhas variedades galegas (p. ex. ['maj̯s̯] > ['ma̯s̯], [de̯s̯'po̯j̯s̯] > [de̯s̯'po̯s̯]).

⁹⁷ Algúns informantes da xeración I empregan este segmento noutros contextos lingüísticos (p. ex., *estaia a cortare* [a cebola], Pen78m; *estaio comendo* [o bocadillo], Reg77h; *oies*, Vil72m).



Mapa 40b. Variación *caes* ~ *caies* ~ *cas* (x. II)



Mapa 40c. Variación *caes* ~ *caies* ~ *cas* (x. III)


Á vista destes datos, parece existir un proceso de cambio en marcha xa que nas xeracións II e III é máis frecuente a variante *caes*, mentres que na xeración I a máis frecuente é a variante *cas*. A variante *caes* ten ao seu favor o ser a variante máis frecuente en galego, e mais a súa coincidencia co galego estándar e tamén co castelán.

Os datos das entrevistas son coincidentes cos recadados co cuestionario. Rexistramos variantes con crase na fala de varios informantes. As formas recollidas pertencen ao paradigma dos verbos *traer* (P2: *tras o fillo*, Pen56h; P6 *a roupa que tran*, Ore69h; P6; *tran pan de millo*, *tran empanadas* Vil72m), *doer* (P6: *don moito*, Pen78m) e *sair* (P2: *por que non sas?*, Pen78m; P6: *millor ca as que san aí na televisión* Pen78m).


15.19. Variación na VR do imperativo dos verbos da CII

No sueste da provincia de Ourense e do sur da provincia de Lugo (cfr. ALGa 1990: mapa 68) a P2 do imperativo dos verbos da CII presenta un /i/ ou un /u/ como VR (*bibe, cume, turce...*). No resto de variedades do galego, a VR da P2 do imperativo dos verbos da CII é /e/ ou /o/ (*bebe, come, torce...*). As variantes tipo *cume* e *bibe* denomínanse hipercharacterizadas (Fernández Rei 1980: 32). A existencia destas variantes acostuma explicarse como consecuencia da metafonía que exerceu o /e/ final sobre a vogal tónica, facendo que esta se pechase un grao (Álvarez 1988: 150; Ferreiro 1999: 43). Outro posible factor que puido contribuír foi a vontade de distinguir, aínda máis, a P3 do presente de indicativo da P2 do imperativo. Nos dialectos do galego onde este cambio non operou, estas dúas formas verbais opóñense fonoloxicamente polo grao de abertura das vogais medias. No presente, a VR é /ɛ/ (*el b[e]be*) ou /ɔ/ (*el c[ɔ]me*), mentres que no imperativo é /e/ (*b[e]be!*) ou /o/ (*c[o]me!*), respectivamente.


Mediante o cuestionario, recolléronse *cume* e *bibe* nos lugares da Arnoia, As Bouzas e Louredo (Mapas 41a, 41b, 41c, 42a, 42b e 42c). É moi significativo que estes tres lugares se sitúen na beira esquerda do Miño mentres os outros sete estean na beira dereita deste río. Son localidades próximas a aquelas en que o ALGa (1995: mapa 68) recolleu as variantes con /i/ e /u/ como VR. Nestes lugares, as variantes con /i/ e /u/ son máis frecuentes nos informantes de máis idade (3 ocorrencias nas xeracións I e II e 1 na xeración III) e isto podería estar indicando un proceso de cambio. A este proceso contribuiría o contacto con outras variedades.




Mapa 41a. Variación *come* ~ *cume* (x. I)




Mapa 41b. Variación *come* ~ *cume* (x. II)




Mapa 41c. Variación *come* ~ *cume* (x. III)



Mapa 42a. Variación *bebe* ~ *bibe* (x. I)



Mapa 42b. Variación *bebe* ~ *bibe* (x. II)



Mapa 42c. Variación *bebe* ~ *bibe* (x. III)


15.20. Variación no MNP da P5 do imperativo da CI e CII

Para a P5 do imperativo, recolléronse na zona estudada dúas variantes, unha que mantén o /d/ etimolóxico no MNP (*cantade*, *facede*, etc.) e outra que non o conserva (*cantai*, *facei*, etc.). Segundo os datos dos anos 70, estas últimas son propias do galego oriental e da zona sur das provincias de Ourense e Pontevedra (vid. ALGa 1990: mapas 26, 69 e 156).


Na comarca do Ribeiro, as variantes *cantai* e *facei*⁹⁸ recolléronse, mediante o cuestionario, en puntos meridionais área (Arnoia, As Bouzas, Louredo, Penavaqueira e Vilar de Condes) (cfr. mapas 43a, 43b, 43c, 44a, 44b, 44c). Fóra destes puntos as únicas

⁹⁸ No caso de *facede* ~ *facei* non se tivo en conta a variación entre os radicais *fac-*, *fag-* e *fa-* (vid. *supra*).


variantes que se rexistraron foron *cantade* e *facede*. Esta información mostra unha certa correlación cos datos do ALGa, obra que rexistrou hai catro décadas formas de imperativo sen /d/ en puntos situados ao sur, este e oeste do lugar de Regodeigón (punto O. 15 do ALGa) mais non nesta localidade.



Mapa 43a. Variación *cantade* ~ *cantai* (x. I)




Mapa 43b. Variación *cantade* ~ *cantai* (x. II)




Mapa 43c. Variación *cantade* ~ *cantai* (x. III)

Nos puntos en que se recolleron, as variantes sen /d/ do imperativo son máis frecuentes nos informantes do grupo I (10 ocorrencias) ca nos dos grupos II (7 ocorrencias) e III (1 ocorrencia). A variante *cantai* rexistrouse máis (10 ocorrencias) ca a variante *facei* (8 ocorrencias). Polo tanto, dous informantes (Bou54m e Pen23h) empregaron *cantai* pero *facede*. A principal conclusión á que chegamos é que as formas de imperativo sen /d/ caracterizan a fala dos informantes das xeracións I e II dalgúns puntos meridionais e son moi raras nos informantes do grupo de idade III ⁹⁹.




Mapa 44a. Variación *facede* ~ *facei* (x. I)

⁹⁹ Se reparamos na información que nos fornece o ALGa sobre o galego falando a mediados da década dos setenta do século pasado, comprobamos que en moitos lugares de Galicia se utilizaban formas do tipo *cantai* para o imperativo pero do tipo *cantades* para a P5 do presente de indicativo. A vulgar polos datos recollidos, na área estudada tamén se daría esta mesma situación: o emprego de *cantai* no imperativo e *cantades* no presente (Fernández Rei 1990b: 90; Ferreiro 1999: 289, nota 364; Dubert e Mariño 2004; Mariño 2014).



Mapa 44b. Variación *facede* ~ *facei* (x. II)



Mapa 44c. Variación *facede* ~ *facei* (x. III)

15.21. Variación no presente de subxuntivo dos verbos *estar* e *dar*

Nesta aliña imos tratar as diferentes variantes da P3 do presente de subxuntivo de *dar* e *estar*. As variantes recollidas na área estudada foron as seguintes: *dea*, *día*, *díe* e *dé* para o verbo *dar* e *estea*, *estía*, *estíe* e *esté* para *estar*. *Estea* (<*STEAT) e *dea* (<*DEAT) orixinaron as formas *día* e *estía* nalgunhas variedades debido ao cambio /ea/ > /ia/ do hiato (Ferreiro 1999: 325-326; Normas: 136-137 e 146)¹⁰⁰. *Dé* e *esté* son moi probablemente préstamos do castelán no galego¹⁰¹. A orixe das variantes *díe* e *estíe*

¹⁰⁰ Este cambio /ea/ > /ia/ tamén se deu en italiano (*día*, *stía*). No leonés, a diferenza do ocorrido en castelán, mantivéronse as formas etimolóxicas *dea* e *estea* (Lausberg 1966: 278).

¹⁰¹ *Esté* (<STĒT) e *dé* (<DĒT) son as variantes medievais que desapareceron substituídas por *estea* e *estía* (Normas: 137). Cremos, por tanto, que os *dé* e *esté* empregados en moitas variedades galegas son

puido deberse, na nosa opinión, a un cruzamento entre *dé* e *día* e *esté* e *estía* respectivamente.

No ALGa (1990: mapa 230) pódese ver que, a mediados dos 70 do s. XX, *dea* era a variante máis xeral no territorio galego, que *día* e *díe* eran as variantes propias dalgunhas localidades situadas maioritariamente no oriente do territorio e que a presenza de *dé* era anecdótica. No que respecta ás variantes da P3 de *estar*, a mesma fonte (ALGa 1990: mapa 248) reflicte a seguinte situación: *estea* era, nesa época, a variante maioritaria en galego, especialmente no occidente e nas provincias de Ourense e Lugo; as variantes *estía* e *estíe* era utilizadas nuns poucos lugares do Bierzo; e a variante *esté* foi recollida en bastantes localidades da provincia de Ourense¹⁰².

Nos mapas 45a, 45b e 45c cartográfanse as variantes de *dea*, que teñen a seguinte distribución territorial: *dea* na Arnoia, Abelenda, As Bouzas, Esposende, Louredo, Penavaqueira, Regodeigón e Ribadavia; *día* na Arnoia, Abelenda, As Bouzas, Esposende, Louredo, Orega e Penavaqueira; *dé* en Abelenda, Orega, Ribadavia e Vilar de Condes; e *díe* en Penavaqueira e Vilar de Condes.

Por xeracións, no grupo de idade I a variante máis frecuente é *día* (6 ocorrencias) que aparece no norte e oeste da comarca; neste grupo úsase tamén a variante *díe*, en dous puntos contiguos da área occidental e montañosa (Penavaqueira e Vilar de Condes), a variante *dea* en Regodeigón e o castelanismo *dé* en Ribadavia.


Na xeración II a forma máis frecuente é, novamente, *día* (4 ocorrencias) e rexístrase en tres puntos onde é utilizada por membros da xeración I (As Bouzas, Louredo e Orega) e nun punto no que a informante da xeración I usa outra forma (Penavaqueira). Neste mesmo grupo, o II, a variante *dea* recolleuse en tres puntos do centro da área (A Arnoia, Esposende e Regodeigón), o préstamo do castelán *dé* en dous (Abelenda e Ribadavia) e a variante *díe* na aldea de Vilar de Condes, lugar onde a informante da xeración I tamén emprega esta forma.

No grupo de idade III a distribución das variantes é completamente diferente. A forma *dea* é a máis frecuente (8 ocorrencias), mentres que o castelanismo *dé* se recolleu


préstamos do castelán e non descendentes das formas medievais orixinais (Soto Andión (2014: 235). Vid. Soto Andión (2003: 64) quen di que a variante *esté* “se encuentra por presión del Castellano en hablantes jóvenes o en algunos de mediana edad que utilizan un Gallego con abundantes interferencias del Castellano”.

¹⁰² Taboada documenta no val de Verín a alternancia *dea* ~ *día*, indicando que *día* é a propia dos “pueblos menos castellanizados” (Taboada 1979: 146-147). Non rexistrou na área de Verín a existencia da variante *estía* xa que só se usa *estea* (Taboada 1979: 148).


en dous puntos (Orega e Vilar de Condes) onde non era usado polos informantes das xeracións I e II. En resumo, nos grupos de idade I e II a variable conta con catro variantes das cales *día* é a máis frecuente, e no grupo de idade III recolléronse dúas variantes das cales *dea* (a máis frecuente segundo o ALGa e coincidente co estándar) é a máis frecuente e *dé* (préstamo do castelán) a menos frecuente.



Mapa 45a. Variación *dea* ~ *día* ~ *die* ~ *dé* (x. I)



Mapa 45b. Variación *dea* ~ *día* ~ *die* ~ *dé* (x. II)



Mapa 45c. Variación *dea* ~ *día* ~ *die* ~ *dé* (x. III)

No que respecta ao subxuntivo de *estar*, *estea* foi recollido en Abelenda, Esposende, Louredo, Orega, Penavaqueira, Regodeigón e Ribadavia; *esté* na Arnoia, Abelenda, Esposende, Louredo, Orega, Penavaqueira, Ribadavia e Vilar de Condes; *estía* nas Bouzas e Vilar de Condes; e *estíe* nas Bouzas (mapas 46a, 46b e 46c).


Por grupos de idade, na xeración I *estea* é a forma máis frecuente (6 ocorrencias) e recolleuse en puntos do norte e do sur da área. As outras tres variantes documéntanse no centro da área: o castelanismo *esté* (2 ocorrencias) na Arnoia e Ribadavia, a forma *estía* nas Bouzas e *estíe* en Vilar de Condes.

Na xeración II a variante *esté* aumenta a súa frecuencia (6 ocorrencias) e ocupa o sur e parte do norte da comarca. As variantes *estía* e *estíe* documéntanse nos mesmos lugares ca na xeración I (As Bouzas e Vilar de Condes respectivamente). A forma *estea* recóllese en dous lugares onde tamén se documentou na xeración I (Orega e Regodeigón).


Na xeración III a variante máis frecuente é tamén *esté* (5 ocorrencias), empregada no occidente da área. A variante *estea* (4 ocorrencias) é máis frecuente na zona central da comarca e destaca o seu uso por parte de Rib20h. A forma *estíe* só se recolleu neste grupo de idade no lugar das Bouzas.

En resumo, a variante *estea* é a máis frecuente no grupo de idade I. No grupo de idade II a máis frecuente é *esté*, ao igual ca na xeración III. Non obstante, na xeración III a forma maioritaria en galego (e coincidente co estándar) *estea* é máis frecuente ca na xeración II (4 ocorrencias na xeración III vs. 2 no grupo de idade II). Neste sentido, é


de interese que *estea* sexa usada por Rib20h, cando ningún dos falantes dos outros grupos da vila de Ribadavia empregou esa forma.



Mapa 46a. Variación *estea* ~ *estía* ~ *estíe* ~ *esté* (x. I)



Mapa 46b. Variación *estea* ~ *estía* ~ *estíe* ~ *esté* (x. II)




Mapa 46c. Variación *estea* ~ *estía* ~ *estie* ~ *esté* (x. III)

16. VARIACIÓN NOS ADVERBIOS DE TEMPO E LUGAR


16.1. *Antonte*

As formas correspondentes ao adverbio que designa ‘o día antes de onte’ nas variedades galegas serven para caracterizar a área estudada neste traballo¹⁰³. Esta variable presenta, segundo os datos obtidos co cuestionario, na comarca do Ribeiro, catro variantes (mapas 47a, 47b e 47c): *nantronte*, *noutronte*, *antonte* e *antes de onte* (que constitúe unha única palabra fonolóxica: [an̪ter'ðont̪e] ou [an̪tez'ðont̪e]). O cruzamento entre *noutronte* (< no outro onte) e *antonte* (< ante + onte) provocou a aparición de *nantronte* (*Normas*: 173). Estas variantes, desde o punto de vista diatópico, repártense da seguinte maneira: *antesdonte* aparece en todos os puntos excepto en Louredo; *nantronte* nos lugares de Abelenda, A Arnoia, As Bouzas e Louredo; *noutronte* en Orega, Penavaqueira e Regodeigón; e *antonte* só na vila de Ribadavia.


¹⁰³ Para a distribución xeográfica desta variable en galego cfr. ALGa (1995: mapa 326).



Mapa 47a. Variación *nantronte* ~ *noutronte* ~ *antonte* ~ *antes de onte* (x. I)



Mapa 47b. Variación *nantronte* ~ *noutronte* ~ *antonte* ~ *antes de onte* (x. II)



Mapa 47c. Variación *nantronte* ~ *noutronte* ~ *antonte* ~ *antes de onte* (x. III)

Desde o punto de vista da distribución por xeracións cómpre destacar os seguintes aspectos: a) o uso de *noutronte* restrínxese a algúns informantes do grupo de idade I; b) a alta frecuencia de *antes de onte* na xeración II (7 ocorrencias) e III (8 ocorrencias), se as comparamos coa xeración I (4 ocorrencias); c) a variante *nantronte* é utilizada na xeración I nos extremos da área (Abelenda, As Bouzas e Louredo) e nas xeracións II e III só se recolleu nos puntos que están ao sur do río Miño, no grupo de idade III só a utilizou Lou16h; e d) o uso de *antonte* polo informante máis novo da vila de Ribadavia. Non se pode descartar, non obstante, que un mesmo falante empregue máis dunha forma, e que a maneira de recoller os datos, co cuestionario, non dea conta desta realidade.


16.2. *Hoxe*¹⁰⁴

Na maioría das variedades do galego emprégase *hoxe* co significado de ‘o día presente’, mais nalgunhas variedades de Ourense, este adverbio presenta /u/ como vogal tónica: *huxe*. A elevación do primitivo /o/ (*hoxe* <HÖDĪE) ata se tornar un /u/ foi provocada pola metafonía do /e/ final (Álvarez 1988: 150; Ferreiro 1999: 43).


No Ribeiro recolleamos *huxe* unicamente nos tres puntos que están ao sur e ao leste do Miño (A Arnoia, As Bouzas e Louredo) (cfr. mapas48a, 48b e 48c). Os datos que elicitamos co cuestionario semellan gardar relación cos que fornece o ALGa (2005: mapa 170). Este atlas recolle o uso de *huxe* en sete puntos da área suroccidental da provincia de Ourense, situados ao sur do río Miño.

Nos tres lugares citados, a variante con /u/ é utilizada polos informantes das xeracións I e II, mais no caso dos falantes máis novos, só a rexistramos na entrevista a Bou29m. Na xeración III, polo tanto, a variante maioritaria en galego (*hoxe*) ten unha frecuencia maior ca nos outros dous grupos de idade.


¹⁰⁴ Esta variable non é estritamente morfolóxica. Decidímolos incluír, a pesar disto, xa que analizamos outros adverbios de tempo coma *antonte* e *mañá*. Ademais, esta variable é utilizada por Fernández Rei na súa clasificación dos dialectos galegos (cfr. Fernández Rei 1990b: 103 e 134). Para a extensión de *huxe* e *hoxe* cfr. os mapas 38 e 381 do ALGa (1999) e o mapa 170 do ALGa (2003).



Mapa 48a. Variación *hoxe* ~ *huxe* (x. I)



Mapa 48b. Variación *hoxe* ~ *huxe* (x. II)




Mapa 48c. Variación *hoxe* ~ *huxe* (x. III)

16.3. Mañá


A variación que afecta a este adverbio de tempo tamén se dá no caso do substantivo homónimo¹⁰⁵. No territorio galego, cando se fixeron as enquisas para o ALGa (2005: mapa 175), *mañán* empregábase especialmente no occidente do territorio e *mañá* na zona central e oriental.

As variantes recollidas no Ribeiro, mediante o cuestionario, son *mañá* e *mañán*. A primeira recolleuse nos puntos da Arnoia, Abelenda, As Bouzas, Louredo e Ribadavia. A segunda en nove lugares: A Arnoia, As Bouzas, Esposende, Louredo, Orega, Penavaqueira, Regodeigón, Ribadavia e Vilar de Condes (mapas 49a, 49b e 49c). Só no lugar de Abelenda non se recolleu en ningún grupo de idade a variante *mañán*, que é a forma maioritaria na área. Na xeración II, *mañá* emprégase tamén na vila de Ribadavia. Na xeración III, a frecuencia de *mañán* é menor (5 ocorrencias), xa que a forma *mañá* é empregada polos informantes da xeración III de Abelenda, A Arnoia, As Bouzas, Louredo e Ribadavia. Os datos recadados apuntan a que a frecuencia de *mañá* é maior nos falantes máis novos, o que podería indicar unha tendencia de cambio, ao igual ca ocorre cos substantivos que presentan variación *-án ~ -á*.




Mapa 49a. Variación *mañá ~ mañán* (x. I)

¹⁰⁵ A variación *-án ~ -á* nos substantivos foi analizada na epígrafe §6.



Mapa 49b. Variación *mañá* ~ *mañán* (x. II)



Mapa 49c. Variación *mañá* ~ *mañán* (x. III)


16.4. *Aquí*

Aquí é un adverbio de lugar que indica “neste lugar, no lugar en que está o que fala” (Álvarez e Xove 2002: 610). Trátase, polo tanto, dun adverbio deíctico de proximidade (Álvarez e Xove 2002: 610). Na comarca do Ribeiro existen dúas variantes para este adverbio: *aquí* e *eiquí*. Para a distribución territorial das variantes nos anos 70 do s. XX pódese consultar o ALGa (1995: mapa 310). *Aquí* é a forma maioritaria en Galicia, excepto no galego da área lucu-auriense (Fernández Rei 1990b) e no galego de Asturias, León e Zamora, onde predomina a variante *eiquí* ~ *aiquí*.


Aquí é a variante etimolóxica (*aquí* < *ACCU HĪC), mentres que a orixe da variante *eiquí* é explicada por Ferreiro (1999: 349) como resultado “da palatalización do

[a] de *ai* e despois estendida aos outros elementos da serie”. Esta explicación non nos parece moi convincente xa que non explica a presenza do [j].


Os datos que temos indican que *eiquí* caracteriza os puntos da Arnoia, As Bouzas e Louredo. Mentres que nos outros lugares investigados a única variante rexistrada foi *aquí* (mapas 50a, 50b e 50c). As localidades onde se emprega *eiquí* atópanse ao sur do río Miño e os núcleos de poboación onde se usa *aquí* sitúanse ao norte deste río. O único cambio que recollemos é o emprego de *aquí* por parte de Arn19m, fronte ao uso de *eiquí* das informantes das xeracións I e II dese mesmo lugar.



Mapa 50a. Variación *aquí* ~ *eiquí* (x. I)



Mapa 50b. Variación *aquí* ~ *eiquí* (x. II)




Mapa 50c. Variación *aquí* ~ *eiquí* (x. III)

16.5. *Lonxe*


Na comarca estudada recolleuse o adverbio galego *lonxe* (<LÖNGE) e o castelanismo, adaptado foneticamente, *lexos*¹⁰⁶. A primeira variante foi recollida nos lugares da Arnoia, Abelenda, Louredo, Orega, Penavaqueira, Ribadavia e Vilar de Condes, mentres que a segunda o foi en nove lugares. Excepto no lugar de Louredo, en todos os lugares estudados se rexistraron as dúas variantes (vid. mapas 51a, 51b e 51c). Isto pode ser indicio de que as dúas variantes poidan ser utilizadas por un mesmo informante.

No lugar de Louredo, como foi dito, os informantes das tres xeracións declaran usar *lonxe*. Nas Bouzas, Esposende e Regodeigón só se recolleu a variante *lexos* aos informantes dos tres grupos de idade. En Penavaqueira e Vilar de Condes a variante *lonxe* parece caracterizar a fala dos informantes das xeracións I e II, fronte aos informantes máis novos, que usan *lexos*. Na Arnoia, a informante do grupo de idade I emprega *lonxe* e as dos grupos de idade II e III *lexos*. En Abelenda e Orega, *lonxe* é usado polos informantes dos grupos de idade I e III, mentres que en Ribadavia son as persoas das xeracións II e III quen empregan *lonxe*.


¹⁰⁶ Esa mesma é a situación que describe o ALGa (1995: mapa 309) nos anos setenta do s. XX. Este atlas recolle que *lonxe* é xeral no territorio galego pero que *lexos* ten tamén unha presenza importante, especialmente na costa de Pontevedra, o Bierzo, o sur e o interior de Lugo e o sur de Ourense.



Mapa 51a. Variación *lonxe* ~ *lexos* (x. I)



Mapa 51b. Variación *lonxe* ~ *lexos* (x. II)



Mapa 51c. Variación *lonxe* ~ *lexos* (x. III)


A variante *lonxe* é a máis frecuente entre os informantes da xeración I (6 ocorrencias) e a variante *lexos* é a máis usada polos falantes dos grupos de idade II (6 ocorrencias) e III (6 ocorrencias). Á luz destes datos non é sinxelo tirar conclusións, *lexos* é máis frecuente nos falantes de menos de 56 anos pero a diferenza entre os grupos é escasa. Non temos motivos para pensar que a variante *lexos* estea desprazando a *lonxe*. Cómpre destacar a utilización de *lonxe* por parte dos informantes Rib40m e Rib20h. Quizais poidamos falar neste caso dun préstamo da variedade estándar.

17. VARIACIÓN NA FORMACIÓN DOS DIMINUTIVOS


Do conxunto de datos estudados pode coñecerse a distribución na área estudada dos dous alomorfos do sufixo diminutivo *-iño/a*: *-iño/a* e *-ciño/a* (Freixeiro Mato 1996; Alonso Núñez 2000; Álvarez 2016). O primeiro alomorfo (*-iño/a*) utilízase cando a palabra base remata nunha vogal átona (p. ex. *casiña*, Lou75m); e o segundo (*-ciño/a*) cando a palabra base remata en nasal (p. ex. *mazanciña*, Arn63m; *lanciña*, Lou75m; *panciño*, Ore26h) ou en ditongo (p. ex. *paiciño*, Ore69h; *marrauciño*, Bou54m). Cos substantivos rematados en vogal tónica, en /r/ ou en /l/ empréganse tanto *-ciño/a* (p. ex. *mamaciña!* Pen56h; *peciño*, Pen23h; *mullerciñas*, Lou75m; *xornalciño*, Lou75m; *cordelciño*, Ore69h) coma *-iño/a* (*mamáña querida!* Ore47m; *señoriño*, Esp25h; *papeliño*, Bou29h). Mais, como veremos, esta variación parece estar motivada por factores diatópicos e etarios¹⁰⁷.

A través do cuestionario recolleuse información sobre os diminutivos de *muller* e *papel*. Os diminutivos correspondentes ao substantivo *muller* recollidos foron *mulleriña* e *mullerciña* (Mapas 52a, 52b e 52c). O máis frecuente é *mullerciña*, mais *mulleriña* é máis frecuente entre os informantes do grupo de idade II ca entre os do grupo de idade I, e máis frecuente entre os membros da xeración III ca entre os da xeración II. Na xeración III *mullerciña* mantense especialmente no sur da área estudada. No lugar de Esposende, ao norte da comarca, só se emprega *mulleriña*.


¹⁰⁷ O AlGa non ofrece información que permita estudar a distribución xeográfica das variantes. Esta información é ofrecida por Álvarez (2016).



Mapa 52a. Variación *mullerciña* ~ *mulleriña* (x. I)




Mapa 52b. Variación *mullerciña* ~ *mulleriña* (x. II)




Mapa 52c. Variación *mullerciña* ~ *mulleriña* (x. III)


Os diminutivos do substantivo *papel* rexistrados na área investigada foron *papelciño* e *papeliño*. A variante máis frecuente é a construída con *-iño/a*, recollida na en todas as localidades. A variante con *-ciño/a* rexistrouse na metade das localidades investigadas (Louredo, Orega, Penavaqueira, Regodeigón e Vilar de Condes) (mapas 53a, 53b e 53c). É importante destacar que os únicos puntos onde se mantén *papelciño* na xeración II son Orega e Penavaqueira. Na xeración III ningún informante usa *papelciño*.



Mapa 53a. Variación *papelciño* ~ *papeliño* (x. I).



Mapa 53b. Variación *papelciño* ~ *papeliño* (x. II).



Mapa 53c. Variación *papelciño* ~ *papelíño* (x. III).

A vulgar polos datos recollidos a variante *-iño/a* rexístrouse con maior frecuencia na fala dos máis novos e co substantivo *papel* e a variante *-ciño/a* é máis frecuente nos falantes maiores e co substantivo *muller*. Todos os informantes que empregan *papelciño* tamén usan *mullerciña*, pero isto non ocorre de maneira inversa. O feito de seren os máis novos os que menos usan esta última variante pode indicar que existe un proceso de cambio que privilexia o alomorfo *-iño/a*. Este proceso, a diminución no uso do alomorfo *-ciño/a* ao longo das tres xeracións consideradas, consistiría unha simplificación do sistema.

18. VARIACIÓN NA PERÍFRASE ASPECTUAL DE FASE MEDIA *ESTAR* + *XERUNDIO*¹⁰⁸

En moitas variedades galegas¹⁰⁹ existe variación entre o xerundio e o chamado *infinitivo xerundial*, un infinitivo precedido pola preposición *a* e que pode ser empregado en lugar do xerundio sen que mude o significado do enunciado (1a, 1b, 2a, 2b, 3a e 3b) (Rojo 1974; Freixeiro Mato 2006: 404-416). Emporiso, débese ter presente

¹⁰⁸ Tomamos esta denominación de Álvarez e Xove (2002: 340).

¹⁰⁹ Esta alternancia entre infinitivo xerundial e xerundio tamén se dá en portugués. O portugués europeo estándar prefere a construción *a* + infinitivo en lugar do xerundio, en enunciados coma (1a), (1b), (2a), (2b), (3a) e (3b). No portugués europeo meridional, no portugués do Brasil e no portugués dos países africanos de lingua portuguesa utilízase o xerundio (Cunha e Cintra 1984: 394; Castilho 2002; Carrilho e Pereira 2011; Pereira 2014; vid. tamén Osório e Vázquez (2018) para un achegamento comparativo e diacrónico a estas estruturas no portugués e no galego). Pola contra, en español non existe o infinitivo xerundial (cfr. esp. *Está viendo la televisión* / **Está a ver la televisión*) (Gómez Torrego 1999).

que, nalgúns casos (p. ex. 4b), non é posible a substitución do xerundio por un infinitivo precedido de *a* (Álvarez 1994a)¹¹⁰.


- (1a) El veu aquí correndo
- (1b) El veu aquí a correr
- (2a) Ao pai vírono chorando
- (2b) Ao pai vírono a chorar
- (3a) Está chovendo
- (3b) Está a chover
- (4a) Ten o cigarro colgando sempre dos labios
- (4b) *Ten o cigarro a colgar sempre dos labios

Mediante o cuestionario, recadamos datos sobre o uso na área estudada do xerundio ou do infinitivo xerundial na perífrase aspectual de fase media *estar* + xer. (~ *estar* + *a* + inf.). Esta perífrase “destaca a parte central da acción” (Álvarez e Xove 2002: 360)¹¹¹. No mapa 54 amósase a distribución xeográfica das variantes *a* + infinitivo e xerundio segundo os datos fornecidos polo ALGa. O mapa amosa unha área compacta, no suroeste de Galicia, en que *a* + infinitivo se utiliza, en exclusiva, ou cabo da outra variante¹¹².

¹¹⁰ Álvarez sinala que “*a chover* [o infinitivo xerundial] non pode suplantar a *chovendo* [o xerundio] cando é núcleo do seu predicado (*O home, axeonllándose/*a axeonllarse ante o altar, oraba en silencio, Rematou o seu discurso agradecendo/*a agradece-lo convite*) (...); nin pode formar parte de tódalas perífrases en que entra o xerundio (*estivo traballando/estivo a traballar toda a tarde, pero foi avellando/*foi a avellar pouco a pouco*) (Álvarez 1994a: 24). Cfr. tamén Álvarez e Xove (2002: 315-316) para unha descrición completa dos contextos en que alternan xerundio e infinitivo xerundial.

¹¹¹ En lugares do norte de Galicia, *estar* + *a* + inf. funciona como perífrase aspectual inminente, expresando que o suceso vai ter lugar inmediatamente (Regueira 1989: 460; Álvarez 1994a). Nestes lugares, *estar* + xer. mantén o significado que ten no resto do territorio, i. e., o de perífrase aspectual de fase media. Nas variedades dialectais en que *estar* + *a* + inf. e *estar* + xer. son equivalentes semanticamente úsanse as perífrases *ir* + inf. ou *estar* + *para* + inf. para expresar aspecto inminente (Álvarez 1994a).

¹¹² O uso do infinitivo xerundial nesa zona xa foi considerado por Fernández Rei (1990b: 104) na súa clasificación dos dialectos galegos. Como apunta Pereira (2014), esta zona de *a* + infinitivo con valor de xerundio en galego ten continuidade xeográfica en Portugal. Neste país esta variante é típica do norte e do centro, e tamén do portugués europeo estándar (Pereira 2014).



Mapa 54. Variable *a + infinitivo* ~ *xerundio* en galego¹¹³


Fonte: elaboración propia cos datos dos cadernos do ALGa

Na área estudada recolleuse tanto a variante *estar + a + infinitivo* (5-10) como a variante *estar + xerundio* (11-16) (mapas 55a, 55b e 55c). Os lugares onde o infinitivo xerundial presenta uns índices de uso máis altos son os occidentais, situados na área de montaña¹¹⁴.


- (5) *eu sempre estou a dicirlle eso* (Arn63m)
- (6) *antes de que lle estea a facer daño* (Abe71m)
- (7) *parece que o estou a escoitar* (Pen56h)
- (8) *perdona que che estou a fumar na casa* (Rib20h)
- (9) *estoume a dar cuenta de que falamos o gallego coma o carallo* (Vil22h)
- (10) *cando estaba a agua a fervere* (Ore69h)
- (11) *el está vivindo a súa vida e nós a nosa* (Esp72m)
- (12) *estuvera traballando por varios sitios* (Abe71m)
- (13) *xa che estou decindo que é un pueblo completamente atípico* (Abe53m)
- (14) *á cadela estámoslle poñendo un tratamento* (Arn43m)
- (15) *inda estaba estudiando aquí, en Ribadavia* (Arn19m)
- (16) *na [autoescola] que estou facendo eu as prácticas?* (Vil22h)

¹¹³ A diferenza dos casos anteriores, os datos do ALGa referidos a esta variable non foron (aínda) cartografados. Por este motivo, pareceunos oportuno ofrecerlle ao lector un mapa que dese conta da distribución territorial das variantes nos anos 70 do s. XX.


¹¹⁴ Os datos por falante pódense consultar na táboa 7 do Anexo II. A cifra entre paréntese representa o índice de uso de cada variante.



Mapa 55a. Variación *estar + a + inf.* ~ *estar + xer.* (x. I)



Mapa 55b. Variación *estar + a + inf.* ~ *estar + xer.* (x. II)



Mapa 55c. Variación *estar + a + inf.* ~ *estar + xer.* (x. III)

A maioría dos informantes da xeración I usa a variante *estar + a + inf.*; excepto Rib60h, que non o usou nunca durante a entrevista. Das dez persoas deste grupo de idade, tres (Abe71m, Pen78m e Vil72m) empregan esta variante en máis ocasións ca *estar + xer.*

Entre os informantes da xeración II, o uso da variante *estar + a + inf.* é menor ca entre os da xeración I. Catro dos informantes do grupo de idade II (Bou54m, Esp52m, Lou48m e Reg52m) non empregaron nunca esa variante; cinco (Abe53m, Arn43m, Ore47m, Rib40m e Vil48h), empregaron a variante *estar + a + inf.* en menos ocasións ca *estar + xer.*; e un (Pen56h) utilizou a variante *estar + a + inf.* practicamente sempre (índice do 0.97). Parécenos destacable que a informante da xeración II de Ribadavia (Rib40m) presente un índice de 0.16 de uso de *estar + a + inf.*, o que contrasta coa ausencia desta variante no discurso de Rib60h.

Entre os falantes do grupo de idade III, a variante *estar + a + infinitivo* é utilizada por catro dos dez informantes, con índices que oscilan entre o 0.05 e o 0.25. É necesario destacar que Rib20h ten un índice de uso desta variante dun 0.23.

No Gráfico 16 represéntase o índice de uso de cada variante en cada grupo de idade. Os datos representados permiten afirmar que existen na área estudada dúas tendencias complementarias: a) unha diminución importante de *estar + a + infinitivo* ao comparar os datos da xeración I cos das xeracións II e III; e b) a tendencia oposta na vila de Ribadavia, isto é, a variante *estar + a + infinitivo* é máis frecuentemente empregada polos informantes das xeracións II e III ca polo da xeración I. Esta última tendencia pode que fose favorecida pola situación comunicativa, unha enquisa sobre a maneira de falar realizada a dous falantes bilingües con predominio do castelán.




Gráfico 16. Uso da variable *estar + a + infinitivo* ~ *estar + xerundio* nos tres grupos

En relación á primeira tendencia, é posible que o aumento da variante *estar + xer.* se deba ao contacto lingüístico. Por unha banda, o contacto con variedades orientais, onde non se usa *estar + a + inf.*, favorecen na área investigada o emprego da variante *estar + xer.* Por outro banda, débese ter en conta tamén o contacto co castelán, lingua en que a perífrase *estar + xer.* é a única empregada. Un argumento en favor da hipótese de que o castelán inflúe no aumento da frecuencia desta variante é o feito de seren os falantes máis novos aqueles que máis usan *estar + xer.* Trataríase dun fenómeno de *converxencia*, un tipo de interferencia negativa que provoca a aproximación estrutural dos dous sistemas en contacto (Gumperz e Wilson 1971; Kabatek 2000).

Porén, debe ser comentada a tendencia oposta a esta, que foi observada na vila de Ribadavia. Como xa vimos, nesta localidade os dous informantes dos grupos de idade II e III presentan un maior índice de *estar + a + infinitivo* (0.16 e 0.23 respectivamente) do que o informante da xeración I (0). Este fenómeno pode ser explicado polo desexo, por parte destes individuos, de evitar estruturas comúns ás dúas linguas en contacto, a interferencia negativa de *diverxencia* (Kabatek 1997 e 2000).

Para concluírmos, á luz dos datos expostos, podemos dicir que, entre os informantes enquisados, o uso do infinitivo xerundial está fortemente condicionado pola idade do falante. En termos xerais, esta variante é menos frecuente nos falantes novos ca nos maiores. Así mesmo, é máis frecuente no oeste da comarca ca no leste e centro.

19. VARIACIÓN NO USO DO ARTIGO COS NOMES DE PARENTESCO

En galego, pódese usar ou non o artigo nas frases nominais formadas por un posesivo e un substantivo que designa relacións de parentesco (*meu avó ~ o meu avó, miña nai ~ a miña nai*) (Álvarez e Xove 2002: 477; Silva Domínguez 2002: 169-171; Freixeiro Mato 2006: 215-217). Nos estudos precedentes sobre esta cuestión afirmase que existen diferenzas no emprego do artigo nas FFNN cuxos núcleos son nomes de parentesco. Segundo Álvarez e Xove, os substantivos que expresan relacións de parentesco

de tipo ascendente (relación respectuosa) prescinde[n] en maior medida do artigo: *nai, pai, avós, tío, sogro...* van normalmente sen artigo, pero é máis frecuente en *neto, sobriño, xenro, nora*, e practicamente obrigado en *fillo*. Nas relacións horizontais é de uso o artigo con *muller, home, marido*, pero en cambio prescínlese máis del con outros substantivos coma *neto/a, sobriño/a, xenro/nora, irmán, curmán, cuñado* (Álvarez e Xove 2002: 477).

Hermida (1986: 184) afirma que os nomes referidos a relacións de parentesco próximas tenden a apareceren máis sen artigo ca aqueles que designan relacións máis afastadas¹¹⁵. Silva Domínguez (2002: 170), que analiza textos orais de diversas áreas de Galicia, chega á conclusión de que a presenza do artigo cos nomes de parentesco precedidos de posesivo é menos frecuente cos substantivos que designan parentesco directo ascendente (*avó/a, pai/nai, irmán/á, tío/a*, etc.) ca con aqueles “que indican vínculos derivados ou consecuencia da relación de parella” (*home/muller, fillo/a e noivo/a*).

Ademais destes estudos, contamos con datos para coñecer a distribución xeográfica en galego do emprego de artigo cos substantivos *tío* e *irmán*, procedentes do mapa 245 do ALGa (1995) e das respostas á pregunta 489 do cuestionario deste atlas (*Foi teu irmán ~ foi o teu irmán*). A mediados da década de 1970, as construcións *o teu irmán* e *o meu tío* eran máis frecuentes no sur de Pontevedra, na provincia de Ourense, no sur da de Lugo e no galego de Zamora e mais do Bierzo. No norte de Lugo e Pontevedra, na provincia da Coruña e no galego de Asturias os investigadores do ALGa rexistraron máis frecuentemente *teu irmán* e *meu tío*¹¹⁶.

¹¹⁵ Vid. tamén Regueira (1989: 538) quen describe o uso do artigo con diferentes nomes de parentesco na Terra Cha.

¹¹⁶ Das 167 localidades que forman a rede de puntos do ALGa, rexistrouse a copresenza de *o meu tío* e *meu tío* en 28 puntos e a de *o teu irmán* e *teu irmán* en 15 localidades.

A continuación imos expoñer e analizar os datos recadados nas gravacións realizadas aos nosos informantes. Seguimos a clasificación dos nomes de parentesco que utiliza Varela Vázquez (1997). Esta autora fai unha distinción entre parentesco ascendente (*pais* e *avós*), parentesco descendente (*fillos* e *netos*) e parentesco de afinidade (*home/muller, irmáns, tíos, curmáns, cuñados, sobriños, etc.*).

Con respecto a *pai/nai* e *avó/avoa*, que indican parentesco ascendente¹¹⁷, rexistráronse FFNN con artigo (1-5) e sen artigo (6-8). O máis frecuente, a xulgar polos nosos datos, é que non se utilice o artigo nestas FFNN.

- (1) *xa me independicei da miña nai* (Esp52m)
- (2) *son dominios da miña nai* (Rib20h)
- (3) *se estou falando cos meus abuelos* (Rib20h)
- (4) *na casa do meu abuelo* (Ore69h)
- (5) *a nai da miña abuela* (Vil72m)
- (6) *pa axudarlle a miña nai* (Abe53m)
- (7) *ós pais de meu pai non os acordo* (Vil48h)
- (8) *nunca fixo caso del, e mais de miña abuela* (Abe71m)

Existe unha diferenza na frecuencia das variantes en función do substantivo (táboa 12). Coas frases nominais cuxo núcleo é *pai(s)* e *nai*, o emprego do artigo é moi pouco frecuente, pois supón só un índice do 0.05 das ocorrencias totais. Nas FFNN cuxo núcleo é *avó(s)/avoa(s)* o índice de emprego do artigo é do 0.16¹¹⁸.

	con artigo		sen artigo	
	Ocorrencias	Índice	Ocorrencias	Índice
<i>pai/nai</i>	9	0.05	186	0.95
<i>avó/a</i>	19	0.16	99	0.84

Táboa 12. Uso do artigo con *pai/nai* e *avó/a*

O número do substantivo parece ser relevante para a aparición do artigo con *avó(s)/avoa(s)*. Na táboa 13 obsérvase como o índice de uso do artigo é dun 0.27 cos substantivos *avós* e *avoa*s, mentres que con *avó* e *avoa* é dun 0.01.

¹¹⁷ Analízanse conxuntamente as formas *abuelo/abuela* e *avó/avoa*. Con todo, queremos indicar que as primeiras son as únicas utilizadas pola maioría dos informantes.

¹¹⁸ O substantivo *padrasto* foi utilizado nunha ocasión por unha informante, quen o usou sen artigo: *meu padrasto tiña unha carnicería*, Esp52m.

	con artigo		sen artigo	
	Ocorrencias	Índice	Ocorrencias	Índice
<i>avó/a</i>	12	0.01	80	0.99
<i>avós/as</i>	7	0.27	19	0.73

Táboa 13. Uso do artigo con *avó/a* e *avós/as*

Non obstante, hai que indicar que das sete ocorrencias do artigo con *avós* e *avoas*, catro corresponden a un único informante (Ore69h). Sen incluír os datos correspondentes a este individuo, o índice da variante sen artigo é maior (táboa 14).

	con artigo		sen artigo	
	Ocorrencias	Índice	Ocorrencias	Índice
<i>avó/a</i>	12	0.01	80	0.99
<i>avós/as</i>	7	0.27	19	0.73
<i>avós/as</i> (sen Ore69h)	3	0.14	19	0.86

Táboa 14. Uso do artigo con *avó/a*, *avós/as* e *avós/as* sen Ore69h

Os substantivos que se refiren a relacións de parentesco de afinidade recollidos durante as entrevistas foron os seguintes: *cuñado/a*, *home/muller*, *mozo/a*, *irmán/á*, *sogro/a*, *sobriño/a*, *tío/a* e *xenro/nora*. No que respecta á aparición de artigo, este grupo non segue un comportamento homoxéneo, xa que hai substantivos que rexistramos acompañados con e sen artigo, substantivos que nunca van acompañados polo artigo e substantivos que sempre van acompañados de artigo.

Irmán/á, *tío/a* e *sogro/a* recolléronse acompañados de artigo (9-12) ou sen el (13-18). Na táboa 15 recóllense os índices de cada variante. Cos tres substantivos, precedidos de posesivo, o máis frecuente é que non se use o artigo, especialmente co substantivo *tío/a*.

(9) *eu dixenllo á miña irmá* (Arn43m)

(10) *tiña eiquí á miña tía* (Lou75m)

(11) *quen empezou a po-la agua nas casas foi o meu sogro* (Abe71m)

(12) *ten unha corte dos meus sogros* (Abe71m)

(13) *meu irmau estaba na mili* (Arn63m)

- (14) *miña irmán está estudiando* (Ore26h)
 (15) *estaba con meu tío e miña nai* (Arn63m)
 (16) *vive miña tía e algún máis por aí* (Bou29h)
 (17) *meus sogros empezaron a dicir que era falta de educación* (Ore47m)
 (18) *miña sogra díxolle que non* (Pen78m)

	con artigo		sen artigo	
	Ocorrencias	Índice	Ocorrencias	Índice
<i>tío/a</i>	2	0.07	27	0.93
<i>irmán/á</i>	18	0.23	62	0.77
<i>sogro/a</i>	4	0.33	8	0.66

Táboa 15. Uso do artigo con *tío/a*, *irmán/á* e *sogro/a*

O substantivo *sobriño/a* non foi rexistrado nunca canda o artigo determinado, aínda que hai que ter en conta que este substantivo só se rexistrou en catro ocasións (19-22).

- (19) *díxenllo a meu sobriño* (Arn63m)
 (20) *foi meu sobriño* (Arn63m)
 (21) *viñan meus irmaus, meus sobriños e todos* (Arn63m)
 (22) *vén miña sobriña* (Esp72m)

Finalmente, o resto dos nomes que indican parentesco de afinidade, sempre aparecen acompañados do artigo determinado e mais do posesivo. Das 49 veces que se rexistraron *home/marido* e *muller*, estes nomes aparecen sempre nunha FN con artigo determinado (23-25). Tamén apareceron sempre con artigo os substantivos *cuñado/a* (26-29), *xenro/nora* (30-32) e *mozo/a* (33-34).

- (23) *o meu marido traballa nunha casa dunhos emigrantes* (Abe53m)
 (24) *e despois, o meu home, desfaino* (Lou48m)
 (25) *a miña muller estivo enferma* (Reg77h)
 (26) *a miña cuñada vén moito* (Abe71m)
 (27) *estuvén primeiro coa miña cuñada* (Lou75m)
 (28) *á miña cuñada pásalle o mesmo* (Ore47m)
 (29) *cando a miña cuñada tuvo a nena* (Vil22h)
 (30) *o meu xenro traballa nesa empresa* (Abe71m)

(31) *o meu xenro ten ovellas* (Lou75m)

(32) *a miña nora é de Orense* (Ore47m)

(33) *e despois co meu mozo* (Arn19m)

(34) *fun coa miña moza* (Bou29h)

Pola súa banda, cos nomes referidos ao parentesco descendente recollidos aparece sempre o artigo determinado. Rexistramos 48 ocorrencias de *fillo/a* (35-38) e tres de *neto/a* (39-41).

(35) *e eu levara a miña filla pa alá* (Arn63m)

(36) *primeiro tuven á miña filla e despois xa caseime* (Arn43m)

(37) *o meu fillo coidouno igual ca unha muller* (Pen78m)

(38) *os meus fillos fixeron a súa vida* (Reg77h)

(39) *eu dígolle ós meus netos que se pon tolos* (Pen78m)

(40) *os meus netos criáronse eiquí* (Lou75m)

(41) *foi o bautizo da miña neta* (Ore47m)

Da información tirada da nosa investigación pode describirse o comportamento do artigo cos nomes de parentesco precedidos de posesivo do seguinte xeito¹¹⁹:

a) O artigo aparece sempre nas FFNN formadas polo posesivo e os substantivos *fillo/a* (48 ocorrencias), *home/muller* (46 ocorrencias), *cuñado/a* (4 ocorrencias), *xenro/nora* (2 ocorrencias), *mozo/a* (1 ocorrencia) e *neto/a* (1 ocorrencia).

b) O artigo nunca acompaña a estrutura posesivo + *sobriño/a* (5 ocorrencias).

c) O artigo pode acompañar ou non o resto de nomes de parentesco que recollemos, precedidos de posesivo. Trátase de *pai/nai* (195 ocorrencias), *avó/a* (118 ocorrencias), *irmán/á* (80 ocorrencias), *tío/a* (29 ocorrencias) e *sogro/a* (12 ocorrencias). Se temos en conta os usos de artigo nos materiais analizados é posible trazar unha escala xerárquica, de menor a maior uso do artigo con estes nomes de parentesco acompañados de posesivo:

(-) *pai/nai* > *tío/a* > *avó/a* > *irmán/á* > *sogro/a* (+)

Cos datos que temos non se pode afirmar que esta variación estea condicionada na área estudada por factores xeográficos ou etarios. Tamén non temos datos suficientes para analizarmos se a persoa do posesivo ten influencia no uso ou non do artigo nestes casos.

¹¹⁹ As conclusións que tiramos dos datos recadados para esta tese son similares ás de Silva Domínguez (2002: 170-171).

19.1. Variación na estrutura determinante + substantivo + posesivo

Nas frases nominais que presentan dous determinantes, un artigo indeterminado ou un demostrativo e un posesivo, este pódese situar posposto ao substantivo (1a-2a) ou anteposto a el (1b-2b)¹²⁰. No galego oral actual (Silva Domínguez 1993 e 2002: 187-188; Álvarez e Xove 2002: 475) a variante máis frecuente é a colocación posposta do posesivo, aínda que tamén se produce a anteposición do posesivo ao substantivo especialmente no suroeste da provincia de Ourense¹²¹.

(1a) Un amigo *meu*

(1b) Un *meu* amigo

(2a) Eses amigos *meus*

(2b) Eses *meus* amigos

Nas enquisas realizadas atopamos casos de posposición do posesivo e tamén casos de anteposición. Nas FFNN onde os determinantes son un posesivo e un demostrativo rexistramos sete ocorrencias da construción *demostrativo + posesivo + substantivo* (3-8) e tres da construción *demostrativo + substantivo + posesivo* (9-11).

(3) *nesta miña aldea de Orega* (Ore69h)

(4) *ese teu abuelo* era moi curioso (Ore69h)

(5) *aqueles teus tíos* (Ore69h)

(6) *ese meu primo* (Pen78m)

(7) *esa miña sobriña; aquel meu amigo* (Arn63m)

(8) *ese meu padriño* (Reg77h)

(9) *ese primo meu* (Ore26h)

(10) *fun con ese amigo meu* (Arn19m)

(11) *esa prima miña traballa en Santiago tamén* (Bou29h)

Cando é o artigo indeterminado o que vai combinado co posesivo, obtivemos oito ocorrencias de *artigo + posesivo + substantivo* (12-18) e nove de *artigo + substantivo + posesivo* (19-25).

(12) *un meu tío* (Vil72m)

(13) *un meu irmau* (Vil72m)

¹²⁰ Para Freixeiro Mato (2006: 220), a anteposición do posesivo ao substantivo é na actualidade “unha marca de estilo na lingua escrita e literaria, onde é sentida como máis tradicional e auténtica”.

¹²¹ O AIGa (1995: mapa 244) recolle a anteposición do posesivo ao substantivo (*un meu tío*) en doce puntos do territorio. A maior parte deles concéntranse no suroeste da provincia de Ourense, unha área que coincide parcialmente coa estudada nesta tese. A posposición do posesivo ao substantivo (*un tío meu*) é posible en todos os puntos.

- (14) *a un meu cuñado* (Pen78m)
 (15) *hasta se casaba unha miña irmán* (Reg77h)
 (16) *un meu fillo* (Bou80m)
 (17) *unha miña cuñada* (Bou80m)
 (18) *recordo un teu bisabuelo* (Ore69h)
 (19) *un primo meu* (Vil22h)
 (20) *vive eí unha tía miña* (Bou54m)
 (21) *un amigo meu* (Reg77h)
 (22) *un amigo meu* (Rib20h)
 (23) *unha sobriña túa* (Lou48m)
 (24) *un amigo meu* (Lou16h)
 (25) *un primo meu* (Lou16h)

Na táboa 16 recóllense os informantes que empregan cada unha das variantes.

Xeración	art. indet. / dem. + pos. + subst.	art. indet. / dem. + subst. + pos.
I	Ore69h, Pen78m, Arn63m, Reg77h, Vil72m, Pen78m, Bou80m	Reg77h
II		Bou54m
III		Rib20h, Lou48m, Lou16h, Ore26h, Arn19m, Bou29h, Vil22h

Táboa 16. Informantes que usan o posesivo antes e/ou despois do substantivo

Na táboa compróbase que o único informante a quen lle rexistramos as dúas variantes é Reg77h (26-27). Salvando este caso, a xulgar polos datos expostos, pódese afirmar que a colocación tipo *un meu tío* caracteriza a fala dos informantes da xeración I, mentres que os individuos dos outros dous grupos de idade utilizan sempre a variante tipo *un tío meu*. O feito de que só os membros da xeración I utilicen a variantes con posesivo anteposto, debe ser tomado como un indicio de que hai un cambio lingüístico en marcha¹²².

- (26) *hasta se casaba unha miña irmán* (Reg77h)
 (27) *fora comigo un amigo meu e compreina* (Reg77h)

¹²² Dubert (1999: 120-121) unicamente recolle a estrutura tipo *un meu tío* a dúas persoas de máis de 50 anos do entorno rural de Santiago de Compostela.

20. VARIACIÓN NA COLOCACIÓN DOS CLÍTICOS

20.1. Aspectos xerais

As regras que regulan a colocación dos clíticos pronominais en oracións cuxo núcleo é un verbo finito son na área estudada, de acordo cos datos recadados neste traballo, os mesmos ca os do resto das variedades do galego e tamén da considerada variedade común (Álvarez e Xove 2002: 558-567; Freixeiro Mato 2006: 165-170). Na documentación recompilada comprobamos que a posición non marcada é a énclice do pronome ao verbo principal. Porén, a presenza de exclamativos, interrogativos, conxuncións e algúns adverbios e indefinidos produce consecuencias na disposición (1-5)¹²³. Tamén advertimos que a énclice pode ser propiciada pola estrutura informativa do enunciado (6-7) (Xove 1991)¹²⁴. Fóra destes casos, procedentes das entrevistas, a información recollida permite identificar algúns contextos sintácticos en que se produce certo tipo de tipo de variación. Nas epígrafes seguintes estudaremos en detalle aqueles casos máis significativos. Nalgúns casos os datos proceden das entrevistas e noutros foron elicitados mediante o cuestionario. É preciso recoñecermos que o número de ocorrencias analizadas non permite que as nosas afirmacións sobre estes casos poidan ser acollidas como definitivas.

- (1) *Dios! Como a acabo de liar!* (Arn19m)
- (2) *quen cho dixo?* (Ore47m)
- (3) *non cho sei distinguir* (Ore69h)
- (4) *non che teño nada máis que contar* (Abe28m)
- (5) *nadie a podía tocar* (Rib40m)
- (6) *vergonza lle debía dar ó Estado!* (Arn63m)
- (7) *Dio-lo faga millor!* (Pen78m)

¹²³ Aínda coa presenza dalgunhas destas palabras é posible a énclice. Trátase, non obstante, dun fenómeno pouco frecuente a vulgar polos datos que temos (*porque dixenlle que me ibas vir faer unha cousa destas*, Arn19m; *porque secáballe a roupa*, Rib65h).

¹²⁴ A construción *me parece*, con colocación proclítica do pronome, utilizada por algúns informantes (*eu non o conozo, pero me parece que tamén... eso*, Arn63m), debe ser interpretada como unha fórmula fixada, froito dun préstamo do castelán. Como sinala Regueira, este tipo de construcións “habitualmente aparecen en frases encaixadas e ademais nelas o pronome non pode variar de persoa (*che parece, *lle parece)” (Regueira 1989: 521).

20.2. Secuencias de clíticos

No galego, os clíticos forman frecuentemente secuencias (Álvarez e Xove 2002: 570-5717; Freixeiro Mato 2006: 176-180). Nas secuencias pronominais a orde dos diferentes elementos está condicionada por unha serie de regras (Álvarez 1994b)¹²⁵, o que implica, p. ex., que o pronome de dativo de 2º pers. sing. *che* preceda o pronome acusativo de 3ª pers. sing. *o*, formando a secuencia *cho*, sendo imposible outra orde.

Porén, nas secuencias de clíticos *se+che* e *lle+me* a orde non é fixa e prodúcese variación. A continuación imos tratar estas dúas variables expoñendo os datos recollidos, mediante o cuestionario, para o noso traballo.

20.2.1. *se + che*

Na maioría de variedades do galego, o pronome *se* ocupa a primeira posición de calquera secuencia pronominal (1a), independentemente da función sintáctica desempeñada por ese pronome (Álvarez 1994b). Mais nunha importante área do territorio galego, o pronome *che* pode preceder o pronome *se* (1b)¹²⁶. Esta área está “delimitada aproximadamente pola fronteira das dioceses de Lugo e Ourense (metade sur de Lugo, puntos da Coruña limítrofes, ángulo nordeste de Pontevedra e provincia de Ourense). Dentro desta área pode rexistrarse tamén, con moita menos frecuencia, a secuencia *se che*” (Álvarez (1994b: 254)¹²⁷.

(1a) Non *se che* pode dicir nada

(1b) Non *che se* pode dicir nada

¹²⁵ Nun dos manuais máis recentes sobre os clíticos afirmase que “a very important property of clitics is their ability to combine into clitic strings, usually known as clitic clusters (...). Rigid ordering is typical of almost all languages with clitic systems” (Spencer e Luís 2012: 47-48). Vid. tamén Gerlach (2002: 128): “In Romance languages, clitic combinations resist separation, they maintain a strict internal order”.

¹²⁶ Freixeiro Mato describe a variante *che se* como “trazo dialectal e ao mesmo tempo vulgarismo propiciado por interferencia do castelán que achou certo eco na lingua literaria” (Freixeiro Mato 2006: 177). Ao noso entender, achacar á influencia do castelán a existencia da orde *che se* en galego é arriscado. É certo que, en certas variedades do español peninsular, americano e sefardí, son relativamente frecuentes as secuencias do tipo *me se olvidó* e, aínda máis, *te se olvidó* (Martín Zorraquino 1979: 347-352; Soriano Fernández 1999: 1264 en nota; Heap 2006). Porén, non hai ningún estudo sobre a posible existencia deste tipo de estruturas no castelán de Galicia que permita defender esta posición. De feito, en certas variedades do catalán e do italiano tamén se pode producir a anteposición do pronome de dativo ao pronome reflexivo (Ordóñez 2002). Ao noso modo de ver sería máis prudente falar dunha tendencia común en linguas próximas.

¹²⁷ Segundo Taboada Cid (1979: 119), no val de Verín só se emprega a variante *se che*; e o mesmo sucede na comarca de Ferrol, segundo Porto Dapena (1977: 180).

Na información recollida para a realización do noso estudo rexistramos tanto a variante *che se* (9 ocorrencias) (2-4) como a variante *se che* (8 ocorrencias) (5-7).

(2) *cun cortocircuíto xa che se incendiaba a casa* (Arn63m)

(3) *este parécechese ó noso can* (Esp72m)

(4) *ó millor cun, é moi difícil que che se acabe* (Esp52m)

(5) *e non se che cansa tanto a vista* (Arn43m)


(6) *non se che ve o pelo* (Arn19m)

(7) *olvídansecheme as cousas* (Pen78m)


Para analizarmos esta variable contamos cos datos obtidos co cuestionario e representados nos mapas 56a, 56b e 56c. A variante *se che* é usada en todos os puntos investigados excepto no lugar das Bouzas. A secuencia *che se* recolleuse en todos os puntos estudados excepto na aldea de Penavaqueira. Por grupos de idade, a secuencia *che se* é máis frecuente entre as persoas de máis idade, mentres que *che se* caracteriza a fala dos máis novos.

Aínda que a escaseza de información non permite tirar conclusións definitivas, é posible apuntar que a distribución destas variantes na área estudada podería estar influenciada polos factores xeográfico e etario. Desde o punto de vista diatópico, existen dúas localidades en que encontramos só unha das variantes: *se che* en Penavaqueira e *che se* nas Bouzas. No resto de puntos, hai unha concorrencia das dúas secuencias pronominais e neles, a orde *che se* é característica da fala das persoas do grupo de idade I, mentres que *se che* ten moita maior vitalidade entre os máis novos¹²⁸. Esta análise vese condicionada polo tipo de datos que temos (procedentes do cuestionario), cumpriría facer unha análise sobre texto gravado e contar con ocorrencias suficientes.


¹²⁸ Álvarez sinala que tanto na zona en que se utiliza *se che* como na que a variante propia é *che se*, esta última variante ten unha connotación negativa, de marcador dun rexistro vulgar e “a consecuencia desta valoración social é que se produce un abandono da secuencia e a non incorporación de novos usuarios” (Álvarez 1994a: 20). Non obstante, non está claro se é unha valoración que fai a autora ou os propios falantes. Esta mesma autora sinala que a variante *che se* é cualificada como *vulgar* nos manuais de aprendizaxe da lingua (Álvarez 1980: 419 e 1994b).



Mapa 56a. Variación *se che ~ che se* (x. I)



Mapa 56b. Variación *se che ~ che se* (x. II)



Mapa 56c. Variación *se che ~ che se* (x. III)

20.2.2. *lle + me*

Outra secuencia que tamén é susceptible de experimentar variación é a formada polo clítico con función de dativo *lle* e o dativo de interese *me*. Existen no galego actual dúas posibilidades: que *lle* se sitúe en primeiro lugar (1a) ou que sexa *me* quen apareza como primeiro pronome da secuencia (1b) (Álvarez e Xove 2002: 571; Freixeiro Mato 2006: 178-179). Segundo Álvarez (2005: 371) a primeira variante é a única existente na parte oriental do territorio galego mentres que a segunda é a colocación maioritaria na zona occidental. Esta autora, baseándose nos textos recollidos para a elaboración do ALGa, non especifica os límites de cada área pero parece dar a entender que, mentres no leste de Galicia a colocación *melle* non é posible, no oeste serían posibles *melle* e *lleme*, sendo esta última a máis frecuente nesa zona de Galicia.


(1a) Fáilleme ben ese traballo

(1b) Fáimelle ben ese traballo


No cuestionario empregado incluímos unha pregunta que permitiu obter información de todos os informantes sobre esta variable. Nos mapas 57a, 57b e 57c están representados os datos obtidos. O xeito de recoller a información foi o seguinte: “Vostede necesita que unha modista lle poña unha cremalleira a un pantalón / a unha saia. Que lle diría para pedirlo?”. As respostas obtidas foron: “Póñalleme/pónlleme a cremalleira a este pantalón / a esta saia” e “Póñamelle/pónmelle a cremalleira a este pantalón / a esta saia. Tanto nunha oración coma noutra *lle* é o clítico de OI e *me* é dativo de interese.

A colocación *melle* recolleuse nas localidades de Abelenda, Esposende, Orega e Penavaqueira. Nestas tres últimas localidades tamén se rexistrou a secuencia *lleme*. Esta é a única variante recollida nas aldeas de A Arnoia, As Bouzas, Louredo, Regodeigón, Ribadavia, e Vilar de Condes.


A vulgar polos datos de que dispomos, a variante *melle* parece ser máis frecuente en localidades occidentais e setentrionais da área estudada. Na maioría delas (9) alterna coa outra variante (*lleme*) que é maioritaria en todos os grupos de idade (7 ocorrencias na xeración I, 8 na xeración II e 9 na xeración III). É destacable que, mentres a informante de máis idade de Esposende (Esp72m) utiliza *lleme*, a informante do grupo de Idade II (Esp52m), usa *melle*.



Mapa 57a. Variación *lle me* ~ *me lle* (x. I)



Mapa 57b. Variación *lle me* ~ *me lle* (x. II)



Mapa 57c. Variación *lle me* ~ *me lle* (x. III)

Nos poucos datos recadados das gravacións atopamos algúns casos desta secuencia de pronomes nas conversas con catro informantes. Tres deles utilizan a variante *melle* (2-4) e unha a variante *lleme* (5).

(2) *rompeumelle, o, o de arriba* (Abe71m)

(3) *ó Mario tamén me lle podes chamar primo terceiro* (Ore69h)

(4) *púñanmelle a fecha* (Pen78m)

(5) *fúnlleme meter leña á cociña* (Ore47m)

20.3. A interpolación

Cando o pronome átono vai proclítico ao verbo, o máis frecuente en galego é que o preceda de maneira inmediata (1a e 2a). Así a todo, tamén é posible a introdución doutros elementos do discurso entre o pronome e o verbo do que este depende (1b e 2b) (Álvarez e Xove 2002: 569-570; Freixeiro Mato 2006: 180-185). Este fenómeno denomínase comunmente como interpolación e consiste na “intercalación dunha ou máis palabras entre a forma pronominal precedente e o verbo, das cais unha, polo menos, debe ser tónica” (Sánchez Rei 1999: 57). A palabra (ou palabras) que precede o pronome átono e que obriga a que este vaia proclítico ao verbo denomínase *exordium* na literatura sobre o tema (Castillo Lluch 1996: 292). Nos enunciados 1b e 2b, por exemplo, os *exordia* son *por iso* e *quen*.

(1a) Por iso che digo eu que veñas

(1b) Por iso che eu digo que veñas

(2a) Quen non te coñeza dirá iso

(2b) Quen te non coñeza dirá iso

No galego medieval a interpolación semellaba ser máis frecuente ca na actualidade (Álvarez 1980: 409; Ogando Valcárcel 1980; Sánchez Rei 1999)¹²⁹. Hoxe

¹²⁹A interpolación, ademais de no portugués e o galego medievais existiu tamén noutras variedades romances coma o leonés e o castelán medievais (Castillo Lluch 1996; Sánchez Rei 1999: 89-95; Wanner 2001: 1703; Matute 2013: 155). Para Matute (2013: 162-163) este fenómeno acadaba a súa “máxima intensidade (...) en el área occidental” da Península e “esta intensidade se iría difuminando conforme penetraba en territorio castellano, y en su área oriental (así como en la Rioja) tendría una incidencia mucho menor”. No castelán e leonés o fenómeno non se rexistra na actualidade (Wanner 2001: 1703). No portugués estándar actual só é susceptible de ser interpolado o adverbio *não*, aínda que “já não é hoje uma opção gramatical para todos os falantes do português” Martins (2013: 2233). Noutros dialectos portugueses son máis as palabras que poden ser interpoladas (vid. a este respecto Magro 2007: 81-136 e 2010; Martins 2016). Tal e como ocorre no caso galego, no portugués actual “nenhum dialecto conservou a interpolação generalizada do português antigo” (Martins 2013: 2233). De feito, no portugués brasileiro este recurso é exclusivo da lingua literaria e é sentido coma un “fósil lingüístico” (Castillo Lluch 1996: 291).

en día, pola contra, este trazo lingüístico acostuma asociarse coa fala de persoas de idade avanzada (Dubert 1999: 162; Sánchez Rei 1999: 58) e tamén é escasa a súa utilización nos textos literarios (Freixeiro Mato 2006: 180). Aínda que se documenta en todo o territorio galego (Álvarez 1980: 411, 414-416; ALGa 1995: mapas 193 e 194), segundo Sánchez Rei (1999: 157) é máis utilizada no occidente da provincia de Ourense e no sur da de Pontevedra ca noutras áreas de Galicia¹³⁰. A área estudada por nós sitúase nesta zona.

Nas entrevistas realizadas para esta tese recolléronse algúns casos de interpolación a varios informantes (3-8).

(3) *ese muchacho que che eu estaba explicando* (Abe71m)

(4) *as primeiras noites que se un deitaba nel* (Ore69h)

(5) *as flores si que chas non conozo* (Pen78m)

(6) *meu pai, cando me eu iba casar* (Arn63m)

(7) *o meu abuelo por parte de meu pai, que eu xa o non conocín* (Pen56h)

(8) *por eso che eu digo* (Ore47m)

Os *exordia* utilizados nas interpolacións recollidas durante as entrevistas foron os seguintes: *que* (10 veces), *xa* (9), *cando* ~ *cuando* (4), *o(s) que* (3), *se* (3), *como* (2), *ao que / ás que* (2), *claro que* (1), *desde que* (1), *inda* (1), *por eso* (1), *porque* (1) e *tamén* (1).

No que respecta aos elementos interpolados¹³¹, os máis frecuentes son o adverbio *non* (25 veces) e o pronome *eu* (12). O pronome *el* e o determinante *un*, que realizan a función sintáctica de suxeito nas súas oracións, foron rexistrados nunha ocasión (9-10). En consecuencia, nas secuencias rexistradas os elementos que con máis frecuencia aparecen interpolados son un pronome ou determinante con función de suxeito e o adverbio *non*. Neste aspecto, non se detecta unha situación diferente á do resto de variedades galegas (Álvarez 1980: 410-412; Sánchez Rei 1999: 210; Freixeiro Mato 2006: 180).

(9) *desde que me el faltou* (Pen78m)

(10) *as primeiras noites que se un deitaba nel* (Ore69h)

¹³⁰ Para afirmar isto o autor baséase nos datos ofrecidos polo ALGa (1995: mapas 193 e 194) e por Álvarez (1980: 411, 414-416).


¹³¹ En Álvarez (1980: 410-418) pódese atopar unha listaxe dos elementos susceptibles de seren interpolados baseada na análise dos textos recollidos durante as enquisas do ALGa.

Cos datos que temos, non podemos falar dunha área compacta, dentro da comarca, onde se utilice este trazo. Os falantes que utilizan este trazo sintáctico proceden dos lugares da Arnoia (Arn63m), Abelenda (Abe71m), Orega (Ore69h e Ore47m) e Penavaqueira (Pen78m e Pen56h) (mapa 58). Trátase de catro informantes da xeración I e de dous da xeración II. No caso dos informantes Arn63m, Abe71m, Ore47m e Pen56h, as secuencias con interpolación son escasas, empregadas en expresións fixadas tiradas das gravacións. En cambio, para os informantes Ore69h e Pen78m a interpolación é a colocación máis frecuente segundo os datos que temos¹³². Ademais, son os únicos que utilizaron a interpolación como resposta ás preguntas do cuestionario destinadas a obter datos sobre esta ordenación.

Na pregunta 185 estimulábase os informantes para que desen unha destas tres respostas: *funme para non o facer* (próclise do clítico ao infinitivo), *funme para non facelo* (énclise do clítico ao infinitivo) e *funme para o non facer* (interpolación). Fíxose mediante a pregunta “Vostede está cunha persoa que lle manda facer algo e vostede non o quere facer. Cando chega á casa pregúntanlle por que se foi Como diría que vostede se foi para non facer iso que lle mandaron?”.

No caso da pregunta 186, preguntábase “Vostede hai moito tempo que non ve un coñecido. Un día atópao e dille: Canto tempo hai...”. Obtivéronse as seguintes respostas: *Canto tempo hai que non te vexo!* (non interpolación) ou *Canto tempo hai que te non vexo!* (interpolación). Tanto Ore69h como Pen78m deron as respostas con interpolación: *funme para o non facer* e *Canto tempo hai que te non vexo!*, a diferenza do resto de informantes que proporcionaron os enunciados sen interpolación. Pode ser relevante que os únicos informantes da xeración II aos que lles rexistramos o fenómeno procedan dos lugares de Orega e Penavaqueira xa que destas localidades proceden tamén os informantes da xeración I que fan un uso maioritario da interpolación. Este feito podería indicar unha maior vitalidade do fenómeno neses lugares.

¹³² Estes individuos poden producir tamén secuencias sen interpolación de ningún elemento (p. ex., *se non che quedaba a pedra na raia*, Ore69h; *pra que non se perdera*, Pen78m).



Mapa 58. Lugares onde se rexistrou a interpolación do clítico

Os contextos onde máis frecuentemente se recolleron casos de interpolación son oracións subordinadas introducidas por unha conxunción que actúa como *exordium*. Os elementos interpolados rexistrados realizan exclusivamente as funcións de negación (*non*) ou de suxeito (*eu, el e un*).

Como conclusión, debemos indicar que a interpolación é un fenómeno pouco frecuente. Como comenta Freixeiro Mato (2006: 183), a interpolación ten un carácter opcional. Hai que ter en conta, ademais, que o feito de non a rexistrarmos nas enquisas non implica que os falantes non a poidan usar.

Na zona do Ribeiro, a interpolación é un trazo lingüístico ausente do repertorio lingüístico dos falantes máis novos¹³³. Os informantes que máis casos de interpolación presentan son, en xeral, persoas de idade avanzada e de fala moi conservadora¹³⁴. Estes datos permiten apuntar á existencia dun cambio en marcha consistente nun descenso na frecuencia do fenómeno se comparamos entre si os tres grupos de idade.

¹³³ Soto Andión (2014: 230) chega a unha conclusión semellante xa que di que a interpolación “se caracteriza por su inexistencia en informantes jóvenes, incluso en los de la generación intermedia”.

¹³⁴ Freixeiro Mato (2006: 183) opina que o menor uso da interpolación no galego contemporáneo fronte ao medieval “se pode explicar pola consagración da énclice como posición non marcada, polo carácter opcional que sempre tivo a interpolación e, por último, por tal estruturación se non producir modernamente na lingua castelá, que desde hai séculos vén condicionando certas escollas, tamén sintácticas, do galego”. O recurso ao castelán como factor que pode explicar o retroceso deste fenómeno non nos parece moi acaído xa que, como vimos, tamén no portugués europeo a interpolación é hoxe un fenómeno minoritario.

20.4. A colocación dos clíticos nas frases de infinitivo introducidas por preposición

Cando unha oración de infinitivo é introducida por medio dunha preposición, o clítico ligado sintacticamente ao infinitivo pódese situar antes do verbo (1a) ou despois deste (1b). Álvarez e Xove (2002: 567), despois de indicaren que existen as dúas posibilidades de colocación, sinalan que “a máis tradicional é a próclise”. Dado que non dan máis información ao respecto, supomos que estes autores cualifican a colocación proclítica do pronome como “máis tradicional” atendendo a que é a colocación máis frecuente nos textos medievais (Álvarez 1996).

(1a) Fágoo para che axudar

(1b) Fágoo para axudarche

A maior dificultade á hora de estudarmos a colocación dos clíticos neste tipo de construcións é que esta variable non aparece con frecuencia suficiente nas entrevistas como para poder facer unha descrición sólida. Ademais, non resultou fácil encontrar unha pregunta coa que obter datos sobre esta cuestión sen que a propia maneira de preguntar afectase á validez das respostas obtidas. Isto acostuma acontecer coa análise das unidades sintácticas elicidadas por medio de cuestionarios. Polo tanto, todos os datos que se analizan proceden das entrevistas. Debemos sinalar que nalgunhas delas non se recolleu ningunha aparición de clíticos en oracións de infinitivo introducidas por preposición. En consecuencia, a cantidade de datos obtidos condiciona as conclusións ás que chegamos, que han de ser interpretadas con prudencia. Tamén se debe ter en conta que hai preposicións coma *para* das que temos máis ocorrencias e outras coma *hasta* das que contamos con menos.

En oracións de infinitivo introducidas pola preposición *a* non se rexistrou ningún caso de próclise. A variante única recollida neste caso, con cinco ocorrencias, foi a que presenta énclice do clítico ao infinitivo (2-4).

(2) *levou moito traballo a ganalos* (Arn63m)

(3) *a xente tendeu máis a irse hacia, hacia Venezuela e México* (Abe53m)

(4) *a desenvolverte aprendes* (Pen23h)

Coa locución temporal *ó* a posición máis común é tamén a énclice do pronome ao verbo. Das dezanove ocorrencias desta variable, a colocación é enclítica en catorce casos (5-9). Os casos de próclise rexistrados proceden todos dun único informante,

Ore69h¹³⁵. Na transcripción da súa entrevista atopamos catro casos de énclise e cinco de próclise (10-12).

- (5) *ó sentarme na fábrica* (Pen78m)
- (6) *ó doblarte* (Esp72m)
- (7) *ó facérense socios tiveron que pagar* (Esp52m)
- (8) *ó enterarse que eran de sangue* (Ore47m)
- (9) *ó separarme* (Arn43m)
- (10) *ó se poñer a parte eran un viciño máis* (Ore69h)
- (11) *ó me meter na cama* (Ore69h)
- (12) *ó lle faceres así a outro* (Ore69h)

No estudo xa citado de Álvarez (1996) esta autora sostén que tanto coa preposición *a* coma coa locución *ao* son posibles a próclise do pronome ou a énclise¹³⁶. Porén, os datos que ofrece esta autora e os recollidos para este estudo apuntan a que a próclise é moi rara nestes casos.

Rexistramos 48 casos de oracións de infinitivo introducidas por *de*. Por grupos de idade, dos informantes da xeración I recadamos dezoito casos de próclise (13-16) e catorce de énclise (17-20). Na xeración II só se recolleu un caso de próclise (21) e sete de énclise (22-24). Entre os informantes da xeración III a única posición do clítico rexistrada, en oito ocasións, foi a énclise (25-27). Polo tanto, a próclise é a posición máis frecuente na xeración I e a énclise a colocación máis frecuente nos grupos de idade II e III.

- (13) *despois de lle sacar o unto* (Ore69h)
- (14) *fartéicheme de o dar eu* (Vil72m)
- (15) *non foi capaz de me entrar a porta* (Pen78m)
- (16) *empezáronlle a pegar, a pegar, as ganas de se vir* (Lou75m)
- (17) *despois de afumala* (Abe71m)
- (18) *había que se fartar de fregalas* (Esp72m)
- (19) *trataba de telos comigo* (Reg77h)

¹³⁵ A fala deste informante caracterízase por presentar trazos lingüísticos coma a interpolación dos clíticos, o infinitivo conxugado, paragoxe de /e/, etc.

¹³⁶ Nas oracións de infinitivo introducidas por *a* e *ao* os únicos pronomes que non poden ir proclíticos ao infinitivo, por razóns fonéticas, son *o(s)* e *a(s)* (Álvarez 1996: 16). No portugués falado prodúcese a mesma restrición e polos mesmos motivos (Vieira 2003b: 1346).

- (20) *collinche a costumbre de chamarlle Benito* (Ore69h)
- (21) *diferéncianse na forma de se poñer e andar* (Pen56h)
- (22) *despois de virnos de Uruguai xa non volvemos* (Abe53m)
- (23) *non fun capaz de lela* (Arn43m)
- (24) *era a forma de conservalos* (Pen56h)
- (25) *é cuestión de unilos* (Esp27h)
- (26) *estuvo a punto de palmala* (Rib20h)
- (27) *non é de reunirse a familia* (Reg21h)

Recollemos 93 casos en que *para* introduce unha oración de infinitivo. Na xeración I rexistráronse trinta e tres casos de próclise (28-30) e vinte e cinco de énclise (31-33). Na xeración II recolléronse doce ocorrencias de próclise (34-36) e once de énclise (37-39). Na xeración III só hai un caso de próclise (40) e once de énclise (41-43). Os datos recadados indican que a colocación máis frecuente nas xeracións I e II é a próclise, mentres que na xeración III o é a énclise.

- (28) *pa lle dar a volta* (Abe71m)
- (29) *pa lle dar de mamar* (Ore69h)
- (30) *non tuven tempo pa o ir ver* (Esp72m)
- (31) *pa mantelos* (Esp72m)
- (32) *pa facelo ben* (Ore69h)
- (33) *non había pa compralos* (Reg77h)
- (34) *pa che dicir o nome* (Ore47m)
- (35) *collíamos os pequenos pa os criar* (Pen56h)
- (36) *vén pa os cuidar* (Vil48h)
- (37) *miña nai deuse a volta pa dicirme algo* (Arn43m)
- (38) *pa axudarlle a miña nai* (Abe53m)
- (39) *pa poñelo máis ancho* (Pen56h)
- (40) *pa nos dicir onde temos que ir* (Pen23h)
- (41) *pa divertirme* (Ore26h)
- (42) *pa chamuscalo* (Vil22h)
- (43) *pa pincharse atrás* (Arn19m)

As oracións de infinitivo introducidas pola preposición *por* son moito menos frecuentes no noso corpus ca as introducidas por outras preposicións (11 ocorrencias).

Nas construcións de infinitivo con esta preposición rexistramos na xeración I, unha ocorrencia de próclise (44) e tres de énclice (45-47). Na xeración II só se recolleu un único caso de próclise (48) e ningún de énclice, mentres que na xeración III, a única posición do pronome utilizada, en seis casos, é a énclice (49-51).

- (44) *por lle levar a maleta* (Reg77h)
- (45) *hai certas cousas que inda non nos dou por facelas* (Abe71m)
- (46) *por meterse na política* (Rib65h)
- (47) *partiron a calle por poñerlle ese nome* (Rib65h)
- (48) *despois choraba por as haber comido* (Ore47m)
- (49) *non solo por visitala* (Ore26h)
- (50) *por chamarlle dalgunha maneira* (Rib20h)
- (51) *acabas tendo influencias por estudialo* (Rib20h)

No caso da preposición *sin*, contamos con 14 ocorrencias. Entre os individuos da xeración I recollemos seis casos de próclise (52-54) e cinco de énclice (55-57). Na xeración II, un informante usou unha vez a colocación proclítica (58) e outra informante a enclítica (59). Entre os falantes da xeración III só temos un caso de énclice (60) e ningún de próclise. A próclise é a colocación máis frecuente unicamente no grupo de idade I.

- (52) *sin se casar* (Ore69h)
- (53) *sin lle dar importancia* (Pen78m)
- (54) *sin lle dicir nada* (Reg77h)
- (55) *levo moitos anos sin vela* (Reg77h)
- (56) *xa levamos anos sin facela* (Esp72m)
- (57) *sin calcarlle tanto* (Ore69h)
- (58) *zurcir é coser un roto pero sin o xuntar* (Pen56h)
- (59) *temos de todo sin movernos* (Abe53m)
- (60) *sin dudalo* (Ore26h)

Ademais das preposicións xa mencionadas, no corpus hai algunhas outras que aparecen en moitas menos ocasións. Trátase de *con*, *en*, *hasta* e *según*. Con *según* temos un único caso de énclice no corpus (61). Coa preposición *hasta* rexistramos un caso de

énclise (62) e mais outro de próclise (63). Coas outras preposicións (*con* e *en*), a colocación recollida nas entrevistas foi a enclítica, en catro ocasións (64-67). Polo tanto non foi posible detectar variación.

(61) *según a iban fiando* (Ore69h)

(62) *hasta irlle tirando de adentro o miolo todo* (Ore69h)

(63) *hasta se casaba unha miña irmán* (Reg77h)

(64) *con terlle as cousas ó día, é suficiente* (Abe53m)

(65) *tardabas unha época en pórtelo ó día* (Abe53m)

(66) *o primeiro que se alegra en verme é el* (Arn43m)

(67) *tardei en incorporarme nunha rotonda* (Arn19m)

Na táboa 17 recóllense os datos de énclise e próclise en cada xeración segundo o tipo de preposición que introduce a oración de infinitivo. Ademais, inclúense tamén os índices totais de colocación enclítica e proclítica correspondentes a cada un dos grupos de idade.

Os datos obtidos non permiten extraer conclusións categóricas sobre como as diferentes preposicións poden condicionar a próclise ou énclise do pronome. Isto é debido, fundamentalmente, a que non contamos cun número suficiente de ocorrencias. O único que se pode afirmar, con cautelas, é que a preposición *a* e a locución *ao* non favorecen a próclise do pronome.

Se comparamos os índices de próclise e énclise nos distintos grupos de idade podemos apuntar que: a) na xeración I, a pesar de que existen diferenzas entre os diferentes informantes, parece que ambas as posicións son igualmente frecuentes; b) na xeración II, a posición máis frecuentemente rexistrada é a énclise, mais as oracións de infinitivo con próclise do pronome tamén se documenta en numerosas ocasións, ata o punto de que estas acadan un índice do 0.37; e c) na xeración III, a próclise é unha colocación menos frecuente, só documentada nun informante unha única vez. Estes datos semella que apuntan a unha tendencia de consolidación da énclise como colocación máis frecuente na fala dos informantes máis novos, tal e como se ten afirmado noutros estudos.

Preposición	Posición do clítico	Xeración I	Xeración II	Xeración III	Total
<i>a</i>	Próclise	0	0	0	0
	Énclise	4	1	0	5
<i>ao</i>	Próclise	5	0	0	5
	Énclise	10	4	0	14
<i>de</i>	Próclise	18	1	0	19
	Énclise	14	7	8	29
<i>con</i>	Próclise	0	0	0	0
	Énclise	0	1	0	1
<i>en</i>	Próclise	0	0	0	0
	Énclise	0	2	1	3
<i>hasta</i>	Próclise	1	0	0	1
	Énclise	1	0	0	1
<i>para</i>	Próclise	33	12	1	46
	Énclise	25	11	11	47
<i>por</i>	Próclise	1	1	0	2
	Énclise	3	0	6	9
<i>según</i>	Próclise	1	0	0	1
	Énclise	0	0	0	0
<i>sin</i>	Próclise	6	1	0	7
	Énclise	5	1	1	7
Total	Próclise	64 (0.51)	15 (0.37)	1 (0.3)	80
	Énclise	60 (0.49)	27 (0.63)	27 (0.97)	114

Táboa 17. Posición do clítico por xeracións en frases introducidas por preposición

Os estudos sobre o tema recollen o predominio da énclice nas oracións de infinitivo introducidas por preposición¹³⁷. Segundo Álvarez, neste contexto, “na lingua oral actual a posición máis frecuente nos predicados afirmativos é a énclice” (Álvarez 1996: 14). Sánchez Rei, nun traballo sobre cambio lingüístico en galego, afirma que a colocación enclítica do pronome “se vai facendo cada vez máis habitual entre diversos sectores de galegofalantes, mesmo chegando a ser a única en determinadas franxas etáreas” (Sánchez Rei 2007: 114)¹³⁸.

Estes autores non coinciden á hora de explicaren as causas do aumento da énclice. Segundo Sánchez Rei o contacto co castelán é a causa fundamental que explicaría este dominio actual da énclice en galego¹³⁹. Este autor afirma que:

Esta orde morfosintáctica tan tradicional [a próclise] está a sufrir un retroceso no uso do galego de hoxe, debido, con toda probabilidade, á existencia de dúas alternativas de se dispor o pronome das cales unha delas é coincidente coa prescrición morfosintáctica do español (Sánchez Rei: 1999: 53, nota 78).

Pola contra, Rosario Álvarez non inclúe o contacto como causa do cambio, senón ofrece unha explicación baseada no propio sistema. No seu estudo xa citado, di que a colocación máis habitual no galego medieval era a próclise pero que “este progresivo abandono da primitiva posición débese atribuír a unha evolución interna da lingua” (Álvarez 1996: 14)¹⁴⁰.

¹³⁷ Nalgúns estudos sobre falas galegas xa se constatou unha maior frecuencia da énclice na lingua falada. Sirva como exemplo o que afirma Taboada Cid sobre a fala do val de Verín (1979: 118) “Cuando un infinitivo y gerundio van subordinados a un verbo principal mediante una preposición, [o pronome] también va enclítico (...). También puede ir procítico, como sucede en el gallego general, pero no es ésta su posición habitual”. Tamén Regueira (1989: 524) detecta a mesma tendencia no galego da Terra Cha: “Se o pronome acompaña a un infinitivo rexido por preposición, o máis habitual é que se manteña fixo en posición posverbal” aínda que matiza que “non son raros os casos en que se coloca entre a preposición e mailo infinitivo, sobre todo os falantes que teñen rasgos lingüísticos máis conservadores.”

¹³⁸ Hai que facer constar que o de Álvarez (1996) e o de Sánchez Rei (2007) son estudos que empregan datos de diferentes momentos. Álvarez (1996) estuda as gravacións feitas para o ALGa a mediados da década dos 70 do século pasado. Sánchez Rei (2007) baséase nas súas impresións sobre o galego falado e nunha serie de gravacións realizadas a persoas de idades diferentes e procedentes da área da Coruña. Este autor non informa da cantidade de datos recadados.

¹³⁹ Esta explicación xa fora apuntada, para o galego da comarca de Ferrol, por Porto Dapena (1977: 178): “Quizás por el influjo del castellano, el gallego de la comarca ferrolana prefiere también la posición enclítica del pronombre cuando el verbo es un infinitivo regido de una preposición”.

¹⁴⁰ No portugués actual o clítico pode ir antes ou despois do verbo: “As orações infinitivas simples introduzidas por preposição admitem quer a colocação enclítica quer a colocação proclítica dos pronomes átonos” aínda que “ficam, contudo fora do padrão de variação as preposições *a* e *com*, que se associam sempre à ênclice” (Martins 2013: 2280). Segundo Vieira (2003b: 1345-1346) a porcentaxe de énclice no portugués europeo é do 24% nas oracións de infinitivo introducidas polas preposicións *de*, *para* e *sem* e do 54% nas introducidas por *a* e *sem*. No portugués de Mozambique as porcentaxes de énclice son maiores (34% e 44% respectivamente). Vid. tamén a este respecto Álvarez (2004) e Martins (2016).

Na nosa opinión, non se pode descartar que a *interferencia negativa de converxencia* co castelán favoreza unha das variantes (a énclise) fronte á outra (a próclise) (Kabatek 2000). Non obstante, o contacto co castelán pode estar acelerando un proceso de cambio endóxico no galego.

20.5. A colocación dos clíticos nas frases de infinitivo introducidas por un nexos subordinante

Existen unha serie de nexos (*onde, que, como, quen...*) que permiten que o clítico se sitúe en posición pre- ou posverbal nas oracións de infinitivo introducidas por eles (Álvarez e Xove 2002: 567).

A información que se analiza nesta aliña está tomada das entrevistas, xa que no cuestionario non se incluíu ningunha pregunta que ofrezca datos para este contexto. Os datos procedentes das entrevistas son escasos e corresponden a oito dos informantes. Nestes textos recolléronse rexistros de enunciados con pronomes en próclise (1-6) e sete en énclise (7-13), todos contexto con oración de infinitivo; en todos eles o clítico está ligado sintacticamente ao infinitivo e fai referencia a algún elemento aparecido antes. A ordenación do clítico en próclise ao infinitivo rexistrouse nas entrevistas a persoas da xeración I; os enunciados o pronome aparece en énclise ao infinitivo corresponden a falantes dos tres grupos xeracionais. Dúas das informantes entrevistadas (Abe71m e Esp72m) empregan tanto a próclise coma a énclise nestes contextos sintácticos.

- (1) *xa non hai onde os pór* (Abe71m)
- (2) *non hai por que lle dicir nada* (Reg77h)
- (3) *eu non sabía onde o había poñer* (Esp72m)
- (4) *non temos por que a ter á chuvia* (Abe71m)
- (5) *non teño nadiña que lle dar* (Abe71m)
- (6) *non hai a quen lle vender* (Arn63m)
- (7) *non sei como dicilo* (Reg21h)
- (8) *non sei como dicircho* (Reg21h)
- (9) *hai veces que non sei onde poñelo co dolor que teño* (Esp72m)
- (10) *non tes onde metelos* (Reg52m)
- (11) *non teño con que facerlle o caldo ós rapaces* (Abe71m)
- (12) *non había con que divertirse* (Vil72m)
- (13) *ten moito de que queixarse* (Esp27h)

20.6. A colocación dos clíticos en predicados negativos

Mediante o cuestionario recollemos datos de colocación do pronome átono en oracións de infinitivo negativas (Pregunta 78, *Non o facer*)¹⁴¹. As respostas recollidas amosan que, na área estudada, é posible tanto a próclise ao infinitivo (*non o facer*) coma a énclice ao mesmo (*non facelo*). Os datos obtidos amosan que a resposta con próclise é máis común nos informantes das xeracións I e II e a resposta con énclice maioritaria entre os informantes da xeración III. Non obstante, o número de respostas do tipo *non o facer* é máis común no grupo de idade I ca no grupo de idade II (gráfico 17). Á vista dos datos obtidos, resulta evidente que o factor idade determina a frecuencia con que ocorren as dúas ordenacións. A disposición en próclise caracteriza, por ser máis frecuente, as xeracións I e II (especialmente a xeración I), mentres que a énclice é claramente identificativa da xeración de persoas máis novas.




Gráfico 17. Posición do clítico en construcións de infinitivo negativas

Nas entrevistas recolléronse unicamente tres ocorrencias que, dalgún xeito, e a pesar da escaseza de datos, semellan confirmar a tendencia observada nas respostas ao cuestionario (1-3).

- (1) *é mellor non facelo* (Rib20h).
- (2) *costounos moito (...) o de non bañarse tódolos días* (Abe53m)
- (3) *ó non o deixar que críe* (Pen56h)

¹⁴¹ Segundo Álvarez (1996: 14): “nos predicados negativos [...] o pronome admite dúas posicións. A máis frecuente na lingua actual é, sen dúbida, a énclice ó infinitivo, mesmo en falantes vellos”. Os nosos datos non cadran con esta afirmación e dan conta dunha distribución etaria ben diferente.

20.7. A colocación dos clíticos en complexos verbais¹⁴²

Nalgúns complexos verbais son posibles diversas colocacións dos pronomes átonos. Non todos os complexos verbais participan do mesmo grao de gramaticalización e en consecuencia as posibilidades de disposición non son as mesmas. As construcións máis gramaticalizadas acostuman ser as constituídas por un verbo auxiliar e un verbo auxiliado, identificadas tradicionalmente como perífrases (Álvarez e Xove 2002: 335-341; Freixeiro Mato 2006: 434-437). As perífrases caracterízanse por teren un significado unitario, diferente á suma dos significados dos seus compoñentes (Freixeiro Mato 2006: 434).

Nos complexos formados por un verbo auxiliar e un verbo auxiliado, sen nexo entre ambas as dúas formas verbais, o clítico pode depender fonoloxicamente do verbo do que é complemento (*vou facelo, quero facelo*) ou do verbo auxiliar (*vouno facer, queroo facer*). No caso de que entre as dúas formas verbais se sitúe un nexo, existe unha terceira posibilidade, a próclise con respecto ao verbo auxiliado (*tes que o facer*) (Álvarez e Xove 2002: 567-569; Freixeiro Mato 2006: 171)¹⁴³.

Álvarez (1996: 20), ao analizar a distribución dos clíticos neste tipo de contextos indica que, no caso das perífrases verbais, a colocación “menos usada de tódalas opcións posibles é a énclice ó infinitivo”¹⁴⁴. Algúns autores coma Sánchez Rei (1999 e 2007) e Freixeiro Mato (2006) opinan que esta “tendencia xeral cara á simplificación da opcionalidade en favor da énclice vén supor, máis unha vez o afastamento da tradición lingüística galego-portuguesa e da práctica dominante no portugués actual” (Freixeiro Mato 2006: 175)¹⁴⁵. É preciso advertir que nin Sánchez Rei nin Freixeiro Mato fan referencia a estudos que demostren con datos cuantitativos e actualizados as afirmacións realizadas, tanto para o galego coma para o portugués.

¹⁴² Somos conscientes de que esta subsección ten unha estrutura diferente ás do resto do traballo. Isto explícase pólo feito de termos intención de publicar o seu contido proximamente nunha revista.

¹⁴³ Téñase en conta que nas perífrases de participio non existe esta liberdade de colocación, dado que o clítico non aparece nunca en énclice a esta forma verbal (*téño feito* pero **teño feito*).

¹⁴⁴ A posición do clítico nos complexos verbais foi estudada nalgúns traballos, con diferentes enfoques, por parte de varios investigadores. O traballo de Álvarez (1996) parte de gravacións realizadas nos anos 70 e 80 e dá conta da variedade utilizada por falantes adultos de zonas rurais. Santos Raña (2018), pola súa banda, analiza esta variable en textos escritos de diferentes xéneros dos séculos XIX y XX. Sánchez Rei (2007) emprega datos da literatura popular galega e compáraos con observacións sobre a fala de informantes de diferentes idades.

¹⁴⁵ Vid. tamén o traballo de Álvarez (1996: 20): “na lingua antiga era de regra que o pronome se situase onda o auxiliar”. Con respecto á afirmación de Freixeiro Mato, é preciso indicar que este autor simplifica en exceso a situación do portugués contemporáneo. Vid. a este respecto Martins (2016) e a bibliografía manexada por esta autora.

Antes de procedermos á análise dos datos recollidos, cremos interesante ver cales son as posibilidades de colocación pronominal nos complexos verbais nas variedades románicas próximas.

No portugués moderno, a próclise ao verbo principal é a variante máis frecuente. Con todo, diversos estudosos dan conta de que non é rara a énclise ao verbo principal, especialmente na variedade europea do portugués (Vieira 2003a e 2003c; Martins 2016). No astur-leonés, nos complexos verbais sen nexo só é posible a énclise: *voi facelo, queremos facelo, puen equivocase, has llamame...* Só en complexos verbais con nexo é posible atopar o pronome noutra posición: a próclise ao verbo principal: *tengo que facela ~ tengo que la facer, hai que facela ~ hai que la facer* (Cano González 1977: 296-297; Vallina Alonso 1985; Canellada 1996: 30; Sobriño Pérez 2001; Andrés 2013: 656).

No italiano e no castelán, linguas onde o clítico tende a situarse despois do verbo principal, é un fenómeno moi frecuente a subida do clítico nos complexos verbais (*lo tengo que hacer hoy ~ tengo que hacerlo hoy; lo posso fare per domani ~ posso farlo per domani* (Soriano Fernández 1999: 1262-1263; Wanner 2001: 1703; Gerlach 2002: 42 e 199; Iglesias 2012; Spencer e Luís 2012: 163)¹⁴⁶.

A información recadada na nosa investigación permítenos extraer algunhas conclusións de interese sobre a disposición dos clíticos na área estudada. Os complexos verbais analizados son todos perifrásticos: *acabar + de + inf., ter + que + inf., haber + que + inf., estar + xer., estar + a + inf. e ir + inf.* (con valor de futuro). Os datos analizados máis polo miúdo proceden da enquisa co cuestionario.

Na nosa descrición empregaremos as seguintes claves: P1 (= posición 1) para nos referir á énclise do pronome ao verbo auxiliar (*telo que facer, vouno facer*); P2 (= posición 2) para a próclise do pronome ao verbo auxiliado, algo que só é posible nos complexos verbais que constan dun nexo (*tes que o facer*); e P3 (= posición 3) para a

¹⁴⁶ No francés moderno, ao contrario do que ocorría no francés medieval, non se dá a próclise ao verbo auxiliar. Tampouco existe este fenómeno no romanés nin en moitas variedades da Italia setentrional, mais si en occitano, sardo e catalán (Robert 2016). Polo tanto, como indica Wanner, en moitas linguas e variedades romances “some degree of CR [clitic raising] is practiced, with considerable inter-speaker differences, and with marked stylistic preferences for limiting CR in more formal registers” (Wanner 2001: 1704). Neste sentido, as variedades romances ibéricas máis occidentais mostran un comportamento, con respecto á disposición do clítico, diferenciado do resto das variedades herdeiras do latín, a pesar de que na lingua antiga as diferenzas non eran tan grandes (Posner 1998: 214-223; Martins 2016).

énclise do pronome ao verbo auxiliado (*tes que facelo, vou facelo*). Ofrecemos a seguir unha representación esquemática:

Verbo auxiliar (P1) + (nexo) (P2) + verbo auxiliado (P3)

20.7.1. *acabar + de + inf.*

A información recollida mostra que a ordenación máis común nas repostas dos informantes é a P3 (*acaba de facelo*, 17 ocorrencias), a máis común nos falantes máis novos e a menos frecuente nos de máis idade. As outras dúas opcións rexístranse sobre todo nas xeracións I e II (*acaba de o facer*, 7 ocorrencias; *acábao de facer*, 6 ocorrencias) (táboa 18).

	P1	P2	P3
Xeración I	3	5	2
Xeración II	2	2	6
Xeración III	1	0	9

Táboa 18. Posición do clítico na perífrase *acabar + de + inf.*

As poucas ocorrencias desta perífrase recollidas parecen confirmar os datos elicitados co cuestionario (1-4).

- (1) *ó acabar de matalo* (Esp72m)
- (2) *ó acabar de chamuscalo* (Esp72m)
- (3) *acaba de lle salir a do xuicio* (Abe71m)
- (4) *acababa de me comprar as fabas* (Lou75m)

20.7.2. *ter + que + inf.*

A posición máis frecuente con esta perífrase obrigatoria é a P1 (*telo que facer*, 15 ocorrencias). Menos frecuentes son a P3 (*tes que facelo*, 10 ocorrencias) e a P2 (*tes que o facer*, 5 ocorrencias). A P3 é máis frecuente entre os membros do grupo de idade III e a P2 caracteriza a fala dalgúns dos informantes do grupo de idade I (táboa 19).

	P1	P2	P3
Xeración I	6	4	0
Xeración II	6	1	3
Xeración III	3	0	7

Táboa 19. Posición do clítico na perífrase *ter + que + inf.*

Os datos procedentes das entrevistas contribúen a enriquecer o cadro. A maioría dos informantes empregan máis dunha variante, sendo a P1 a posición máis frecuente (1-3). Mentres a P2 é característica dos falantes maiores de 60 anos (4-5), a P3 é especialmente frecuente entre os falantes de menos de 30 (6-8).

- (1) *tívose que vir* (Vil72m)
- (2) *hai moita xente que non os quere domiciliar e teslle que ir cobrar* (Esp52m)
- (3) *téñolle que dedicar moito tempo* (Arn19m)
- (4) *tiñamos que lle levar a comida* (Abe71m)
- (5) *tuven que lle buscar unha desculpa* (Pen78m)
- (6) *tiña que telo escondido* (Arn19m)
- (7) *tendes que acoplarvos* (Lou48m)
- (8) *tuvo que deixalo polas presións* (Rib20h)

20.7.3. *haber + que + inf.*

A posición do clítico máis frecuente coa perífrase *haber + que + inf.* é a P3 (*hai que batelos*, 18 ocorrencias). Esta variante foi a única usada polos falantes do grupo de idade III. A posición P2 (*hai que os bater*, 8 ocorrencias) e a P1 (*hainos que bater*, 4 ocorrencias) son utilizadas polos informantes de máis de 40 anos (táboa 20).

	P1	P2	P3
Xeración I	2	5	3
Xeración II	2	3	5
Xeración III	0	0	10

Táboa 20. Posición do clítico na perífrase *haber + que + inf.*

Os datos recadados das entrevistas demostran que un mesmo informante pode usar máis dunha variante. As ordenacións P1 (1-3) e P3 (4-6) son rexistradas nas entrevistas con informantes de todas as xeracións. Non obstante, só temos exemplos de P2 de informantes dos grupos de idade I e II (7-9).

- (1) *ó outor día habíao que partir* (Lou75m)
- (2) *haina que ter entre as maus pa que queza* (Ore47m)
- (3) *xoga o Dépor contra o Celta e entonces habrao que ver* (Vil22h)
- (4) *se se incendiaba había que acudirlle* (Ore69h)
- (5) *teñen o “don” e hai que utilizalo* (Lou48m)
- (6) *mañá hai que levantarse máis cedo* (Rib20h)
- (7) *hai que lle levar unha taza de leite ás mañás* (Abe71m)
- (8) *había que se desplazar para ir ó médico* (Vil72m)
- (9) *había que llo ir botando pouco e pouco* (Pen56h)

20.7.4. *estar* + *xer*.

Os datos recollidos co cuestionario para a perífrase *estar* + *xerundio* amosan que a posición maioritaria en todos os grupos de idade é a énclise ao verbo auxiliar (436 ocorrencias) (1-3), sendo posible tamén a énclise ao verbo principal (116 ocorrencias) (4-6). Así e todo, se comparamos os datos dos tres grupos de idade entre si (táboa 21), comprobamos que a énclise ao *xerundio* é máis frecuente no grupo de idade II ca no I, e maior no grupo de idade III ca no II¹⁴⁷. Hai que advertir que, como esta perífrase alterna na área con *estar* + *a* + *inf.*, os datos do cuestionario que temos de cada informante son diferentes.

- (1) *estalle dando de comer ó neno*(Arn63m)
- (2) *estao metendo na lavadora* (Abe28m)
- (3) *estase afeitando* (Esp52m)
- (4) *está levantádoa* (Arn43m)
- (5) *está dicíndolle algo ó oído* (Rib65h)
- (6) *está dándolle o peito ó neno* (Rib20h)

¹⁴⁷ Os datos de cada falante pódense consultar na táboa 8 do Anexo II. A cifra entre paréntese representa o índice de uso de cada variante.

	Índice P1	Índice P3
Xeración I	0.92	0.08
Xeración II	0.81	0.19
Xeración III	0.69	0.31

Táboa 21. Posición do clítico na perífrase *estar + xer*.

20.7.5. *estar + a + inf.*

No caso desta perífrase a colocación máis frecuentemente rexistrada é a énclese ao verbo principal (90 ocorrencias) (1-2), aínda que é posible tamén a énclese ao inf. (18 ocorrencias) (3-4)¹⁴⁸. Hai que sinalar que non se recolleu ningún caso de próclise ao verbo principal. Os datos recollidos son escasos xa que moitos falantes empregan a perífrase *estar + xer* en lugar de *estar + a + inf.* Para moitos informantes contamos só cunha ocorrencia da variante, polo que non nos atrevemos a establecer conclusións sobre os factores que determinan a colocación do clítico nesta perífrase. É posible que a énclese estea favorecida nos nosos datos debido ao contexto fonético. A maioría dos casos de énclese danse cando á forma verbal *está lle* segue o clítico *a*. Na táboa 22 ofrécense os índices medios de uso das dúas posicións por grupos de idade. O índice menor de P1 corresponde ao grupo de idade III.

(1) *estalle a dar de comer ó miniño* (Pen78m)

(2) *estanse a abrazar* (Pen56h)

(3) *está a levantala* (Rib20h)

(4) *está a comelo* (Rib40h)

	Índice P1	Índice P3
Xeración I	0.66	0.34
Xeración II	0.71	0.29
Xeración III	0.56	0.44

Táboa 22. Posición do clítico na perífrase *estar + a + inf.*

¹⁴⁸ Os datos de cada falante pódense consultar na táboa 9 do Anexo II. A cifra entre paréntese representa o índice de uso de cada variante.

20.7.6. *ir* + *inf.*

Nesta perífrase con valor de futuro a única variante presente nos nosos datos, tanto os recadados co cuestionario (táboa 23) coma os das entrevistas, é a énclice ao verbo auxiliar (1-6).

	Ocorrencias P1	Ocorrencias P3
Xeración I	30	0
Xeración II	30	0
Xeración III	30	0

Táboa 23. Posición do clítico na perífrase *ir* + *inf.*

- (1) *voulle quitar o sonido ó móbil* (Reg21h)
- (2) *se é máis nova ca min vouna tratar de tu* (Arn19m)
- (3) *vaiche preguntar de cantas maneiras se pode dicir* (Ore47m)
- (4) *voulle preguntar á muller e xa che digo* (Pen56h)
- (5) *esta semana vaina haber toda a semana* (Abe71m)
- (6) *o sábado voulle axudar á filla da María* (Ore69h)

20.7.7. Outros complexos verbais

Nas gravacións das conversas cos informantes recolléronse tamén datos que poden dar conta da colocación dos clíticos noutros complexos verbais. Na maioría dos casos só contamos cunha ou dúas ocorrencias nun número reducido de informantes. Cremos, porén, de interese analizar aqueles casos para os que temos un maior número de datos: a perífrase *poder* + *inf.* e o complexo verbal non perifrástico *querer* + *inf.*

No caso de *poder* + *inf.* a énclice ao verbo auxiliar (P1) é a variante máis empregada (16 ocorrencias) por parte dos informantes (1-5) fronte á énclice ao infinitivo (P3) (4 ocorrencias) (6-8). O escaso número de ocorrencias por informante non permite facer afirmacións seguras. O único que se pode afirmar é que ambas as dúas variantes son usadas por individuos dos tres grupos de idade estudados.

- (1) *pódeche facer unha broma* (Arn19m)
- (2) *podíanche facer o da casa* (Esp52m)
- (3) *podíanche dicir, no! Pódesme tratar de tu* (Pen56h)

- (4) *podíame meter nun equipo de fútbol* (Pen23h)
- (5) *podíase ir facilmente* (Esp72m)
- (6) *puido facelo el* (Pen56h)
- (7) *eu podo chamalo agora* (Rib65h)
- (8) *podes collelo cando queiras* (Esp72m)

Cando a perífrase vai precedida dalgún elemento que pode provocar a próclise do pronome ao verbo auxiliar, esta é a variante máis frecuentemente recollida con 39 rexistros (9-12), mentres que de énclise ao infinitivo contamos con 7 rexistros (13).

- (9) *se a puidera traer para aquí, traíaa pra onda min* (Pen78m)
- (10) *mirai que huxe o Manolo non lle pode vir* (Lou75m)
- (11) *que che podo contar?* (Rib40m)
- (12) *non o podíamos controlar* (Arn19m)
- (13) *as costumbres non podes comparalas con outros pueblos* (Abe53m)

Con respecto a *querer* + inf. hai que indicar que é o único complexo verbal non perifrástico que analizamos¹⁴⁹. Os datos recadados para estudar a colocación do pronome átono neste complexo verbal non perifrástico amosan unha maior frecuencia da P1 ca da P3. Das 21 ocorrencias totais desta variable temos 17 casos de P1 (15-16) e 4 de P3 (17).

- (15) *e o meu home quíxolla comprar* (Pen78m)
- (16) *queríanme levantar en peso* (Reg77h)
- (17) *queren facerlle coma un homenaxe* (Rib65h)

Recolléronse tamén 16 casos en que este complexo verbal se sitúa despois dunha palabra que pode provocar a próclise do pronome ao verbo auxiliar. En 15 casos recollemos próclise do pronome ao verbo auxiliar (18-20) e nunha ocasión a énclise do clítico ao infinitivo (21).

- (18) *tampouco os quere deixar* (Esp52m)
- (19) *a veces o corpo non os quere facer* (Rib20h)
- (20) *cando me quero dirigir a eles* (Ore26h)
- (21) *e non queren perdelo* (Esp52m)

¹⁴⁹ Sobre as diferenzas entre os complexos verbais perifrásticos e non perifrásticos vid. Freixeiro Mato (2006: 434-435) e Rojo (1974: 26-33).

20.7.8. Recapitulación

Os datos recadados permiten describir a variación no comportamento dos clíticos nalgúns complexos verbais (táboa 24). Neste comportamento semella influír o factor idade. Algúns feitos xa sinalados que van nesta liña son os seguintes:

1) A énclise ao verbo auxiliar é a solución máis frecuente nos tres grupos de idade nas perífrases *estar + a + inf.* e *estar + xer.* Porén, no grupo de idade II o índice de énclise é maior ca no grupo de idade I, e no grupo de idade III maior ca no grupo de idade II.

2) No caso das perífrases con nexo, a próclise ao verbo auxiliado só se rexistrou nas enquisas e entrevistas con falantes da xeración I e II. Ningún falante do grupo de idade III empregou construcións do tipo *tes que o facer.*

3) Nas perífrases *acabar + de + inf.*, *haber + que + inf.* e *ter + que + inf.* a énclise ao infinitivo é máis rexistrada entre os membros do grupo de idade II ca entre os membros do grupo de idade I, e máis frecuente nos informantes do grupo de idade III ca nos do grupo de idade II.

Perífrase	Posición	X. I	X. II	X. III	Media
ir + inf.	P1	1	1	1	1
	P3	0	0	0	0
acabar + de + inf.	P1	0.3	0.2	0.1	0.2
	P2	0.5	0.2	0	0.23
	P3	0.2	0.2	0.9	0.43
ter + que + inf.	P1	0.6	0.6	0.3	0.5
	P2	0.4	0.1	0	0.17
	P3	0	0.3	0.7	0.33
haber + que + inf.	P1	0.2	0.2	0	0.13
	P2	0.5	0.3	0	0.27
	P3	0.3	0.5	1	0.6
estar + xer.	P1	0.92	0.81	0.69	0.81
	P3	0.08	0.19	0.31	0.19
estar + a + inf.	P1	0.66	0.71	0.56	0.64
	P3	0.34	0.29	0.44	0.36

Táboa 24. Posición do clítico por xeracións en perífrases verbais

Ademais, esta variación parece estar tamén condicionada polo complexo verbal do que se trate¹⁵⁰. A énclese ao infinitivo non foi recollida no caso da perífrase *ir + inf.* No caso dos complexos verbais *poder + inf.* e *querer + inf.* non contamos con datos suficientes para establecermos conclusións sobre unha posible influencia do factor idade na escolla dunha ou doutra variante.

Con respecto á influencia do factor xeográfico, cómpre destacar que, de xeito xeral, na vila de Ribadavia rexistráronse máis ocorrencias de énclese ao verbo principal. Tamén pode ser de interese que os informantes que máis empregan a colocación tipo *tes que o facer* proceden maioritariamente de puntos laterais da área, fóra das zonas de val.

A maior frecuencia, entre os falantes máis novos, da énclese ao verbo principal nos complexos verbais (táboa 25) pode ser interpretada como resultado dunha tendencia interna da lingua ou como resultado do contacto (Sánchez Rei 1999 e 2007; Freixeiro Mato 2006).

	perífrases sen nexo		perífrases con nexo		
	P1	P3	P1	P2	P3
X. I	0.86	0.14	0.37	0.47	0.17
X. II	0.84	0.16	0.33	0.20	0.47
X. III	0.75	0.25	0.13	0.00	0.87

Táboa 25. Índice medio por xeracións da posición dos clíticos en perífrases verbais

Existe a posibilidade de que o contacto co castelán estea favorecendo un cambio interno en galego. A interferencia negativa de converxencia podería facer aumentar a frecuencia da colocación coincidente co castelán (Kabatek 2000). Non obstante, parécenos oportuno indicar que é arriscado atribuír en exclusiva á influencia do castelán esta variación na distribución xeracional das diferentes variantes. A opcionalidade na colocación dos clíticos existe en linguas próximas tipoloxicamente da nosa, tamén no portugués e no castelán.

¹⁵⁰ A próclise do clítico ao verbo auxiliar en castelán tamén presenta diferenzas en función do complexo verbal do que se trate: “CR [clitic raising] is regulated by the class pertinence and lexical identity of the governing verb” (Wanner 2001: 1704). Sobre este aspecto vid. tamén Myhill (1989).


21. VARIACIÓN NO OD CON PREPOSICIÓN *EN*

En galego, unha frase introducida pola preposición *en* é un complemento verbal que é frecuentemente analizado como OD por algúns autores (Cidrás 1998; Álvarez e Xove 2002: 99) e como suplemento por outros (Freixeiro Mato 2006: 642). Segundo algúns autores o uso de *en* con OD “permite que a acción se estenda no tempo, ben porque dura, ben porque se repite” (Álvarez e Xove 2002: 99)¹⁵¹. Frecuentemente a preposición *en* marca un OD dependente dunha forma verbal que expresa aspecto durativo (p. ex. perífrases aspectuais de fase media ou perífrases inceptivas) (Regueira 1989: 626; Álvarez e Xove 2002: 99; Freixeiro Mato 2006: 558 e 642-644). Non obstante, mediante construcións nas que está presente o OD con *en* tamén se poden indicar valores “locativos (*Sacha nas patacas*) [e] partitivos (*Comen no pan*)” (Freixeiro Mato 2006: 643).


Este fenómeno, non rexistrado no castelán e portugués contemporáneos, semella ser común a todas as variedades do galego (Rodríguez Guerra 1997; Moure 2010). Moure (2010: 81) sinala, sen ofrecer datos que permitan avaliar a información, que este trazo é máis frecuente na fala de persoas maiores ca na das persoas máis novas.

Na área estudada para esta tese recolleuse tamén este trazo sintáctico. Os datos obtidos co cuestionario están representados nos mapas 59a, 59b e 59c. Os informantes debían describir unha fotografía na cal se vían dous ratos comendo nun anaco de queixo. O entrevistador pedíalles que describisen a imaxe mediante a pregunta “Que ve nesta foto?”. Recolléronse algunhas respostas con *en* (*os ratos están comendo no queixo*) e outras sen presenza desta preposición (p. ex. *os ratos están comendo queixo*). En oito dos lugares investigados recollemos OD con *en* (Abelenda, As Bouzas, Esposende, Louredo, Orega, Penavaqueira, Regodeigón e Vilar de Condes). Tal e como intúe Moure (2010), o uso de *en* con OD semella estar condicionado pola idade dos informantes. Os datos que temos permiten afirmar que esta construción é característica dos falantes de máis idade.


¹⁵¹ Ademais dos traballos citados ao longo desta epígrafe, son de interese tamén para o estudo deste fenómeno os de Santamarina (1975), Cidrás (1998), Martí i Girbau (1999), Riveiro Costa (2004) e Míguez (2015 e 2016).



59a. Variación OD con $en \sim OD \text{ sen } en$ (x. I)



59b. Variación OD con $en \sim OD \text{ sen } en$ (x. II)



59c. Variación OD con $en \sim OD \text{ sen } en$ (x. III)

A algúns falantes que responderon ao cuestionario utilizando a preposición *en* co OD tamén lles rexistramos este trazo durante as entrevistas. Polo tanto, esta información, tirada das gravacións, confirma a elicitada mediante o cuestionario.

Nos usos recollidos a secuencia aparece, nalgúns ocasións, no contexto dunha perífrase verbal de fase media (1-4). Tamén recolleemos casos de obxectos directos introducidos por *en* en oracións cuxo núcleo é un xerundio (5), unha perífrase aspectual inceptiva (6), un infinitivo (7 e 8), unha forma verbal en copretérito (9) e un verbo en presente que indica unha acción que dura no tempo (10).

- (1) *estaba sempre arreglando nos relojes* (Ore69h)
- (2) *estou desbullando no millo* (Ore69h)
- (3) *andábamos collendo na flor* (Ore47m)
- (4) *miña abuela estaba desbullando no millo* (Ore26h)
- (5) *había unhos marraus comendo na herba* (Bou56m)
- (6) *púxenme a coller nos figos* (Reg77h)
- (7) *meu pai era carpinteiro, dedicábase a facer nas obras* (Abe71m)
- (8) *iba a xente agarrar neles* [*eles* = os porcos] (Vil48h)
- (9) *agarraban no porco* (Vil48h)
- (10) *e comen no mel mientras están na colmea* (Ore69h)

Parte III. Análise estatística dos datos

Un dos obxectivos da dialectoloxía foi, tradicionalmente, establecer límites entre as diferentes variedades e explicar as causas da variación observada. Con este fin, os dialectólogos seleccionaban aquelas variables, e as isoglosas correspondentes, que, segundo o seu criterio, resultaban significativas á hora de establecer os límites entre as variedades (Dubert e Sousa 2016). No caso do galego, Fernández Rei (1990b), a partir da documentación recadada para o *ALGa*, propuxo unha división do territorio en tres bloques (occidental, central e oriental), baseada fundamentalmente nas isoglosas que marcaban os límites das diferentes solucións para a formación do plural dos substantivos oxítonos rematados en /ɲ/: *pantalóns* no bloque occidental, *pantalós* no central e *pantalois* no oriental¹⁵². Así mesmo, seguindo a tradición pidaliana, marcou o límite oriental do galego coa isoglosa que separa as variedades onde non ditonga o ò (SÖCRAM>*sogra*), daquelas onde si ditonga (SÖCRAM>*suegra*). Polo tanto, un único trazo lingüístico serve para limitar dúas linguas diferentes (galego / astur-leonés) e outro único trazo lingüístico permite xebrar tres bloques dialectais diferentes (galego occidental / galego central / galego oriental).

A partir da década dos 70 do s. XX, dialectólogos coma Sèguy e Goebel comezaron a estudar con ferramentas informáticas e estatísticas unha grande cantidade de datos, procedentes dos atlas lingüísticos, e que permitiron “to measure the linguistic distance between lects and to determine dialect boundaries on the basis of localities which presented the highest linguistic distance values” (Dubert e Sousa 2016: 197).

O conxunto de métodos que empregan ferramentas estatísticas e informáticas para o estudo dos datos lingüísticos recibe o nome de *dialectometría* e permiten manexar unha moito maior cantidade de datos ca nas análises dialectais tradicionais (Dubert e Sousa 2016: 196 e 203). Un destes métodos é a análise de agupamentos ou análise clúster. Como indica Marín Diazaraque, esta “es una técnica cuya idea básica es agrupar un conjunto de observaciones en un número dado de clusters o grupos. Este agrupamiento se basa en la idea de distancia o similitud entre las observaciones¹⁵³” (Diazareque, s.d.). É dicir, o método consiste en agrupar unha serie de obxectos de xeito que se formen agrupamentos (clústers) que reúnan aqueles obxectos máis similares entre si. A técnica foi empregada para a análise de datos lingüísticos desde hai máis

¹⁵² Para a caracterización dos diferentes bloques, área e subáreas o autor manexa un total de 81 variables .

¹⁵³ Sobre isto vid. tamén Lundberg (2005).

dunha década (Nagy et al. 2006; Grieve, Speelman e Geeraerts 2011). Exemplos da aplicación desta técnica aos estudos dialectais próximos a nós son traballos coma os de Dubert García (2012a) sobre os datos fonéticos do ALGa, o de Sousa (2017) co léxico do mesmo atlas e o de Goebel (2013) cos materiais do ALPI.

Na presente tese, aplicamos esta análise co fin de descubrir padróns de comportamento e tamén relacións entre as variables analizadas e os factores espacial e etario que se consideran no traballo. Con este método axúdase a determinar de que xeito varios factores (variables) inflúen sobre un evento ou un conxunto de elementos (no noso caso, os falantes). Os obxectos da investigación son os falantes e os factores cada unha das variables lingüísticas sobre as que temos datos, no noso caso 117 trazos morfosintácticos. Coa análise multivariante da información recadada preténdese identificar de que maneira se agrupa o conxunto de informantes considerado. O método fai posible determinar a incidencia das dúas variables extralingüísticas: lugar e idade.

Unha maneira de representar os resultados desta análise é a presentación de diferentes agrupamentos¹⁵⁴, ou clústers, de informantes. Os falantes agrúpanse en función da súa similitude lingüística en relación ás variables empregadas mediante a utilización de dendrogramas (Dubert e Sousa 2016). Na nosa investigación a análise foi feita co programa *R Project*. A continuación ofrecemos os dendrogramas de cada un dos grupos de idade e os mapas elaborados a partir deles, acompañados dun comentario. Débese ter en conta que, nos dendrogramas, as divisións se van producindo de arriba cara abaixo, é dicir, canto máis arriba se dividen-separen as pólas, máis distancia lingüística existe entre os elementos (informantes no noso caso). Nos dendrogramas as letras A, B e C corresponden, respectivamente, ás xeracións I, II e III.

No dendrograma correspondente á xeración I (figura 2) a primeira división prodúcese no nivel 12 e podemos distinguir dous agrupamentos, un formado polos tres falantes do noroccidente da comarca (Abelenda, Orega e Vilar de Condes) e o outro polos sete falantes da parte meridional e oriental do Ribeiro (mapa 60). Territorialmente semella que hai un reparto en dúas metades do territorio estudado.

¹⁵⁴ Para unha explicación sumaria deste tipo de análise cfr. Dubert e Sousa (2016: 209).





Figura 2. Dendrograma da xeración I



Mapa 60. Agrupamentos na xeración I

No dendrograma correspondente á xeración II (figura 3) a primeira división prodúcese máis abaixo (un pouco por riba de 10) ca no dendrograma da xeración I. Os agrupamentos que podemos facer son tamén dous; mais un deles só está formado por un individuo, o informante do extremo suroccidental (Pen56h). No segundo agrupamento podemos incluír o resto de informantes deste grupo de idade (mapa 61). A segunda separación do dendrograma prodúcese no nivel 7. Polo tanto, a distancia entre Pen56h e o resto dos informantes é significativa. As razóns desta diferenciación poden ter que ver coas características deste informante: é o máis vello do grupo de idade II e foi criado polos avós xa que os seus pais emigraron. Así mesmo, fronte a outros informantes do

mesmo grupo de idade posúe unha serie de trazos lingüísticos que poden ser a causa da diferenciación que se observa no dendrograma (interpolación ocasional dos clíticos, perífrase *estar + a + inf.*, terminación *-án* en palabras coma *irmán*, etc.). No resto dos informantes hai maior similitude lingüística ca entre os membros do grupo de idade I. Para a xeración I podiamos determinar unha área noroccidental e outra suroriental que non podemos facer no caso da xeración II, grupo para o que semella pesar máis a idade ca o lugar á hora de establecer os diferentes agrupamentos.





Figura 3. Dendrograma da xeración II



Mapa 61. Agrupamentos na xeración II

No dendrograma da xeración III (figura 4) a primeira división prodúcese ao nivel 7 máis abaixo ca nos dendrogramas dos grupos de idade I e II, o que é indicativo de que existen máis similitudes lingüísticas entre os informantes deste grupo de idade ca entre os dos outros dous grupos. A primeira división permite realizar un agrupamento formado polos informantes dos puntos máis orientais (As Bouzas e Esposende) e polo informante da vila de Ribadavia. A segunda división, que se produce un pouco por baixo do nivel 6 permite realizar outros dous agrupamentos. Por unha banda os informantes das localidades máis occidentais e montañosas (Abelenda, Penavaqueira e Vilar de Condes). Pola outra os catro falantes do centro da área (A Arnoia, Louredo, Orega e Regodeigón). No mapa 61 observamos como os diferentes agrupamentos se distribúen do leste cara ao oeste da área. Neste grupo de idade, á hora de facer os agrupamentos, semella ter máis relevancia o factor lugar ca o factor idade.





Figura 4. Dendrograma da xeración III



Mapa 62. Agrupamentos na xeración III

Os dendrogramas das diferentes xeracións dan conta de que o nivel ao que se producen as divisións en cada grupo de idade é maior na xeración I ca na xeración II, e é tamén maior na xeración II ca na xeración III. Este feito indica que a distancia lingüística entre os individuos da xeración I é maior ca a distancia entre os informantes da xeración II; e que a distancia lingüística entre os individuos da xeración II é maior ca a distancia entre os informantes da xeración III. Deste feito, pódese interpretar que se está a producir na comarca estudada un proceso de nivelación lingüística que ten como consecuencia a converxencia entre os dialectos dos diferentes lugares e que opera con maior incidencia nos informantes das dúas xeracións máis novas.

A análise conxunta dos trinta informantes produciu un dendrograma que comentamos a continuación (Figura 5). A primeira división prodúcese no nivel 15 e permite facer un primeiro agrupamento formado polos informantes da xeración I de Abelenda, Orega e Vilar de Condes, a área noroccidental da comarca.

A segunda división, que se produce un pouco por debaixo do nivel 15 e que é a máis significativa, fai posible identificar outros dous agrupamentos de informantes. No agrupamento 2 inclúense cinco informantes da xeración I (Arn63m, Bou80m, Lou75m, Reg77h e Rib65h), oito da xeración II (Abe53m, Arn43m, Bou54m, Esp52m, Lou48m, Ore47m, Reg52m e Vil48h) e seis da xeración III (Abe28m, Arn19m, Lou16h, Ore26h, Pen23h e Reg21h). O agrupamento 3 fórmano dúas informantes da xeración I (Esp72m

e Pen78m), dous falantes da xeración II (Pen56h e Rib40m) e catro da xeración III (Bou29h, Esp25h, Rib20h e Vil22h) (mapa 60).





Figura 5. Dendrograma dos informantes

Tanto no dendrograma coma no mapa pódese comprobar que existen puntos onde os informantes das tres xeracións forman parte do mesmo agrupamento (A Arnoia, Louredo e Regodeigón), o que inddica que a distancia lingüística entre eles é menor ca nos outros lugares. Tamén se comproba que no lugar de Vilar de Condes os falantes das tres xeracións forman parte de tres agrupamentos diferentes, o que revela que as diferenzas entre as xeracións son máis relevantes ca noutros puntos.



Mapa 63. Informantes por cluster en cada punto

O estudo do dendrograma tamén permite dar conta de como se agrupan os falantes dun mesmo punto (táboa 26). Nos lugares da Arnoia, As Bouzas, Louredo e Penavaqueira os falantes máis próximos entre si son os dos grupos de idade I e II. Nas poboacións de Abelenda, Orega, Ribadavia, Regodeigón e Vilar de Condes, os informantes máis semellantes lingüisticamente son os das xeracións II e III. Cómpre destacar que no lugar de Esposende a semellanza é maior entre os falantes das xeracións I e III ca entre calquera deles e a informante da xeración II. Polo tanto, na área meridional, excluindo Ribadavia, as semellanzas son maiores entre os grupos de idade I e II. E na zona setentrional, excluindo Esposende, as semellanzas son maiores entre os grupos de idade II e III.

Xeracións	Puntos
I e II	A Arnoia, As Bouzas, Louredo e Penavaqueira
II e III	Abelenda, Orega, Ribadavia, Regodeigón, Vilar de Condes,
I e III	Esposende

Táboa 26. Semellanza lingüística entre os informantes dos tres grupos de idade por lugares

Para concluírmos, debemos indicar que a análise realizada permite agrupar de maneira obxectiva os falantes, tendo en conta 117 fenómenos de natureza morfosintáctica. Semella que, en xeral, é a idade o factor máis relevante á hora de establecer os diferentes agrupamentos. Este maior peso da idade compróbase especialmente nos falantes do grupo de idade III. A localización parece ser un factor máis determinante na agrupación dos falantes da xeración I, pero deixa de ter relevancia, ou ten moita menos, nas outras dúas xeracións.



Parte IV. Conclusións

Neste traballo estudamos a distribución en tempo aparente das variantes correspondentes a un conxunto de variables morfosintácticas. Demostramos que, dentro da área, existen numerosas variables cuxas variantes ven condicionadas de diferente xeito a súa distribución polo factor xeográfico e o factor etario. A continuación ímolas ir deluvando de maneira resumida para dar unha visión de conxunto sobre os procesos de variación e cambio que afectan ás variables estudadas na comarca do Ribeiro.

No conxunto de variables que pertence á morfoloxía nominal, na variable *ladrona* ~ *ladroa* observamos que a variante *ladrona* aumenta a súa frecuencia nos grupos de idade máis novos (2 ocorrencias na xeración I, 8 na xeración II e 10 na xeración III). Nas variables *-á* ~ *-án*, *-án* ~ *au* e *-s* ~ *-ns* aumentan a súa frecuencia as formas rematadas en *-á*, *-án* e *-ns*. Na variable *-á* ~ *-án* as formas en *-á* son máis frecuentes nas xeracións II e III (3 ocorrencias na xeración I, 6 na xeración II e 12 na xeración III). No caso da variable *-án* ~ *au* (p. ex. *irmán* ~ *irmau*) o comportamento das xeracións I e II é idéntico (4 ocorrencias de *-án* en cada un dos grupos) e só muda na xeración III (10 ocorrencias de *-án*). Un patrón semellante atopámolo no caso de *-ns* ~ *-s*, xa que só na xeración III se detecta un incremento da variante *-ns* (p. ex. *pantalóns*). Polo tanto, nestas tres variables aumentan a súa frecuencia aquelas que coinciden co estándar galego pero que tamén son variantes que existen na área. Non obstante, o cambio na frecuencia na variación *-á* ~ *-án* dáse xa na xeración II e vai na dirección de aumento das variantes maioritarias no galego central e oriental (p. ex. *mañá*, *mazá*, etc.). Poida que neste caso en concreto o cambio estea motivado máis polo contacto entre variedades ca pola converxencia co estándar.

No referente aos pronomes, o uso das formas de tratamento parece estar determinado primeiramente pola idade do falante, as formas T son máis frecuentes na xeración III e as formas V máis frecuentes na xeración I. Aínda así, parece que na vila de Ribadavia, polos comentarios do informante Rib65h, son máis frecuentes as formas T incluso para as persoas de máis de 60 anos. Con respecto á variación *ti* ~ *tu* non se rexistraron apenas diferenzas xeracionais. Só o informante da xeración III da vila de Ribadavia declara usar *ti*, e non *tu* coma os informantes das xeracións I e II desa localidade. Na variable *el* ~ *il* aumenta no grupo de idade III a variante *el* (7 ocorrencias na xeración I, 7 na xeración II e 9 na xeración III).

No tocante á alomorfía do artigo, estudamos a distribución dos alomorfos *o* e *-lo* en función do contexto fónico precedente. Despois das formas verbais (acabadas en /r/ ou /s/) e despois de palabras rematadas en /s/ que non son verbos nin o cuantificador *todos*, a segunda forma do artigo é minoritaria e caracteriza a fala dos informantes da xeración I. Despois do cuantificador *todos* comprobamos que o alomorfo *-lo* é máis frecuente na xeración I ca na III, e o mesmo ocorre coa contracción entre o cuantificador e o artigo (*tod[ɔ]s rapaces*, *tod[a]s rapazas*). Finalmente, despois da preposición *por*, a segunda forma do artigo é a máis frecuente nos grupos de idade I e III. Parécenos moi destacable que neste contexto lingüístico en particular, a frecuencia de *-lo* entre os falantes máis novos sexa maior ca entre os falantes do grupo de idade intermedio e fixemos alusión a unha posible influencia da lingua estándar.

Polo que se refire ao plural de *un*, *algún* e *ningún* comprobamos que, mentres a distribución das formas *uns*, *algúns* e *ningúns* se mantén estable, a frecuencia de *unhos*, *algunhos* e *ningunhos* aumenta na mesma medida ca diminúe a de *us*, *algús* e *ningús*. Na nosa opinión, neste caso podemos falar dun cambio orixinado desde abaixo (Labov 1983), na medida en que as variantes que aumentan a súa frecuencia non son converxentes nin co castelán nin co estándar galego. Nos demostrativos detectamos unha diminución na frecuencia entre os máis novos das variantes *iste* / *ise* / *aquil* e *isto* / *iso* / *aquilo*.

Os indefinidos estudados foron *alguén*, *ninguén* e *outro*. En relación a *outro* cómpre destacarmos que oito falantes do grupo de idade I empregaron o alomorfo *outor* na secuencia *o outor día*. A variación *outro* ~ *autro* só se recolleu no lugar das Bouzas. Unicamente a informante mais vella dese punto utilizou a variante *autro*. Para o cuantificador *alguén* recollemos tres variantes (*alguén*, *alguién* e *alguien*). Cómpre destacar que os falantes máis novos non empregan a variante *alguién* (8 ocorrencias na xeración I, 4 na xeración II e 0 na xeración III) e utilizan *alguien* máis frecuentemente ca os informantes maiores (1 ocorrencia na xeración I, 5 na xeración II e 9 na xeración III). No caso de *ninguén* semella destacable a redución do número de variantes comparando os datos por xeracións (4 variantes na xeración I e 2 nas xeracións II e III), o aumento na frecuencia do castelanismo *nadie* (2 ocorrencias na xeración I, 7 na xeración II e 8 na xeración III) e a diminución de *nadia* (5 ocorrencias na xeración I, 3 na xeración II e 0 na xeración III) e *ninguén* (2 ocorrencias no grupo de idade I e 0 nos

outros dous grupos). Nos cuantificadores *alguén* e *ninguén* a dirección do cambio está marcada pola converxencia co castelán.

Para examinar os casos de variación no sistema verbal imos dividir as variables en tres grupos: a) variables cuxas variantes son galegas e ningunha é coincidente co castelán; b) variables cuxas variantes son galegas e unha, ou máis, é coincidente co castelán; e c) variables entre cuxas variantes atopamos préstamos do castelán.

Dentro do primeiro grupo podemos encadrar as variables *dormes* ~ *durmes*, *tendes*, *vindes* ~ *tedes*, *vides*; *facer* ~ *faguer* ~ *faer*; *cantaches* ~ *cantache*; *dei* ~ *din*; *deu* ~ *dou* ~ *dii*; *queirades* ~ *quéirades*; *cantai*, *facei* ~ *cantade*, *facede*; *cume*, *bibe* ~ *come*, *bebe*; *decer* ~ *dicir*; e *ten*, *vén* ~ *teñen*, *veñen*. Nelas, as variantes que aumentan a súa frecuencia entre os grupos de idade máis novos son as que eran máis as máis estendidas en galego, segundo os datos do ALGa (táboa 27).

	X. I	X. II	X. III
<i>tedes</i>	0	1	5
<i>vides</i>	1	1	6
<i>cantaches</i>	6	9	10
<i>din</i>	7	7	9
<i>deu</i>	6	6	9
<i>queirades</i>	8	7	10
<i>cantade</i>	5	6	9
<i>facede</i>	5	7	10
<i>come</i> (imperativo)	7	7	9
<i>bebe</i> (imperativo)	7	7	9
<i>dicir</i>	9	10	10
<i>teñen</i>	8	10	10
<i>veñen</i>	8	10	10
<i>facer</i> (índice)	0.35	0.52	0.90

Táboa 27. Frecuencia dalgunhas variantes verbais nas tres xeracións

No caso da variación *fomos* ~ *fumos* a frecuencia da variante analóxica *fumos* é maior nos máis novos ca nos máis vellos (0 ocorrencias na xeración I, 1 na xeración II e

5 na xeración III). O mesmo ocorre con *dormes* ~ *durmes*; a variante analóxica *durmes* é máis frecuente nos falantes maduros e novos (0 ocorrencias na xeración I, 3 na xeración II e 4 na xeración III). Na variable *vades* ~ *ides*, a variante *vades* é máis usada polos grupos de idade máis novos (0 ocorrencias na xeración I, 3 na xeración II e 3 na xeración III). Para *poñer* ~ *pór* recolleamos unha situación de variación na que as formas de *pór* son máis frecuentes na xeración I e no occidente da área. Non obstante, o uso por parte dos falantes da xeración III das formas de *pór* durante as enquisas foi superior ao dos informantes do grupo de idade II. Por último, na variable *parteu* ~ *partiu* non rexistramos variación etaria; *parteu* é utilizado polos informantes dos tres grupos de idade de Abelenda e Orega e *partiu* é usado polos informantes dos tres grupos de idade do resto dos puntos.

O segundo grupo de variables verbais confórmano variables cuxas variantes son galegas pero unha delas é coincidente coa forma equivalente en castelán: *subes* ~ *sobes*; *vamos* ~ *imos*; *caer* ~ *caír*; *cantábamos* ~ *cantabamos*; *cantáramos* ~ *cantaramos*; *caes* ~ *caies* ~ *cas*; e *ouvir* ~ *ouír* ~ *oucir* ~ *oír*. A tendencia é que aumenta a frecuencia das formas galegas coincidentes co castelán se comparamos os datos dos tres grupos de idade (táboa 28). A interferencia negativa de converxencia puido condicionar este proceso de variación e cambio.

	X. I	X. II	X. III
<i>subes</i>	7	7	9
<i>vamos</i>	1	4	5
<i>caer</i>	1	2	7
<i>cantábamos</i>	6	8	9
<i>cantáramos</i>	6	7	10
<i>caes</i>	2	6	9
<i>oír</i>	7	10	10

Táboa 28. Distribución xeracional dalgunhas variantes verbais

No terceiro grupo incluímos variables verbais que se realizan en variantes galegas e variantes que teñen a súa orixe no contacto co castelán: *vallo* ~ *valo* ~ *valgo*; *conocer* ~ *coñecer*; *conozo* ~ *conozco* ~ *coñezo*, *bater* ~ *batir*; *souben* ~ *soupen* ~ *supen*; *estea* ~ *estía* ~ *estíe* ~ *esté*; *dea* ~ *día* ~ *die* ~ *dé*. Dentro deste grupo atopamos

variables nas que, comparando os datos dos tres grupos de idade, aumenta a frecuencia das variantes que son préstamos do castelán (táboa 29). No caso da variación *conocer ~ coñecer* dáse o fenómeno oposto, aumenta a frecuencia da forma galega por influencia do estándar. Tamén na variación *dea ~ día ~ díe ~ dé* aumenta a frecuencia dunha variante galega, neste caso a forma *dea* (1 ocorrencia na xeración I, 3 na xeración II e 8 na xeración III), coincidente co estándar e maioritaria en galego, segundo os datos do ALGa. No tocante á variación *vallo ~ valo ~ valgo* a forma castelá mantén unha distribución xeracional similar (7 ocorrencias na xeración I, 6 na xeración II e 8 na xeración III).

	X. I	X. II	X. III
<i>conozco</i>	1	5	6
<i>batir</i>	1	4	6
<i>soupen e supen</i>	4	8	9
<i>esté</i>	2	6	5

Táboa 29. Distribución de formas verbais con orixe no castelán nas tres xeración

Na maioría das variables verbais estudadas recolleuse un estadio de variación que parece indicar cambio lingüístico en curso. Nalgunhas variables o cambio diríxese á converxencia coas variantes do castelán, xa que nas xeracións máis novas son máis frecuentes as variantes que son préstamos do castelán ou coincidentes con esta lingua. Noutros casos, as variantes que aumentan a súa frecuencia entre os máis novos son as que eran máis comúns en galego nos anos 70 do século pasado, de acordo cos datos do ALGa.

No referente aos adverbios estudados, no caso de *lonxe ~ lexos* atopamos unha situación de variación que non permite afirmar que haxa un cambio a favor dalgunha das dúas variantes. No adverbio *mañá* comprobamos, o mesmo ca no substantivo homónimo, a menor frecuencia da variante *mañán* nos grupos de idade II e III. Os adverbios *huxe* e *eiquí* diminúen a súa frecuencia na x. III (3 ocorrencias de *huxe* na xeración I, 3 na xeración II e 1 na xeración III; 3 ocorrencias de *eiquí* na xeración I, 3 na xeración II e 2 na xeración III).

Por último, para a variable correspondente ao ‘día anterior a onte’ destaca que non recolleemos *noutronte* nas xeracións II e III e o aumento na frecuencia de *antes de*

onte nos grupos de idade máis novos (4 ocorrencias na xeración I, 7 na xeración II e 8 na xeración III).

O único proceso de morfoloxía derivativa estudado foi a formación do diminutivo. Trátase, polo tanto, dun proceso de sufixación apreciativa. Os datos obtidos refírense á alternancia de *-iño/a* e *-ciño/a* nas palabras rematadas en /c/ (*mulleriña*, *mullerciña*) e en /l/ (*papeliño* ~ *papelciño*). Nos grupos de idade estudados rexistramos un aumento da frecuencia das variantes formadas con *-iño/a* (6 ocorrencias na xeración I, 12 na xeración II e 15 na xeración III). Neste caso semella que o comportamento da xeración II está máis próximo ao do grupo de idade máis novo ca ao do grupo de idade máis vello.

Os datos obtidos sobre a variación *estar* + xer. ~ *estar* + *a* + inf. son de moito interese. En primeiro lugar, constatamos que a construción con xerundio é máis frecuente nos falantes máis novos (índice do 0.7 na xeración I, do 0.8 na xeración II e do 0.95 na xeración III) e nos puntos do centro e oriente da comarca. Unha posible explicación desta variación no patrón xeracional da distribución é a interferencia negativa de converxencia co castelán. En segundo lugar, na vila de Ribadavia recollemos o fenómeno contrario, a variante con infinitivo xerundial é máis frecuente nas respostas ás enquisas con falantes das xeracións II e III (índices do 0.16 e do 0.3 respectivamente) ca na enquisa co informante da xeración I (índice do 0). Atribuímos este feito a unha posible interferencia negativa de diverxencia co castelán, quizais provocada pola situación comunicativa, unha enquisa sobre a maneira de falar realizada a dous falantes bilingües con predominio do castelán.

O contacto co galego estándar pode axudar a explicar a utilización das variantes *coñecer* e *coñezo* por parte dalgúns informantes da vila de Ribadavia e da xeración máis nova (Bou29h, Esp25h, Rib40h e Rib20h). Tamén podería axudar a explicar o uso de formas coma *estea* e *ninguén* que fai Rib20h. Así mesmo, pode estar detrás do aumento na frecuencia entre os membros da xeración III das variantes tipo *chan* e *pantalóns*. Non obstante, hai que ter en conta que, excepto no caso de *coñecer* e *coñezo*, estas variantes están presentes na área estudada en diversos grupos de idade.

No caso das variables de natureza sintáctica detivémonos na posición dos clíticos en diversos contextos sintácticos, na presenza do artigo nas FFNN formadas por un posesivo e un nome de parentesco, na posición do posesivo nas FFNN constituídas por un determinante (artigo indeterminado ou demostrativo), un substantivo e mais o

posesivo, e no uso de OD marcados coa preposición *en*. No que respecta a este último trazo constatamos que a presenza de *en* depende, sobre todo, da idade do informante xa que os complementos deste tipo son máis frecuentes nos falantes máis vellos ca nos máis novos (8 ocorrencias na xeración I, 4 na xeración II e 1 na xeración III).

Con respecto ao uso do artigo nas FFNN formadas por un posesivo e un nome de parentesco non contamos con datos suficientes para determinarmos se existe variación condicionada polo lugar de nacemento ou pola idade do falante. Si se demostrou determinante, na liña doutros estudos sobre o tema, o tipo de parentesco para a maior ou menor presenza do artigo nestas FFNN.

No tocante á posición do posesivo nas FFNN cuxo determinante é un demostrativo ou un artigo indeterminado comprobamos que os informantes da xeración I utilizaron estruturas do tipo *un meu tío* e *aquel meu amigo*. A posposición do posesivo ao substantivo (*un tío meu, aquel amigo meu*) foi a única colocación presente nos datos recadados dos informantes de menos de 60 anos.

No que respecta á colocación dos pronomes átonos, achegámonos á interpolación, á orde en dúas secuencias de clíticos (*se + che* e *lle + me*) e á posición destes elementos en contextos onde existe máis dunha opción (predicados negativos, oracións de infinitivo introducidas por preposición e algúns complexos verbais).

A interpolación dos clíticos foi un fenómeno escasamente recollido. É unha colocación frecuente na fala de dous informantes da xeración I (Ore69h e Pen78m) e recolleuse en secuencias fixadas e ocasionalmente a dúas informantes da xeración I (Abe71m e Arn63m) e a dous da xeración II (Ore47m e Pen56h). Esta ordenación non foi recollida a ningún falante do grupo de idade III.

Nas secuencias de clíticos formadas polos pronomes *che* e *se* e *lle* e *me* observamos unha tendencia á diminución entre os tres grupos de idade das ordenacións *chese* (9 ocorrencias na xeración I, 5 na xeración II e 1 na xeración III) e *melle* (3 ocorrencias na xeración I, 2 na xeración II e 1 na xeración III).

Nos predicados negativos e oracións de infinitivo introducidas por preposición observamos que a próclise (*facelo ou non o facer, antes de me deitar*) é a opción máis frecuente para os falantes da xeración I e a énclise (*facelo ou non facelo, antes de deitarme*) a máis frecuente para os membros do grupo de idade III.

Nos complexos verbais a frecuencia das diferentes posicións do clítico depende do tipo de complexo do que se trate xa que, por ex., non se rexistrou énclise ao verbo

auxiliado na perífrase *ir + inf.* Nas perífrases verbais sen nexo (*estar + xer.* e *estar + a + inf.*) e con nexo (*acabar + de + inf., ter + que + inf.* e *haber + que + inf.*) a énclise ao verbo auxiliado é máis frecuente no grupo de idade III ca no grupo de idade I. Nas perífrases sen nexo, a próclise do pronome ao verbo auxiliado (*tes que o facer*) caracteriza os membros do grupo de idade I e non se lle recolleu a ningún informante da xeración III. A tendencia ao aumento da énclise ao verbo auxiliado entre os máis novos pode ser favorecida pola coincidencia co castelán, por unha interferencia negativa de converxencia.

A nivel diatópico, observamos que na área máis occidental e montañosa (Abelenda, Penavaqueira e Vilar de Condes) son rexistradas con máis frecuencia variantes conservadoras (p. ex. *estar + a + inf., tes que o facer*, formas do paradigma de *pór, oucir / ouvir / ouír, cantabamos, cantaramos, cantache*, etc.). Este tipo de variantes son máis frecuentes na fala das persoas da xeración I ca na dos informantes da xeración III. Os puntos situados nas áreas de val, especialmente a vila de Ribadavia, móstranse máis tendentes ao cambio, sobre todo nos falantes máis novos, pero tamén entre os membros do grupo de idade I¹⁵⁵. É o que se observa no conxunto de variables que recollemos na táboa 29.

	Ribadavia	A Arnoia	Regodeigón	Esposende
<i>ladroa ~ ladrona</i>	<i>ladrona</i>	<i>ladroa</i>	<i>ladroa</i>	<i>ladrona</i>
<i>esté ~ estea ~ estía</i>	<i>esté</i>	<i>esté</i>	<i>estía</i>	<i>estía</i>
<i>comendo no queixo ~ queixo</i>	<i>queixo</i>	<i>queixo</i>	<i>no queixo</i>	<i>no queixo</i>
<i>nadie ~ nadia ~ ninguén</i>	<i>nadie</i>	<i>nadia</i>	<i>nadie</i>	<i>nadia</i>
<i>coñozco ~ conozo</i>	<i>conozco</i>	<i>conozo</i>	<i>conozo</i>	<i>conozo</i>
<i>alguien ~ alguién ~ alguén</i>	<i>alguien</i>	<i>alguién</i>	<i>alguién</i>	<i>alguién</i>
<i>vamos ~ imos</i>	<i>vamos</i>	<i>imos</i>	<i>imos</i>	<i>imos</i>
<i>bater ~ batir</i>	<i>batir</i>	<i>bater</i>	<i>bater</i>	<i>bater</i>
<i>caes ~ cas ~ caies</i>	<i>caes</i>	<i>cas</i>	<i>caes</i>	<i>caies</i>
<i>dé ~ dea ~ día</i>	<i>dé</i>	<i>día</i>	<i>dea</i>	<i>día</i>

Táboa 29. Variantes innovadoras e conservadoras na área de val (xeración I)

¹⁵⁵ Pode resultar significativo a este respecto que, na análise cuantitativa, o informante da xeración I de Ribadavia estea máis próximo lingüisticamente a un falante da xeración III (Reg21h) ca a outros da súa mesma xeración ou da xeración II.

Na comarca estudada existe unha área que presenta algunhas características comúns. Trátase dos puntos da Arnoia, As Bouzas e Louredo, situados ao sur do Miño, e nos que atopamos certas variantes que non aparecen nos outros puntos da comarca. Son trazos que Fernández Rei (1990b) emprega para individualizar a “área lucu-auriense”. Trátase do pronome *il*, os demostrativos *iste*, *ise* e *aquil*, o adverbio de tempo *huxe*, o adverbio de lugar *eiquí* e os imperativos da CII con /u/ ou /i/ como VR (*cume* do verbo *comer* e *bibe* do verbo *beber*). Nestes puntos, as variantes citadas son empregadas polas xeracións I e II. Na xeración III atopamos diferenzas entre os informantes. O informante Bou29h emprega a maioría das variantes que, segundo Fernández Rei (1990b) caracterizan as variedades lucu-aurienses (*il*, *aquil*, *cume* e *bibe*, *huxee eiquí*), mais non os demostrativos *iste* e *ise*. O informante Lou16h emprega o adverbio *eiquí*, mais no resto das variables ten o mesmo comportamento ca Arn19m e ca os informantes de todas as xeracións dos outros puntos de enquisa (*el*, *aquel*, *este*, *ese*, *come* e *bebe*, *hoxe* e *aquí*). Nesta área, as variantes lucu-aurienses caracterizan a fala dos informantes das xeración I e II e, en menor medida, do informante máis vello da xeración III (Bou29h), o que pode indicar que se está a producir un cambio en marcha.

Entre as variables estudadas, cómpre destacar que algunhas das súas variantes aparecen só nun punto e recóllense exclusivamente nas enquisas e entrevistas con falantes da xeración I: os verbos *oucir* (Abelenda), *ouír* (Vilar de Condes) e *ouvir* (Penavaqueira); o verbo *decer* (Penavaqueira); os demostrativos *isto*, *iso* e *aquilo* (Penavaqueira); e o indefinido *autro* (As Bouzas). A maioría deste tipo de formas, de carácter conservador, son recollidas na área máis occidental e montañosa da comarca na que se rexistran, de maneira xeral, outras variantes conservadoras. Outro exemplo de variantes conservadoras de uso moi restrinxido no plano diatópico e etario é o uso das formas *vén* e *ten* (P6 do presente de indicativo de *vir* e *ter*) polas dúas informantes da xeración I das localidades de Abelenda e Penavaqueira. É de facer notar tamén que, nos puntos citados, o comportamento dos informantes da xeración II é idéntico ao dos informantes da xeración III (uso de *oír*, *dicir*, *esto*, *eso*, *aquelo* e *outro*).

Aínda que se trata dun traballo centrado nunha pequena área de Galicia, os resultados presentados poden servir para entender procesos de variación e cambio que acontecen noutros lugares da nosa xeografía. Cremos que a principal achega do noso estudo é comprobar de que xeito se advirten diferenzas entre falantes de diferentes xeracións nun mesmo territorio e como estas diferenzas poden estar, ou non, a cambiar a

lingua. Ademais permítenos saber tamén de que xeito o factor espacial inflúe e pesa nas diferenzas que se advirten en cada unha das xeracións. Neste sentido cremos que é relevante que é na xeración I o grupo de idade onde as diferenzas diatópicas teñen maior peso. Advertíndose nos outros dous grupos, especialmente, na xeración III un proceso de nivelación dialectal que é confirmado pola análise estatística realizada na sección anterior. As variantes que aumentan a súa frecuencia son, en xeral, as coincidentes co castelán, mais tamén experimentan un aumento na súa frecuencia no grupo de idade III variantes existentes na área e que, segundo os datos do ALGa, eran as máis estendidas hai catro décadas no conxunto do territorio galegófono.

Para rematar, cómpre recoñecer as limitacións da metodoloxía empregada. As conclusións ás que chegamos deben ser postas en suspenso, xa que, como algúns estudos demostran, non sempre os cambios que parecen adiviñarse nas análises en tempo aparente se confirman co tempo. Como se afirmou máis arriba, o método de analizar os cambios en tempo aparente é unha ferramenta de moito valor, pero máis para hipotetizar cales serán os cambios futuros ca para afirmar con rotundidade que estes cambios se producirán realmente, é dicir, axúdanos a descubrir tendencias que precisarán ser confirmadas con estudos en tempo real. Fanse necesarios traballos posteriores que comprobén a validez das conclusións ás que chegamos noutras áreas lingüísticas do dominio galego.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Pérez, Xosé Afonso / José Enrique Gargallo Gil (2017): “Díceres y decires: diferencias y similitudes en los verbos de la segunda y de la tercera conjugación (-er, -ir) entre gallego y castellano”, en María José Domínguez Vázquez / Silvia Kutscher (eds.): *Interacción entre gramática, didáctica y lexicografía: estudios contrastivos y multicontrastivos*. Berlin: De Gruyter, 223-237.
- Aitchinson, Jean (1993): *El cambio en las lenguas: ¿progreso o decadencia?* Barcelona: Ariel.
- ALGa 1990 = García, C. / A. Santamarina (dirs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego, vol. I: Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / ILG.
- ALGa 1995 = García, C. / A. Santamarina (dirs.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego, vol. II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / ILG.
- ALGa 1999 = García, C. / A. Santamarina (dirs.) (1999): *Atlas Lingüístico Galego, vol. III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / ILG.
- ALGa 2003 = García, C. / A. Santamarina (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego, vol. IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / ILG.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2000): “Os sufixos nominais diminutivos do galego actual”, *Verba* 27, 133-174.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2011): *A fala de Castrelo do Val*. Tese de doutoramento (inérita). Santiago de Compostela: Universidade.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2012): “El bloque central de Fernández Rei y el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España)”, *Quaderni di Semantica* XXXIII, 1, 155-182.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2013): “Diferenzas e converxencias dialectais dentro do concello de Castrelo do Val”, *Estudos de Lingüística Galega* 5, 5-25. Dispoñible en: <http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/view/1348/1185>.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2015): “O artigo nunha fala galega”, en A. Acuña Trabazo / A. S. Alonso Núñez / X. A. Palacio Sánchez (eds.): *Homenaxe a Xosé Luís Sánchez Ferraces*. Vigo: Universidade de Vigo, 45-59.
- Álvarez, Rosario (1980): *O pronome persoal en galego*. Tese de doutoramento (inérita). Santiago de Compostela: Universidade.
- Álvarez, Rosario (1983): “O artigo en galego: Morfoloxía”, en *Verba* 10, 169-182.

- Álvarez, Rosario (1988): “Consideracións sobre a metafonía nominal galega”, en Dieter Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversario*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 141-157.
- Álvarez, Rosario (1994a): “Gramática descriptiva e gramática prescritiva”, *Cadernos de lingua* 10, 19-36.
- Álvarez, Rosario (1994b): “Secuencias de pronomes átonos en galego moderno”, en Ramón Lorenzo (coord.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, vol. VI. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 247-265.
- Álvarez, Rosario (1996): “Posición do pronome átono en construcións de infinitivo e xerundio”, *Verba* 23, 11-35.
- Álvarez, Rosario (1999): “Porque non todos somos iguais. Achea ó estudio do tratamento en galego”, en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. I. Santiago de Compostela: Universidade, 207-228.
- Álvarez, Rosario (2000): “¡Vivan eles, vivan elas!: Achea para o estudio do tratamento en galego”, en Isabel de Riquer / Elena Losada / Helena González (eds.): *Professor Basilio Losada: ensinar a pensar con liberdade e risco*. Barcelona: Publicacions de la Universitat de Barcelona, 149-155.
- Álvarez, Rosario (2002): “A gramática galega”, en Henrique Monteagudo / Xan M. Bouzada (eds.): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Vol. III. *Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 131-163.
- Álvarez, Rosario (2004): “A posición do pronome átono con infinitivo e xerundio en galego e portugués”, en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A Lingua Galega: historia e actualidade: actas do I Congreso Internacional, Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996*, vol. IV. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 23-42.
- Álvarez, Rosario (2005): “A definición dun estándar sintáctico: problemas, cautelas, límites”, en Rosario Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 359-376.

- Álvarez, Rosario (2012): “Achegamento ao perfil lingüístico dos autores dos inicios da Idade Contemporánea”, en Ramón Mariño Paz (ed.): *Papés d’emprenta condenada II: lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega: Instituto da Lingua Galega, 213-260.
- Álvarez, Rosario (2016): “Diacronía e diatopía. Achega á variación morfolóxica do diminutivo en galego”, en A. Rodríguez Guerra (ed.): *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordinadas do cambio lingüístico*. Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo, 101-120.
- Álvarez, Rosario / Francisco Dubert / Xulio Sousa (2006): “Aplicación da análise dialectométrica aos datos do *Atlas Lingüístico Galego*”, en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 461-494.
- Álvarez, Rosario / Xosé Luís Regueira / Henrique Monteagudo (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (1998): “Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*”, en Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. I. Vigo: Galaxia, 29-58.
- Álvarez, Rosario / Xulio Sousa (2017): “A investigación sobre a variación lingüística do galego: desde o ALGa ata a actualidade”, *Labor Histórico* 3 (1), 63-75.
- Andrés Díaz, Ramón de (2013): *Gramática comparada de las lenguas ibéricas*. Gijón: Trea.
- Bagno, Marcos (2017): *Dicionário crítico de sociolingüística*. São Paulo: Parábola.
- Bailey, Guy et alii (1991): “The apparent time construct”, *Language Variation and Change* 3, 241-264.
- Blas Arroyo, José Luis (1994-1995): “Tú y usted: dos pronombres de cortesía en el español actual. Datos de una comunidad peninsular”, *Estudios de lingüística* 10, 21-44.
- Blas Arroyo, José Luis (1994a): “De nuevo sobre el poder y la solidaridad. Apuntes para un análisis interaccional de la alternancia *tú/usted*”, *Nueva Revista de Filología Hispánica* XLII, 2, 385-414.
- Blas Arroyo, José Luis (1994b): “Los pronombres de tratamiento y la cortesía”, *Revista de Filología de la Universidad de La Laguna* 13, 7-35.

- Blas Arroyo, José Luis (2005): *Sociolingüística del español. Desarrollos y perspectivas en el estudio de la lengua española en contexto social*. Madrid: Cátedra.
- Brown, R. / A. Gilman (1960): “The pronouns of power and solidarity”, en T. A. Sebeok (ed.): *Style in Language*. Cambridge: MIT press, 253-276.
- Calvo del Olmo, Francisco Javier (2011): “Sobre la gramaticalización de los tratamientos nominales en las lenguas románicas: paralelismos e influencias”, *Caligrama 2*, 131-153.
- Canellada, M^a Josefa (1996): *El habla de Cabranes*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Cano González, Ana M^a (1977): “El habla de Somiedo (occidente de Asturias)”, *Verba 4*, 173-299.
- Carballo Calero, Ricardo (1969): “Sobre os dialectos do galego”, *Grial 23*, 1-15.
- Carrilho, Ernestina / Sandra Pereira (2011): “Sobre a distribuição geográfica de construções sintáticas não-padrão em português europeu”, en *Textos Seleccionados, XXVI Encontro da Associação Portuguesa de Lingüística*. Lisboa: APL, 125-139. Disponível en: <http://repositorio.ul.pt/bitstream/10451/34131/1/Carrilho%20%26%20Pereira%20%282011%29.pdf>.
- Carvalho Calero, Ricardo (1978): “Testemunhos gráficos do galego *decer* ‘dizer’”, *Verba 5*, 101-112.
- Carvalho, J. Brandão de (1988): “Evolution phonologique, interférences gramaticales et aréologie: à propos des -anu / -ana en galicien”, *Vox Romanica 47*, 184-198.
- Castilho, Ataliba Teixeira de (2002): “Aspecto verbal no português falado”, en Maria Bernadete Abaurre / Angela C. S. Rodrigues (orgs.): *Gramática do português falado, vol VIII: Novos estudos descritivos*. Campinas: Editora da Universidade estadual de Campinas, 83-122.
- Castillo Lluch, Mónica (1996): *La colocación del pronombre átono en la prosa hispánica medieval*. Tese de doutoramento (inédita). Madrid / París: Universidad Autónoma de Madrid / Université Paris XIII. Disponível en: https://www.uam.es/personal_pdi/filoyletras/javel/MonicaCastillo-Tesis.pdf.
- Chambers, J. K. (1995): *Sociolinguistic Theory*. Oxford: Blackwell.

- Chambers, J. K. (2013): "Patterns of variation including change", en J.K. Chambers / Natalie Schilling (eds.): *The Handbook of Language Variation and Change*. Oxford: Blackwell, 297-323.
- Chambers, J. K. / Peter Trudgill (1994): *La dialectología*. Madrid: Visor.
- Cidrás Escáneo, Francisco (1998): "Marcaxe preposicional de obxecto *en* en galego. Emerxencia e vicisitudes dun proceso de gramaticalización sintáctica", en Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. II. Vigo: Galaxia, 569-580.
- Cintra, Luís Filipe Lindley (1986²): *Sobre "formas de tratamento" na língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Conde Silvestre, Juan Camilo (2007): *Sociolingüística histórica*. Madrid: Gredos.
- Corominas, J. / J. A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* (6 vols.). Madrid: Gredos.
- Cortizo Amaro, José Luís (1998): *O ghallego dos sete lughares. O ghallego que se falaba, e inda se fala, nos lughares de Rubillón, Taboazas, Liñares, Baíste, Penedo, Couso e Acebedo (concello de Avión, Ourense)*. Vigo: Artes Gráficas Doyro.
- Coseriu, Eugenio (1973²): *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*. Madrid: Gredos.
- Coseriu, Eugenio (1977a): "La geografía lingüística", en *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*. Madrid: Gredos: 103-158.
- Coseriu, Eugenio (1977b): "Sprachliche Interferenz bei Hochgebildeten", en Herbert Kolb / Hartmut Lauffer (eds.): *Sprachliche Interferenz, Festschrift für Werner Betz*. Tübingen: Niemeyer, 77-100.
- Couceiro Pérez, José Luis (1976): *El habla de Feás*. Anexo 5 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Cugno, Federica / Lorenzo Massobrio (2010): *Gli atlanti linguistici della Romania. Corso di Geografia Lingüística*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- Cukor-Avila, Patricia / Guy Bailey (2013): "Real time and apparent time", en J.K. Chambers / Natalie Schilling (eds.): *The Handbook of Language Variation and Change*. Oxford: Blackwell, 239-262.
- Cunha, Celso / Luís Filipe Lindley Cintra (1984): *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: Sá da Costa.

- Deaño Gamallo, Carlos Alberto (2004): *Ribadavia y su comarca en la Baja Edad Media*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Domínguez Castro, Luis (1992): *Viños, viñas e xentes do Ribeiro: economía e patrimonio familiar, 1810-1952*. Vigo : Edicións Xerais de Galicia.
- Domínguez Castro, Luis (1995): “Reflexións en torno ás crises vitícolas do Ribeiro contemporáneo”, en Jesús de Juana / Xavier Castro (eds.): *VIII Xornadas de Historia de Galicia. Aspectos históricos de Ourense* (Anexo). Ourense: Servicio de Publicacións da Deputación, 197-212.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2017): “Variación lingüística interxeracional na Illa de Ons (Bueu). Seseo”, *Revista Galega de Filoloxía* 18, 49-68. Disponible en: <https://doi.org/10.17979/rgf.2017.18.0.3179>.
- Dubert García, Francisco (1995): “Algúns aspectos da morfoloxía verbal e da estrutura da sílaba en galego: as vocais temáticas postónicas da C-II e da C-III en hiato”, *Verba* 22, 125-155.
- Dubert García, Francisco (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Dubert García, Francisco (2001): “A alomorfa do artigo definido galego á luz da fonoloxía prosódica”, en X. L. Regueira Fernández / A. Veiga (eds.): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade, 91-105.
- Dubert García, Francisco (2004a): “Achegas sobre a morfoloxía do artigo determinado e do pronome átono acusativo de terceira persoa”, en Rosario Álvarez Blanco / Antón Santamarina / Francisco Fernández Rei (eds.): *A lingua galega: Historia e Actualidade, vol. IV*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 59-69.
- Dubert García, Francisco (2004b): “Sobre a vogal temática dos verbos galegos”, *Revista Galega de Filoloxía* 5, 53-78.
- Dubert García, Francisco (2011): “Developing a database for dialectometric studies: the ALGa phonetic data. Dialectometrical analysis of 230 working maps”, *Dialectologia et Geolinguística* 19, 23-61.
- Dubert García, Francisco (2012a): “Geographic proximity and Linguistic similarity. A correlative analysis of Galician phonetic data”, en Xosé Afonso Álvarez Pérez / Ernestina Carrilho / Catarina Magro (eds.): *Proceedings of the International*

- Symposium on Limits and Areas in Dialectology (LimiAr), Lisbon 2011*. Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, 71-91. Disponible en: <http://limiar.clul.ul.pt>.
- Dubert García, Francisco (2012b): “Historia de la palabra, variación dialectal, propiedades morfosintácticas y acento en el verbo regular gallego, *Vox Romanica* 71, 197-228.
- Dubert García, Francisco (2014): “Syntax and word-specific phonetics: the origins of the allomorphs of the Galician definite article”, *Loquens* 1 (2), e013. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.3989/loquens.2014.013>.
- Dubert García, Francisco (2015): “Variación e cambio na morfoloxía do artigo definido galego”, en Ramón Mariño Paz / Xavier Varela Barreiro (eds.): *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais*, Anexo 73 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, 127-146.
- Dubert García, Francisco (2017): “Cambio e estrutura morfolóxica. Segmentacións atípicas en verbos galegos e portugueses” en Xosé Luís Regueira Fernández / Elisa Fernández Rei (eds.): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 297-326.
- Dubert García, Francisco / Ramón Mariño Paz (2004): “Áreas marxinais no mapa dialectal galego”, en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional*, vol. IV. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 337-351.
- Dubert García, Francisco / Xulio Sousa (2016): “On quantitative geolinguistics: an illustration from Galician dialectology”, en Elisa Fernández Rei / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lúcia Coimbra (eds.): *Dialectologia. Special Issue VI*, 191-221.
- Ebeling, Walter (1932): “Die landwirtschaftlichen Geräte im Osten der Provinz Lugo (Spanien). Sach- und wortkundliche Untersuchungen”, *Volkstum und Kultur der Romanen* 5, 50-151.
- Edwards, John (2013): *Sociolinguistics: A Very Short Introduction*. Oxford: Oxford University Press.
- Elvira, Javier (2015): *Lingüística histórica y cambio gramatical*. Madrid: Síntesis.

- Feagin, Crawford (2013): “Entering the community: fieldwork”, en J.K. Chambers / Natalie Schilling (eds.): *The Handbook of Language Variation and Change*. Oxford: Blackwell, 19-37.
- Fernández Rei, Elisa (2008): “O estudo da prosodia dialectal: contribución galega ao proxecto AMPER”, en Esther Corral Díaz / Lydia Fontoira Suris / Eduardo Moscoso Mato (eds.): *A mi dizen quantos amigos ey. Estudos filolóxicos en homenaxe a Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 459-468
- Fernández Rei, Francisco (1978): *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.
- Fernández Rei, Francisco (1990a): “Conservadurismo e innovación no sistema de desinencias verbais do galego: o perfecto”, en D. Kremer (ed.): *Actes du XVIIIème Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, vol. 3. Tübingen: Niemeyer, 632-644.
- Fernández Rei, Francisco (1990b): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, Francisco (1998): “Vocal temática e conxugacion verbal. A expresión da clase mórfica en catalán, español e galego moderno”, en Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. II. Vigo: Galaxia, 591-613.
- Ferreiro, Manuel (1999⁴): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1996): *Os diminutivos en galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): “Sobre o infinitivo xerundial galego-portugués”, en Juan M. Carrasco González / M^a Jesús Fernández García / María Luísa Trindade Madeira Leal (eds.): *Actas del Congreso Internacional de Historia y Cultura de la Frontera - I^{er} Encuentro de Lusitanistas Españoles*. Cáceres: Universidad de Extremadura.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006²): *Gramática da lingua galega, vol. II: Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Frías Conde, Xavier (2011): “Revisitando o sistema dos pronomes de cortesía no diassistema galego-português”, *Revista de lengua y literatura catalana, gallega y vasca* 16, 113-124.
- García de Diego, Vicente (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética - Morfología)*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez.

- García de la Torre, José Manuel (1962): *Estudios sobre el gallego de Orense. Lenguaje y cultura del vino en el Ribeiro*. Tese de doutoramento (inédita). Madrid: Universidad de Madrid.
- García de la Torre, José Manuel (1963): “Estudios sobre el gallego hablado en la provincia de Orense”, *Revista de la Universidad de Madrid* 48, 762-763.
- García de la Torre, José Manuel (1981): “Aportaciones léxicas sobre el gallego de Orense”, en *Mélanges de Philologie et de Toponymie Romanes offerts au Professeur Henri Guiter*. Perpignan: Comet, 105-112.
- García Mouton, Pilar (1996): “Dialectología y geografía lingüística”, en Manuel Alvar (ed.): *Manual de dialectología hispánica. El español de España*. Barcelona: Ariel, 63-77.
- García Mouton, Pilar (2010): “El procesamiento informático de los materiales del *Atlas lingüístico de la Península Ibérica* de Tomás Navarro Tomás”, en Gotzon Aurrekoetxea / José Luis Ormaetxea (eds.): *Tools for Linguistic Variation*. Bilbao: Euskal Herriko Unibersitatea, 167-174.
- García, Constantino et alii (1977): “O atlas lingüístico galego”, *Verba* 4, 5-17.
- Gauchat, Louis (1905): “L'unité phonétique dans le patois d'une commune”, en *Aus Romanischen Sprachen und Literaturen: Festschrift Heinrich Mort*. Halle: Max Niemeyer, 175-232.
- Gerlach, Birgit (2002): *Clitics between syntax and lexicon*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Gimeno Menéndez, Francisco (1983): “Hacia una sociolingüística histórica”, *Estudios Lingüísticos de la Universidad de Alicante* 1, 181-226.
- Goebel, Hans (2013): “La dialectometrización del ALPI: rápida presentación de los resultados”, en E. Casanova Herrero / C. Calvo Rigual (eds.): *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas (Valencia 2010)*, vol. VI. Berlin / Boston: de Gruyter, 143-154. Disponible en: https://www.sbg.ac.at/rom/people/prof/goebl/docs/Goebl2013_La%20dialectometrizacion%20del%20ALPI.pdf.
- Goldbach, Maria (2011): “Metaphony in Portuguese 3rd Class -u(C)C-ir and -o(C)C-ir Verbs: Evidence from Modern Galician and Medieval Galician Portuguese”, en Martin Maiden et alii (eds.): *Morphological Autonomy: Perspectives from*

- Romance Inflectional Morphology*. New York: Oxford University Press, 210-234.
- Gómez Torrego, Leonardo (1999): “Los verbos auxiliares. Las perífrasis verbales de infinitivo”, en Ignacio Bosque / Violeta Demonte (dirs.): *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. II. Madrid: Espasa, 3323-3390.
- González González, Manuel (1991): “Metodología de los Atlas lingüísticos en España”, *IKER* 7, 151-177.
- González González, Manuel / Kristal Veiga Nóvoa / María Vilasó Martínez (2006): “Dialectoloxía e xeografía humana”, en Rosario Álvarez / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 309-356.
- González González, Manuel et alii (2002): “El subsistema *arcaico* de las fricativas dentoalveolares del gallego, una reliquia en vías de extinción”, en Jesús Díaz García (ed.) / Marina Barrio et alii (eds. lits.): *Actas del II Congreso de Fonética Experimental = Proceedings of the II Congress of Experimental Phonetics* (Sevilla, 5, 6 y 7 de marzo de 2001). Sevilla: Universidad de Sevilla, 215-219.
- González González, Margarita (2002): *El gallego hablado de Gangas de Morrazo*. Tese de doutoramento (inédita). Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Grieve, Jack / Dirk Speelman / Dirk Geeraerts (2011): "A Statistical Method for the Identification and Aggregation of Regional Linguistic Variation", *Language Variation and Change* 23,2, 193-221.
- Gugenberger, Eva / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.) (2013): *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Gumperz, J. / R. Wilson (1971): “Convergence and creolization: a case from the Indo-Aryan/Dravidian border of India”, en D. Hymes (ed.): *Pidginization and creolization of languages*. Cambridge: Cambridge University Pres, 151-167.
- Guy, G. R. (2003): “Variationist approaches to phonological change”, en B. D. Joseph / R. D. Janda (eds.): *The Handbook of Historical Linguistics*. Oxford: Blackwell, 369-400.
- Heap, David (2006): “Secuencias invertidas de clíticos: un cambio en tiempo real”, en José Jesús de Bustos Tovar / José Luis Girón Alconchel (eds.): *Actas del VI*

- Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española*, vol. III. Madrid, Arco Libros, 785–798.
- Hebda, Anna (2012): “Phonological variables”, en Juan Manuel Hernández-Campoy / Juan Camilo Conde-Silvestre (eds.): *The Handbook of Historical Sociolinguistics*. Oxford: Blackwell, 237-252.
- Hermida Gulías, Carme (1986): *O artigo en galego*. Tese de licenciatura (inérita). Santiago de Compostela: Universidade.
- Hernández Campoy, Juan Manuel (1999): *Geolingüística. Modelos de Interpretación Geográfica para Lingüistas*. Murcia: Universidad de Murcia.
- Hummel, Martin / Bettina Kluge / María Eugenia Vázquez Laslop (eds.) (2010): *Formas y fórmulas de tratamiento en el mundo hispánico*. México DF: El Colegio de México / Karl-Franzens-Universität Graz.
- Iglesias, Olivier (2012): *Le placement des clitiqes dans les complexes verbaux en espagnol: une nouvelle approche de la question*. Sous la direction de Mario Barra Jover. Paris: Université Paris 8.
- Julià Luna, Carolina (2007): *Léxico y variación: las denominaciones de las partes del ojo*. Trabajo de Investigación Dirigido. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.
- Kabatek, Johannes (1997): “Dime cómo hablas y te diré quién eres. Mezcla de lenguas y posicionamiento social”, *Revista de Antropología Social* 6, 215-236.
- Kabatek, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- Kabatek, Johannes / Claus Dieter Pusch (2011): “Language contact in Southwestern Europe”, en Jan van der Auwera / Bernd Kortmann (eds.): *The languages and linguistics of Europe. A comprehensive guide*. Berlin/New York: de Gruyter, 393-408.
- Krüger, Fritz (1927): “Die nordwestiberische Volkskultur”, *Wörter und Sachen* 10, 45-137.
- Labov, William (1983): *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra.
- Labov, William (1996): *Principios del cambio lingüístico, vol I: Factores internos*. Madrid: Gredos.
- Lameli, Alfred (2010): “Linguistic atlases-traditional and modern”, en Peter Auer / Jürgen Erich Schmidt (eds.): *Language and Space. An International Handbook*

- of Linguistic Variation*, vol. I: *Theories and Methods*. Berlin/New York: De Gruyter Mouton, 567-592.
- Lameli, Alfred / Roland Kehrein / Stefan Rabanus (eds.) (2010): *Language and Space. An International Handbook of Linguistic Variation*, vol. II. *Language Mapping*. Berlin/New York: De Gruyter Mouton.
- Lara, V. (2010): *El uso de ustedes por vosotros en Andalucía occidental*. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid.
- Lara, V. (2012): “*Ustedes* instead of *vosotros* and *vocês* instead of *vós*: an analysis through the Linguistic Atlas of the Iberian Peninsula (ALPI)”, *Dialectologia Special Issue 3*, 57-93.
- Lara, V. (2013): “*Vocês* por *vós* en el portugués europeo: un fenómeno en auge”, en X. Viejo Fernández (ed.): *Estudios sobre variación sintáctica peninsular*, Oviedo: Trabe, 99-123.
- Lausberg, Heinrich (1966): *Lingüística Románica. Morfología*. Madrid Gredos.
- López Morales, Humberto (1989): *Sociolingüística*. Madrid: Gredos.
- Louredo Rodríguez, Eduardo (2014): “La variable *pór* ~ *poñer* en gallego. Una contribución desde la dialectología histórica”, en Felipe Jiménez Berrio et alii (eds.): *Variación geográfica y social en el panorama lingüístico español*. Pamplona: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Navarra, 33-43.
- Louredo Rodríguez, Eduardo (2018): “Cambio lingüístico e morfoloxía: aproximación ao galego da comarca do Ribeiro”, en Francisco Cidrás / Francisco Dubert / Xosé Luís Regueira (eds.): *Gramáticas en tránsito no espazo galego-luso-brasileiro*, volume especial (I) de *Estudos de ingüística galega*, 61-79. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.15304/elg.ve1.3627>.
- Louredo Rodríguez, Eduardo (no prelo): “A variação *está cantando* ~ *está a cantar* em galego: uma aproximação” en David Gerards / Benjamin Meisnitzer / Albert Wall (eds.): *Micro-Variation and its Impact on the System(s) of Portuguese*, (Special issue of) *Philologie im Netz*.
- Lundberg (2005): “Cluster analysis: Basic concepts and algorithms”, en Tan, Pang-Ning / Michael Steinbach / Anuj Karpatne / Vipin Kumar (eds.): *Introduction to data mining*. New York: Pearson, 487-568. Disponible en: <https://www-users.cs.umn.edu/~kumar001/dmbook/ch8.pdf>.

- Luz, Marilina dos Santos (1956-1958): *Fórmulas de tratamento no português arcaico*, Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*, VII, VIII, IX.
- Mackey, William (1976): *Bilinguisme et contact des langues*. Paris: Éditions Klincksieck.
- Magro, Catarina (2007): *Clíticos: variações sobre o tema*. Tese de doutoramento (iné dita). Lisboa: Universidade de Lisboa. Disponível em: <http://repositorio.ul.pt/handle/10451/6083>.
- Magro, Catarina (2010): “Interpolação & Cia nos dialectos do Português Europeu”, *Estudos de Lingüística Galega* 2, 97-119.
- Malkiel, Yakov (1986): “From Old Portuguese *caer* «To Fall» to Modern *cair*: Three Explanations”, *Romance Quarterly* 33/1, 5-10.
- Marín Diazaraque, Juan Miguel [s. d.]: “Análisis de Cluster y Árboles de Clasificación”. Disponível em: <http://halweb.uc3m.es/esp/Personal/personas/jmmarin/esp/DM/tema6dm.pdf>.
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Mariño Paz, Ramón (2002): “Os procesos de desnasalización vocálica no galego medieval”, *Verba* 29, 71-118.
- Mariño Paz, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*. Muenchen: LINCOM Europa.
- Mariño Paz, Ramón (2014): “Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufxo número-persoal latino *-tīs*”, en Leticia Eirín García / Xan López Viñas (eds.): *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*. Monografía 9 da *Revista galega de filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña,
- Martí i Girbau, Núria (1999): “En Preceding Direct Objects in Galician: An Indefiniteness Marker?”, *Catalan Working Papers in Linguistics* 7, 141-158.
- Martín Zorraquino, María Antonia (1979): *Las construcciones pronominales en español: paradigma y desviaciones*. Madrid: Gredos.
- Martins, Ana Maria (1988): “Metafonía verbal no português –uma abordagem histórica”, en Dieter Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 349-366.

- Martins, Ana Maria (2013): “Posição dos pronomes pessoais clíticos”, en Eduardo Buzaglo Paiva Raposo et alii (coords.): *Gramática do português*, vol. II. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, 2231-2308.
- Martins, Ana Maria (2016): “A colocação dos pronomes clíticos em sincronia e diacronia”, en Ana Maria Martins / Ernestina Carrilho (eds.): *Manual de Linguística Portuguesa*. Berlin/Boston: De Gruyter. 401-430.
- Matute Martínez, Cristina (2013): “Hacia una caracterización dialectal de la interpolación en el castellano de la Edad Media”, en E. Casanova Herrero / C. Calvo Rigual (eds.): *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románica (Valencia 2010)*, vol. VI. Berlín / Boston: de Gruyter, 151-161.
- Míguez, Vitor (2015): *Los complementos con preposición en del gallego: una alternancia transitivo/oblicuo*. Universitat Pompeu Fabra. Trabajo de Fin de Máster. Disponible en: https://repositori.upf.edu/bitstream/handle/10230/24837/Miguez_2015.pdf?sequence=1&isAllowed=y.
- Míguez, Vitor (2016): “Parámetros sintácticos e semánticos das alternancias obxecto/oblicuo: unha comparación entre os complementos con *en* do galego e as construcións conativa e antipasiva”, *Estudos de Lingüística Galega* 8, 167-185.
- Milroy, Lesley / Carmen Llamas (2013): “Social networks”, en J.K. Chambers / Natalie Schilling (eds.): *The Handbook of Language Variation and Change*. Oxford: Blackwell, 409-427.
- Monteagudo, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo, Henrique (dir.) (2011): *O idioma galego na sociedade: a evolución sociolingüística 1992-2008*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, Henrique / Antón Santamarina (1993): “Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects”, en Rebecca Posner / John Green (eds.): *Trends in Romance Linguistics and Philology, vol. V. Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*. Berlin/New York: Mouton de Gruyter, 117-174.
- Moreno Fernández, Francisco (1986): “Sociolingüística de los tratamientos. Estudio sobre una comunidad rural”, *Anuario de Letras* 24, 87-120.

- Moreno Fernández, Francisco (1998): *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje*. Barcelona: Ariel.
- Moure, Teresa (2010): “Mallando nos complementos directos: un ornitorrinco na sintaxe do galego”, *Revista Galega de Filoloxía* 11, 79-103.
- Myhill, John (1989): “The grammaticalization of auxiliaries: Spanish clitic climbing”, en Shelley Axmaker / Annie Jaisser / Helen Singmaster (eds.): *Proceedings of the 14th. Annual meeting of the Berkeley Linguistics Society: General session and Parasession on Grammaticalization*. Berkeley: CA, 352-363.
- Nagy, Naomi et alii (2006): “Clustering dialects automatically: A mutual information approach”, *University of Pennsylvania Working Papers in Linguistics* 12.2, 145-158. Disponible en: <https://repository.upenn.edu/cgi/viewcontent.cgi?article=1684&context=pwpl>.
- Navarro Tomás, Tomás (1975): “Noticia histórica del ALPI”, en *Capítulos de geografía lingüística de la Península Ibérica*. Bogotá: Instituto Caro y Cuervo, 9-21.
- Negro Romero, Marta (2013): “Contacto galego-castelán e cambio no léxico do corpo humano”, en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.): *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 221-244.
- Normas* = Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2003³): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Ogando Valcárcel, Victoria (1980): “A colocación do pronome átono en relación co verbo no galego-portugués medieval”, *Verba* 7, 251-282.
- Ogura, Mieko (2012): “The timing of language change”, en Juan Manuel Hernández-Campoy / Juan Camilo Conde-Silvestre (eds.): *The Handbook of Historical Sociolinguistics*. Oxford: Blackwell, 427-450.
- Ordóñez, F. (2002): “Some clitic combinations in the syntax of Romance”, *Catalan Journal of Linguistics* 1, 201-224. Disponible en: <https://revistes.uab.cat/catJL/article/view/v1-ordonez>.
- Osório, Paulo / Ignacio Vázquez Diéguez (2018): “Dados diacrónicos da estrutura durativa em português e em galego”, *Estudos de Lingüística Galega* 10, 87-101. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.15304/elg.10.5013>.

- Pallares, M^a Carmen / Hermelindo Portela (2001): “Idade Media”, en Xosé C. Sierra Rodríguez (ed.): *O Ribeiro. O viño da cultura, a cultura do viño*. Pontevedra: Mirabel Editorial, 79-111.
- Parafita Couto, M^a do Carme (2007): “Variación dialectal nos verbos do galego: conflitos e violacións”, *Madrygal* 10, 93-105. Disponible en: <http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/MADR0707110093A/33011>.
- Penny, Ralph (2000): *Variation and change in Spanish*. Cambridge: CUP.
- Pereira, Sílvia Afonso (2014): “Variação sintática em Portugal e a fronteira com a Galiza”, en Xulio Sousa / Marta Negro Romero / Rosario Álvarez (eds.): *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 201-224.
- Pérez Alberti, Augusto (2001): “O Ribeiro. Ecoxeografía e paisaxe” en Xosé C. Sierra Rodríguez (ed.): *O Ribeiro. O viño da cultura, a cultura do viño*. Pontevedra: Mirabel Editorial, 27-55.
- Pérez Pascual, José I. (1982): “Observaciones en torno a la desaparición de la -N-intervocálica en gallego”, *Verba* 9, 201-213.
- Pérez Pascual, José Ignacio (2007): “Los estudios de dialectología en el *Centro de Estudios Históricos*. La realización del *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*”, *Moenia* 13, 401-430.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2002): “La diócesis de Orense de la reforma gregoriana al Concilio de Trento (siglos. XII-XVI)”, en José García Oro (coord.): *Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense. Historia de las diócesis españolas*, 15. Madrid: BAC, 395-470.
- Petyt, K. M. (1980): *The study of dialect: an introduction*. London: André Deutsch.
- Porto Dapena, J. Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Posner, Rebeca (1998): *Las lenguas romances*. Madrid: Cátedra.
- QGIS Development Team (1918). *QGIS Geographic Information System. Open Source Geospatial Foundation Project*. <http://qgis.osgeo.org>
- Ramallo, Fernando (2000): “Pragmática”, en Fernando Ramallo / Gabriel Rey Doval / Xoan Paulo Rodríguez Yáñez (eds.): *Manual das ciencias da linguaxe*. Vigo: Xerais, 443-512.

- Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do Norte da Terra Cha. Estudio descriptivo*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1991): “A contribución alemá á lingüística galega”, en Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. II. Santiago de Compostela: Universidade, 155-178.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1996): “Os estudos de lingüística galega”, en Rosario Álvarez / Ramón Lorenzo (coords.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, 21-68.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2009): “Os estudos de dialectoloxía galega desde 1967 á actualidade”, en Esther Corral Díaz / Lydia Fontoira Suris / Eduardo Moscoso Mato (eds.): *A mi dizen quantos amigos ey: homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 573-584.
- Río Barja, Francisco Javier (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Riveiro Costa, Xesús (2004): “Transitividade preposicional en galego: v.t. + preposición en + obxecto directo”, en Rosario Álvarez Blanco / Antón Santamarina / Francisco Fernández Rei (orgs.): *A Lingua Galega, Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional*, vol. IV. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 149-155.
- Robert, Ian (2016): “Object clitics”, en Adana Ledgeay / Martin Maiden (eds.): *The Oxford Guide to the Romance Languages*. Oxford: Oxford University Press, 786-801.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (1997): “Aspectos da transitividade galega: os complementos en ‘en’”, en Benigno Fernández Salgado (org.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, vol. I. Oxford: Centre for Galician Studies / Centro de Estudos Galegos, 343-352.
- Rodríguez Lorenzo, David (2009): “A gheada, un fenómeno innovador do galego. Evolución diatópica no século XX”, en Alexandra Fiéis / Maria Antonia Coutinho (orgs.): *XXIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística: Textos seleccionados*, Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 453-465.

- Rodríguez Lorenzo, David (2012): “The diatopic development of aspects of twentieth century Galician. A contrastive analysis of geographic linguistic data”, *Dialectologia. Revista Electrónica*, Special Issue III, 143-156.
- Rodríguez Rodríguez, Manuel (1999): “La emigración en el Ribeiro del Avia durante los tiempos modernos: Una especie de destierro obligado”, en Dieter Kremer (ed.): *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos = Akten des 5 Internationalen Kongress für Galicische Studien, Universidade de Tréveris = Universität Trier, 8-11 de outubro de 1997*. [Sada]: Edición do Castro, 255-273.
- Rodríguez, José Luis (2000): “Para um perfil das formas de tratamento: *vostede / vosté... voçê*”, en José Luis Rodríguez (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. I. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade, 847-883.
- Rodríguez, José Luis (2014): “*Caer/cair* e similares. Alguns apontamentos filolóxico-lingüísticos”, en Leticia Eirín García / Xan López Viñas (eds.): *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*. Monografía 9 da *Revista galega de filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña, 319-350.
- Rojo, Guillermo (1974): *Perífrasis verbales en el gallego actual*, Anexo 2 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Saco Arce, Juan A. (1868): *Gramática Gallega*. Lugo. Imprenta de Soto Freire.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (1999): *Se o vós por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2002): *Os pronomes demostrativos*. Monografía 1 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2007): “Algunhas reflexións sobre o variacionismo lingüístico xeracional no galego”, en Amelia Sánchez Pérez / Iván Méndez López (eds.): *Lingua e idade. III Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 97-131.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2010): *Lingua galega e variación dialectal*. Bertamiráns: Laiovento.
- Sankoff, Gillian (2005): “Cross-Sectional and Longitudinal Studies”, en Ulrich Ammon / Norbert Dittmar / Klaus J. Mattheier / Peter Trudgill (eds.): *Sociolinguistics. An International Handbook of the Science of Language and Society*, vol. II, 2. Berlin: Mouton de Gruyter, 1003-1013.

- Santamarina, Antón (1974): *El verbo gallego: estudio basado en el habla del Valle del Suarna*. Anexo 4 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Santamarina, Antón (1975): “El adverbio gallego: estudio basado en el habla del Valle de Suarna (Fonsagrada, Lugo)”, *Verba* 2, 59-106.
- Santamarina, Antón (1982): “Dialectoloxía galega: historia e resultados”, en Ramón Lorenzo / Dieter Kremer (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Tréveris*. Santiago: Xunta de Galicia, 153-187.
- Santos Raña, Irene (2018): “Variación na colocación dos pronomes átonos nalgúns complexos verbais do gallego”, en Francisco Cidrás / Francisco Dubert / Xosé Luís Regueira (eds.): *Gramáticas en tránsito no espazo galego-luso-brasileiro*, volume especial (I) de *Estudos de ingüística galega*, 61-79. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.15304/elg.ve1.3686>.
- Santos Raña, Irene / Soraya Suárez Quintas (2014): “Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galegoportuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá”, en Xulio Sousa et alii (eds.): *Lingua e identidade nafronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 91-113.
- Schmidt, Johannes (1872): *Die Verwandtschaftsverhältnisse der indogermanischen Sprachen*. Weimar: H. Böhlau
- Schneider, Hans-Karl (1938): “Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien). Lautlehre, Formenlehre, Vokabular”, *Volkstum und Kultur der Romanen* 11, 67-145 e 193-281.
- Schrambke, Renate (2010): “Language and space: Traditional dialect geography”, en Peter Auer / Jürgen Erich Schmidt (eds.) *Language and Space. An International Handbook of Linguistic Variation*, vol. I: *Theories and Methods*. Berlin/New York: De Gruyter Mouton, 87-106.
- Schroeder, William (1937): “Die Fischerboote von Finisterre”, *Volkstum und Kultur der Romanen* 10, 157-211.
- Schroeder, Williams (1938): “Hausbau in NW-Spanien (Finisterre)”, en *Travaux du Premier Congrès International de Folklore (Paris, 23-28 août 1937)*. Tours: Arrault, 62-78.
- Seiler, Guido (2010): “Investigating language in space: Questionnaire and interview”, en Peter Auer / Jürgen Erich Schmidt (eds.): *Language and Space. An*

- International Handbook of Linguistic Variation*, vol. 1: *Theories and Methods*. Berlin / New York: De Gruyter Mouton, 512-527.
- Silva Domínguez, Carme (1993): “A combinatoria do posesivo na frase nominal”, *Cadernos de lingua*, 8, 135-155.
- Silva Domínguez, Carme (2002): *Frases nominais con posesivo en galego. Estructura e valores referenciais*. Anexo 50 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade
- Silva-Corbalán, Carmen (2001): *Sociolingüística y pragmática del español*. Washington: Georgetown University Press.
- Sobriño Pérez, M. A. (2001): “Análise comparativa da posición dos clíticos en galego e asturiano”, en X. L. Regueira Fernández / A. Veiga (eds.): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade, 265-277.
- Soriano Fernández, Olga (1999): “El pronombre personal. Formas y distribuciones. Pronombres átonos y tónicos”, en Ignacio Bosque / Violeta Demonte (dirs.): *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. I. Madrid: Espasa, 1209-1273.
- Soto Andión, Xosé (1996): “Algúns trazos fonéticos do galego da Terra de Montes (Concello de Forcarei)”, *Cadernos de lingua* 14, 59-84.
- Soto Andión, Xosé (2003): “Aproximación al habla de la Pontevedra interior: morfología verbal”, *Revista de Filología Románica* 20, 53-72. Disponible en: <http://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFRM0303110053A/10467>
- Soto Andión, Xosé (2004): “Aproximación histórica ás formas verbais *dicir, querer e facer*”, en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional*, vol. III. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 299-315.
- Soto Andión, Xosé (2014): “Contacto y desplazamiento lingüístico en dos municipios del interior de Galicia”, *Vox Romanica* 73, 218-246. Disponible en: http://periodicals.narr.de/index.php/vox_romanica/article/view/2263/2163.
- Sousa, Xulio (2006): “Análise dialectométrica das variedades xeolingüísticas galegas”, en Maria Clara Rolão Bernardo / Helena Mateus Montenegro (eds.): *I Encontro*

- de Estudos Dialectolóxicos. Actas*. Ponta Delgada: Instituto Cultural de Ponta Delgada, 345-362.
- Sousa, Xulio (2008): “Notas sobre o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* en Galicia”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade, 299-306.
- Sousa, Xulio (2009): “Xeolingüística e cambio lingüístico: gheada e seseo no ALPI e no ALGa”, en Maria Iliescu / Heidi Sillerrunggaldier / Paul Danler (eds.): *Actes du XXVe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, vol. VI. Berlin / Boston: De Gruyter, 257-267.
- Sousa, Xulio (2012): “Dialect change and variation: the *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*”, *Dialectologia. Special Issue III*, 189-207.
- Sousa, Xulio (2016): “A xeolingüística e o estudo da historia das linguas”, en A. Rodríguez Guerra (ed.): *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo, 39-56.
- Sousa, Xulio (2017): “Aggregate analysis of lexical variation in Galician”, en I. Buchstaller e B. Siebenhaar (eds.): *Language Variation. European perspectives VI*. Amsterdam: John Benjamins, 71-83.
- Sousa, Xulio / David Rodríguez Lorenzo (2017): “Do espazo ó tempo: o cambio lingüístico en galego a partir da xeolingüística”, en Xosé Luís Regueira Fernández / Elisa Fernández Rei (eds.): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 241-269.
- Souto Cabo, José António (2000): “Sobre (falsos) testemuños galegos de "dezir" e "recebir": dous documentos de Ribas de Sil”, en José Luis Rodríguez Fernández (ed. lit.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. I. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade, 937-962.
- Spencer, Andrew / Ana R. Luís (2012): *Clitics. An Introduction*. Cambridge: CUP.
- Suárez Quintas, Soraya (2017): “O galego non é o gallego que falamos nós: a percepción e as actitudes como condicionantes do cambio lingüístico”, en Xosé Luís Regueira Fernández / Elisa Fernández Rei (eds.). *Estudos sobre o cambio*

- lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 187-213.
- Swann, J. et alii (2012): *A dictionary of sociolinguistics*. Edinburg: Edinburg University Press.
- Szjij, Ildikó (2002): “Desdoblamento de morfemas verbais no galego: o sufixo número-personal na conxugación regular”, *Estudis Romànics* 24, 47-69. Dispoñible en: <https://www.raco.cat/index.php/Estudis/article/view/237559/319819>.
- Taboada Cid, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Tato Plaza, Fernando (1998): “Breve contribución á historia dos resultados de DICÈRE en galego”, en Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, 721-734.
- Thomas, Juan Antonio (2007): “The Use of *gheada* in Three Generations of Women from Carballo, A Coruña”, en Jonathan Holmquist et alii (eds.): *Selected Proceedings of the Third Workshop on Spanish Sociolinguistics*. Somerville, MA: Cascadilla Proceedings Project, 61-73.
- Thomason, Sarah Grey (2003): “Contact as a source of language change”, en B. D. Joseph / R. D. Janda (eds.): *The Handbook of Historical Linguistics*. Oxford: Blackwell, 687-712.
- Thomasson, Sarah G. (2001): *Language Contact. An Introduction*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.) / Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja: Tesouro informatizado da lingua galega (Versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <http://ilg.usc.es/TILG/>. [Consultado: 15/03/2018].
- TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <http://ilg.usc.es/Tesouro/>. [Consultado: 31/03/2018].
- Trask, R. L. (2000): *The dictionary of historical and comparative linguistics*. Edinburg: Edinburg University Press.
- Trudgill, Peter (1983): *On Dialect. Social and Geographical Perspectives*. Oxford: Basil Blackwell.

- Trudgill, Peter (2003): *A Glossary of Sociolinguistics*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- Trudgill, Peter / J. M. Hernández Campoy (2007): *Diccionario de sociolingüística*. Madrid: Gredos.
- Turell Julià, M. Teresa (2003): “Apparent and real time in studies of sociolinguistic change and variation”, *Noves SL. Revista de Sociolingüística*, Autumn 2003, [s. p.]. Disponível en: http://www.gencat.cat/llengua/noves/noves/hm03tardor/a_turell1_4.htm.
- Vallina Alonso, Celestina (1985): *El habla del sudeste de Parres. Desde el Sella hasta el Mampodre*. Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos.
- Varela Vázquez, Begoña (1997): “Os posesivos con substantivos de parentesco”, en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies: University of Oxford, 26-28 September 1994 = Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*: Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994. Oxford: Oxford Centre for Galician Studies, 353-373.
- Veny, Joan (1986): *Introducció a la dialectologia catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana.
- Viaplana, Joaquim (1996): *Dialectologia*. València: Universitat de València.
- Vieira, Sílvia Rodrigues (2003a): “Análise de variedades do Português: a ordem dos clíticos em complexos verbais”, en *Anais do III Congresso Internacional da ABRALIN*, Rio de Janeiro: UFRJ, 221-229.
- Vieira, Sílvia Rodrigues (2003b): “A ordem dos clíticos em lexias verbais simples nas variedades brasileira, europeia e moçambicana do português”, en *Anais do 5º Encontro do Celsul Curitiba-PR*. Curitiba: UFPR, 1342-1349.
- Vieira, Sílvia Rodrigues (2003c): “Colocação pronominal nas variedades europeia, brasileira e moçambicana: para a definição da natureza do clítico em português”, en S. F. Brandão / M. A. C. da Mota (orgs.): *Análise contrastiva de variedades do Português*. Rio de Janeiro: In-Folio, 37-60.
- Villena Ponsoda, Juan A. (2006): “The Iberian Peninsula”, en Ulrich Ammon / Norbert Dittmar / Klaus J. Maaheier / Peter Trudgill (eds.): *Sociolinguistics. An International Handbook of the Science of Language and Society*, vol. III. Berlin: Walter de Gruyter, 1802-1810.

- Villena Ponsoda, Juan Andrés (2010): “Community-based investigations: From traditional dialect grammar to sociolinguistic studies”, en Peter Auer / Jürgen Erich Schmidt (eds.): *Language and Space. An International Handbook of Linguistic Variation*, vol. I: *Theories and Methods*. Berlin/New York: De Gruyter Mouton, 613-631.
- VV. AA. (2005): *Galicia en comarcas. O Ribeiro e O Arenteiro*. Vigo: Ir Indo.
- Walker, James A. (2010): *Variation in linguistic systems*. London: Routledge
- Wanner, Dieter (2001): “From Latin to the Romance Languages”, en Martin Haspelmath et alii (eds.): *Language Typology and Universals. An International Handbook*, vol. II. Berlin / New York: Walter de Gruyter, 1691-1706.
- Wardhaug, Ronald (1992): *Introducción á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Weinreich, Uriel (1968): *Lenguas en contacto. Descubrimientos y problemas*. Caracas: Universidad Central de Venezuela
- Winford, Donald (2003): *An introduction to contact linguistics*. Malden: Blackwell.
- Wolfram, Walt / Natalie Schilling-Estes (2003): “Dialectology and linguistic diffusion”, en B. D. Joseph / R. D. Janda (eds.): *The Handbook of Historical Linguistics*. Oxford: Blackwell, 713-735.
- Xove Ferreiro, Xosé (1991): “Sobre a posición do pronome persoal átono en galego: *eu o sei e eu seino*”, en Dieter Kremer (ed.): *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes: Université de Trèves (Trier), 1986*, vol. II. Tübingen: Niemeyer, 515-529.
- Yang, Suong (2010): *Estudio comparativo de las formas pronominales de tratamiento en español peninsular y en putongua de China*. Trabajo de Investigación Dirigido. León: Universidad de León.
- Zamora Vicente, Alonso (1986): *Estudios de dialectología hispánica. Anexo 25 de Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

Anexos

Anexo I. Cuestionario

Anexo II. Táboas

Táboa 1. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración I

Táboa 2. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración II

Táboa 3. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración III

Táboa 4. Variación *us* ~ *unhos* ~ *uns*

Táboa 5. Variación *fac-* ~ *fag-* ~ *fa-*

Táboa 6. Variación *cantabamos* ~ *cantábamos*

Táboa 7. Variación *estar + xer.* ~ *estar + a + inf.*

Táboa 8. Posición do clítico na perífrase *estar + xer.*

Táboa 9. Posición do clítico na perífrase *estar + a + inf.*



Anexo I. Cuestionario

Q. 1	o irmán
Q. 2	os irmáns
Q. 3	a irmá
Q. 4	as irmás
Q. 5	vostede
Q. 6	Tratamento dos pais
Q. 7	Tratamento dos avós
Q. 8	Tratamento do cura
Q. 9	Tratamento do mestre
Q. 10	Tratamento do médico
Q. 11	Tratamento dunha persoa maior
Q. 12	Tratamento dun descoñecido maior
Q. 13	Tratamento dun descoñecido menor
Q. 14	ti / tu
Q. 15	Estalle dando de comer ao neno
Q. 16	habitacións
Q. 17	Heiche axudar mañá
Q. 18	Téñome que ir
Q. 19	chan
Q. 20	Estano comendo
Q. 21	este
Q. 22	ese
Q. 23	aquel
Q. 24	el
Q. 25	ela
Q. 26	uns
Q. 27	algúns
Q. 28	ningúns
Q. 29	Téndesvos que ir
Q. 30	connosco
Q. 31	Quéroche ben
Q. 32	Vaina comer
Q. 33	convosco
Q. 34	leite (xénero)
Q. 35	a soá
Q. 36	cru/crudo; crúa/cruda
Q. 37	o palán
Q. 38	calcetíns
Q. 39	pantalóns
Q. 40	tixeira

Q. 41	aquí
Q. 42	aí
Q. 43	alí
Q. 44	así
Q. 45	alá
Q. 46	lonxe
Q. 47	para
Q. 48	o outro día
Q. 49	as mans
Q. 50	a man
Q. 51	sangue (xénero)
Q. 52	tódolos días
Q. 53	a mañá
Q. 54	antonte
Q. 55	hoxe
Q. 56	mañá
Q. 57	calor (xénero)
Q. 58	a la
Q. 59	un can e un gato
Q. 60	Está sentando
Q. 61	os cans
Q. 62	Están(se) peleando
Q. 63	animais
Q. 64	Vendo a televisión
Q. 65	caracois
Q. 66	Estaa lavando
Q. 67	a ra
Q. 68	Está nevando
Q. 69	Están correndo
Q. 70	a mazá
Q. 71	as mazáns
Q. 72	Estana pintando
Q. 73	Estanse abrazando
Q. 74	Está enchéndoo
Q. 75	gran
Q. 76	Está desbullánda
Q. 77	a ferrá
Q. 78	Está bebendo
Q. 79	os ladrás
Q. 80	Estase mirando ao espello
Q. 81	Unha muller delgada e un home gordo
Q. 82	4

Q. 83	40
Q. 84	60
Q. 85	70
Q. 86	500
Q. 87	Están casando
Q. 88	Vaino comer
Q. 89	Estanse contando un segredo
Q. 90	Comendo no queixo
Q. 91	reás
Q. 92	ladroa
Q. 93	Comprábao / compráb[ɔ]
Q. 94	Lle / lles
Q. 95	outro
Q. 96	agora
Q. 97	cantades
Q. 98	cantabamos
Q. 99	cantabades
Q. 100	cantábao / cantáb[ɔ]
Q. 101	cantaches
Q. 102	cantaramos
Q. 103	cantarades
Q. 104	cantade
Q. 105	facede
Q. 106	collamos
Q. 107	collades
Q. 108	queirades
Q. 109	come (imperativo)
Q. 110	bebe (imperativo)
Q. 111	o muíño moe
Q. 112	caer
Q. 113	caes
Q. 114	el cae
Q. 115	caeu
Q. 116	vallo
Q. 117	partiu
Q. 118	riu
Q. 119	dormes
Q. 120	dorme
Q. 121	dormen
Q. 122	dei
Q. 123	deu
Q. 124	dea

Q. 125	estea
Q. 126	dicir
Q. 127	dis
Q. 128	di
Q. 129	dicimos
Q. 130	dicides
Q. 131	din
Q. 132	sobes
Q. 133	sobe
Q. 134	soben
Q. 135	imos
Q. 136	ides
Q. 137	oír
Q. 138	óese
Q. 139	oio
Q. 140	el oe
Q. 141	poñer
Q. 142	Estao poñendo na lavadora
Q. 143	pondo a mesa
Q. 144	Un home facendo un recipiente de barro
Q. 145	poñemos
Q. 146	poñedes
Q. 147	poñen
Q. 148	poñía
Q. 149	poñede
Q. 150	souben
Q. 151	fomos
Q. 152	tedes
Q. 153	teñen
Q. 154	veñen
Q. 155	el viu (vbo. ver)
Q. 156	el veu (vbo. vir)
Q. 157	vides
Q. 158	coñezo
Q. 159	coñeces
Q. 160	coñece
Q. 161	coñecemos
Q. 162	coñecedes
Q. 163	coñecen
Q. 164	Estase lavando
Q. 165	Estao comendo
Q. 166	Mollóuseche a roupa toda

Q. 167	Se eu fose ti calaba a boca
Q. 168	Quero que lle me poña un forro a esta saia
Q. 169	Está chovendo
Q. 170	Mandouna calar
Q. 171	Mullerciña
Q. 172	Papelciño
Q. 173	Peciño
Q. 174	Váichese manchar o pantalón
Q. 175	Telo que facer
Q. 176	Estance abrazando
Q. 177	Mandoulle levar un paquete
Q. 178	Non o facer
Q. 179	Hai que os bater/ batir
Q. 180	Pódense facer chourizos
Q. 181	Pódese facer queixo...
Q. 182	Estance bicando
Q. 183	Acaba de facelo
Q. 184	Está cortádoa
Q. 185	Funme para non o facer
Q. 186	Canto tempo hai que non te vexo
Q. 187	Está a mondalas
Q. 188	Non vin a carta
Q. 189	Non vin a vaca
Q. 190	Non vin a nena
Q. 191	Non vin o meu fillo
Q. 192	Non vin a ninguén
Q. 193	Non vin a María
Q. 194	Non vin a ela
Q. 195	Estase afeitando
Q. 196	Está caíndo da escada
Q. 197	Quérote
Q. 198	Voume duchar
Q. 199	Están rindo (a rir)
Q. 200	Alguién / alguien
Q. 201	Nadie / ninguén
Q. 202	Llo / llelo
Q. 203	Está rindo
Q. 204	Está levantádoa
Q. 205	Ogallá quentase o sol
Q. 206	María tróuxonos o libro
Q. 207	María tróuxonos o can
Q. 208	María tróuxonos o neno

Q. 209	María tróuxonos o noso fillo
Q. 210	María tróuxonos a Pedro
Q. 211	María tróuxonos aos dous
Q. 212	María tróuxonos a el
Q. 213	Estaa enchendo
Q. 214	Vaino comer
Q. 215	Ogallá chovese
Q. 216	Vou comer
Q. 217	Afogando
Q. 218	Axudalo / axudarlle
Q. 219	Estalle dando de mamar
Q. 220	Téñome que vestir
Q. 221	Está facendo a cama
Q. 222	Teste que ir
Q. 223	Vano matar



Anexo II. Táboas



Informante	verbo -/r/		verbo -/s/		por		todas		outros casos -/s/		
	o	-lo	o	-lo	o	-lo	o	-lo	o	-lo	
Abe71m	21 (0.47)	24 (0.53)	7 (0.41)	10 (0.59)	0 (0)	9 (1)	0 (0)	7 (0.64)	4 (0.36)	2 (0.4)	3 (0.6)
Arn63m	33 (1)	0 (0)	10 (1)	0 (0)	16 (0.94)	1 (0.06)	0 (0)	7 (0.87)	1 (0.13)	1 (0.33)	2 (0.67)
Bou80m	4 (0.5)	4 (0.5)	3 (0.6)	2 (0.4)	0 (0)	6 (1)	0 (0)	8 (0.67)	4 (0.33)	1 (0.5)	1 (0.5)
Esp72m	18 (0.86)	3 (0.14)	8 (0.89)	1 (0.11)	2 (0.14)	12 (0.86)	0 (0)	9 (1)	0 (0)	2 (1)	0 (0)
Lou75m	6 (0.86)	1 (0.14)	9 (1)	0 (0)	2 (0.25)	6 (0.75)	0 (0)	6 (0.89)	4 (0.11)	3 (1)	0 (0)
Ore69h	24 (0.75)	8 (0.25)	1 (0.13)	7 (0.87)	0 (0)	13 (1)	0 (0)	11 (0.85)	2 (0.15)	2 (0.25)	6 (0.75)
Pen78m	27 (0.96)	1 (0.04)	13 (0.65)	7 (0.35)	8 (0.67)	6 (0.33)	0 (0)	12 (0.75)	4 (0.25)	3 (1)	0 (0)
Reg77h	14 (0.93)	1 (0.07)	5 (1)	0 (0)	0 (0)	10 (1)	0 (0)	6 (0.6)	4 (0.4)	2 (0.5)	2 (0.5)
Rib65h	6 (1)	0 (0)	6 (1)	0 (0)	1 (0.14)	12 (0.86)	6 (0.75)	0 (0)	2 (0.25)	4 (1)	0 (0)
Vil72m	14 (0.93)	1 (0.07)	11 (1)	0 (0)	9 (0.64)	5 (0.36)	0 (0)	1 (0.14)	6 (0.86)	3 (1)	0 (0)

Táboa 1. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración I

Informante	verbo -/ t/		verbo -/s/		por		todos			outros casos -/s/	
	o	-lo	o	-lo	o	-lo	o	-lo	[ɔs]	o	-lo
Abe53m	10 (1)	0 (0)	8 (1)	0 (0)	8 (0.8)	2 (0.2)	3 (0.2)	9 (0.6)	3 (0.2)	3 (1)	0 (0)
Arn43m	13 (1)	0 (0)	6 (1)	0 (0)	7 (0.87)	1 (0.13)	0 (0)	6 (0.43)	8 (0.57)	7 (1)	0 (0)
Bou54m	7 (1)	0 (0)	4 (0.8)	1 (0.2)	0 (0)	9 (1)	5 (0.5)	5 (0.5)	0 (0)	2 (0.67)	1 (0.33)
Esp46m	11 (1)	0 (0)	9 (1)	0 (0)	11 (1)	0 (0)	0 (0)	7 (0.67)	2 (0.33)	5 (1)	0 (0)
Lou48m	15 (1)	0 (0)	13 (1)	0 (0)	13 (1)	0 (0)	0 (0)	14 (0.67)	4 (0.33)	4 (1)	0 (0)
Ore47m	17 (1)	0 (0)	16 (1)	0 (0)	4 (0.4)	6 (0.6)	0 (0)	2 (0.33)	7 (0.67)	9 (1)	0 (0)
Pen56h	8 (0.8)	2 (0.2)	15 (1)	0 (0)	0 (0)	15 (1)	2 (0.1)	13 (0.62)	6 (0.28)	8 (1)	0 (0)
Reg52m	14 (1)	0 (0)	7 (1)	0 (0)	9 (0.75)	3 (0.25)	0 (0)	14 (1)	0 (0)	6 (1)	0 (0)
Rib40m	10 (1)	0 (0)	8 (1)	0 (0)	12 (0.67)	6 (0.33)	6 (0.75)	0 (0.25)	0 (0)	3 (1)	0 (0)
Vil48h	9 (1)	0 (0)	11 (1)	0 (0)	7 (1)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	18 (1)	5 (1)	0 (0)

Táboa 2. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración II

Informante	verbo -/c/		verbo -/s/		por		todos			outros casos -/s/	
	o	-lo	o	-lo	o	-lo	o	-lo	[ɔs]	o	-lo
Abe28m	7 (1)	0 (0)	6 (1)	0 (0)	0 (0)	9 (1)	1 (0.17)	5 (0.83)	0 (0)	3 (1)	0 (0)
Arn19m	15 (1)	0 (0)	7 (1)	0 (0)	0 (0)	9 (1)	6 (1)	0 (0)	0 (0)	7 (1)	0 (0)
Bou29h	6 (1)	0 (0)	3 (1)	0 (0)	4 (0.57)	3 (0.43)	1 (0.14)	5 (0.72)	1 (0.14)	2 (1)	0 (0)
Esp27h	12 (1)	0 (0)	9 (1)	0 (0)	2 (0.33)	4 (0.67)	2 (0.22)	7 (0.78)	0 (0)	6 (1)	0 (0)
Lou16h	7 (1)	0 (0)	4 (1)	0 (0)	0 (0)	4 (1)	0 (0)	4 (0.5)	4 (0.5)	2 (1)	0 (0)
Ore26h	18 (1)	0 (0)	12 (1)	0 (0)	6 (0.43)	8 (0.57)	1 (0.08)	12 (0.92)	0 (0)	4 (1)	0 (0)
Pen23h	21 (1)	0 (0)	17 (1)	0 (0)	0 (0)	11 (1)	6 (0.4)	9 (0.6)	0 (0)	2 (1)	0 (0)
Reg21h	7 (1)	0 (0)	4 (1)	0 (0)	4 (0.67)	2 (0.33)	2 (0.14)	11 (0.79)	1 (0.07)	2 (1)	0 (0)
Rib20h	9 (1)	0 (0)	9 (1)	0 (0)	3 (0.3)	7 (0.7)	12 (0.67)	6 (0.33)	0 (0)	5 (1)	0 (0)
Vil22h	15 (1)	0 (0)	11 (1)	0 (0)	2 (0.22)	7 (0.78)	0 (0)	5 (0.5)	5 (0.5)	3 (1)	0 (0)

Táboa 3. Variación entre primeira e segunda forma do artigo na xeración III

X. I	<i>us</i>	<i>unhos</i>	<i>uns</i>	X. II	<i>us</i>	<i>unhos</i>	<i>uns</i>	X. III	<i>us</i>	<i>unhos</i>	<i>uns</i>
Abe71m	8 (0.67)	4 (0.33)	0 (0)	Abe53m	2 (0.18)	9 (0.82)	0 (0)	Abe28m	0 (0)	7 (1)	0 (0)
Arn63m	0 (0)	0 (0)	5 (1)	Arn43m	0 (0)	6 (0.67)	3 (0.33)	Arn19m	0 (0)	5 (0.5)	5 (0.5)
Bou80m	2 (0.33)	4 (0.67)	0 (0)	Bou54m	0 (0)	7 (1)	0 (0)	Bou29h	0 (0)	8 (1)	0 (0)
Esp72m	0 (0)	7 (1)	0 (0)	Esp46m	0 (0)	6 (1)	0 (0)	Esp27h	0 (0)	9 (1)	0 (0)
Lou75m	0 (0)	0 (0)	6 (1)	Lou48m	0 (0)	0 (0)	6 (1)	Lou16h	0 (0)	0 (0)	5 (1)
Ore69h	1 (0.1)	9 (0.9)	0 (0)	Ore47m	0 (0)	8 (1)	0 (0)	Ore26h	0 (0)	11 (1)	0 (0)
Pen78m	0 (0)	0 (0)	8 (1)	Pen56h	0 (0)	1 (0.11)	8 (0.89)	Pen23h	0 (0)	2 (0.17)	10 (0.83)
Reg77h	0 (0)	9 (1)	0 (0)	Reg52m	0 (0)	7 (1)	0 (0)	Reg21h	0 (0)	0 (0)	11 (1)
Rib65h	0 (0)	7 (1)	0 (0)	Rib40m	0 (0)	9 (1)	0 (0)	Rib20h	0 (0)	13 (1)	0 (0)
Vil72m	0 (0)	0 (0)	9 (1)	Vil48h	0 (0)	0 (0)	9 (1)	Vil22h	0 (0)	6 (0.67)	3 (0.33)

Táboa 4. Variación *us* ~ *unhos* ~ *uns*

X. I	Abe71m	Arn63m	Bou80m	Esp72m	Lou75m	Ore69h	Pen78m	Reg77h	Rib65h	Vil72m
<i>fac-</i>	20 (0.63)	0 (0)	0 (0)	29 (1)	6 (0.30)	30 (0.68)	2 (0.05)	0 (0)	23 (1)	0 (0)
<i>fag-</i>	9 (0.37)	30 (0.82)	17 (1)	0 (0)	2 (0.44)	13 (0.32)	42 (0.82)	23 (1)	0 (0)	29 (0.82)
<i>fa-</i>	0 (0)	7 (0.2)	0 (0)	0 (0)	1 (0.26)	0 (0)	5 (0.13)	0 (0)	0 (0)	6 (0.18)
X.II	Abe53m	Arn43m	Bou54m	Esp52m	Lou48m	Ore47m	Pen56h	Reg52m	Rib40m	Vil48h
<i>fac-</i>	5 (1)	1 (0.09)	0 (0)	6 (1)	1 (0.07)	29 (1)	16 (0.28)	5 (0.71)	6 (1)	0 (0)
<i>fag-</i>	0 (0)	1 (0.09)	29 (0.88)	0 (0)	13 (0.73)	0 (0)	31 (0.53)	2 (0.29)	0 (0)	7 (0.58)
<i>fa-</i>	0 (0)	9 (0.82)	4 (0.12)	0 (0)	7 (0.2)	0 (0)	8 (0.19)	0 (0)	0 (0)	4 (0.42)
X. III	Abe28m	Arn19m	Bou29h	Esp25h	Lou16h	Ore26h	Pen23h	Reg21h	Rib20h	Vil22h
<i>fac-</i>	7 (1)	23 (0.6)	7 (1)	8 (1)	4 (0.4)	14 (1)	17 (1)	7 (1)	18 (1)	10 (1)
<i>fag-</i>	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)
<i>fa-</i>	0 (0)	8 (0.4)	0 (0)	0 (0)	6 (0.6)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)	0 (0)

Táboa 5. Variación *fac- ~ fag- ~ fa-*

X. I	<i>cantabamos</i>	<i>cantabamos</i>	X. II	<i>cantabamos</i>	<i>cantabamos</i>	X. III	<i>cantabamos</i>	<i>cantabamos</i>
Abe71m	35 (0.95)	2 (0.05)	Abe53m	45 (0.73)	17 (0.27)	Abe28m	0 (0)	17 (1)
Arn63m	13 (0.19)	56 (0.81)	Arn43m	0 (0)	27 (1)	Arn19m	0 (0)	18 (1)
Bou80m	0 (0)	33 (1)	Bou54m	9 (0.28)	23 (0.72)	Bou29h	0 (0)	8 (1)
Esp72m	2 (0.05)	40 (0.95)	Esp46m	0 (0)	13 (1)	Esp27h	0 (0)	12 (1)
Lou75m	45 (0.76)	14 (0.24)	Lou48m	7 (1)	0 (0)	Lou16h	4 (1)	0 (0)
Ore69h	53 (0.96)	2 (0.04)	Ore47m	0 (0)	16 (1)	Ore26h	0 (0)	13 (1)
Pen78m	7 (0.12)	53 (0.88)	Pen56h	1 (0.02)	52 (0.98)	Pen23h	0 (0)	24 (1)
Reg77h	0 (0)	29 (1)	Reg52m	0 (0)	28 (1)	Reg21h	0 (0)	6 (1)
Rib65h	0 (0)	36 (1)	Rib40m	0 (0)	18 (1)	Rib20h	0 (0)	27 (1)
Vil72m	37 (0.97)	1 (0.03)	Vil48h	23 (1)	0 (0)	Vil22h	0 (0)	8 (1)

Táboa 6. Variación *cantabamos* ~ *cantabamos*

X. I	<i>estar + xer.</i>	<i>estar + a + inf.</i>	X. II	<i>estar + xer.</i>	<i>estar + a + inf.</i>	X. III	<i>estar + xer.</i>	<i>estar + a + inf.</i>
Abe71m	19 (0.37)	32 (0.63)	Abe53	27 (0.63)	16 (0.37)	Abe28m	9 (0.25)	27 (0.75)
Arn63m	32 (0.94)	2 (0.06)	Arn43m	35 (0.97)	1 (0.03)	Arn19m	35 (1)	0 (0)
Bou80m	36 (0.95)	2 (0.05)	Bou54m	34 (1)	0 (0)	Bou29h	32 (1)	0 (0)
Esp72m	26 (0.7)	12 (0.3)	Esp46m	37 (1)	0 (0)	Esp27h	38 (1)	0 (0)
Lou75m	3 (0.09)	29 (0.91)	Lou48m	33 (1)	0 (0)	Lou16h	34 (1)	0 (0)
Ore69h	35 (0.85)	6 (0.15)	Ore47m	28 (0.82)	6 (0.18)	Ore26h	38 (1)	0 (0)
Pen78m	4 (0.09)	39 (0.91)	Pen56h	1 (0.03)	35 (0.97)	Pen23h	31 (0.86)	5 (0.14)
Reg77h	35 (0.97)	1 (0.03)	Reg52m	34 (1)	0 (0)	Reg21h	37 (1)	0 (0)
Rib65h	31 (1)	0 (0)	Rib40m	32 (0.84)	6 (0.16)	Rib20h	35 (0.73)	11 (0.23)
Vil72m	5 (0.13)	34 (0.87)	Vil48h	31 (0.74)	11 (0.26)	Vil22h	40 (0.95)	2 (0.05)

Táboa 7. Variación *estar + xer.* ~ *estar + a + inf.*

X. I	P1	P3	X. II	P1	P3	X. III	P1	P3
Abe71m	7 (1)	0 (0)	Abe53m	11 (0.92)	1 (0.08)	Abe28m	15 (0.75)	5 (0.25)
Arn63m	17 (0.77)	5 (0.23)	Arn43m	10 (0.43)	13 (0.57)	Arn19m	14 (0.64)	8 (0.36)
Bou80m	21 (1)	0 (0)	Bou54m	24 (1)	0 (0)	Bou29h	17 (0.81)	4 (0.19)
Esp72m	14 (1)	0 (0)	Esp52m	20 (0.91)	2 (0.09)	Esp25h	20 (0.87)	3 (0.13)
Lou75m	17 (0.89)	2 (0.11)	Lou48m	14 (0.7)	6 (0.3)	Lou16h	10 (0.43)	13 (0.57)
Ore69h	20 (0.95)	1 (0.05)	Ore47m	21 (0.91)	2 (0.09)	Ore26h	17 (0.74)	6 (0.26)
Pen78m	4 (1)	0 (0)	Pen56h	0 (0)	0 (0)	Pen23h	21 (0.95)	1 (0.05)
Reg77h	22 (0.96)	1 (0.04)	Reg52m	16 (0.8)	4 (0.2)	Reg21h	16 (0.70)	7 (0.30)
Rib65h	14 (0.67)	7 (0.33)	Rib40m	11 (0.69)	5 (0.31)	Rib20h	3 (0.17)	15 (0.83)
Vil72m	1 (1)	0 (0)	Vil48h	19 (0.95)	1 (0.05)	Vil22h	20 (0.83)	4 (0.17)

Táboa 8. Posición do clítico na perífrase *estar + xer*.

X. I	P1	P3	X. II	P1	P3	X. III	P1	P3
Abe71m	15 (1)	0 (0)	Abe53m	8 (0.89)	1 (0.11)	Abe28m	2 (0.67)	1 (0.33)
Arn63m	0 (0)	1 (1)	Arn43m	1 (1)	0 (0)	Arn19m	0 (0)	0 (0)
Bou80m	1 (1)	0 (0)	Bou54m	0 (0)	0 (0)	Bou29h	0 (0)	0 (0)
Esp72m	6 (0.86)	1 (0.14)	Esp52m	0 (0)	0 (0)	Esp25h	0 (0)	0 (0)
Lou75m	0 (0)	1 (1)	Lou48m	0 (0)	1 (1)	Lou16h	0 (0)	0 (0)
Ore69h	0 (0)	0 (0)	Ore47m	0 (0)	0 (0)	Ore26h	0 (0)	0 (0)
Pen78m	17 (0.94)	1 (0.06)	Pen56h	19 (0.95)	1 (0.05)	Pen23h	0 (0)	0 (0)
Reg77h	0 (0)	0 (0)	Reg52m	0 (0)	0 (0)	Reg21h	0 (0)	0 (0)
Rib65h	0 (0)	0 (0)	Rib40m	2 (0.4)	3 (0.6)	Rib20h	0 (0)	4 (1)
Vil72m	16 (0.84)	3 (0.16)	Vil48h	2 (1)	0 (0)	Vil22h	1 (1)	0 (0)

Táboa 9. Posición do clítico na perífrase *estar + a + inf.*



